

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXXV)

Manuel María
Cecais hai unha luz



MEMORABILIA

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXXV)

Manuel María
Cecais hai unha luz

MEMORABILIA

Edición de
Luís Cochón
Luís Alonso Girgado

coa colaboración de
Laura Piñeiro Pais
Verónica Pousada Pardo

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Gírgado
Xosé Luís Cochón Touriño
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Anxo González Fernández
Ramón López Vázquez
Segundo Pérez López
Manuel Quintáns Suárez
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:

Valentín García Gómez

Coordinador científico:

Manuel González González

Directora Técnica de Literatura:

Blanca-Ana Roig Rechou

© Copyright do debuxo da cuberta: Xaime Quessada

© Copyright dos textos: os autores

Maquetación e impresión:

Grafisant, S.L.

ISBN:

978-84-453-5216-8

Depósito legal:

C 690-2016

ÍNDICE

Limiar: “Canle de luz e néboa”, por Luís Cochón	9
Primeira nota de edición:	
“Sobre o Día das Letras Galegas”, por Xosé L. Méndez Ferrín	17
ARTIGOS	
ACUÑA, Ana: Documento persoal sobre Manuel María.....	21
ALONSO GIRGADO, Luís: A obra hemerográfica de Manuel María: a súa presenza en <i>Alba</i>	25
CABANA, Darío X.: A forma do verso na poesía primeira de Manuel María	39
FERNÁNDEZ NAVAL, Francisco X.: Manuel María: o meu teatro é un mundo.....	45
FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, Carme: <i>Andando a Terra</i> con Manuel María	51
FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, Mar: Manuel María, un clásico da Literatura Infantil e Xuvenil galega.....	61
FORCADELA, Manuel: Ruína e sedimentación na obra poética de Manuel María	77
FRANCO GRANDE, Xosé L.: Primeiras lembranzas de Manuel María	89
FREIXEIRO MATO, Xosé R.: A “Canción para cando se escoita falar castrapo”: crítica da deslealdade lingüística.....	93
GARCÍA-BODANO, Salvador: Evocación de Manuel María.....	105
GARCÍA NEGRO, M ^a Pilar: Unha poética ao servizo da lingua...	111

GONÇÁLES BLASCO, Luís: Lembrança do Manuel.....	121
HERMIDA, Modesto: Manuel María n’O Carballiño.....	129
ÍNSUA, Emilio X.: A <i>Escolma de poetas de Outeiro de Rei</i> : unha broma literaria non de todo inofensiva	133
LEDO, Margarita: Ollar o real: Manuel María nos xornais.....	155
LOPO, Antón: Manuel María na cidade invisible: corenta anos en Monforte.....	167
NOIA, Camiño: En lembranza do poeta amigo.....	179
PÉREZ GARCÍA, Florentino: “Traer a Galiza o vello Edipo”: unha lectura do <i>Edipo</i> de Manuel María desde o seu contexto de produción.....	185
PERNAS RUBAL, Cristian: “Ferrador de corazón, fanegas de alma”. A simbiose do elemento espacial e do humano no discurso poético de Manuel María.....	201
PIÑEIRO PAIS, Laura: Entre o advento e a apocalipse: voces de poetas en torno ao “Poema do home disgregado”, de Manuel María	207
POUSADA PARDO, Verónica: Manuel María: palabra derradeira de <i>Advento</i>	215
QUEIXAS ZAS, Mercedes: A Arcadia feliz e verdadeira	221
RÁBADE PAREDES, Xesús: O poeta na terra de seu.....	225
REQUEIXO, Armando: Manuel María e Díaz Castro	231
RODRÍGUEZ FER, Claudio: Epístolas manuelmarianas.....	247
SÁNCHEZ REI, Xosé M.: Algunhas notas sobre <i>Muiñeiro de brétemas</i> (1950): o léxico da flora.....	253
VILLAR, Miro: A Costa da Morte: poesía e paisaxe nos textos de Manuel María	263
Segunda nota de edición:	
Epistolario Manuel María ~ Ramón Piñeiro (1950-1966).....	275

Limiar

CANLE DE LUZ E NÉBOA

Luís Cochón

I

*Hai anos coeditei unha decena de cartas de Novoneyra, no Courel, a Manuel María, datadas entre 1953 e 1954. Proceden dun orixinal achado nun rechubazo da cociña vella na casa familiar de Parada. Polo que fai ás cartas, escritas a máquina e moi corrixidas (algunhas arrincadas) a lapis polo autor, foron realmente enviadas ou non? Acaso tan só borradores –sen máis– que alí quedaron para, máis tarde, amalloar este caderniño comesto pola couza e polo deterioro¹. Deben ser das primeiras habidas entre ámbolos dous poetas. Irei petiscando aquí e acolá nalgunhas delas: “**Caurel, Maio [1953]: Manuel María, amigo!**” [] “**Alégrome que o MAR MAIOR s’-estea limpando, pois hasta os gatos mais londridos pásanse d-acotío pra aparecer mais feitos eínda, i-o mesmo mar ten sempre cousas que botar a aurela**”. Esta é a primeira do courelao: “Disme na túa carta...” que corresponde, polo que o iniciador do epistolario foi Manuel María. Falan do que teñen entre mans, da obra de poetas mozos. Confésanse, aprenden o puimento dos versos, aconséllanse con tempo (Mar Maior, de moi demorada elaboración, aparecerá en 1963, dez anos despois: unha infinitude). Nada se di de Muíñeiro de brétemas, 1950; nin de Morrendo a cada intre, 1952, poemarios dos que xa tiñan falado directamente en vivo: en Parga, en Compostela, en Lugo... A alegría de Novoneyra, máis novo e menos precoz, pero con criterio (mesmo imperio) moi tido en conta polo chairego, procede da retracción poética que no autor de Os eidos é connatural e non tanto en Manuel María, versificador irredento e compulsivo.*

*Nunha outra misiva: “**Caurel, maio [1953?]: Meu querido amigo Manuel María**” [] “**Moito me alegrei de que che saise ó cabo o Libro da Terra Chá que eu tantas veces che dixen que escribises. Cando vaia [a Lugo] será cousa de velo para saber se é verdade iso que di Anxel Johan de que tocas a miña liña de “Os Eidos”, o cual non me estrañaría nin moito menos pois calquera que escriba en galego verdadeiramente sobre unha terra ha de facer a forza unha poesía semellante**”. Nesta segunda carta*

¹ Uxío Novoneyra. *Falorpiñas de neve* * *Cartas a Manuel María*. Follas Novas Edicións. Libros da Frouma. Santiago de Compostela. 2010.

parece darse por feita a publicación de “Terra Chá”, 1954. Se así fora, habería que datala en maio do 1954? O orixinal non dá o ano, pero a orde de colocación no caderno indica 1953. Sería que o libro adiou a saída do prelo? Novoneyra non ten o exemplar na man (segue a pensar no título primitivo “Libro da Terra Chá”), cando de estar listo o poemario, un dos primeiros voaría cara os tesos cumes. Con todo: “será cousa de velo”. Temos que conxectar unha de Manuel María na que comunicaría o remate do orixinal, e outra de Ánxel Johán (que fai labor de mecanógrafo para ambos poetas) que desliza o parecido entre “Terra Chá” e “Os Eidos” que a Novoneyra “non me estrañaría”. (O discreto lector asiste impávido ó nacemento dunha cuestión litigante, que non palpitante). Polo momento, o poeta inédito (Os Eidos é de 1955) fala de oídas, pero aquece e propugna unha poesía “en galego verdadeiramente” que se pareza á súa propia. Que é moito dicir.

Pódese dar o caso de que o lector, antes aludido, non comprenda nada de nada. Como un poeta inédito pode influír noutro xa édito? Os poemarios impresos dos que xa se fixo mención, engádanse Advento, 1954 e Terra Chá, 1954, amais MAR MAIOR do que algo se falou. O terminus ad quem —Os Eidos—, 1955, do poeta máis novo (19-I-1930 contra 6-X-1929). Para unha comprensión mellor dos feitos bastaría a aparición das cartas remitidas por Manuel María que por hoxe non temos (a inmensa parte perdéronse), mais damos por probable. Tamén, que nos movemos entre proxectos, manuscritos, probas de imprenta, edicións de autor, títulos provisorios. A evidencia, última, de que entre Manuel María e Novoneyra circularon moitos inéditos en diversos graos de elaboración. Cada un foi receptor —case que de primeiras— dos poemas do outro. Iso explica, en boa parte, influencias ou contextualidades. Eran poetas e amigos que se quixeron e se respectaron. Que ningún viñera a Novoneyra a falarlle mal de Manuel. Podo dar testemuña.

II

Era cousa común na década dos cincuenta do século XX que a tríade poética máis usada polo entón, fora a comprendida por Manuel Cuña Novás, Uxío Novoneyra e Manuel María, nas avaras ocasións en que eran chamados a recitar (os tres facíano moi ben, pausado e solemne). A poesía, daquela, algo se safou da inquina inquisitorial contra toda forma de cultura, de creación ou de intelixencia. Por iso non é de estrañar a permisión de revistas poéticas que acollían versos, mesmo en galego, aquí e acolá, coleccións de poemarios, os reunidos á par de Benito Soto, célebre corsario pontevedrés que deu nome a unha colección pirata, que amalloou unha ducia longa de libríños de poesía entre 1949-1952.

Dos que máis importaban naquel ermo. Teño explicado o sucedido con Musa Alemá², condenado ó lume redentor. Nin os bos oficios do editor de militancia falanxista, a mesma tamén –a modo– dos seus adláteres Cuña Novás e Álvarez Negreira, non foron quen de apagar o libricidio.

O primeiro libro de poemas de Manuel María, Muiñeiro de brétemas, 1950; dous anos despois, 1952, sairá Fabulario novo, de Cuña Novás, na mesma colección. Do tal Fabulario (téñolle oído ó autor que o título veulle do Glosario, en castelán, de Eugenio d'Ors, por paronomasia e por outras flores de simpatía ideolóxica), prologado por don Fermín Bouza, despois de que García Sabell, preferido polo autor, preteriría facelo.

III

Na altura, Cuña Novás, na postergada edición (volume dobre) do seu libro, e despois, o autor antes se dicía filósofo que non poeta. Era o tempo da enteca estadia en París, bolseiro. Á volta de Francia, en Madrid, coñeceu a Novoneyra. Algo diso se di na carta: “Caurel, agosto, 1954. [] Que tal os derradeiros traballos de Cuña Novás? Tornou a escribir en galego? Cando o deixei o ano pasado en Pontevedra estaba moi enoxado con Galicia (e cos galeguistas³) (entón traía a París encima coma un traxe)”.

² *Musa Alemá*, aquela mítica escolleita, tan só quince poemas, de seis poetas de fala xermánica: Hölderlin, Heine, Dehmel, Rilke, Agnes Miegel e Werfel, traducidos ó galego por Celso Emilio Ferreiro e Antonio Blanco Freijeiro, naquela edición cuase corsaria que respondía ó rubro Colección “Benito Soto”, de Sabino Torres, editor, cun prólogo exíguo de Aquilino Iglesia Alvariño, e ilustracións formidables de Rafael Alonso. (A colección dirixida daquela por Emilio [Álvarez] Negreira). Sabida é a sorte que correu tal edición [57 páxinas numeradas en arábigo, unha pág. de respecto ao principio, máis entradiña, e portada, créditos, prólogo, índice e colofón. Cuberta a dúas cores (vermello e verde) e debuxo sen asinar pero de Rafael Alonso. Na contracuberta o exlibris que representa a Apolo tañedor de lira, e ó pé, SABINO TORRES-EDITOR (debuxante, a pluma, Rafael Alonso, baseouse nun relevo clásico). Precio: 20 pesetas.] “el día 10 de marzo de 1951, en los talleres “Gráficas Torres” de Pontevedra”, tal reza o colofón. Sorte infausta que ten contado o propio Sabino, con moita parte da edición requisada –soamente se salvaron 69 exemplares– e nunca devolta senón queimada, por xerarcas de medio pelo que encenderon a pira devoradora. Que insania ditatorial contra uns poemas que se algún delito cometeron foi o de seren postos en galego!. Ray Bradbury aínda non editara *Fahrenheit 451* (1953) para facernos saber a temperatura na que os libros arden, *ou arden mal* na conclusión de Manuel Rivas.

³ Para entón xa recibira o desaire de García Sabell, o último –Borobó *dixit*– en incorporarse ó galeguismo. Piñeiro –con cuxa boca desleixada fala Novoneyra– non lle aforrou desdoras ó poeta pontevedrés nin a outros.

Tal traxe, corcosido nos poucos meses parisienses de Cuña, deulle para enchouparse de existencialismo lido, aprendido ou inventado, que de todo houbo, na mitomanía febril, do inmenso poeta que foi nos poemas maiores que se contan cos dedos dunha man: para chegar e sobrar.

Na Pontevedra da miña adolescencia tiven poeta de meu: sempre barbado, fardado en negro. En ocasións anoaba unha gravata cun lema visible e rechamante: “El corazón me manda”, pero foi antes de coñecernos.

Ler Fabulario novo, ardua tarefa, porque nin o autor tiña exemplar ningún nin quería falar del. Pero leuse, sous le manteau, e lérono moito os poetas mozos, Criqueiro e Ferrín, que por entón vivían na Boa Vila. En todo caso, na embocadura da Escola da Tebra remanece o libro de Cuña no máis sólido alicerce, para ben.

Estou a velos ós tres: Manuel Cuña, Manuel María e Uxío Novoneyra na Pontevedra do verán do 1991, xuntos en compañía, a tríade, corenta anos despois, no addio a la vita do máis vello dos tres. Foi o propio Manolo Cuña quen tomou do brazo a Manuel María, sentado entre o público, para que, os tres, presidiran a mesa de honra.

*Aínda na máis alta ocasión de ser recibido Manuel María na R.A.G. (15 febreiro de 2003), no comezo do seu discurso de rigor: “**Como non podía ser doutro xeito, considero unha obriga dedicar unha emocionada lembranza –e esta humilde homenaxe– aos grandes poetas e amigos da miña propia xeración Manuel Cuña Novás e Uxío Novoneyra, que xa non están con nós**”. O outro grande: o mesmo Manuel María: “**Cada un deles debería ter ocupado unha cadeira nesta institución, o mesmo que Celso Emilio Ferreiro e Xosé María Díaz Castro**”. Ningún dos catro poetas ós que o novo numerario bota de menos, foi elixido.*

IV

*Sen saír da propia carta antecitada: “**Falando do “ Terra Chá” atopei n-él unhos cantos poemas fermosísimos como o da cotovía i-aquel que fnda así:***

*“Quen tivera, amor, amigo,
pra llo dare a un paxariño”*

o lado de outros como o do vento que son verdadeiramente insulsos. Sigues non sabendo escoller".

Agora Novoneyra ten xa o libro na man e atopa "n-él unhos cantos poemas fermosísimos", que é moito dicir vindo de quen vén, un poeta tan atinado como exixente, mais de voz tan outra ca do chairego. Emporiso a escolla de Uxío, prodígase ben máis que se se tratara a poesía súa propia. Mesmo se amoita⁴ ó falar dos versos do seu amigo. Os poemas "fermosísimos", para o courelao —tiñan que ser— aqueles que máis se achegan ós del. Pola contra "ó lado de outros" para descualificar —"o do vento"—, por dicir. O máis grave é a admonición, para remate: **"Sigues non sabendo escoller"**⁵.

V

Nunha carta de Manuel (9-III-1965) a Ramón Piñeiro, confésalle: **"Aínda que eu non me considero un bó poeta —nin siquiera sei si son poeta— estou moi pesaroso de ter publicado Mar Maior entre tanta morralla"**. Non hai que destacar o texto intercalado entre trazos, que xa o fixo o autor ó baixar de "bó poeta" até "poeta", nin bo, nin malo. "Nin siquiera ser...".

Non coñezo creador de noso con tal inseguranza na súa propia voz poética. Se cadra finxe esa captatio benevolentiae. Pero na altura Piñeiro era amigo para lle contar confidencias. Véuseme á mente o caso de Cunqueiro, poeta maior certamente, deicida descontento, pero tan inseguro na creación. Foi o propio Álvaro quen lle dixo a Piñeiro: **"Perdóame iste desafogo, e que me confese contigo agora mesmo, pro a túa carta chegóume cando eu cismaba nisto, e no que eu aínda poido dar en galego. Ademais, ti non eres mal confesor"**⁶ (Carta desde Vigo, 1, outono, 1971).

Ó falar de inseguranza e incerteza verbo da propia creación, Manuel María, cáseque corenta anos despois, declarárase reincidente: **"Nos anos da adolescencia e mocidade coidei que era poeta. Conforme foi pasando o tempo, entráronme as dúbidas. O número de versificadores é infindo. Os**

⁴ Amoiitar (se) < amuitar (se): "sein irguirme, e sein fundirme, / amuitarme y' esvecirme". *Falorpiñas de neve*, páx. 63.

⁵ *C'est moi, l' éditeur, qui souligne.*

⁶ Véxase Cunqueiro, destinatario. Caderno Ramón Piñeiro (XXVIII). Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 2014. pp. 17-18.

auténticos poetas, moi escasos. Sospeito que ao longo da miña vida houbo algún intre no que quizais rocei o milagre poético. Quizais. Non podo afirmalo. Ao peor todo foi un espellismo⁷”.

Topar na tal teima –ser ou non ser– que se volve reiterante, contumaz, mesmo metapoética, no historial creativo do chairego, incerto señor.

VI

Heille preguntar a Darío Xohán, peneireiro daquel muiñeiro, cantos milleiros de versos non terá arrendado o poeta Manuel María, en medio cento de poemarios. Toda a vida –que se di pronto– dedicado ó mester da creación. Acaso, tan só, por saberse poeta? Por contar e cantar: fulminis acta modo.

“Sen dultanza o seu laborar arreo –con palabras de Celso Emilio– nas tenzas da poesía a causa da sona e fama contemporánea do autor e do feito de el ocupar un importante capítulo na nosa Historia Literaria, por ningún discutido”, na contesta de Méndez Ferrín. Para seguir: “No medio do ruído e da furia e da insurrección obreira no eixo Vigo-Ferrol. Tendo en mente a organización e resistencia labrega de Castrelo de Miño. A raíz diso, no tumulto deses días que mudaron a idea nacional do país, con todo o presente e entrelazado, Manuel María desencolga a lira de Tirteo, a lira da ira social e política [] E así o poema de Manuel María navega, boga, cía, singra, de arca e de couso, veloz ou despacioso, ao azar das correntes ou a contracorrente, a favor do vento ou á capa proa do mar todo, ao Mar maior. Longa viaxe a desta nau poética que tiven o privilexio de espreitar desde o litoral de meu, se me permite aplicar o símil náutico do Clásico a tan terreña e chairega obra como é a do noso autor”.

Así a tenrura insurrecta do gran Manuel María, poeta, de seu e de noso.

L. C.

⁷ Discurso lido o día 15 de febreiro de 2003 no acto da súa recepción polo ilustrísimo señor don Manuel María Fernández Teixeiro e resposta do excelentísimo señor don Xosé Luís Méndez Ferrín. Na RAG.

Primeira nota de edición

Este caderno recolle arredor de trinta achegas –pezas de autor– sobre a persoa do escritor Manuel María Fernández Teixeiro (advocacións, lembranzas e algún olvido) e sobre a súa obra, diseminadamente poética en todo o que escribiu, verso e prosa: poemas e poemarios, narrativa, teatro, crítica, xornalismo, epístolas.

A presenza do poeta en múltiples recitais e actos de afirmación nacionalista onde queira que fora chamado, tanto en Galicia como fóra dela, cruzado da Causa, son tamén lembrados.

Mesmo poemas seus, musicados, puidéronse oír nos dezaseis ventos da rosa.

Os traballos aquí presentados queren conformar unha HOMENAXE, neste ano, no que, *Deo volente*, Manuel María foi elixido para perpetuarse no Día das Letras Galegas, de 2016.

Nos traballos e nos días, o autor chairego era ben merecente desta distinción maior: case que sesenta anos de escrita en lingua de noso. Versátil, inspirado, autente, poucas veces calado, quixo espantar fóra de si a maldición do inédito, cando menos para dar fe del e de nós, recorrente na teimosía.

Os máis dos artigos (de autores de moi varia compostura: consumados uns e moi mozos bastantes) estudan a obra poética en verso, na que máis se prodigou o homenaxeado. Pero hai así mesmo outros –excelentes– que tratan de Manuel María dramaturgo que de hoxe en máis estará no canon da escena galega.

Artigo hai “–na cidade invisible”, referida a Monforte– verdadeiro resumo de corenta anos de vida, ben informado e mellor escrito, por man de amigo, poeta tamén.

Para todos autores e autoras que interveñen nesta MEMORABILIA, o noso recoñecemento agradecido. Beizón.

Sobre o Día das Letras Galegas

SEGUNDA FEIRA
X.L. Méndez Ferrín



A Academia fechoulle as súas portas, na segunda parte do século XX, a Eduardo Blanco Amor, a Luís Seoane, a Uxío Novoneyra, a Celso Emilio Ferreiro. Despois de mortos estes e pasados anos de repouso preceptivo, a Academia non tivo máis remedio que lles outorgar a tales figuras imprescindibles o galardón supremo: o Día das Letras Galegas.

Certamente, non lle permitir o acceso á Academia e logo incluílos na nómina canónica por excelencia da nosa literatura suporía un certo recoñecemento da propia ignorancia. Pero non, trátase só de política. Que teñen en común os autores citados? Dúas cousas, a saber. Os catro son importantes escritores e personalidades culturais de máximo relevo. E os catro, sen lugar a dúbida e cada un ao seu xeito, habitaran os territorios da esquerda e, mesmamente, do nacionalismo de esquerda.

A Academia foi ocupada e dominada nos anos cincuenta do século XX polo grupo piñeirista cuxo sectarismo anticomunista non lle permitía compartir o poder simbólico da Academia con ninguén que non fose fiel e sumiso seguidor da súa ideoloxía.

O sectarismo e control académico chegou ao seu cumo cando, ao sobrevivir o actual réxime político, García Sabell acumulou nunha mesma man as funcións de delegado do Goberno de Madrid e presidente da Academia Galega. A situación chegou a ser caricaturesca. Tanto, que un día a maior parte dos escritores galegos, incluído Manuel María, ocuparon a Academia e lle pediron a García Sabell que deixase entrar alí unha brisa atlántica. Daquela díxera Novoneyra algo coma isto: Galicia é o único sitio do mundo no que o representante dos escritores é a mesma persoa que o xefe da policía.

As cousas mudaron cando Francisco Fernández del Riego, un home que se distanciara política e persoalmente do piñeirismo e da mesma Editorial Galaxia, accedeu á presidencia da Academia. Fixo o posíbel por abríla e porque nunca se volvesen dar os casos de Blanco Amor, Celso Emilio Ferreiro ou Luís Seoane.

Así as cousas, eu mesmo terminei por estar dentro da Academia por obra de Del Riego e unín a miña assinatura ás doutros colegas para propoñemos Manuel María como académico numerario. Houbo voces virulentamente contrarias. Falouse en desfavor de Manuel María e puxéronlle pexas aos pasos regulamentarios da súa candidatura. Finalmente, Manuel María resultou electo. Así que, hoxe, mesmo algúns que estiveron en contra da súa candidatura como académico de número, estes días din estar nas tabernas moi contentos de que Manuel sexa o autor que o Día das Letras Galegas vai memorar.

Non sei se a virazón que sopra na Praza de María Pita non será culpabel da apresurada mudanza de casaca de académicos preocupados por seguir controlando as institucións culturais de Galicia.

Artigos

DOCUMENTO PERSOAL SOBRE MANUEL MARÍA

Ana Acuña⁸

Introdución

Nesta colaboración, modificando un título do poeta homenaxeado co Día das Letras Galegas 2016, mostraremos un documento persoal sobre Manuel María. Trátase dun texto creado por nós en 2006 para a estrea en Pontevedra do disco monográfico de Milladoiro *Unha estrela por guía. Homenaxe a Manuel María*.

Manuel María musicado por milladoiro

No mes de marzo de 1967 escribíalle Manuel María a don Ramón Otero Pedrayo sobre o seu desexo de que xurdise en Galicia outro cantante como Raimon (Sánchez Rei/Mosquera Castro 2014: 111). Nese mesmo ano Manuel María presentaba o admirado cantautor e poeta de Xátiva no estadio da cidade universitaria de Santiago de Compostela e creaba a Editorial Xistral. Posteriormente (Caño 1990: 53), o poeta lembraría aquel feito e as súas consecuencias:

Raimon foi dar un recital, no estadio do Campus Universitario de Santiago, e pediu que o presentase eu. Presenteino lendo un poema. A presenza de Raimon, cantando en catalán, serviu de revulsivo para que se vise a necesidade dunha canción galega. Logo eu fun dar un recital ó Centro Galego de Barcelona, Raimon púxome en contacto con EDIGSA, e saíu un disco titulado Manuel María, poemas ditos coa súa voz. (...) Entón veu o rexente de EDIGSA, Claudi Martí, e o representante, Manolo Conde, para falar das condicións da gravación cos compoñentes da Nova Canción Galega. (...) O grupo estaba formado por Benedicto, Xabier, Araguas e Moscoso. Por fin chegouse a un acordo con eles, e graváronse os primeiros discos co selo Xistral-EDIGSA (...) A presentación organizouna EDIGSA, no Cine Capitol de Santiago (...) Todo este movemento trouxo tras de si a música folk de Fuxan os Ventos e outros grupos actuais.

⁸ A elaboración desta colaboración forma parte dos proxectos de investigación financiados polo Ministerio de Economía y Competitividad FFI 2012-35872 e FEM 2015-66937.

O noso documento persoal sobre Manuel María ten que ver coa estrea do disco de Milladoiro *Unha estrela por guía. Homenaxe a Manuel María*. Cómpre aclarar que este disco monográfico de Milladoiro formou parte dun conxunto de iniciativas, baixo o lema “Manuel María, poeta nacional”, que incluían unha homenaxe, un congreso, unha exposición, unidades didácticas, publicacións, filme, representación teatral, actuación da Banda Filharmónica de Galicia, o Premio Manuel María, a reedición do disco dobre de Suso Vaamonde, ademais da publicación da *Fotobiografía sonora*.

Precisamente nesa obra, na *Fotobiografía sonora* de Manuel María, Carlos Díaz Martínez e Xurxo Souto explican o papel do poeta chairego na historia da música galega. Como indica o primeiro, a súa obra lírica “tamén foi utilizada polos artistas galegos que, desde o ano setenta até hoxe, musicaron numerosos poemas en moí diversas versións e xéneros” (Díaz Martínez 2005: 135). O segundo, Xurxo Souto (2005: 143-146), incide na relación da poesía de Manuel María coa música:

O seu proxecto de reivindicación global de Galiza esixiulle cultivar a maioría dos xéneros, metros e rexistros poéticos. Por iso, cando nos anos 70, unha nova xeración de artistas decidiron (re)-construír con urxencia a identidade sonora deste país, a súa palabra foi fonte vizosa.

A continuación reproducimos o noso texto creado para a presentación do disco monográfico que tivo lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra o 20 de maio de 2006. Baixo o título “Buscando os derradeiros Fisterres”, e botando man do noso recordo madrigalego, falabamos de Milladoiro e de Manuel María. A nosa pretensión en 2016, coma daquela, é abrir unha ventá para que nos visite Manuel María dez anos despois da estrea celebrada en Pontevedra.

Buscando os derradeiros Fisterres. Presentación de *Unha estrela por guía. Homenaxe a Manuel María*

“Mirando cara atrás encontro na miña vida”... unha folla de dúas caras que a profesora entregaba ao seu alumnado. Por un lado estaba o poema “Ollos de nenos” de Manuel María e, polo outro, a canción “Moraima” que Milladoiro musicou en *Auga de maio*.

Corrían os anos 90 e aquela profesora, que hoxe lles fala, trataba de converter os mozos e mozas madrileñas en madrigalegas con estas letras e estas músicas.

Sabía que “non iamos abandonar o país da chuvia” (Chus Nogueira), por iso non resultaba estraño atopar a Manuel María polo Paseo do Prado. E tamén había oportunidade para pedirles aos Milladoiro un recordo-autógrafo para a nosa pandeireta, en Alcobendas.

“Pero non sabía que hoxe habías vir petar na miña ventá miudiño” (Chus Nogueira). Por iso temos que agradecer á Concellaría de Cultura de Pontevedra, como organizadora desta presentación, á Asociación de Escritores en Lingua Galega, á Asociación Sociopedagóxica Galega, a CIG-Ensino, á Mesa pola Normalización Lingüística e á Consellaría de Cultura, como colaboradores e produtora do disco, a oportunidade de abrir esta ventá para que nos visite Manuel María.

Só quen estivo en tódalas loitas sabe oír latexar o seu país e pode falar con sabedoría. Manuel María compón el só o sistema literario galego, pois foi autor (narrativa, poesía, teatro, ensaio, artigos), receptor, mediador, crítico. Pero este “labrego con algo de poeta” é máis que literatura, máis que un poeta total.

Manuel María foi:

- O muiñeiro das mestas brétemas que cinxiron Galicia durante moitos anos, demasiados.
- O cantor de cego de tódolos crimes contra Galicia, o fistor da nosa cultura recuperada.
- O camiñeiro achandador dos terróns, pero tamén o camiñante amorosiño por tódolos lugares.
- O navegante da luz fluvial ou terrestre do Miño e do Cepelo.
- O escoitador do cuco e da cotovía.
- O aprendiz no alfabeto das nubes, no verdor dos prados, nas olladas melancólicas das xentes.
- O liberador dos prantos da tribo e o sementador da terra que só desexaba ser.

Manuel María foi e é a esperanza no futuro. El, coma o carro de Xocas, seguirá rolando as nosas congostras e polos nosos montes, dando ara queixa da terra asoballada i o canto de espranzas dun mañán cecais lonxano mais seguro, fito do noso pobo e fito da nosa cultura, fito do noso home, fito do noso campesiño, e segue rolando cara ó porvir.

Que a luz da estrela de Manuel María vos guíe, que *As fadas de estraño nome* de Milladoiro vos leven da man porque os tempos son chegados para quen “deixou o corazón prendido nas silveiras escoando ledicias e orballos”.

Escoitade nesta música o Miño “co seu paso silandeiro”, ollade “como nace a herba” e oíde “o cuco” neste maio mes da lingua, do teatro e da música galega.

A. A.
Universidade de Vigo

Bibliografía consultada

- Araguas, Vicente (1991): *Voces ceibes*. Vigo: Xerais.
- (2001): “Manuel María: voz ceibe”, en Asociación Cultural Xermolos (ed), *Manuel María*, Lugo: Ophiusa, pp. 543- 544.
- Caño, Xosé Manuel del (1990): *Conversas con Manuel María*. Vigo: Xerais.
- Díaz Martínez, Carlos (2005): “Gravacións de Manuel María coa súa voz”, en *Manuel María. Fotobiografía sonora*. Sarria: Ouvirmos, pp. 135-139.
- Fraga, Xan (2015): “A ficha policial do galeguismo”, en *Luzes*, nº 15, pp. 78-82.
- García, Xosé Lois (2015): *Manuel María reencontrado*. Noia: Toxosoutos.
- Mini (2001): “O Manuel María e a música”, en Asociación Cultural Xermolos (ed), *Manuel María*, Lugo: Ophiusa, pp. 541-542.
- Regueira, Belén (2013): “Saleta Goi: «Onde están agora os intelectuais?»”, en *Luzes*, nº 1, pp. 20-25.
- Rodríguez Fer, Claudio (2001): “Poeta da cultura material”, en Asociación Cultural Xermolos (ed), *Manuel María*, Lugo: Ophiusa, pp. 417-434.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel/Estefanía Mosquera Castro (2014): *Correspondencia entre Manuel María e Ramón Otero Pedrayo (1951-1974)*. Lugo: Fundación Manuel María.
- Souto, Xurxo (2005): “Unha canción marabillosa, galega e panteísta”, en *Manuel María. Fotobiografía sonora*. Sarria: Ouvirmos, pp. 143-147.

A OBRA HEMEROGRÁFICA DE MANUEL MARÍA: A SÚA PRESENZA EN *ALBA*

Luís Alonso Gírgado

Certo día, hai xa anos, coincidín con Manuel María na sala de Sargadelos de Santiago. Foi no ano 2001. Convidoume alguén a presentar a excelente *Obra poética completa*, I e II, do polifacético e prolífico escritor de Outeiro de Rei, que aparecera aquel ano en Espiral Maior. No local estaba, naturalmente, Miguel A. Fernán-Vello. En certo momento, antes de comezar o acto, Manuel María botou unha ollada aos flamantes volumes da edición e bisbou algo así como “isto é demasiado, escribín demasiado”, impresionado pola presenza... do que recollía unicamente o seu traballo como poeta; traballo que correu paralelo no tempo ao realizado nos eidos do teatro e da narrativa (con especial dedicación á infantil) e tamén aos centos de poemas soltos en xornais e revistas e outros centos de artigos de prensa.

Tivo a sorte o poeta lugués de contar, para poñer orde rigorosa nesta desmesurada morea de material xornalístico-literario, co pacientísimo e escrupuloso libro recompilatorio de Camilo Gómez Torres, *Bibliografía de Manuel María* (2002) onde non hai libro, caderno, separata, revista, xornal, pregón ou soporte escrito calquera que conteñan un ou máis versos (ou poemas) do escritor que non estea rexistrado. Percorrer esas páxinas é consulta obrigada para a correcta localización bibliográfica, textual ou editorial e, consecuentemente, para realizar con exactitude un traballo sobre os distintos aspectos integrados no vasto *corpus* literario do escritor lugués.

Os modelos da traxectoria dos poetas coñecen varias posibilidades. É habitual aquel que pasa por poemas soltos (con artigos de prensa iniciais) para chegar despois a un primeiro libro. Cando a traxectoria adquire pulo, alterna literatura (que con frecuencia cultiva a narrativa, único xénero que vende) coas colaboracións en prensa. Este é o modelo, de tipo expansivo, claramente acumulativo, que desenvolveu, con tenacidade e entusiasmo, en ocasións con bastantes présas e mínimas pausas, o noso escritor. Tal circunstancia evidénciase na súa temperá iniciación na escrita aos vinte anos: en 1949 non só publicaba poemas soltos en *Xistral* e máis en *La Noche*, senón que vía os seus primeiros artigos de prensa en *El Progreso*, sempre con temas galegos, sempre atento a escritores que admiraba: Carballo Calero, Otero

Pedrayo, Luis Pimentel, López Cuevillas, Cabanillas, etc. E inmediatamente, en 1950, logra entrar na pontevedresa “colección do pirata” Benito Soto con *Muiñeiro de brétemas*, que leva prólogo do tamén poeta e pintor lugués Ánxel Xohán. Despois, unha xeira creativa ininterrompida que chega aos corenta e cinco poemarios para rematar, en 2002, co título *Entre a arxila e a luz*. Na cronoloxía hai anos que saen a dous títulos: 1969, 1970, 1977, 1982, 1984 e outros. A efectos do cómputo publicístico deste *corpus* poético temos que engadir –tal como queda rexistrado por Camilo Gómez Torres– o feito da publicación anticipada (ou diferida) de poemas soltos pertencentes aos diversos libros poéticos e, así mesmo, a súa incorporación a antoloxías e reimpresións en catálogos, boletíns, pregóns, tarxetas de nadal, libros de autoría colectiva, etc. Houbo sempre no poeta unha vontade de estar presente, de publicitar a súa obra e de poñela á atención da crítica. Nesta actitude pode ter influído tamén un perceptible compromiso político con Galicia evidenciado na temática social e política, cívica e sempre crítica, contestataria, centrada na terra luguesa con particular insistencia.

A preocupación por publicar, por facer obra, por ter cabida no presente da vida literaria do país, consta con claridade en numerosas mostras do seu epistolario dirixido a Ramón Piñeiro, que na década dos cincuenta ostentaba un posto envexable como promotor responsable dos libros que editaba Galaxia. Como é ben sabido, Piñeiro e o grupo encargado de seleccionar os títulos da Colección Salnés de poesía, acolleron en 1963, como número 9 da mesma, *Mar Maior*, poemario, por poñer un exemplo, do que adiantaron poemas as revistas *Aturuxo* (Ferrol), *Alba* (Vigo), *Atlántida* (A Coruña), *Alborada* (Barcelona) e *Papeles de Son Armadans* (Palma de Mallorca). Como ía ser habitual, outras composicións do libro aparecerían –agora por segunda ou terceira vez– noutros soportes en papel. O poeta chairego foi sempre extremadamente xeneroso na cesión dos seus poemas para todo tipo de publicacións.

A propósito do que rematamos de dicir paga a pena repasar as cabeceiras de prensa que contaron con poemas soltos (ás veces pequenos feixes de composicións) de Manuel María. Por exemplo, da prensa diaria galega frecuentou, con poemas ou artigos, *La Noche* (o xornal vespertino de Borobó en Compostela), *Faro de Vigo*, *El Correo Gallego*, *El Progreso*, *El Ideal Gallego*, *La Región*, *El Pueblo Gallego*, *Faro de Orense* ou *La Voz de Galicia*.

Un apartado con entidade propia é o das colaboracións en distintos medios de prensa escrita portugueses, pois Manuel María estimaba moito o mundo literario-cultural luso e mantiña amizade con varios dos escritores dos anos cincuenta, sesenta e posteriores. Así, os seus escritos en revistas literarias como *Céltica* ou *4 Ventos*, e noutras publicacións como *O Desforço*, *República*, *Pasárgada*, *Diário Popular*, *Noticias de Guimarães* e *Aresta* (esta, de Acores).

Igualmente, as comunidades galegas do alén mar tiveron noticia do poeta en cabeceiras de prensa como as bonaerenses *Mundo Gallego*, *Galicia*, *Lugo* ou *Correo de Galicia*; as venezolanas *Irmandade*, *Lar* e *Xerme*; as cubanas *España Republicana* e *Diario de la Marina*; ademais, *De Frente* (Uruguai), *Vieiros* (México), *Atenea* (Puerto Rico) e algunha outra como *Casa de Galicia* (Nova York).

Mais, sen dúbida, foron as revistas literario-culturais⁹ galegas as publicacións privilexiadas como fontes primeiras de moitos dos seus poemas. Citemos as principais: *Vamos*, 1948 (do Colexio Peleteiro de Santiago), *Atlántida*, 1954 (coruñesa, edición da Delegación de Educación Nacional do D. U. de Santiago), *Aturuxo*, 1952 (Ferrol. “Revista de poesía y crítica”, cofundada por Miguel Carlos Vidal e Tomás Barros Pardo), *Posío*, 1951 (“Revista de Artes y Letras”, ourensá e voceira da “Agrupación Posío”, con Xesús Ferro Couselo como director), *Alba*, 1948 (“Hojas de Poesía”, coruñesa primeiro e viguesa despois, fundada e dirixida por Ramón González-Alegre), *Nordés*, A Coruña, 1975 (tamén “Revista de poesía y crítica”, fundada e dirixida por Luz Pozo Garza e Tomás Barros); *Vida Gallega*, 1909 (de Vigo, dirixida por Jaime Solá, publicación de “Ilustración Regional”, de longuísima xeira e unha etapa luguesa a partir de 1955), *Chan*, 1969 (“La revista de los gallegos en Madrid”, dirixida por Borobó), *Follas Secas*, 1985-1987 (de Ourense. “Semanario científico, literario y defensor de la colonia gallega”, dirixida por Xosé Manuel del Caño), *Alborada*, 1948 (voceira do Centro Gallego de Barcelona, dirixida nalgúns anos por Manuel Casado Nieto), *Tapal*, 1950 (de Noia, codirixida por Manuel Fabeiro Gómez e Andrés Rodríguez Millares; local e pluricultural, literaria), *Cen Augas*, 1984 (A

⁹ Un percorrido por estas publicación témolo no estudo introdutorio á edición facsimilar de *Posío* (Ourense, 1945-46), publicada polo Centro Ramón Piñeiro: Santiago de Compostela, 1995.

Coruña. “Cadernos de poesía”, codirixida por M. A. Fernán-Vello, Roxelio Martínez e Francisco Pillado), *Clave Orión*, 1995 (Santiago de Compostela. Fundada e dirixida por Luz Pozo Garza), *Ceibe* (Iniciativa da AN-PG, 1976-1980?), *Raigame* (Ourense, 1995), *Lucensia* (Lugo, 1990) e *Xermolos* (Guitiriz, 1982).

Outras revistas españolas publicaron poemas de Manuel María traducidos ao castelán: *Cántico*, de Córdoba. Revista poética voceira do grupo de poetas co mesmo nome; *Claraboya*, de León, importante e influente; *Fablas*, de Las Palmas de Gran Canaria, con certa presenza de colaboradores galegos; *Alcance*, poética e leonesa; *El molino de papel* (1955), de Cuenca, e *Papeles de Son Armadans* (1959), publicación literaria que dirixía Camilo José Cela e que contou cunha ampla nómina de escritores galegos: E. Guerra da Cal, M. Casado Nieto, F. Fernández del Riego, X. Neira Vilas, Celso E. Ferreiro, A. Iglesia Alvaríño, Ben-Cho-Shey, Uxío Novoneyra e moitos máis. Polas páxinas das cabeceiras literario-poéticas deste bloque de expresión castelá atopamos tamén outros escritores galegos como Dictinio de Castillo-Elejabeitia, Álvaro Cunqueiro, Pilar Vázquez Cuesta, Tomás Barros, Isidro Conde, Ramón González-Alegre, Bernardino Graña, Ánxel Johán, Uxío Novoneyra, Luz Pozo, Xosé Luís e Carlos Prado Nogueira, Pura Vázquez e algúns outros.

Houbo, no caso de Manuel María, un traballo creativo, tenaz e constante no que o poeta ía gardando títulos e títulos no caixón porque os seus anxeos de ver os seus poemas (e prosas) en letra de imprenta chocaban cunha case inexistencia —aínda na década do medio século— dunha axeitada infraestrutura editorial. Neste terreo realmente pobre, acosado constantemente polas carencias económicas, Galaxia foi un facho esperanzador que se sumaba a Bibliófilos Gallegos ou Monterrei. Contábase tamén coas posibilidades editoriais dos galegos alén mar, que creaban premios literarios e editaban revistas e libros para acoller a vellos e novos escritores da Galicia peninsular, Manuel María entre eles.

O noso escritor pelexou para que a súa pouco común capacidade creadora puidese ver a luz no maior número de plataformas posibles¹⁰. Así,

¹⁰ Foi importante ao respecto para Manuel María a súa presenza na celebrada *Escolma de Poesía Galega IV. Os contemporáneos* (Galaxia, 1955), preparada por F. Fernández del Riego.

teceu unha rede de amizades a base de escritores de prestixio, xornalistas, profesores, académicos e editores de xornais e revistas. E neste ámbito, aparece como unha oportuna táboa de salvación, a figura de Ramón Piñeiro, que definitivamente non respondeu dende Galaxia ás expectativas, cada día *in crescendo*, do escritor.

Dentro xa do terreo epistolar co seu “valedor” en Galaxia, en carta datada o día 30-V-1966, exclama Piñeiro, irónico, diante da morea de libros e poemas, escritos ou proxectados, dos que fala o seu interlocutor: “Feliz ti, querido Manuel María, que tes tempo para maxinar i escribir obras e máis obras!”. Obras que previamente se consideraban importantes para levar ao prelo de Galaxia: “Comprendo ben o incómodo que che resultará ter obra inédita nun caixón e na cabeza”.

A lectura deste epistolario entre lugueses, fundamentalmente de asunto literario-editorial, é un longo percorrido pola xestación de títulos e a procura por conseguir velos publicados. Xorden así *Poema a Compostela*, *Terra Chá*, *Advento*, *Mar Maior*, *Auto do labrego*, *Auto do taberneiro*, *Edipo*, *Barriga Verde*, *Libro de pregos*, *Contos en cuarto crecente* e outros entre unha morea de atrasos, dilacións e outros problemas e desculpas que desacougan ao escritor; este, xa farto, resposta con firmeza a Piñeiro en carta de 23-III-1965: “O Poema a Compostela xa o tes totalmente esquecido, ¿non si? Si che causa a máis mínima contrariedade o falar dil en Galaxia i o facer o prólogo, esquécete dil para sempre”. Moi doído tiña que estar Manuel María cando, en carta de 9-III-1965, despois de publicar na Colección Salnés de Galaxia o seu poemario *Mar Maior*, arremete contra a colección na que ve moita “morralla” e por iso ameaza con “arremeter contra ela en calquer xornal” pois “o único que fai é desprestixiar a verdadeira poesía nosa”. Porén, en carta 2-sega-1965 está enchido “dunha gran ledicia” ao comunicarlle Piñeiro que “isas (dúas) noveliñas” súas saírían en *Grial*, circunstancia que non se dera nin sequera a mediados de 1966. Inasequible ao desalento, continúa a súa cruzada editorial enviando a Fernández del Riego, para *Grial*, o texto de “Barriga Verde”, ademais da peza teatral “As estrelas están lonxe” (carta de 28-V-1966). As “dúas noveliñas” continúan inéditas e xa o escritor non quere que saian no *Grial*, senón en libro publicado por Galaxia. Abondan estas referencias epistolares que anotamos para exemplificar unha dinámica publicística que só o paso dos anos melloraría —máis ou menos— para Manuel María.

En 1948, pouco antes de que o noso escritor dera os seus primeiros pasos como poeta, aparece na Coruña a revista *Alba*, subtitulada “Hojas de poesía”, fundada e dirixida por Ramón González-Alegre, avogado, poeta, antólogo, dramaturgo, ensaísta e colaborador de prensa. Trasladada a súa edición a Vigo en 1954, *Alba*, de traxectoria irregular e configuración inestable, mesturou prosa e verso e adoptou con criterio posibilista, o bilingüismo, no que se refire á lingua dos textos dos colaboradores; aínda así, o resto do material emanado da dirección é de expresión castelá. Foi *Alba* coetánea de *Xistral* (Lugo, 1949), *Vamos* (Santiago, 1948), *La Noche* (Santiago, 1946), *Alborada* (Barcelona, 1948), *Tapal* (Noia, 1950), *Posío* (Ourense, 1946) e *Aturuxo* (Ferrol, 1952). A partir de 1949 comeza o autor lugués a colaborar nestas e noutras moitas cabeceiras con poemas e artigos.

A historia da primeira presenza de Manuel María en *Alba* (nº 6) está datada en Vigo, en 1950. Trátase dunha das moitas notas críticas da revista (que aparecerían en seccións como “Pulso y tiempo”, “Notas de apremio”, “Miscelánea”, “Crónica de las letras”, “Noticias de libros”, etc.) titulada “La opinión de un crítico”, que non vai asinada, pero que polo mesmo Manuel María sabemos que é da autoría de González-Alegre, que aproveita para meterse con “Nuestro buen amigo Salvador de Lorenzana”. A nota di así:

Nuestro buen amigo Salvador de Lorenzana, públicamente ha escrito sus opiniones sobre poesía gallega actual en un diario compostelano.

El momento, viene a decir, es descorazonador. «Nuestra poesía autóctona sigue viviendo del oxígeno que le inyectan los consagrados. La casi totalidad de lo recientemente aparecido, no se ha salvado de la sugestión imitadora de la moda». Sin embargo, para el dilecto amigo, hay alguna esperanza, y considera como representantes de esta esperanza actual a M. Coña [*sic*] Novás y a Manuel María. Para el crítico y polígrafo lucense, son ellos, los que vienen a definir nada menos que, «las inquietudes de la actual generación». Habla también Lorenzana de que ambos han sabido trazar una línea de auténtica novedad, superando el vulgar ambiente poético actual. Critica al «Espadañismo», Post-garcilismo, y «Adonaismo», considerándolos como un desconcierto. Pues bien, no conocemos el librito inédito de Manuel María, pero nos basta su título, con perdón de Lorenzana,

de un marcado carácter actualista, y casi diríamos vinculado a esos «reprobables» movimientos poéticos. Se titula «Morrendo a cada intre» (Muriendo a cada instante). Para que ustedes vean la similitud y la línea que guarda con otros castellanismos líricos, les daremos una lista mínima de títulos idénticos. Leopoldo Panero «Escrito a cada instante». Eugenio de Nora «Muerto en el instante». Pedro Perdomo «En el instante breve». José María Fernández Nieto «La muerte aprendida en el instante», y tres o cuatro «instantes» más que no recordamos.

Aquilino Iglesias [*sic*] Alvaríño, un gran poeta gallego, confesaba que los títulos de los libros de poesía eran suficientes para calibrar a primera vista a un poeta. Plenamente de acuerdo. Por ello, un libro «definidor» como dice Lorenzana que lo es el de Manuel María, requiere incuestionablemente una actitud definidora, aún en el propio portalón de su presencia, que exige por lo menos distinguirse de la vulgar «sartilla» de chorizos idénticos.

Ojalá que en Galicia surjan «definidores de poesía», que se diferencien y se alejen de lo que Lorenzana llama «desconcierto castellano», pero desgraciadamente caminamos por una senda tan estrecha que todos, castellanos y no castellanos, tenemos que andar al mismo paso.

¿No es así, señor de Lorenzana?

En 1995, no artigo “Lembranza de *Alba*”¹¹, Manuel María comenta esta nota con previa referencia da carta, datada o 7 de novembro de 1950, de González-Alegre coa anticipación da saída en *Alba* na citada nota: “Con gusto veríamos a súa firma nas páxinas da nosa revista, donde por certo publícase unha cousa referida a vostede e a Cuña Novás, que non debe tomar a mal, pois, no fondo, é unha lanza dirixida contra Salvador Lorenzana, e sempre nun ton garimoso”. Na resposta de Manuel María á carta lemos: “Nela, a Cuña Novás chámasele Coña. O mellor é unha gralla de imprenta. Todo é posible”¹².

¹¹ En *Alba*, edición facsimilar, Centro Ramón Piñeiro: Santiago de Compostela, 1995, páxs. 17-32.

¹² En *Alba*, *op.cit.*, páx. 27. Edición facsimilar.

O convite a colaborar en *Alba* está na liña da boa opinión que González-Alegre tiña do escritor lugués, circunstancia evidente na súa recensión¹³ ao poemario *Morrendo a cada intre* (1950, col. Benito Soto, Pontevedra), que constitúe a segunda referencia ao autor na revista, agora na sección “Crítica de libros”, asinada por González-Alegre co pseudónimo de Vérulo Marqués:

La palabra poética de Manuel María, nos ha sorprendido con un libro excelente: «MUIÑEIRO DE BRÉTEMAS», que aunque al autor le parezca lejano y mustio, se nos antoja uno de los buenos libros de poesía gallega publicados hasta la fecha. La poesía de este joven lucense, es de una maravillosa claridad. Tiene, a su modo, un tono argumental que va desde la primera oración del molino, hasta una agonía de lágrimas campesinas, maravillosas, porque todo el libro de Manuel María es transparencia, transparencia de formas precisas, de enamorados cantos.

«Vou a ti de cote cada día
co ollar enmallado nun navío
que o vento desfiaña pouco a pouco
na espuma dorida do teu peito.»

La gracia desbordante de su claro cantar, es una posesión de sencillez, y poseer sencillez, es disfrutar de la infinita armonía de los elegidos.

En el camino de Galicia se ha alzado una voz, una voz de cercanías, de líneas albas, de carros gallegos. Manuel María tiene un paso de solidez caminante, dispuesto a seguir por una ruta de serena armonía.

«Eu vou todol-os días
pol-o ermo,
pol-os pinos,
pol-os xuncos espigados da ribeira,
pol-o meigo de unha estrela que escentila
nesas noites azuladas de setembro;
bagoando a gaiola do meu peito
a canción inmarcesible dun luceiro.»

¹³ *Alba*, 6, 1950.

Desde su molino inicia una marcha deliciosa, a través de sus volvoretas y fuentes cantarinas. En ocasiones se pierde

«...na neve muiñada
po la devadoira tola dos meus sonos.»

Pero en este libro hay también una serenidad melancólica, la melancólica serenidad del amor, que nos da también la medida juvenil del poeta. Este aliento de hoy, probablemente quede superado en su día, y entonces subirá una nueva voz al camino por donde pasa seguro este Manuel María, que por fortuna, ha surgido espléndido en las letras gallegas.

Tampouco esquece *Alba* dar noticia, no seu nº10 (1952), da Colección Xistral de poesía (1952), tan directamente relacionada con Manuel María, con Ánxel Xohán e con Lugo. Así, na sección “Libros”, G. (onzález) A. (legre) comenta a saída do nº1 da colección: *O paxaro na boca*, de Luz Pozo Garza.

En la ciudad de Lugo, el poeta y pintor Ángel Johán, inició con marcado éxito, la publicación de unos cuadernos de poesía. El primer libro es este de la poetisa vivariense Luz Pozo Garza, cuyo primer libro «Ánfora», obtuvo un éxito indudable de crítica. «O paxaro na boca» es el libro que incorpora la vida gallega de su autora a la poesía. Hemos dicho «incorporar su vida gallega a la poesía», y no rectificamos. Incorporar las cosas y las horas más vividas, a su voz poética, las cosas más largas y más sentidas, las horas rociadas de nieblas y de nubes, la soledad tras un viento de montañas. Se palpa una integridad poética en este libro, sobre el que llueven todos los pájaros bajo los árboles, todos los peces bajo los regueros, donde hay una presencia real de las cosas de la vida, sin darle de espaldas, sin palabras desmesuradas. Más que un conjunto de versos, este libro es un «poema con unidad de espíritu». Es lástima que sea tan breve, pero ello no empaña el sincero elogio que le dedicamos, con absoluta justicia. «O paxaro na boca», es un libro de versos que cuenta ya en las letras gallegas.

Finalmente, xa no nº14 (1954), *Alba* acolle xenerosamente nas súas páxinas un total de 8 poemas do libro *Mar Maior* cando o poemario estaba aínda inédito. Esa selección viña precedida por un gabancioso limiar de G. (onzález) A. (legre) titulado “Manuel María en el panorama de la poesía

gallega contemporánea”. Despois de contextualizar o presente da lírica galega, o crítico ofrece unha clara aposta polo poeta que aquí reproducimos:

Manuel María es un poeta, que, como los actuales, está en un punto crucial de las generaciones gallegas. En una tierra donde la presencia de los poetas es consustancial con su esencia entrañable, Manuel María es un firme y riguroso componente de esa comunidad poética que partiendo de los Cancioneros llega, en forma de milagro, al punto actual de la poesía gallega. Podrán, evidentemente alternarse los elementos simplemente temporales, pero, en cambio, permanecen acumulados los espirituales. En Manuel María, el principio «generacionista» representa el correlato de un sistema de amar el mundo de su alrededor. Todo lo que en la consideración de generaciones gallegas es presente, evidencial, permite unir el tiempo a través de distancias asombrosas. El año de nacimiento pierde toda importancia. Cuando en Manuel María se invoca a Galicia, hay el mismo eco insistente en pasión de tierra, que en cualquier estrofa de Rosalía.

No pretendemos en el intento de nuestra Revista, realizar un exhaustivo estudio de los poetas tratados. Limitámonos tan sólo a presentar su obra ante nuestros lectores, y afirmar que se trata de un poeta de significado relieve en el panorama poético de Galicia.

Nació en Lugo, en el año 1930, y ha publicado varios volúmenes poéticos. Los poemas que se incluyen en este número de ALBA, pertenecen al libro MAR MAIOR, todavía inédito. Todos ellos tienen un grado de melancolía constante, y no se pierde en ningún momento esta acción sentimental, casi continua en el poeta. Hay en su obra un sentir denso y profundo, un esquema acentual ya hecho, en el que el poeta no para. Antes al contrario, se vuelca en la bella tristeza del morir.

El «clima» literario de nuestro poeta, tiene ante todo una entrañable adhesión a la geografía de la tierra. Es excelentísima la pasión poética que desborda las palabras. Es un sentimiento que no se pierde en vacías retóricas. La poesía es profunda y auténtica, nacida en los propios océanos de la sangre. La «tierra» de Manuel María no está desolada como parecería deducirse de sus poemas angustiados finales. Galicia es «cervo, liño, paisaxe, luz, avelaneira, gaita, ceio, millo». La tierra cae sobre él «con voz baja», «hablando

simplemente», como un diálogo campesino sencillo y enamorado, en el que los «camposantos» no están demasiado presentes. La fuerza lírica es imponente, como una avenida tempestuosa, y el poeta canta, se sumerge en un cosmos, en el que no falta un dolor, una desesperación. Hasta aquí, pese al hombre, que es «dolor de tierra», Galicia es el profundo secreto de toda la poética de Manuel María.

Cómpre unicamente engadir (*Alba*, nº6, s./d.) a reprodución de dous fragmentos do poema “Nosotros”; no nº8, a composición “Hablemos”; no nº9, “Las cartas”, e xa no nº10 (1952), “Poema un poco triste”. Non temos constancia de que estes poemas ingresaran en ningún poemario. Integran, porén, o grupo de poemas soltos en castelán que Manuel María deixou nas revistas *Xistral*, *Vida Gallega*, *Rocamador*, *El Molino de Papel*, *Pleamar* ou no xornal compostelán *La Noche*, ademais de *Alba*.

Esta primeira e directa relación de Manuel María coas páxinas de *Alba* (1948-1956) posúe un segundo capítulo datado en 1995, ano de publicación da edición facsimilar polo Centro Ramón Piñeiro. Os responsables da edición convocaron ao poeta lugués a colaborar na mesma, feito que se concretou no seu estudo “Lembranza de *Alba*”, que xunto cos de Bernardino Graña e Xosé M^a Álvarez Cáccamo integran a sección de “Presentacións”. Cómpre puntualizar que, malia as críticas que o Centro Ramón Piñeiro recibiu dende diversos sectores do galeguismo de esquerdas, Manuel María colaborou na citada edición de *Alba* sen ningunha reticencia nin prexuízo; pola contra, foi moi xeneroso e participou aínda na presentación oficial do libro, que se situaba no proceso de recuperación de revistas poético-literarias galegas entre as que lembramos *Aturuxo*, *Posío*, *Resol*, *Gelmírez*, *Galiza*, *Cristal* e outras, todas elas en facsímiles realizados no Centro Ramón Piñeiro.

En “Lembranza de *Alba*”, Manuel María contextualiza a literatura galega do tempo da revista evocando os difíciles anos de inmediata posguerra, as problemáticas tensións no emprego da lingua, a solución ecléctica e forzada do bilingüismo, o xurdimento de *Galaxia* (1950), estrita coetánea da editora tamén viguesa Monterrey, de librerías cun selo editorial como Porto ou Galí, de Santiago; de selos editoriais como *Xistral* (Lugo), *Aturuxo* (Ferrol) ou *Alba* (Vigo), Ed. de los Bibliófilos Gallegos (Santiago), *La Voz de la Verdad* (Lugo) e Gráficas Torres (Pontevedra). Recoñece o noso escritor a condición

de “necesariamente bilingües” das revistas literarias galegas dos anos corenta e cincuenta do pasado século XX.

Manuel María participou activamente en *Alba* e coñeceu e tratou ao seu director, Ramón González-Alegre Bálgora (1919-1968), natural do Bierzo e vigués de adopción. Participou activamente na vida literaria galega e foi escritor bilingüe. Levou a súa *Alba* os seus criterios: os bos poetas de Galicia debían escribir en castelán para poder saír fóra e competir coas voces do resto de España. O uso literario galego na Galicia da posguerra estaba lonxe da actualidade, mais tiña unha fiestra aberta en *Alba*. Tanto nas páxinas de *Alba* como por vía epistolar, dicía que Manuel María ía para gran poeta e convidábao ao emprego do castelán¹⁴; de aí que ata o nº14 da revista, o castelán sexa a lingua dos seus poemas. A relación cos escritores galegos da revista tivo a súa cara e a súa cruz¹⁵ naqueles precarios e problemáticos anos nos que o galeguismo tentaba recuperarse polo menos culturalmente nunha estratexia de posibilismo que lideraba Ramón Piñeiro xunto cos homes de Galaxia.

Rematamos, por fin, estas páxinas co testemuño directo dalgúns significativos fragmentos do traballo “Lembranza de *Alba*” en palabras do seu autor, Manuel María. Son fragmentos referidos a González-Alegre e a *Alba*:

A xente das letras estimábao e quería de verdade a aquel singular Ramón González-Alegre e comprendía as súas “cousas”. Os máis mozos –tamén se cadra os máis irrespectuosos– chamábamolles –ás agachadas, claro está– Ramón González-Já, já, en referencia ó seu apelido. Celso Emilio Ferreiro, parodiando un título dun poemario do propio González-Alegre, *El ágape de Dios*, publicado no ano 1964, ó referirse a el dicíalle “Agapito”.

Con Celso Emilio Ferreiro sostivo unha grande e fonda amizade. Enfadáronse por unha nimiedade calquera. Cruzáronse poemas de maldicir que non viron, de que saibamos, a letra de molde, ó

¹⁴ Como xa precisamos, en *Alba* publicou Manuel María varios poemas en castelán, poemas que non apareceron en ningunha outra publicación.

¹⁵ A aparición en Galicia da *Antología de la poesía gallega contemporánea* (Ed. Adonais: Madrid, 1959) deu lugar a protestas e polémicas protagonizadas por Cunqueiro e Fernández del Riego, entre outros. A acollida da prensa foi negativa.

xeito dos escritores do Siglo de Oro español. O sangue non chegou ó río. No fondo ambos poetas estaban ateigados de literatura. (*Alba*, pp. 22-23)

Ademais de con Celso Emilio Ferreiro, Ramón González-Alegre mantivo unha fonda amizade con Álvarez Blázquez, con Otto José Comeselle Barcia, á sazón xuíz de Redondela, con Luís Santamaría —de nome completo Luís Vázquez Santamaría—, licenciado en Dereito, natural de Arzúa (1926), un tanto bohemio e desorganizado, que andou unha tempada por París, exerceu uns anos a avogacía en Vigo e trasladouse a León onde faleceu. Entre os daquela mozos intimou con Bernardino Graña e quizais con Méndez Ferrín. As relacións mantidas co resto de escritores galegos, tanto de Vigo como de fóra, foron cordiais aínda que con algún tivera as súas cousas ou as súas teimas como por exemplo con Francisco Fernández del Riego ou con Manuel Cuña Novás. A Ramón González-Alegre ninguén lle quería mal: era imposible. (*Ibidem*, p. 23)

Dende o primeiro número ata a súa desaparición a revista *Alba* foi bilingüe, feito moi de agradecer nos tempos difíciles que corrían. Nela colaboraron os máis dos grandes poetas galegos da época: Fermín Bouza Brey, Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Pimentel, Ricardo Carballo Calero, Díaz Castro, Díaz Jácome, os irmáns Álvarez Blázquez, Celso Emilio Ferreiro, Pura Vázquez, nunha nómina non exhaustiva. Chama a atención un poema de Miguel González Garcés, en galego, titulado “Solpôr”, publicado no número 3, aínda que sen datar, quizais sexa do ano 1948 ou 1949. (*Ibidem*, p. 24)

Dos poetas galegos salienta Xosé M^a Díaz Castro, entón un descoñecido, pese a ser premiado nos xogos florais de Betanzos no ano 1946. Díaz Castro aparece cunha importante colaboración bilingüe en diversos números de *Alba*, tanto de poemas propios como de traducións ó castelán de poetas estranxeiros. No número 3 publicou un fermosísimo poema: “Oración pol-os tolos” non recollido en *Nimbos*. Estes versos, ben orixinais, tráennos á lembranza as “Oracións” de Francis Jammes —ben coñecido e ben admirado por Díaz Castro—; a “Oración do sapo”, de Aquilino Iglesia Alvariño e as “Oracións” de Luís Pimentel. No número 4 saíu á luz por primeira vez a composición “Penélope”, tan famosa,

un dos cumios da poesía do autor e da lírica galega. No número 7 publicou o poema “Cortina”, que pasaría a *Nimbos* con dúas estrofas menos e algunhas variantes mínimas. (*Ibidem*, p. 25)

Ademais da revista, González-Alegre publicou a colección de poesía Alba, da que saíron oito ou nove volumes, entre eles algúns libros do propio González-Alegre, en castelán. En galego viron a luz, nesta colección, *Voce na néboa*, de Méndez Ferrín; *O soño sulagado*, de Celso Emilio Ferreiro; *Cantigas do vento*, de María del Carmen Kruckenberg e *Ronsel do meu silencio*, de Manuel Casado Nieto. O número 8, *Eternidad en vilo*, de Cesáreo Pardo Esperanza temos entendido, é bilingüe. Os distintos volumes non gardan a clásica uniformidade das coleccións de libros de poesía, debido a que eran edicións de autor e cada un deles editaba o seu libro como lle parecía. Na lista da colección Alba de poesía figura co número 3 un libro da nosa propia autoría titulado *Nosotros*. Un adianto do mesmo publicouse no número 6 da revista. O poemario ía levar un prólogo de González-Alegre. Dificultades económicas impediron a súa publicación e nunca viu a luz. (*Ibidem*, pp. 31-32)

L. A. G.
Centro Ramón Piñeiro

A FORMA DO VERSO NA POESÍA PRIMEIRA DE MANUEL MARÍA

Darío Xohán Cabana

Desde o verán do 1949 á primavera do 1951 Manuel María escribiu polo menos cinco libros de poemas, tres dos cales foron publicados máis ou menos no seu tempo, entre 1950 e 1954, constituíndo unha especie de meteoro que iluminou con espléndida luz aqueles anos da Longa Noite de Pedra nos que a literatura galega, cuxas manifestacións públicas foran liquidadas pola Guerra Civil, empezaba heroicamente a rexurdir. *Muiñeiro de brétemas* (escrito en 1949 e publicado no ano seguinte) foi o primeiro libro en galego dun escritor mozo e non estreado antes de xullo do 36. *Morrendo a cada intre*, escrito no 1950 e publicado no 52, representou a súa consagración indiscutible cun poderoso libro de forma e imaxinaría surrealista e doloroso corazón existencialista. *Advento*, escrito inmediatamente despois do anterior e publicado en 1954, é un libro no que a escrita de Manuel María chega á súa máis alta perfección, constituíndo un deses obxectos poéticos milagrosos nos que parece que non sobra nin falta nada. Coma en *De catro a catro*, coma en *Dona do corpo delgado*, coma en *Profecía do mar*, coma n' *O fin dun canto*.

Os outros dous libros deses anos, *Libro de pregos* e *Elexías á miña vida pequena*, saíron á luz moito, ou moitísimo, fóra do seu tempo (en 1962 e 2004 respectivamente), e agora non nos interesarán por varias razóns, entre as cales, salientamos a seguinte: o *Libro de pregos* foi refeito polo autor cando o publicou –e despois diría, xa en 1990, «coido que o derramei bastante»–; en canto ás *Elexías*, o teor literal dos versos orixinais foi tanto e tan mal «corrixido» polos editores que conseguiron un exemplo case perfecto de como non se debe facer unha edición de poesía¹⁶.

Porque o que agora nos toca é analizar un pouco por riba as formas métricas de Manuel María nestes dous primeiros anos de actividade publicada, e non porque creamos que este sexa un aspecto esencial da súa poética inicial, na que as preocupacións formais non parecen ocupar un lugar relevante, sendo como é que Manuel María parece estar desde os seus primeiros intres

¹⁶ Felizmente tiveron a leal idea de ofrecer un facsímile do orixinal, que é por onde recomendamos a lectura deste libro.

plenamente inmerso no versolibrismo. Pero é realmente así? É verdade que non parece haber en Manuel María unha época inicial de aprendizaxe das formas máis ou menos «clásicas», como si a houbo por exemplo en Manuel Antonio. Isto é natural, pois no tempo de formación de Manuel Antonio o verso libre non formaba parte do canon en Galicia, e no de Manuel María si –grazas precisamente a Manuel Antonio, e logo a Cunqueiro e moitos máis–. Pero de todos os xeitos, e como diría o outro, todo é conforme e asegundo.

Dende o punto de vista métrico, o libro máis interesante –pero non, xaora, o mellor– parécenos o primeiro, *Muiñeiro de brétemas*, entre outras cousas pola súa indecisión polimórfica.

Sabemos polo propio Manuel María que un dos libros máis importantes na súa primeirísima formación poética foi a *Antología de la lírica gallega* de Álvaro de las Casas, no que xa na escola primaria en Rábade lles facía ler un contradictorio mestre chamado Bautista Núñez Varela. O verso libre está representado nesta escolma exclusivamente por dous poemas de Manuel Antonio. Outro autor aquí presente que tamén había impresionar durablemente a Manuel María é Luís Amado Carballo. E sen dúbida tamén se fixou moito nun poema de Eugenio Montes e noutro de Augusto María Casas onde atopou motivos líricos que el mesmo desenvolvería tamén,¹⁷ ou noutro de Xesús Bal cuxa métrica lle serviría de modelo puntual nalgún poema de *Muiñeiro de brétemas*.

Porque aínda que en *Muiñeiro de brétemas*¹⁸ predomina con moito o verso libre, hai tamén algúns tributos ás formas métricas tradicionais, matizadas en gran medida pola estética imaxinista de Amado Carballo e os seus secuaces, cuxa obra é probable que Manuel María puidese ler máis amplamente nos libros e revistas que puidesen poñer á súa disposición Luís Pimentel, Ánxel Johán ou outros amigos maiores lugueses.

¹⁷ No de Augusto Casas aprendeu tamén unha palabra do «galego que non hai», *espadaíña* por *espadana*, que usaría en *Muiñeiro de brétemas* acentuándoa erroneamente *espadaíña* na segunda edición.

¹⁸ A primeira edición de 1950 saíu cunha enorme cantidade de erratas, e non só nas palabras, senón na propia división versal. Na de 1988 Manuel María corríxeas, pero non talvez polo orixinal de 1949, senón con recurso á memoria e con algunha novidade intencional. Así, un estudo rigoroso da métrica do libro non se podería facer ben por ningunha edición, pero si é posible tirar unha impresión de conxunto con algún detalle interesante.

Dos versos de medida tradicional, o máis presente neste libro é con moito o octosílabo, ás veces disposto en coplas rimadas ó gusto popular, pero tamén a miúdo en unidades de catro versos sen rima –e nisto parece tributario poema de Xesús Bal que mencionamos antes, titulado «Cartón»–, e algunha vez en dísticos ou triadas tamén sen rima.

Un dos poemas máis rechamantes dende o punto de vista métrico é o titulado «Triadas dun mariñeiro», que polo menos formal e referencialmente lembra moito a Manuel Antonio nos primeiros dezaseis versos, anisosilábicos e completamente libres, pero que logo continúa en trinta e seis octosílabos con rimas máis ben aleatorias ca regulares nos que a maneira de Amado Carballo parece evidente. E quizabes a de Fermín Bouza-Brey, de cuxas «Triadas do mar e a noite» –tamén recollidas na devandita escolma– hai no poema do Manuel María algo máis ca unha afinidade de títulos.

O poema «Horizontes» é outro caso ben interesante. Superficialmente parece composto de vinte e nove versos anisosilábicos, e de feito as medidas van das as catro ás trece sílabas pola conta italiana. Pero unha lectura ben escandida e coas diéreses no seu sitio individualiza de contado un ritmo esmagadoramente dominante, e vese que só seis dos oito primeiros versos se afastan del. Dous destes oito e mais os vinte e un restantes están rigorosamente compostos de cláusulas ou unidades métricas de catro sílabas que tenden a requirir un acento secundario na primeira. As distintas agrupacións forman dous cuadrisílabos contiguos do tipo «polo ermo», oito octosílabos do tipo «e no lonxe / das miradas», e finalmente trece dodecasílabos que soan coma «nesas noites / azuladas / de setembro». Traeremos a conto o célebre verso de Amado Nervo «el metro de doce / galopa, galopa», irmán dos de Rosalía en «A xusticia pola man» ou dos de Curros no «Nouturnio», que é un metro bimembre moi común desde a Idade Media, para subliñarmos o diferente que resulta ser estoutro dodecasílabo ternario de Manuel María, moi raro nos vulgares ibéricos: na poesía galega anterior áchase no poema *A alborada de Veiga* de Celestino Cabarcos, en portugués é insólito, e malia o seu aire modernista nin sequera aparece no polimorfo Rubén Darío, poeta moi querido polo noso nos seus anos de formación¹⁹.

¹⁹ Pero si en Santos Chocano –por exemplo en «Los caballos de los conquistadores»– ou no poeta dialectal baixoestremeño Luis Chamizo, que o combina tamén –o mesmo ca Cabarcos– con octosílabos do mesmo ritmo.

Pola contra, en *Morrendo a cada intre* non se atopa nin un só verso de feitío clásico ou popular. A métrica libre é señora absoluta de todo este libro, en xeral cunha alternancia de liñas longas e curtas marcando un ritmo enunciativo que corresponde perfectamente coas unidades de pronuncia requiridas polo discurso. Isto merece subliñarse, pois en épocas posteriores Manuel María –por exemplo, pero non só, n’*O Libro das baladas*– chegará a practicar no verso libre unha división visual desconcertante que dinamizará as unidades gramaticais e discursivas lóxicas.

A acentuación dos versos de *Morrendo a cada intre* non parece axeitarse a ningunha estrutura fixa, aínda que naturalmente poden individualizarse moitos versos que coinciden con metros tradicionais –hendecasílabos, octosílabos, hexasílabos, e sobre todo heptasílabos–. Pero estas medidas non parecen buscadas, senón máis ben producidas aleatoriamente polo fluír natural do discurso, aínda que moitas veces –mesmo case sempre– teñen un valor expresivo indubidable. O que si parece evidente é que o fluxo versal de *Morrendo a cada intre* lle debe pouco a Manuel Antonio, ou mesmo a Luís Pimentel, que estaba por alí cando o escribiu. Se tivésemos que suxerir algún estímulo inicial pensariamos máis ben en Dámaso Alonso, cuxo libro *Hijos de la ira* producira nos anos anteriores un auténtico terremoto entre os poetas novos das Españas.

A primeira e a segunda das tres partes en que se divide *Advento* son, dende o punto de vista formal, enganosamente parecidas a *Morrendo a cada intre*. Certamente, algúns dos poemas aseméllanse bastante, pero na maioría o ritmo é máis sosegado, como máis sosegado é tamén o sentir do poeta: un case sosegado desacougo que sucede á angustia súpeta e brutal que domina o *Morrendo a cada intre*. O mesmo proceso de escritura de *Advento* é, con ser relativamente curto, máis lento e meditado: en vez dunha «noite na que rifaron as tebras e as estrelas», o seu tempo de creación esténdese por todo o longo inverno de 1950-51. Os poemas tamén están moito máis individualizados, son obras en si, e non coma capítulos dun único poema esencial.

Nestas dúas primeiras partes de *Advento* o verso é maiormente longo e remansado, cunha musicalidade un pouco opaca, máis de madeira ca de metal, diría Neruda. O verso segue sendo libre en medida e acentuación, pero a miúdo advírtese unha predominancia de texturas próximas ó hendecasílabo

e ó alexandrino, xeralmente con sílabas supernumerarias. Malia as semellanzas obxectivas que hai nesta tendencia métrica coa maneira de Francis Jammes, absterémonos de atribuírlas ó maxisterio directo deste, pois estamos case seguros de que nesta altura Manuel María aínda non o lera en francés.

Pero non cómpre ir tan lonxe. Este tipo de verso libre —«un verso longo e vagueiro coma un río», diría Aquilino en trece sílabas xusto en 1951— xa fora cultivado polo de Abadín en *Corazón ao vento* (1933), e sería cada vez máis na súa obra última. E non só era Aquilino: en *Dona do corpo delgado* e nos poemas que naqueles anos andaba a publicar onde lle cadraba —e xa eran polo tanto *Herba aquí e acolá*— Álvaro Cunheiro tamén escribía bastante así. Tendo en conta que Manuel María tiña daquela pouco máis de vinte anos e que sentía unha forte inclinación de afecto e admiración poética cara ós seus dous maiores en idade, cremos que non é imprudente establecer unha relación formal entre eles tres: ó fin e ó cabo, un escribe en diálogo cos seus contemporáneos, especialmente cos que son un pouco máis vellos.

A terceira parte de *Advento* é bastante diferente das anteriores, tamén no aspecto métrico formal, e se lle tivermos que buscar referencias, neste caso falaríamos máis ben de Luís Pimentel, o outro «amigo maior» en poesía. O verso libre curto, e mesmo curtísimo —coma no poema «Fume» de *Muiñeiro de brétemas*— está aquí brillantemente presente, especialmente na serie *Cinco pequenos poemas* que xa fora publicada á parte nun caderniño en 1951.

E aquí remata unha xeira. Na seguinte, Manuel María continuará polos camiños do verso libre e sosegado dominante en *Mar maior*, pero tamén emprenderá outra liña formal sistemática polo verso rimado, plasmada no *Terra Chá* e no breve e pouco coñecido *Libro de cantigas*, escrito e impreso en 1955. Esta é a verdadeira etapa de aprendizaxe de Manuel María no verso tradicional, pois os exemplos que hai en *Muiñeiro de brétemas* corresponden máis a unha fascinación polo imaxinismo ó estilo de Amado Carballo ca a un programa formal persoal. E unha comparanza entre a primeira (1954) e a segunda (1967) versión do *Terra Chá* ensinaríanos dos procesos de aprendizaxe poética seguramente máis ca canto levamos divagado ó lor destoutros tres libros case irreducibles a esquema.

D. X. C.

MANUEL MARÍA: O MEU TEATRO É UN MUNDO

Francisco X. Fernández Naval

“*Mil anos para un verso son unha mocidade*” respondía Manuel María, invocando a Cunqueiro, cando lle preguntaban polo valor da súa obra, el que dixerá que se conformaba con que o sobrevivise un só dos seus versos, el que no poema “Digo o meu mensaxe”, recomendaba “vivir, sempre vivir, agora, denantes, despois”.

Manuel María, ou: Fernández Teixeiro, Manuel María, que é así como figura nas entradas dos dicionarios literarios, orixinario de Outeiro de Rei, na Terra Chá, onde naceu en 1929, foi exemplo deses escasos escritores que acadan o valor de se converter en referentes esenciais para a comunidade á que pertencen, porque a súa literatura explica e afonda nos valores que definen o ser comunal e porque a súa chega a ser palabra da colectividade, circunstancia que, neste caso, ponse de manifesto no número de veces nas que os seus poemas se transformaron en canción, así como na popularidade acadada por algunha desas versións musicais, incorporadas para sempre ao repertorio compartido. Manuel María foi voz de nación, comprometido co empeño de axudar a construír unha patria, capaz de soñar o mundo dende o seu mundo e de nos axudar a descubrir como é o noso xeito colectivo de ser.

Amigo, veciño e compañeiro de viaxes e aventuras vitais, de Manuel e de Saleta Goy, dende a chegada de ambos á Coruña, logo da xubilación e dos moitos anos en Monforte de Lemos, Felipe Senén dinos que foi home que tripou o mundo, os versos dos poetas amados, as lembranzas propias e alleas para así mellor comprenderse e comprender esa inmensa emoción que é Galicia, paixón que percorreu e alimentou cos seus versos, alumeando cada recuncho de xeografía do seu país, a súa natureza e a súa historia, de sempre mal escrita e mal contada, ou silenciada sen máis, pero tamén o proceso vital do ser humano individual, os seus anhelos, as súas teimas e o seu destino, e aínda, a evocación e memoria de mestres e amigos.

Pero non só se valeu da poesía para mellor comprenderse a si mesmo, ao eu país, ás circunstancias de cada quen e ás que son de todos. Méndez Ferrín, na resposta ao seu discurso de entrada na Real Academia Galega, consideraba o Manuel María narrador, cunha obra situada entre o conto

moi breve e a *cuase* novela curta, como *precursor e adiantado*. Salientar, tal e como lembra Ferrín, que a obra narrativa de Manuel é antes ca de Cunqueiro, antes ca de Fole, antes tamén ca de Blanco Amor, por moito que non nos decatemos, tendo en conta a diferenza xeracional.

E logo, aínda e por suposto, está o teatro, polo que Manuel sentía verdadeira devoción e que ocupa un lugar principal na súa obra. O teatro representaba para el o espazo ideal para crear e recrear o mundo ao seu xeito. Valoraba a escena e a representación como a posibilidade de abrir a porta a soños e fantasías, de darlles corpo e voz a través dos personaxes e con eles, facer rir e chorar, porque a palabra nomea e fai visibles as cousas, pon orde e harmoniza a creación, escribiría nun poema.

Nunha longa conversa que mantivemos no ano 2000, logo publicada como entrevista no número 37 da revista *Tempos Novos*, lembraba que na década dos anos sesenta do século pasado, había moi poucos textos teatrais en galego, algúns escritos antes da guerra, pero inaccesibles para quen se interesaba por eles. Consciente disto el aceptou o reto de traballar para incrementar e dar corpo ao repertorio posible do teatro galego, escribindo moitas pezas, algunhas veces por encarga. “Había grupos aos que incluso lles había que facer unha obra contando co número de actores, con pouca complicación escénica e cunha serie de condicionantes”. Con esas premisas escribiu máis de trinta pezas. Manuel aceptou, ademais, o reto de achegar textos ao case inexistente corpus de obras para público infantil galego, esforzo compartido con outros autores e con iniciativas desenvolvidas nos anos setenta, a partir do momento no que se convocan os premios de teatro infantil da Asociación Cultural O Facho que, na súa primeira convocatoria, premiaban o texto *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* de Carlos Casares.

Asumindo a fórmula dos autos, dende un firme impulso vocacional e coa intención de facer pedagogía pero, tamén, de entreter e divertir, Manuel María inicia o seu camiño como autor dramático co *O auto do taberneiro*, en 1957, ao que seguiría *O auto do labrego*. Pouco despois acada un grande éxito coa actualización dun clásico do teatro de monicreques, *A farsa para bonecos Barriga Verde*, que el coñecía por telo visto en feiras e festas, no teatriño ambulante do señor Silvent. Na entrevista á que xa fixen mención, Manuel María explicaba que “era un teatro que levaba moitos anos rodando por Galicia, que estaba

feito nun galego bastante acastrapado, que tiña uns personaxes xa elaborados e que era un pouco como a Comedia del Arte, que cada representación era unha improvisación do texto, e eu intentei fixalo un pouco. O *Barriga Verde*, cando saíu en Castrelos, tivo moi rapidamente tres edicións e as edicións daquela eran de 5.000 exemplares e a min aquilo pareceume asombroso”. A Barriga Verde, Bululú, Tía Isabel, vai dedicar o poema “Teatro de guiñol”, no que di que o seu teatro pequeno e sinxelo é un mundo, o que non deixa de ser unha proclamación do valor que el lle daba ao mundo das artes escénicas.

A década dos setenta é o tempo de afirmación do seu proxecto teatral, compartindo o camiño con todos os que traballaban nese momento na consolidación desa realidade que hoxe coñecemos como Teatro Galego. No ano 1976, na III edición da convocatoria do premio que cada ano convocaba a Asociación Cultural Abrente, organizadora da Mostra de Teatro de Ribadavia, Manuel María obtén un dos galardóns coa obra *Abril de lume e ferro*, que presenta co lema *A Revolución de 1846*, interpretación dramática dos fusilamentos de Carral, que agora, cada ano, ten representación nese concello. Ao ano seguinte, dirixida por Manuel Guede, a Agrupación Cultural Auriense, representaba *Unha vez foi o trebón*, particular visión de Manuel María sobre un dos momentos máis transcendentales da nosa historia, a revolta irmandiña. Estas dúas obras son referencia imprescindible do que a crítica considera o seu teatro histórico.

Teatro infantil, histórico, social, humorístico ou satírico, mítico, propagandístico, lírico... moitas son as referencias e suxestións nas que podemos ordenar a extensa obra dramática de Manuel María, composta por 36 textos. É María Pilar García Negro quen, nun interesante traballo titulado *O teatro de Manuel María*, propón a seguinte ordenación, non exhaustiva, pero na que terían acollida todas as pezas teatrais de Manuel:

1) Reposición histórica, con obras como *Unha vez foi o trebón*; *Abril de lume e ferro*; *A lúa vai encoberta*; *Auto do Castromil ou a revolución dos baúles* e *Auto de Don Gaíferos ou o tránsito iluminado*.

2) A liberdade, entendida de xeito poliédrico e considerada como atributo esencial do ser humano: *Edipo*; *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*; *Farsa do Bululú*. *O meu mundo non é deste reino* e *Auto Transcendental/ da Escola Tradicional*.

3) Materia galega, composta polos autos nos que Manuel atende, dá voz a oficios que son referentes no ser da nosa colectividade: os xa citados do taberneiro e do labrego, ou: *Auto do mariñeiro*; *Auto do caminante*; *Auto da costureira*.

4) Define García Negro o seguinte grupo de clasificación como “propagandístico ou panfletario”, e aclara que a referencia atinxe á significación orixinal e non pexorativa desas dúas palabras: *A Folga*; *Auto da Autonomía*; *Entremés do vintecincos de xullo*, *Día da Patria Galega*; *Farsa épico-lírica –ou viceversa– moi moral e de grande proveito sobor da doutrina político-metafísica de Comelllhada Frainalleu*.

5) Os paratextos nos que Manuel María adapta ou recrea textos doutros autores, como sucede con Eduardo Blanco Amor en “Poema en catro tempos”: –A un pescador galego.

No ano 1994 Manuel María recibe a encarga de escribir o manifesto que foi lido o Día Mundial do Teatro. Vaino titular “Manifesto Galego”. Este é un documento importante para comprender a idea que el tiña do teatro e a súa transcendencia. “Hai que tomar en serio o teatro para normalizar a cultura, escribe, e afirma que temos fe no teatro porque temos fe en Galiza”. No manifesto propón un percorrido dramático pola evolución da nosa arte escénica dende o Rexurdimento, onde se realizou o primeiro esforzo por crear un teatro de Nós. Continúa pola renovación das primeiras décadas do século XX: Irmandades da fala e Xeración Nós, significando a figura de Luís Seoane. Sinala a colonización, domesticación e dependencia cultural como eivas a superar. Lamenta que nunca se fixera boa representación escénica dunha obra para el tan importante, como *O mariscal*, de autoría compartida entre Antón Vilar Ponte e Ramón Cabanillas, que ese ano coñecería representación de monicreques dirixida por Marcelino de Santiago, e louba os versos do poeta de Cambados, que considera fermosísimos. O lamento esténdese, tamén, á incapacidade do noso teatro para poñer en escena *O desengano do Proiro*, escrita por Ramón Otero Pedrayo en 1952.

El era quen de facer un percorrido pola historia do noso teatro porque viviu e protagonizou unha parte da súa evolución. Eu lembro a súa figura de pé, participando nos debates nocturnos que tiñan lugar no vello local da Abrente en Ribadavia, logo de rematar as representacións de cada

día, defendendo con paixón a súa opinión sobre a modernización e futuro do teatro galego, en especial a ruptura co teatro comercial e submiso que cada verán, e procedente de Madrid, facía xira por Galicia. Compartía cos máis mozos a idea que logo recollerá no Manifesto, de procurar unha estética teatral galega propia, para o que consideraba fundamental afondar nas representacións simbólicas do parateatral galego, en especial as manifestacións vinculadas cos ciclos anuais: a relixiosidade e a festa, o tempo de Nadal, o de Antroido, o dos Maios. Reivindicaba o carácter popular e comprometido que o novo teatro debía ter coa realidade de Galicia, atanguendo un xeito particular de dicir. Esta imaxe da miña memoria debe corresponder aos anos 1975 ou 1976.

Dalgún xeito, tamén el sufriu a incapacidade do noso teatro para asumir certos retos históricos. De feito, a súa obra *Edipo*, coa que acadou o premio Villar Ponte de Teatro do Centro Galego de Bos Aires, no ano 1960, non sería publicada ata o ano 2003, dentro da colección Francisco Pillado, da Universidade da Coruña, con estudo introdutorio de Miguel Mato Fondo, responsable da edición e moi bo coñecedor da obra de Manuel María.

Se mal ano era o 1994 para o teatro, tal e como el proclama na primeira frase do Manifesto, non o foron mellores estes últimos vividos por nós, coa perda de compañías e a destrución dunha parte do tecido profesional creado con tanto esforzo e amor. Comparto a súa opinión de que, se o galego e a cultura galega que nace da lingua teñen futuro, este pasa, tamén, polo teatro. Unha ética e unha estética dramática sobre o que somos, é imprescindible para construír o futuro. Diso sempre foi consciente Manuel María.

F. X. F. N.

ANDANDO A TERRA CON MANUEL MARÍA

Carme Fernández Pérez-Sanjulián

Manuel María, prolífico poeta, para alén de narrador, dramaturgo e ensaísta, desenvolveu ao longo de toda a súa vida unha ampla e interesantísima faceta como xornalista cultural. De certo, a súa produción neste ámbito non pode ser considerada como unha sección marxinal no conxunto da súa obra, pois, de revisarmos as publicacións na prensa do poeta chairego, pódese constatar como foi este un labor sostido no tempo, paralelo e complementar co resto da súa obra de creación, desde as primeiras colaboracións na prensa en 1949 (no mesmo ano en que publica os seus primeiros poemas na revista *Xistral*), até as derradeiras de setembro de 2004, o mes do seu pasamento.

Ao longo destes anos, a súa sinatura aparece nunha extensa nómina de publicacións que van servir como soporte da edición, tanto de textos xornalísticos, como de obra de creación (neste caso, especialmente na etapa 1950-1970, quer para sortear as restricións editoriais ligadas á censura franquista, moito máis estritas para a edición de libros, quer para evitar outro tipo de limitacións/condicionantes internos do propio sistema literario da altura²⁰). Así, colabora en medios de fóra do país como *Correo de Galicia*, *Lugo e Galicia* (Bos Aires), *Lar* (Caracas), *Vieiros* (México), *Destino* (Barcelona), *Signo*, *Poesía española* ou *El urogallo* (Madrid), *Irmandade* (Xenebra, Suíza) ou os portugueses *O Comércio de Porto*, *Jornal de Notícias Colóquio/Letras*, *Céltica*, *Quatro Ventos*, *Vértice* (Porto), entre outros. Porén, o groso das súas achegas está nas cabeceiras galegas; por unha parte, nos xornais, onde vai publicar de modo habitual nalgúns como *El Progreso*, *La Noche*, *La Región*, *El Pueblo Gallego*, *El Ideal Gallego*, *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo* ou *El Correo Gallego*, onde inicia unha colaboración regular no ano 1989²¹; por outra,

²⁰ Por exemplo, Manuel María sinalou en múltiples ocasións como a editorial Galaxia rexeitara publicar algún dos seus libros. *Remol* foi un destes orixinais devoltos que, finalmente, despois de teren aparecido varios poemas en publicacións periódicas, vai ser editado como libro en Bos Aires en 1970. Na nota que serve de prólogo, o autor afirma: “*Remol* sai, ó cabo i ó remate, como outros libros meus, patrocinado polo amor i os cartos dos nosos emigrados. [...] é arrepiante que a hestoria da edición de *Follas novas* volte a repetirse case a un século de ter acontecido” (Manuel María 1970: 9).

²¹ Unha antoloxía das mesmas foi recollida en 1996 nun volume; na nota editorial que serve de prólogo explícase que o título quere ser unha homenaxe á revista *Nós*, en concreto,

en múltiples revistas de todo o tipo espalladas pola Galiza²², desde aquelas que se poderían considerar como de ampla difusión (como *Vida Gallega*), a aquelas outras ligadas ao ámbito escolar, local ou, sobre todo, ao movemento cultural asociativo, que sempre recibiron os seus contributos feitos con gran xenerosidade e dispoñibilidade, conforme salientan os seus biógrafos. Mención á parte merecen as súas colaboracións co semanario *A Nosa Terra*, que se inician coa refundación desta cabeceira no ano 1977 e que constitúen unha referencia obrigada á hora de estudarmos a produción de Manuel María. Foi neste medio onde, para alén dos múltiples artigos asinados por el propio e aparecidos en diversas seccións do xornal, mantivo durante dez anos, sob o pseudónimo de Manuel Hortas Vilanova, a sección de que collemos prestado o título para este traballo. O resultado foi un conxunto de case trescentas entregas que viron a luz cunha sorprendente regularidade nunha publicación periódica redixida enteiramente en galego e que constitúe un magnífico exemplo de xornalismo cultural da segunda metade do século XX.

En concreto, os artigos da sección “Andando a terra” presentan un trazo singular en relación cos outros conxuntos de textos xornalísticos do autor chairego, e é que están todos eles enunciados pola voz dun “curioso viaxeiro que establece un diálogo permanente entre dous interlocutores: un, terra, paisaxes, mitos, lendas, memorias, símbolos nacionais, isto é, a cultura no sentido máis cabal do termo; o outro, o propio escritor que a vive e a interpreta²³”. Con certeza, os relatos de “Andando a terra”, proxectan a imaxe dun viaxeiro curioso que se presenta constantemente como galego (“galego de terra adentro, como é este barbas que escribe”); extremadamente culto e dono de saberes dispaes, “este cronista” comenta asuntos de historia, literatura, etnografía, arquitectura, antropoloxía galegas, cun certo ton didáctico, ás

á sección “Os homes, os feitos, as verbas”: “Lembrándoa, Manuel María quere facerlles unha pequena e sentida homenaxe ós que nos devolveron gran parte da nosa memoria histórica e das nosas ansias colectivas” (Manuel María 1996: 5).

²² Véxase Camilo Gómez Torres 2003: 205-252.

²³ Tal como sinalan M^a Pilar García Negro e Miguel Mato Fondo no “Limiar” da escolma que prepararon desta sección (Hortas Vilanova 1990: 8). Nela recóllense oitenta e seis artigos. Recentemente foi editada outra antoloxía de artigos xornalísticos do autor chairego, neste caso ao coidado de Xosé M. Pérez Álvarez e Fran Rei García; nela recompílanse cincuenta e seis artigos escollidos entres os editados nas páxinas d’*A Nosa Terra* e *El Correo Gallego* entre 1978 e 2004 (Manuel María 2015).

veces, atravesado pola ironía: “este servidor, que é curioso de moitas cousas e especialista en ningunha”, “este servidor, no seu pouco saber e entender”. Ao tempo, demostra ser un grande coñecedor e amante da súa terra, os seus costumes e as súas xentes, para alén de viaxeiro impenitente por outras terras (“Nas nosas viaxes pola tribu, polo país e polo mundo tivemos a regalía de coñecer a moita xente singular”) que gosta de comparar sempre coa Galiza. Intimamente mesturado con todos os temas anteriores, aparece o compromiso político (“Servidor é un galego de a pé, quérese decir do común, que exerce a súa galeguidade dende que ten uso de razón”, “Desde que comezaron a inzar a nosa nación de encoros eléctricos...”) pois Manuel Hortas Vilanova, segundo se deduce dos seus textos, é un nacionalista galego que entende que o (re)coñecemento da realidade galega é un paso previo, e imprescindíbel, para calquera proxecto colectivo que teña a Galiza como centro do seu ideario.

A creación deste heterónimo (Manuel Hortas Vilanova), cos patronímicos familiares e próximos do autor real, sèrvelle para representar unha autoconstrución ficcional que, embora próxima en ocasións á biografía real do autor (referencias á familia, amizades e actividades na realidade protagonizadas por el), é, sobre todo, un instrumento para proxectar un discurso ideolóxico dirixido á consolidación de conciencia identitaria entre o seu público lector. Consolidación da consciencia de grupo a partir, primeiro, da cumplicidade que a voz autorial quere establecer co público lector (ese “nós, galegos” que aparece repetidamente nos artigos e que busca situar nun mesmo plano emisor e lectores/as) e, despois, desde a implicación no proxecto político colectivo que aspira a conseguir a través do relato das viaxes realizadas.

Neste sentido, e no que atinxe a estreita relación entre literatura e formulación dun discurso identitario, non podemos deixar de constatar a evidente conexión entre a produción xornalística de Manuel María e a do seu admirado Ramón Otero Pedrayo, a quen cita en numerosos artigos (“Don Ramón”) e con quen mantivo sempre unha estreita relación persoal²⁴.

Foi Ricardo Carvalho Calero (autor que mantivo sempre unha atención e fervor constantes pola obra do mestre de Trasalba), quen formulou a idea, recollida logo pola crítica posterior, de que toda a obra de Ramón

²⁴ Véxase a correspondencia recentemente editada (Sánchez Rei / Mosquera Castro 2015).

Otero Pedrayo tiña como tema fundamental a construción dunha teoría sobre a Galiza. A interpretación global da Galiza, concibida como unha unidade indestrutíbel a través do espazo e do tempo, sería, pois, o obxecto central do discurso oteriano. E é a idea de Galiza que el formula literariamente a que vai configurar a visión do país de boa parte da intelectualidade galega da segunda metade do século XX e, en grande medida tamén, a de Manuel María.

De lembrarmos brevemente as liñas fundamentais da produción xornalística de Otero Pedrayo durante a posguerra, observaremos que na maioría dos seus artigos se desenvolven temas relacionados coa cultura galega en sentido amplo, por máis que ás veces se centre apenas en aspectos eruditos, paisaxísticos ou, simplemente, imaxinativos. Porén, é importante subliñar que en moitos deses textos, aparentemente líricos, ou apenas descritivos e, en principio, non ideolóxicos, se presenta unha mensaxe soterrada (daquela profundamente subversiva) coa descrición continuada da xeografía da Galiza e da personalidade singular da paisaxe. Otero Pedrayo volve, unha e outra vez, a un dos seus temas fundamentais, a representación do espazo propio, tanto en canto que percurso polo país, como de alusión, agora velada por mor das circunstancias políticas, ao seu valor simbólico e identitario.

Na nosa opinión, o xornalismo cultural de Manuel María bebe destas fontes para, desde o súa particular visión do mundo, construír o discurso, á vez didáctico e lírico, ilustrado ou militantemente político, que define os artigos asinados por Manuel Horta Vilanova: un discurso complexo que, como o de Otero, está orientado á afirmación de Galiza como nación, mais que agora, a partir de moitas outras lecturas e da incorporación doutras ópticas, vai deixar translucir unha ollada marxista, anticolonial e, sobre todo, popular.

En concreto, os temas fundamentais que Manuel María desenvolve ao longo dos seus artigos poderían ser agrupados arredor das seguintes epígrafes:

1) A delimitación do territorio, canto espazo simbólico da nación.

Así, a representación da terra e a descrición da paisaxe configúranse como elementos fundamentais no marco deste discurso de corte identitario; discurso que, na nosa opinión, é tamén o que fundamenta unha das liñas

temáticas esenciais da súa poesía, como é a visión da paisaxe e a interrelación do eu lírico con ela. No poema “O autor fala de si”, este declara:

Son terra. Estou feito de terra
e mais de amor. [...] O meu corpo está feito
de vales de outeiros e de corgas.
O meu sangue é un regueiro, un río,
un océano que canta e se enfurece. (*Remol*, 1970)

Esta liña discursiva vai estar presente ao longo dos seus artigos, moi especialmente nalgúns como “Encol dos ventos galegos” ou “Carballos e castiñeiros”, que comeza:

É un gozo andar os camiños do Outono galego. Pousar os ollos
sedentos de luz nas abas dos montes. Sobor de todo nas ribeiras
súpetas do Sil, do Bibei, do Lor, do pai Miño ó seu paso por terras
chantadinas ou de Os Peares (Hortas Vilanova 1990: 91).

E remata: “Outro día, se cadra, escribiremos das árbores foráneas, modernas e civilizadas, alleas, coas que tan pouca amizade temos. Tan poucas que case non nos falamos” (Hortas Vilanova 1990: 92).

A delimitación do espazo simbólico da Galiza ten unha expresión fundamental na descrición das viaxes que se fan por ela (“Viaxe a Carral dos Mártires”, “Viaxe sentimental a Outeiro de Rei”, “Viaxe a Fisterra”, “De Monforte de Lemos deica Coruña pasando por Rivas pequenas”, “Subida ao Faro con parada en Chantada” etc.) ou, tamén, nas crónicas das visitas realizadas a moitos lugares, monumentos ou espazos naturais que o narrador considera de especial relevo (“A carballeira de san Xusto”, “Caaveiro”, “Os petos de ánimas”, “O Miño”, “Santa Marta de Ortigueira”, “O reino da Mariña luguesa”). Outras veces, o obxecto de atención son festas, romaxes ou outros espazos que funcionan como lugar de encontro e/ou como referentes da cultura tradicional (“As San Lucas”, “Os magostos”, “As festas dos difuntiños”, “O café ‘Carabela’ de Pontevedra”, “Lembranza e laude de ‘A Beadense’”), ao tempo que lle permiten introducir a mención da xente que os habita e os seus costumes.

En resumo, estes percursos polo propio país constitúen unha especie de viaxe imaxinaria e permítenlle ao narrador-protagonista deseñar unha rede de conexións entre lugares, costumes, historia e personaxes orientada a facilitar ao público lector a (re)descuberta da propia Galiza a partir da

identificación cordial, no seu sentido etimolóxico, con ela e, tamén, a partir do coñecemento da súa historia interna. Un espazo simbólico que necesita ser actualizado para poder ser (re)habitado.

2) A insistencia na (re)presentación dos elementos simbólicos e materiais considerados representativos da nación.

Intimamente relacionado co punto anterior, nestes textos retómase o inventario da cultura material (“O peto de ánimas de Tuiriz”, “Os cacharreiros, a miña tribu e as súas cancións”, “Santa Baia de Bóveda”, “Viaxe ás Médulas”), así como do patrimonio inmaterial (“Encol da canción popular”, “Encol do Himno galego”, “Os magostos”, “As festas dos difuntiños”, “O lobo no santoral bretón e no galego”, “O liño”, “Os vellos viños de Ribadavia”) da Galiza que, no seu día, fora considerado esencial polo sectores vinculados ao nacionalismo de preguerra. Despois da ruptura total que supuxo a sublevación militar, primeiro, e a ditadura despois, o re-estabelecemento destes elementos como referentes propios non era, na altura de 1977-1987, algo estraño. Nuns casos, infravalorados ou embafados por unha pátina de prexuízo e, noutros, directamente descoñecidos por parte de tantos galegos e galegas, para o autor non resulta, de ningún xeito, desnecesario retomar esa liña de representación dos elementos simbólicos da terra, moito máis se se ten en conta que o mundo rural tradicional, a súa forma de vida e sistema de valores están en claro retroceso. Este proceso é visto polo autor, que comparte moitos deses valores, con profunda melancolía e un certo rexeitamento, pois, para el, o mundo rural é un dos elementos configuradores do noso ser colectivo e a súa desaparición (ou esquecemento) constitúe unha perda irreparábel. En calquera caso, esta visión, por veces un tanto elexíaca, e a súa defensa do mundo tradicional non deben de ser confundidas con tradicionalismo, tal como se aprecia naqueles textos (“Finximento galego”, “A queimada”), onde a reflexión proposta ten a ver, xustamente, coa crítica aos estereotipos ou os preconceptos que aínda persisten sobre ou, mesmo, en moitos casos, entre as e os naturais da Galiza.

3) A construción dun discurso autorreferencial nacionalista, entendido, tamén, como espazo simbólico.

Ao noso ver, é este un dos núcleos temáticos máis relevantes no conxunto dos artigos de “Andando a terra”: trátase daquel conxunto de artigos que se centra no comentario de actos culturais e/ou políticos a que

asiste o narrador; na evocación, nuns casos, de asuntos históricos, noutros, de figuras ou obras relevantes para a cultura galega contemporánea etc. A través deles, sublíñase explicitamente a camaradaxe e a rede de relacións que existe entre as e os protagonistas do mundo cultural, de modo que se está a definir o núcleo simbólico da nación que, neste caso, é practicamente sinónimo de grupo letrado, pois a consolidación deste resulta vital, non só como elemento lexitimador do nacionalismo, senón tamén como creador de referentes imprescindíbeis nun país negado, sen conciencia de seu e necesitado de conformar a súa propia “narración” nacional²⁵.

En consecuencia, nese relato han ter un protagonismo especial os artigos que se centran nas persoas que constitúen o grupo letrado, grupo que, como non é de estrañar, semella ser maioritariamente masculino: para alén de Rosalía ou do xa citado “Don Ramón”, aparecen tamén “Aquilino, pastor de palabras” “Florentino Cuevillas”, “Luís Pimentel”, “Lembranza de Carlos Varela Veiga”, “Lembranza de Anxel Xohan”, “O poeta Díaz Castro e o outono”, “Unha tribu chamada Avilés de Taramancos”, “Fernán Velho e Fernán-Velho”, “Peregrinaxe a Lóuzara con noticias de Fiz Vergara Vilarinho” ou Álvaro Cunqueiro en “Os sete contra Tebas”, entre outros. Asemade, cómpre ter en conta que ese grupo letrado é moito máis amplo, ao estar integrado, tamén, por todas as outras persoas mencionadas nos artigos como compañeiras e compañeiros de viaxe, participantes nos actos, protagonistas de anécdotas, poetas ou artistas, sabias profesoras, etc. Saleta Goy, Lois Diéguez, Urbano LUGRÍS, Marica Campo, Felipe Senén, Pilar Vázquez Cuesta, Sabino Torres, F. Bouza-Brey, Martiño Montero Santalla, Carmen Blanco, Claudio Rodríguez Fer, Francisco Rodríguez, Laxeiro, Pilar Allegue... estes nomes, e moitos máis, permiten deseñar un mapa do universo intelectual galego daqueles anos, un universo que, ao igual que o narrador, non é alleo ás tensións que a vida política galega, en xeral, e o sistema cultural en particular, padecen na altura (“No centenario do pasamento de Rosalía”, “O rito das conmemoracións” ou “Viaxe a Bonaval”, sobre a traída dos restos de Castelao).

²⁵ Este mesma estratexia é, na nosa opinión, a que funciona como fío condutor do discurso poético en *Informe para axudar a alcender unha cerilla*. Resulta sumamente esclarecedor consultar a relación de persoas ou obras que aparecen recollidas, e comentadas, nas notas finais (Manuel María 1973: 27-30).

4) A incorporación dos elementos externos como referentes de identificación.

Ao longo das entregas de “Andando a Terra”, son moitas as referencias a percursos por fóra da Galiza, quer físicos, quer intelectuais. Nesta liña, son moitos os artigos que describen espazos visitados en viaxes (“O lago”, referido ao de Bourget, Suíza; “A pedra das Fadas”, Saboia; “A Provenza”, “Romería en Amarante”, “Florenxia”, “Roma”, “Lembranza dun viaxe a Bretaña”), ao tempo que noutros, a partir da mención de publicacións ou de artistas, prima a evocación dos espazos coñecidos a través das lecturas, mais, dalgún modo, presentes sempre na memoria do narrador. En calquera caso, todos estes lugares funcionan como o punto de partida da súa reflexión que, sempre, procura establecer unha relación co mundo galego.

Tamén neste caso as referencias persoais posúen un protagonismo especial e, así, aparecen artigos dedicados ao poeta vasco Gabriel Aresti, ao catalán Salvador Espriu, ao bretón Paol Keineg ou aos portugueses Teixeira de Pascoais, Gualter Póvoas e Miguel Torga, entre outros, pois as referencias ás relacións galego-portuguesas son habituais, xa sexan de carácter literario (“Noticia de *4 Ventos*, revista lusíada”) ou cultural (“O cantor de Águeda”).

En calquera caso, a selección destoutro grupo letrado está formulada desde uns presupostos similares aos que indicamos no apartado anterior. Estes ilustres persoeiros funcionan como referentes de identificación, xa que, sobre todo nos casos de literaturas que se expresan en linguas minorizadas, a súa integración neste universo autorreferencial permite reafirmar perante o público lector o discurso identitario dunha literatura nacional, aínda con necesidade de consolidar certos ámbitos fronte á presión do sistema cultural español. Ao tempo, opera tamén un certo discurso lexitimador, ao se presentar o noso sistema literario nun diálogo, en pé de igualdade, con representantes doutros sistemas xa plenamente recoñecidos.

Manuel María, viaxa desde a Terra Chá a outras terras, outras letras, outras xentes... para regresar ao seu Outeiro natal e, como Adrián Solovio, por retomarmos a referencia oteriana, identificar a súa vida coa vida da Galiza. E non é por acaso que introducimos de novo a referencia ao autor de Trasalba, xa que unha das conclusións que se tiran da análise realizada é que existe unha clara conexión entre estes dous escritores, non relacionada co contacto

e admiración da que se falou, senón xustificada no seu discurso; unha liña de pensamento que flúe desde a obra de Ramón Otero Pedrayo e que reaparece na de Manuel María, a xeito de continuación na segunda metade do século XX do proceso iniciado na primeira, abruptamente interrompido pola guerra civil e o seu desenlace.

Na nosa opinión, é xustamente o labor xornalístico de Manuel María o que permite –máis que ningún outro– salientar a liña ideolóxica que, a modo de columna vertebral, organiza o pensamento do autor, e que se manifesta ao longo de toda a súa produción literaria, desde as colaboracións xornalísticas á creación narrativa ou á teatral, desde o seu contributo ensaístico á importantísima construción poética a que dedicou a vida.

C. F. P-S.

Bibliografía citada

Gómez Torres, C. (2003): *Bibliografía de Manuel María*. Lugo: Casa-Museo Manuel María.

Hortas Vilanova, M. (1990): *Andando a Terra 1977-1987* (ed. de M^a. P. García Negro e M. Mato Fondo). Vigo: A Nosa Terra.

Manuel María (1970): *Remol*. Buenos Aires: Nós.

Manuel María (1996): *Homes, feitos e palabras*, Santiago: El Correo Gallego.

Manuel María (2015): *Memoria da Terra. Prosa xornalística escollida* (ed. de Xosé M. Pérez Álvarez e Fran Rei García). A Coruña: Casa-Museo Manuel María.

Sánchez Rei, X. M. / Mosquera Castro, E. (eds.) (2015): *Correspondencia entre Manuel María e Ramón Otero Pedrayo (1951-1974)*, A Coruña: Casa-Museo Manuel María.

MANUEL MARÍA, UN CLÁSICO DA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

Mar Fernández Vázquez

No ano 1968 Manuel María abeirou á Literatura Infantil e Xuvenil galega con *Os soños na gaiola: versos pra nenos*, case vinte anos despois de iniciar a súa traxectoria literaria co poemario *Muiñeiro de brétemas* (1950).

Apostou decididamente, xunto a outros autores considerados “clásicos”, pola Literatura Infantil e Xuvenil galega, entre outras actividades culturais, sociais e mesmo políticas, pese a que naquela altura esta Literatura se atopaba aínda na etapa de formación como sistema literario, un proceso que se desenvolveu “dunha maneira lenta e progresiva por mor do contexto político español, adverso a todo o relacionado coas culturas periféricas, sometidas a prohibicións e represións e nun clima de total falta de liberdades respecto á creación e á publicación nas linguas de seu” (Mar Fernández Vázquez e Carmen Ferreira Boo, en Roig, 2015: 67).

Como a literatura sempre “serviu como factor omnipresente para a cohesión socio-cultural” (Even-Zohar, 1993: 443) e ademais “posuír ‘unha literatura’ era un dos *indispensabilia* do poder” (*Ibidem*, 445), Manuel María, e tamén outros autores como Xosé Neira Vilas, Carlos Casares, Bernardino Graña e María Victoria Moreno (Roig, 2011: 11), nos anos sesenta decidiron producir, “antes de que o marco legal e as institucións emerxentes animasen a industria editorial e os mediadores a producir e consumir obras en galego”, textos nos que “transmitiron modelos identitarios propiamente galegos, reflectiron problemas que vivía a sociedade do momento e recordaron a cultura escrita e a popular” (Roig, 2011: 11). Estes textos funcionaron “como un destacado vehículo de unificación para xente que, en principio, non se consideraría como pertencente a determinada entidade” (Even-Zohar, 1993: 452) e propiciaron a conformación da Literatura Infantil e Xuvenil galega como sistema literario entre 1980 e 2000 e o seu definitivo asentamento no século XXI, “grazas á existencia dun lectorado competente formado nun sistema educativo que segue a reclamar lecturas, así como á implicación cada vez maior dun amplo abano de factores (produtores, institucións...)” (Eulalia Agrelo Costas, en Roig, 2015: 283).

A produción infantil e xuvenil de Manuel María²⁶, autor pertencente á unidade xeracional “Da Literatura institucionalizada á infantil e xuvenil” (Roig, 2015: 16-17), atende aos tres xéneros canónicos e caracterízase por un diálogo intra e intertextual, respectivamente, coa súa obra para o público adulto e coa literatura e a cultura galegas. En conxunto, pódese encadrar na etapa que Anxo Tarrío (1994: 408) calificou de “denuncia dos variados aspectos do colonialismo que de sempre padeceu Galicia” e dunha “vocación didáctica de espertar no lector o amor ás cousas da terra e á súa historia, así como inducir o lector ó pensamento e paixón nacionalistas”, como se observará na miña análise, que inicio coa narrativa infantil e xuvenil para respectar a orde cronolóxica de publicación²⁷.

Máis aló da narrativa. Manuel de Paderna, arquetipo do paisano galego

Manuel María, consciente de que “se a nosa cultura non se explica desde a realidade socio-político-cultural do noso país, non se entende absolutamente nada” (Caño, 1990: 56) e pese a considerarse só un narrador tanxencial (*Ibidem*, 117), converteu en personaxe literario ao seu veciño de Outeiro de Rei e servente na súa casa, Manuel de Paderna.

O autor lucense transmutou esta figura real nun personaxe literario de tal relevancia na súa obra que pode considerarse un arquetipo do paisano

²⁶ Que abrangue, seguindo a Cervera (1991: 18), obras pensadas para o lectorado infantil e xuvenil e tamén obras que Manuel María non dirixiu a este lectorado no momento da primeira edición pero que reeditou anos despois en coleccións acaídas para os máis novos, como explicarei ao analizar as obras.

²⁷ Xa que os seus primeiros contos en galego, “Conto pra durmir un neno”, “Un bico”, “A luzada” e “O Tío Casas”, publicáronse no volume colectivo *Presencia de Curros y D^a Emilia* (1951: 55-66) e como edición exenta en *Contos en cuarto crecente* (1952), xunto con tres novas historias: “Vosoutras, miñas amigas”, “O idilio d’un paxaro” e “A rosa”, onde aparece por vez primeira Manuel de Paderna; en *Contos en cuarto crecente e outras prosas* (1962), segunda edición corrixida e aumentada con seis contos máis; e n’*Os ontes do silencio* (1990), xunto a outros contos, relatos e prosas, que viran a luz anos atrás en obras colectivas e en posteriores edicións exentas pero que “levaban anos esgotadas”, como se indica na “Nota do autor”. Para unha análise máis demorada das edicións orixinais e reedicións da narrativa véxase Xabier P. Docampo (en Blanco Torrado, 2001: 483-488), Armando Requeixo (en Blanco Torrado, 2001: 509-531), César C. Morán Fraga (en Pilar García Negro e Diego Pardo Amado, 2009: 299-312) e Andrés Pociña (en Pilar García Negro e Diego Pardo Amado, 2009: 313-346).

galego xa que: ten unha reiterada presenza na maior parte da súa produción²⁸, é o protagonista da triloxía ou ciclo narrativo homónimo e tamén das dúas pezas teatrais que pechan *Viaxes e vagancias de M. P.* (“Brevisima farsa do Antroido de Outeiro de Rei” e “Auto do Regato de Cepelo”), caracterízase pola súa intelixencia, retranca, nobreza e submisión como resposta á mediocridade e tiranía dos caciques políticos e ademais o propio Manuel María asinou poemas seus con este heterónimo (Gómez Torres, 2003) e incluíuno na *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* (1982), onde tamén aparece Gabriela Maira Roibás, de quen asegura no “apéndice, epílogo ou colofón” de *Viaxes e vagancias de M. P.* (1994: 103-104) que “estivo, como é natural, namorada de Manuel de Paderna”.

Este personaxe aparece por vez primeira no relato breve “A rosa”, acaído para o lectorado xuvenil e incluído en *Contos en cuarto crecente* (1952)²⁹, reeditándose na súa ampliación *Contos en cuarto crecente e outras prosas* (1962)³⁰ e na recompilación narrativa *Os ontes do silencio* (1990)³¹. Nel xa se sintetizan os trazos que definen o personaxe: “barbeiro, doutor en letras e tenorio”, ademais de referir que “é un gran home”, que cre “na virtude curativa das herbas” e “nas meigas” e tamén “sabe moitos pregos para sacar as ánimas do Purgatorio” (1990: 53-58). Trece anos despois, alúdese a el, como un dos tipos do pobo “dos que habería moito que falar” no relato

²⁸ Tras aparecer no citado conto “A rosa” e tamén en “Historia do bigote dun gato que se chamaba Mimi” (incluído no volume colectivo *Os contos da campaña. VII Campaña de Fomento da Lectura* (1991) e publicado como edición exenta co título *O bigote de Mimi*, 2003), pasou a ser o protagonista do ciclo homónimo “Manuel de Paderna”, composto polas narracións xuvenís *A tribo ten catro ríos* (1991), *Cando o mar foi polo río* (1992) e *Viaxes e vagancias de M.P.* (1993) e reapareceu no relato curto “Ensaio histórico, biográfico e filosófico que parece un conto” (incluído no volume colectivo *Contos de trabes, animais, parvos e un ensaio*, 2004).

²⁹ Dos que tamén resultan acaídos para o lectorado infantil os contos “O idilio d’un paxaro”, reeditado, co título “Historia dun paxaro” e con redución da adxectivación barroca, no volume ampliado *Contos en cuarto crecente e outras prosas* (1962) e na recompilación narrativa *Os ontes do silencio* (1990); e para o lectorado xuvenil “O Tío Casas”, que vira a luz orixinariamente en *Presencia de Curros y D^a Emilia* (1951) e se reeditou modificado n’*Os ontes do silencio* (1990).

³⁰ Dos que o conto “Os Reises do neno Xan” resulta oportuno para o lectorado infantil.

³¹ Da que resultan máis acaídas para o lectorado infantil as fábulas “O Kricói está no Cereixal”, “A loita de Fanói” e “Suceso da ovella Merela e Don Lobonís”, publicadas en *Kricói, Fanói e don Lobonís* (1973).

longo “As augas van caudais”, así mesmo pertinente para un lectorado xuvenil e publicado orixinariamente no número 9 (1965) da revista *Grial* e incluído dúas décadas máis tarde n’*As ribeiras son escuras* (1997), un libro que, como se precisa no “prólogo necesario” (1997: 5), “naceu unitariamente” pero “debido á anormalidade da cultura e da vida galegas, publicouse en anacos”.

Manuel María, na década dos anos noventa, converte a Manuel de Paderna no protagonista da triloxía de relatos longos ou ciclo homónimo, publicados para o lectorado de máis de doce anos. Na primeira entrega, *A tribo ten catro ríos* (1991: 21), Manuel María detalla as calidades do personaxe, barbeiro e alguacil titular do concello de Outeiro de Rei: “fixo agromar un regato [o do Cepelo], inventaba versos, falaba cos paxaros, coñecía a propiedade curativa das herbas, sabíase guiar polas estrelas, pola Lúa e polo Sol e nunca usaba reloxo”, trazos que lembran os de Leoncio, un veciño de Carlos Casares que este tamén converteu en personaxe literario n’*A galiña azul* e na columna xornalística “Á marxe”. Na primeira entrega, Manuel María estende a súa amizade co escritor lucense Paco Martín aos seus respectivos personaxes literarios: Manuel de Paderna e Ramón Lamote Miñato, o emblemático personaxe presentado no suplemento educativo infantil *Axóuxere. Semanario do neno galego* e convertido, unha década despois, no protagonista de *Das cousas de Ramón Lamote* (1985, 1º Premio O Barco de Vapor 1984, Premio Losada Diéguez de creación literaria 1985 e Premio Nacional de Literatura infantil 1986) e da secuela *Das novas cousas de Ramón Lamote* (2008). A inclusión do profesor de chairego e debuxante de soños por encarga e o expresado por Paco Martín no limiar de *Das cousas de Ramón Lamote* (1985: 5) permiten deducir que Ramón Lamote posúe trazos do paisano galego, presentes no antecedente Manuel de Paderna, aínda que ten maior peso o seu labor docente, ao que se alude de novo nas restantes entregas do ciclo manuelmariano.

En 1991 viron a luz así mesmo dous relatos curtos, *Unha sombra vai polo camiño* e *Cando desapareceu a Atlántica*, asentados na transmisión oral para reivindicar a identidade galega por medio da recuperación de elementos míticos e lendarios do pasado de Galicia, caso da construción dunha sagrada empregada para agochar o guerrilleiro Curuxás durante a Guerra Civil española, e da intelixencia e valentía de Fiz convencendo aos dinosaurios para se converteren en lagartos e así recuperar a harmonía da creación.

En *Cando o mar vai polo río* (1992), a segunda entrega da triloxía, incídese no recoñecemento da valía do personaxe principal, salientando no capítulo final, “Ditos e lendas de Manuel de Paderna” (1992: 107-119), que “xa é lenda” e que “odiaba a mentira e protexía sempre os inocentes, os puros e os indefensos” (1992: 109). No ano 1992 tamén saíu do prelo o conto “Historia do bigote dun gato que se chama Mimi”, incluído no volume colectivo *Os contos da campaña. VII Campaña de Fomento da Lectura* e publicado como edición exenta co título *O bigote de Mimi* (2003), onde se simplifica o título, se axusta o texto á norma do galego, se varía a redacción do penúltimo parágrafo, se corríxen grallas ortográficas e se engaden numerosas ilustracións de Suso Cubeiro, logrando así que o relato breve imite o álbum actual. Manuel de Paderna exerce como barbeiro de Mimi, cortándolle primeiro o bigote e recitando despois uns versos máxicos, cos que consegue que recupere, mellorado, o seu bigote, no que residía a súa facultade de cazar ratos.

Viaxes e vagancias de M. P. (1994) pecha “o ciclo da súa narrativa que el chama ‘de Manuel de Paderna’, personaxe de existencia real” (1994: 6), como refire o autor nas palabras iniciais, nas que sintetiza así mesmo a finalidade das tres entregas: *A tribo ten catro ríos*, a tentativa de crear “unha mitoloxía do cotián ou co cotián” a Outeiro de Rei da Terra Cha; *Cando o mar vai polo río*, un monllo de “historias da Terra Cha mesturadas con lendas populares” coas que tentou “escribi-la verdadeira historia da súa bisbarra de orixe” (1994: 6); e *Viaxes e vagancias de M. P.*, onde Manuel de Paderna “andou polas sete vellas cidades do reino de Galicia” e por Pontevedra, un percorrido semellante ao realizado polo autor lucense (Caño, 1990: 110) e no que aparecen aludidas figuras destacadas da cultura galega, polas que el profesaba amizade e admiración. Ao final do relato da peregrinaxe a pé do personaxe, recóllese por vez primeira na triloxía a síntese de don Capitón (1994: 98)³², “o eterno alcalde de Outeiro de Rei da Terra Cha, un ser brutal, irracional, comellán que andaba pola vida arremetendo contra canto se lle

³² Ridiculizado dez anos máis tarde no relato curto intitulado “Ensaio histórico, biográfico e filosófico que parece un conto” (incluído no volume colectivo *Contos de trabes, animais, parvos e un ensaio*, publicado en 2004), unha crítica retranqueira dos recoñecementos merecidos polo escritor F. R. I. e do comportamento do alcalde don Capitón, calificado de “sagaz mandamais” e de “home delicado, culto, eficaz, como se comproba cando se celebran eleccións, maiormente municipais” (2004: 13).

poñía por diante e desfecendo, se lle era posible, a beleza, a orde e a harmonía do mundo”. Estes trazos contrapóñeno á nobreza de Manuel de Paderna e aseméllano ao ridiculizado Don Celedonio, que “ascendeu de porco a marrau e chegou a alcalde” na novela *O porco de pé* (1928), de Vicente Risco, e así mesmo ao mediocre e tiránico alcalde Manolito Listón, ridiculizado grazas á unión dos habitantes do pobo no volume de relatos infantís *A galiña azul* (1968), de Carlos Casares, se ben Manuel María escusa liñas despois a don Capitón (1994: 98-99): “a culpa non era súa, senón dos caciques que o apoiaban e sostiñan e dos cegos que lle daban os seus votos para mantelo á fronte do concello”.

Ese ano 1994 tamén sae do prelo o conto “No campo houbo unha ermida” (incluído no volume colectivo *Novos contos para nenos* e reeditado por Edicións Laiovento en 2003 en *Historias do empardecen* cun cambio no tempo verbal do título, “No campo hai unha ermida”), onde Manuel María retrata a cultura popular de Galicia, como acontece noutras prosas, caso do mencionado relato longo “As augas van caudales”, versos e pezas dramáticas súas, para salientar a relevancia dos mundos acuáticos e incidir na resistencia da ermida, ante o perigo ecolóxico provocado por avances urbanísticos desmedidos.

En conxunto, como referiu Alfonso Blanco Torrado (en García Negro e Pardo Amado, 2009: 68) respecto á triloxía ou ciclo de Manuel de Paderna, o lectorado da narrativa infantil e xuvenil de Manuel María, ben obras pensadas para eles, ben as que non lles dirixiu no momento da primeira edición, pero que reeditou anos despois en coleccións acaídas para eles, “van coñecendo a xeografía, as tradicións orais, a historia, a literatura do pobo, desde esta trama que abrolla do amor vivido”.

A Galicia rural e urbana nos “versos pra nenos”

Manuel María, movido polo compromiso nacionalista, optou por deixar en segundo termo as preocupacións estéticas e por ambientar por vez primeira a súa produción poética infantil³³ nun contexto urbano, coa

³³ Abordada nunha análise máis demorada por Agustín Fernández Paz (en Blanco Torrado, 2001: 477-482), Celia María Armas García (en Pilar García Negro e Diego Pardo Amado, 2009: 279-286), Agrelo, Mociño e Roig (2012: 13-28), e Mar Fernández Vázquez e Carmen Ferreira Boo (en Roig, 2015: 102).

finalidade de “servir de revulsivo para que a xente tomase conciencia da necesidade de liberación nacional” (Caño, 1990: 114), sabedor de que a nenez das cidades estaba máis desgaleguizada que a do ámbito rural e era preciso motivala para seren cidadáns críticos coa sociedade.

Froito desta preocupación escribiu, en poucas horas dunha semana (Caño, 1990: 114), o poemario *Os soños na gaiola* (1968), co pulo de dúas razóns determinantes, expostas na inicial “Carta aos nenos”: “Os versos que este humilde autor botou de menos cando el era neno; versos que, por outra banda, non había na literatura galega e que tan precisos son. Eu quixera, en parte, encher ese oco” e recollidas ademais en Caño (1990: 114): “A primeira que tiña nostalxia da miña tribu natal, porque Monforte aínda non era a miña terra. Por outra banda, cando eu era neno e ía á escola, gustárame ter un libro de versos populares, o máis musicais posibles, que me explicasen o meu entorno”.

Neste poemario, subtítulo *Versos pra nenos*, ofrécese así explicación e memoria viva de elementos caracterizadores do mundo rural da década dos sesenta e das seguintes dúas décadas en Galicia, caso do arado, o carro ou a significación do movemento das nubes, a través dos cales a nenez comezase a coñecer a realidade, xa que “a terra e a paisaxe conforman ó home, aínda que este non o admita ou renegue da súa orixe”, se ben “cada terra e cada paisaxe ten a súa personalidade que lle transmite á súa xente” (Caño, 1990: 116), logrando así que a natureza chegue a formar parte do home, como afirmaba o autor lucense (1995: 21): “Amamos o noso xeito de identificación coa terra”. Para lograr a busca da identidade galega desde a nenez, *Os soños na gaiola* ábrese cos poemas “Galicia” e “Muiñeira”, que funcionan como marco espacial e temático dos contidos universais “O mundo”, “Cousas”, “Homes, nenos e nenas”, “Animais” e “Paxaros”, eixes temáticos nos que se estrutura o poemario, composto por breves versos, con reiteracións léxicas e sonoras para incidir na etnografía e cultura galegas. *Os soños na gaiola* acadou recoñecemento da crítica e do público³⁴, grazas en boa medida a ser

³⁴ Reeditándose en 1970, 1972, 1990 e 2015, e musicado por Suso Vahamonde, no dobre LP homónimo en 1978, recoñecido como o mellor disco infantil do ano 1978 polo Ministerio de Cultura e distinguido polo suplemento “*Babelia*” do xornal *El País*, e que ademais musicou os poemas “Caracol” e “O meu burriño” no disco *Lembranzas* (2000). Tamén adaptaron musicalmente textos poéticos os grupos *Fuxan os ventos*, “O arado” e

empregado polos mestres³⁵ como material didáctico complementario para introducir o galego nas aulas (Agrelo, Mociño e Roig, 2012: 13-28; Mar Fernández Vázquez e Carmen Ferreira Boo, en Roig, 2015: 102).

Unha década despois, Manuel María completa a visión de Galicia ao sacar do prelo *As rúas do vento ceibe* (1979), así mesmo subtitulado *Versos pra nenos*. Como expón na inicial “Carta ós nenos que pode servir de prólogo a este libro”, escribiuno “pra tódolos nenos galegos e dun xeito particular prós nenos da cidade, un tanto esquencidos no outro meu libro pra rapaces, *Os soños na gaiola*” e coa finalidade de “alcender en vós –que sodes o porvir– a chama dunha esperanza pra que fagades a Galicia do futuro: unha patria ceibe e popular”. Mesmo xustifica o didactismo da Literatura Infantil e Xuvenil galega naquela altura afirmando que “a poesía que non nos enseñe algo –o que sexa– non é poesía”.

As rúas do vento ceibe estrutúrase en tres apartados que, como n’*Os soños na gaiola*, funcionan como eixes temáticos: “A Patria”, “A cidade” e “A natureza e as cousas”. O primeiro contén poemas que mostran Galicia como unha nación, por posuír “Mapa de Galicia”, “A fala”³⁶, “A bandeira”, “O escudo”, “Día da patria nacional” e “Os heroes”, dos que salienta os mártires “O mariscal Pardo de Cela” e “Moncho Reboiras” como iconas da “actitud combativa del pueblo gallego para alcanzar su autonomía y preservar sus elementos identitarios” (Agrelo, Mociño e Roig, 2012: 20), pese “A emigración” e “A colonia”. Na segunda parte, que se abre co poema “A Cidade”, atende a elementos característicos da paisaxe urbana galega e incide nas migracións interiores campo-cidade desde a década dos sesenta e en elementos que son “síntoma do desenvolvemento industrial e asemade da falta de xustiza social” (Mar Fernández Vázquez e Carmen Ferreira Boo, en Roig, 2015: 102), caso do interior e exterior das vivendas (nos poemas “O lar” e “O meu cuarto”), os tipos de transporte urbano (“Motos” e “O autobús”),

“Labregos” no seu primeiro disco homónimo, *Fuxan os ventos* (1976); O Carro, “O meu barco” no disco *Manifesto* (1977); Na Virada, “Señor gato” no disco *Rolada das cantigas* (2002), e a cantante María Manoela, no disco *Cantigas para nenos e neneiros* (1979).

³⁵ Entre outros, Xoán Babarro e Ana María Fernández, que inseriron os poemas “O arco da vella”, “O arado” e “O arco” n’*O raposo pillabán* (Casals, 1978).

³⁶ Poema que foi musicado por Roi Casal.

o suburbio e o asilos e así mesmo verte unha dura crítica sobre “As árbores da cidade”, que, por mor do contexto urbano, están “esmorecidas, tristesiras”; sobre os docentes da “Escola”, xa que “nada ensinan de Galicia / e falan en castelán” e sobre os informadores e presentadores que saen por “O televisor”, porque “Din cousas incomprensíbeis / nun castelán a barbeito. ¡A penas falan galego!”. A terceira parte, “A natureza e as cousas”, aseméllase a *Os soños na gaiola* na presenza de construcións moi típicas galegas (“Hórreo”, “Dorna” e “Cruceiro”) e engade unha advertencia ante a desmedida “Electricidade”.

En suma, ambos os dous poemarios de *Versos pra nenos*, como resaltaron Agrelo, Mociño e Roig (2012: 22), “revelan el compromiso firme de la voz lírica con la tierra y también un universo poético que se asocia con una imagen de paisajes, colores y sonidos que recuperan una infancia idealizada, un paraíso perdido alejado de conflictos y problemáticas sociales, en una tierra protectora y tierna que se metamorfosea en la figura de una madre que ‘olla docemente o mar’”.

A necesidade dunha tradición teatral

Manuel María gustaba máis do teatro que da narrativa (Caño, 1990: 118) polo que apostou por este xénero³⁷ para axudar a crear unha tradición teatral, inexistente en Galicia (Caño, 1990: 95), convencido da “capacidade educativa da literatura dramática e do seu valor como instrumento de concienciación nacional” (Mar Fernández Vázquez e Carmen Ferreira Boo, en Roig, 2015: 107).

Pese a descoñecer (Caño, 1990: 118) a “carpintería teatral” e precisar ver teatro para poder escribilo, decidiu xogar “coas situacións e cos personaxes”, ao non poder “traballar cun grupo ou con varios, velos ensaiar e aprender con eles”, como debe facer un autor de teatro.

Escribiu a súa primeira peza infantil, *Barriga Verde. Farsa para bonecos* (1968), publicada o mesmo ano que os seus primeiros *versos pra nenos*, *Os soños na gaiola*, porque a vira representada “ós sete anos en Lugo e maravillárame” e para que non se perdesa o “teatro tradicional”, convencido

³⁷ Que estudaron con máis detalle Miguel Mato Fondo (en Blanco Torrado, 2001: 459-470); Roig (2004: 38-105); Mar Fernández Vázquez e Carmen Ferreira Boo (en Roig, 2015: 107-108, 111) e Isabel Mociño González (en Roig, 2015: 257).

de que “se non chego a escribilo, dentro de dúas xeracións, só o coñecerían os eruditos e remataría perdéndose na lonxanía” (Caño, 1990: 118). Esta farsa³⁸ encádrase na “corrente popular” (Vieites, 1998: 214-215; Roig, 2004: 38-105; Roig e López, 2007: 105) do seu teatro para adultos e concíbese como recreación culta da esencia do teatro de monicreques e como homenaxe ao autor e actor extremeño Xosé Silvent Martínez (1890-1979), coñecido co apelativo “Barriga Verde”³⁹.

Manuel María, a diferenza de Silvent, presenta o triángulo amoroso da Moza, o pretendente de fóra (Serrador) e o pretendente Galego e “retoma o teatro itinerante galego de barraca para criticar as debilidades do amor, a idade dos matrimonios e a actitude do crego, que só se preocupa de sacar proveito económico da situación. Recolle a crítica en diálogos cheos de dobres intencións e retrans que dotan a peza de contido simbólico, satírico, festivo e lúdico para escenificar a loita entre o ben e o mal. Remata aplicando a xustiza poética sobre os personaxes, dun xeito semellante aos dramas medievais, e mudando a esencia da *commedia dell'arte* italiana que mantivera Silvent” (Mar Fernández Vázquez e Carmen Ferreira Boo, en Roig, 2015: 107-108).

A seguinte farsa, *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* (1979), saíu do prelo⁴⁰ o mesmo ano da publicación do poemario *As rúas do vento ceibe*, no número 5 dos *Cuadernos da Escola Dramática Galega*. En prosa e verso, Manuel María critica calquera clase de poder e defende as fragas galegas, nun xogo de intertextualidades cos contos da transmisión oral e de personificación de personaxes que reivindicán a natureza como símbolo da liberdade.

O autor lucense reiterou a crítica contra o poder e a intertextualidade no *Auto do maio esmaiolado* (1982), estreado así mesmo na Mostra de Ribadavia e na que “recupera a festa de inicio da primavera, unha tradición

³⁸ Foi representada por vez primeira polo grupo teatral Cine-Clube Ribadavia a finais de agosto de 1969 e con posterioridade por outras compañías galegas (Esteban Radío, 1996: 3-33).

³⁹ É ben coñecida a teima de Xosé Luís Méndez Ferrín verbo de “Barriga Verde” e do seu empresario Sr. Silvent, cando ambos os dous vivían en Pontevedra, polos anos cincuenta.

⁴⁰ E fora estreada tres anos atrás polo grupo de teatro O Espantalho (Colexio da Mercede) na Mostra de Ribadavia.

que contribúe a configurar esa identidade nacional tan ansiada por este membro do grupo de Enlace” (Isabel Mociño González, en Roig, 2015: 257).

A pegada de Manuel María

A xeito de conclusión cómpre salientar a tripla relevancia de Manuel María na Literatura Infantil e Xuvenil galega. Por unha banda abriu unha tendencia de poetización de “obxectos próximos á realidade urbana” (Marta Neira Rodríguez, en Roig, 2015: 393), cuxo ronsel continuaron autores como Marica Campo no poemario *Abracadabras* (2006). Por outra banda, converteuse en referente de autores da Literatura Infantil e Xuvenil galega máis contemporánea, como expresa o propio Antonio García Teijeiro no seu manual de divulgación teórico-práctico *A poesía necesaria. Lectura e creación poética dentro da aula* (2009: 24). Ademais foi homenaxeado por destacados mestres-poetas galegos, caso dos citados Ana María Fernández e Xoán Babarro González, ao rematar o seu conto *Que risa de rata* (1999) cun poema do autor lucense sobre as terras galegas; Antonio García Teijeiro en *Cando caen as follas* (2006), e Rafa Villar en *Acuarelas* (2009), cunha referencia explícita a *Os sonhos na gaiola*. E, finalmente, un galardón do seu xénero preferido leva o seu nome: o Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil⁴¹ creado en 2006 polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), actualmente AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), para galardoar pezas dramáticas inéditas escritas en lingua galega e dirixidas ás primeiras idades, excluindo as pezas de teatro breve e textos para monicreques.

A raíz da concesión do Día das Letras Galegas 2016, a Fundación Manuel María de Estudos Galegos reeditou obras súas que non pertencían ao canon accesible, en librerías e bibliotecas⁴², e incrementáronse as homenaxes, caso do álbum narrativo infantil *O poeta do Miño. Unha homenaxe a Manuel María* (2015), de Enrique Mauricio e Carlos Taboada, inspirado no poema “Proclama ós peixes do Miño” (pertencente a *O Miño canle de luz e néboa* do

⁴¹ Concedido en 2006 a *Boas noites*, de Paula Carballeira; en 2007 a *Game over*, de Carlos Losada; en 2008 a *Pingueiras e tarteiras*, de Teresa González Costa; en 2009 a *Sopa de xarope de amona*, de Xosé A. Neira Cruz; en 2010 a *Os reloxos preguiceiros de Néboa*, de Francisco Xavier Lama López; en 2011 a *O refugallo*, de Paula Carballeira; en 2012 quedou deserto; e en 2014, *Xogando con gatos*, de Antón Cortizas.

⁴² Citadas na Bibliografía primaria.

ano 1996) no que converten ao “poeta de máis sona da Terra Cha” (2015: [5]) na saramaganta Roi, que viaxa ata o mar para recuperar a inspiración perdida; e do álbum-disco infantil *Canta o cuco* (2015), de Uxía e Magín, no que musican poemas tirados na súa maioría dos poemarios infantís *Os sonhos na gaiola* e *As rúas do vento ceibe*, xunto a tres poemas de *Terra Cha* (1954), *Panxoliñas* (1992) e *Os lonxes do solpor* (2012).

M. F. V.
CRPIH-USC

Bibliografía primaria

[Fernández Teixeira], Manuel María (1968a). *Barriga verde: farsa pra bonecos*. Vigo: Edicións Castrelos (3ª ed. 1973) / (1996) Ed. e intr. de Santiago Esteban Radío, Ourense: Galiza Editora.

_____ (1968b). *Os sonhos na gaiola: versos pra nenos*. Lugo: Cartonajes Anmi (2ª ed. 1970, 3ª ed. 1972) / (1972) Con ilustracións dos nenos do Instituto de Ensino Medio de Vigo e do Colexio Rosalía de Castro, Ediciones Celta. / (1990) Ilust. Xaquín Marín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín (4ª ed. 1984) / (2015) Ilust. Noemí López. [Lugo]: Fundación Manuel María de Estudos Galegos. 13ª ed.

_____ (1979a). *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*. A Coruña: *Cuadernos da Escola Dramática Galega*, nº 5, maio 1979, pp. 1-12 / (1981) Santiago: Xistral.

_____ (1979b). *As rúas do vento ceibe: versos pra nenos*. Ilust. P. A. Estévez. A Coruña: Xistral / (2015) Ilust. Xaquín Marín. [Lugo]: Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

_____ (1981). *Berenguela. Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo*. Ilust. Pepe Barro. Santiago de Compostela/Ourense: Edicións Xistral/ASPG / (1985) Ed. bilingüe galego e éuscaro. Donostia: Antzerti.

_____ (1982). *Auto do maio esmaiolado*. A Coruña: *Cuadernos da Escola Dramática Galega*, n.º 25, marzo 1982, pp. 1-12.

_____ (1991a). *A tribo ten catro ríos*. Ilust. da capa Fran Jaraba. Madrid: Ediciones SM / (2015) Ilust. da capa Felipe Senén. [Lugo]: Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

_____ (1991b). *Unha sombra vai polo camiño / Como desapareceu a Atlántida*. Ilust. Norberto Fernández, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

- _____ (1992a). *Cando o mar foi polo río*. Ilust. da capa Miguelanxo Prado. Vigo: Ediciones SM / (2015) Ilust. da capa Leandro Lamas. [Lugo]: Fundación Manuel María de Estudos Galegos.
- _____ (1992b). “Historia do bigote dun gato que se chamaba Mimí”. En VV. AA., *Os contos da campaña. VII Campaña de Fomento da Lectura*. Ilust. Xan López Domínguez. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Vol. I, pp. [5-12] / (2003). *O bigote de Mimí*. Ilust. Suso Cubeiro. A Coruña: Everest Galicia.
- _____ (1994a). *Viaxes e vagancias de M. P.* Vigo: Ediciones SM.
- _____ (1994b). “No campo houbo unha ermida”. En Paco Martín (coord.), *Novos contos para nenos*. Ilust. Alberte Gende. Lugo: Citania de Publicacións / (2003) En Manuel María, *Historias do empardecer*. Bertamiráns: Edicións Laiovento.
- _____ (1995). *Novena a Santa Isabel por un devoto de Outeiro de Rei da Terra Cha*. ilust. Felipe Senén. Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos.
- _____ (1997). *As ribeiras son escuras*. Ilust. da capa Suso Cubeiro. A Coruña: Everest Galicia.
- _____ (2004). “Ensaio histórico, biográfico e filosófico que parece un conto”. En VV.AA., *Contos de trabes, animais, parvos e un ensaio*. Ilust. Xaime Asensi. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 5-20.

Bibliografía secundaria

- Agrelo Costas, Eulalia, Isabel Mociño González e Blanca-Ana Roig Rechou (2012). “Manuel María y la construcción de la identidad a partir de su obra infantil y juvenil”. En Sara Reis da Silva e Beatriz Rodríguez Rodríguez (eds.), *Literatura Infantil y Juvenil e Identidades/Literatura para a Infância e Juventude e Identidades*. Vigo/Braga: ANILIJ/ELOS/Centro de Investigação em Estudos da Criança, pp. 13-28.
- Blanco Torrado, Alfonso (coord.) (2001). *Manuel María*. Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos.
- Caño, Xosé Manuel del (1990). *Conversas con Manuel María*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Cervera, Juan (1991). *Teoría de la literatura infantil*. Bilbao: Ediciones Mensajero.
- Even-Zohar, Itamar (1993). “A Función da literatura na creación das nacións de Europa”, *Grial*, n.º 120, tomo XXXI, pp. 441-458.

____ Itamar Even-Zohar's Site, <http://www.tau.ac.il/~itamarez>, consultado o 02/02/2016.

Esteban Radío, Santiago (ed. e introd.) (1996). *Manuel María. Barriga verde: farsa pra bonecos*. Ourense: Galiza Editora.

García Negro, Pilar e Diego Pardo Amado (eds.) (2009). *Actas do Congreso "Manuel María: literatura e nación" (A Coruña, 3-5 de novembro de 2005)*. A Coruña: Universidade da Coruña. Servizo de Publicacións.

Gómez Torres, Camilo (1996). "Manuel María e o seu tempo". En Alberte Ansede Estraviz e Cesáreo Sánchez Iglesias (dir.), *Historia da literatura galega*. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Vol. 4, pp. 1.218-1.248.

____ (2003). *Bibliografía de Manuel María*. Lugo: Fundación Manuel María da Terra Cha.

Iglesias González, Jaime (2001). *Barriga Verde: un persoeiro con engado*. Pontevedra: Asociación Socio-Cultural Cedofeita.

Roig Rechou, Blanca-Ana (1996). *A Literatura Galega Infantil. Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade*. Tese en microficha da Universidade de Santiago de Compostela, nº 578, Servizo de Publicacións e Intercambio científico.

____ (2002). "La literatura infantil y juvenil en Galicia"/ "A Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia". En Darío Villanueva Prieto e Anxo Tarrío Varela (coords.). *La Literatura desde 1936 hasta principios del siglo XXI: Narrativa y traducción/A literatura dende 1936 ata principios do século XXI: Narrativa e traducción*. A Coruña: Hércules Ediciones, pp. 382-501.

____ (Directora, coordinadora e redactora) (1996-2015). *Informes de Literatura*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. CD- ROM e <http://www.cirp.es/rec2/informes/>

____ (2004). "O Contexto". En Carlos Casares, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas. Versión e dirección de José Caldas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/IGAEM, pp. 38-105.

____ (2011). "Dúas periferias: Literatura Infantil e Xuvenil e Crítica literaria. Unha reivindicación cara á saída delas". *II Xornada da Crítica Galega. A Crítica e a Literatura Infantil e Xuvenil, Escrita Contemporánea*. Q, pp. 11-13, <http://www.aelg.org/resources/publications/1327921997191IIIXornadaCriticaAELG.pdf>, consultado o 02/02/2016.

_____ (coord.) (2015). *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

_____ e María López Suárez (2007). “Panorama histórico do teatro infantil en galego”. En Roig Rechou, Blanca-Ana, Pedro Lucas Domínguez e Isabel Soto López (coords.). *Teatro infantil. Do texto á representación*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 99-120.

Vieites, Manuel F. (1998). “Literatura dramática e teatro para a infancia e a mocidade. Breve introducción para o seu estudo”. En Manuel Vieites (ed.), *Do novo teatro á nova dramaturxia (1965-1995)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 193-234.

RUÍNA E SEDIMENTACIÓN NA OBRA POÉTICA DE MANUEL MARÍA


Manuel Forcadela

O primeiro que chama a atención da obra poética de Manuel María é a cantidade de títulos publicados. Desde o *Muiñeiro de Brétemas*, de 1950, ao *Cecais hai unha luz*, de 2010, hai sesenta anos de vida pública como poeta nos que atesoura nin máis nin menos que sesenta e un títulos. A pouco máis dun libro por ano. Aínda que non a totalidade dos títulos rexistrados son libros novos, inclúen tamén recompilacións, antoloxías, etc., e non foron publicados dun xeito sistemático, xa que o autor atravesou duras décadas de represión e censura; a escrita, edición e publicación da súa obra seguiu un proceso constante que nunca se viu interrompido, como se considerase que a produción poética debía adaptarse aos procesos produtivos, aqueles que se levan a cabo en factorías, unidades de explotación, etc., mesmo coa intención de equiparar, sequera dun xeito simbólico, a produción manual e a produción intelectual ou artística. De tal maneira que é difícil guiarse neste labirinto de obras que adquiren unha e outra vez a fasquía de “produción”. O “labrego con algo de poeta” considerou toda a vida que a escrita da súa obra debía adaptarse e seguir os ritmos dos ciclos anuais, independentemente da fortuna que os libros tivesen logo na súa edición, que non foi escasa. O certo é que todos e cada un dos seus libros teñen poemas memorables xunto a outros que non o son tanto, aínda que isto, obviamente, depende do lector que leve a cabo a actualización dos seus textos. Ademais, Manuel María foi coetáneo de poetas de produción moito máis restrinxida entre os que sobranceou pola numerosa descendencia literaria.

Darío Xohán Cabana, discípulo e amigo, en parte continuador do seu legado estético, escribiu a propósito do poeta de Castro de Rei:

Non negarei, levado polo amor, que entre os poemas de Manuel María hai moitos prescindibles que nada engaden á súa gloria; mesmo hai libros enteiros —enteiros non: sempre hai algo que brilla— que non chegaron a gustarme nunca. Así llo dixen unha vez, indo de Fene a Lugo, a risco de mancalo. Mais sería inhumano que nunha obra tan descomunal non houbese caídas. A poesía enteira de Manuel María abrangue mil quiñentas páxinas e corenta mil versos; é moito máis extensa aínda cá de Ramón Cabanillas (2006,9)

É evidente que, no fondo do intenso proceso creativo continuado ao longo de moitas décadas, subxace unha idea da poesía, e mesmo da produción intelectual, que ten máis de “facer” que de “ser”, como se a simple “factura” do poema fose suficiente para que o poema “sexá” poema. E, curiosamente, esta “profundidade” de índole filosófica, para a que o propio poeta tivo palabras de burla, cando menos ao longo da súa etapa intermedia, contrasta tanto co ton inicial como final da súa produción poética. Quérese dicir con isto, lonxe de levar a cabo unha crítica demoledora da súa numerosa obra, que esta flutuación, esta oscilación, sinala a presenza dunha polarización básica que debemos comprender e que habería que engadir como unha consecuencia das polarizacións básicas da evolución poética, en particular, e da arte, en xeral: as polarizacións entre, por unha banda, o ético e o estético e, por outra banda, o solitario e o solidario. As dúas polarizacións que integran un cadro semiótico no interior do que se desenvolve un bucle sen fin que establece as mudanzas e as sucesións dos períodos literarios.



Resulta evidente, na nosa opinión, que estas oscilacións obedecen, e moito, tamén á procura dun modelo de lector: máis culto ao principio, popular e vindicativo no medio, máis intenso e devoto no final.

Unha comparación con outros poetas do seu tempo e da súa xeración devólvenos unha imaxe ben definida. Non hai máis que dirixir a ollada cara á obra de Antón Avilés de Taramancos, por exemplo, para observarmos en que medida esta superprodución danou a intensidade e a beleza da súa mensaxe. Con todo, a obra poética de Manuel María non resulta para nada

irrelevante, sobre todo se temos en conta que son os seus lectores os que actualizan finalmente o seu texto e que a literatura, e por tanto a poesía, non existe sen lectura, sen recepción. E que, obviamente, un autor é, antes de máis, unha figura sociolóxica.

Habería, pois, que definir o comportamento desta idea da produción ao longo das tres etapas da súa evolución poética que me semellan salientables: a fase existencialista inicial, a fase do realismo socialista, que inclúe o núcleo da produción de madurez, e a fase última, dun certo recollemento estético e filosófico, que vai fechando o seu ciclo vital e creativo a partir dos anos noventa. Este modelo de evolución, que ten moito que ver co que foi o modelo evolutivo da poesía galega contemporánea, contén no seu interior a semente e os síntomas dunha sociedade que evolúe desde o franquismo dos anos cincuenta, a transición democrática e a sociedade autonómica actual. Ao longo deste período hai modelos literarios, como o primeiro existencialismo, que entran en crise para seren substituídos por modelos do realismo social, que á súa vez volven ser revisados a partir dos anos oitenta. Estas marcas están todas elas presentes na poesía de Manuel María e semella ben curioso comprobar como, a medida que van pasando os anos, estes substratos permanecen, por máis que por enriba se vaian depositando novos sedimentos, novas marcas e depósitos.

O interese deste percorrido radica no feito de que a obra de Manuel María pode servir para ilustrar algo que aínda que non semella ficar ben claro para os historiadores da nosa tradición literaria: o feito de que o primeiro núcleo de resistencia cultural no interior, logo da Guerra Civil e da inmediata posguerra, xermina no interior dun pensamento de raíz existencialista que ten o epicentro no grupo de ensaísta de Galaxia (Celestino Fernández de la Vega, Ramón Piñeiro, Xoán Rof Carballo, Domingo García Sabell, entre outros) e de aí esténdese, na prosa, primeiro, cara ao Realismo Máxico e, despois, cara á primeira etapa da Nova Narrativa Galega, co' *A Esmorga* de E. Blanco-Amor, polo camiño, e, na poesía, cara á Escola da Tebra, da que Manuel María é, por certo, un dos seus primeiros oficiantes. Podemos definir este núcleo existencialista da literatura galega a partir da seguinte árbore:

1. O núcleo filosófico constituído arredor de Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro e que, xunto con outros destacados intelectuais

levan a cabo nacemento da revista *Grial* e mais a publicación dos *7 ensaios sobre Rosalía* ou da tradución de *Da Esencia da Verdade* de Heidegger.

2. O núcleo narrativo que produce os primeiros libros do realismo máximo galego con Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Daniel Cortezón, etc, seguindo os postulados existencialistas de Ramón Piñeiro expostos no seu célebre artigo de 1951 “Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego falándolle dos males presentes de Europa e do seu remedio, dende a ladeira dun castro lugués”.
3. A primeira etapa da Nova Narrativa Galega, publicada case por completo na colección Illa Nova de Galaxia, continúa, con outros métodos e estilos, os postulados do proceso de modernización da literatura galega.
4. O marco poético denominado Escola da Tebra⁴³, que agrupa un conxunto de poetas definitivos da chamada Xeración dos Cincuenta ou Xeración das Festas Minervais, entre os que cabe situar a Manuel María. Marco no que se escriben e publican os seus primeiros textos poéticos. A Escola da Tebra será unha escola poética na que serían moi perceptibles os mesmos ecos existencialistas que van vertebrar o primeiro amañecer do que se chamará Nova Narrativa Galega e que podemos percibir en textos narrativos como *Vento Ferido* de Carlos Casares ou *O crepúsculo e as formigas* de X. L. Méndez Ferrín. Este mesmo ambiente estaría, por certo, exercendo o seu ditado en *A Esmorga* de Eduardo Blanco Amor e tamén estará presente en obras poéticas como *O soño sulagado* de Celso Emilio Ferreiro, sobre todo na parte inicial, onde o ton resulta máis emotivo e pesimista.

Esta primeira vaga conduce, a partir de meados dos anos sesenta, cara ao Realismo Social, e volve mostrar a súa raíz existencialista, novamente,

⁴³ A produción poética da Escola estaría formada, sen ánimo de sermos exhaustivos, polos seguintes libros: *Muiñeiro de brétemas* de Manuel María, *Fabulario novo* de Manuel Cuña Novás, *Morrendo a cada intre* de Manuel María, *Advento* de Manuel María, *Poema do home que quixo vivir* de Bernardino Graña, *O que se foi perdendo* de Ramón Lorenzo Vázquez, *Voce na néboa* de Xosé Luís Méndez Ferrín, *Acoitelado na espera* de Alexandre Crieiro, *Bandeiras Neboentas* de Raimundo Patiño e *Entre o si e o non* de Xosé Luís Franco Grande.

a primeiros dos anos oitenta, cando xa a decadencia do Realismo Social era incuestionable. Este devalar da historia está moi presente nas oscilacións estéticas que se perciben na obra de Manuel María, que semella adaptar con total naturalidade cada un deses vaivéns e dispón dos rexistros persoais e sentimentais necesarios para non deixar de cantar.

Fronte a marco existencialista inicial, e mesmo como consecuencia del, vaise impondo un novo modelo que ten que ver, por unha banda, coa irrupción da Antipoesía, a partir da publicación do libro de Nicanor Parra *Poemas y antipoemas*, de 1954, e máis en xeral coa nova atmosfera que propicia en toda Europa, en todo o mundo, diría eu, unha vaga en contra do que se denomina tradición idealista (e, por tanto, burguesa) da tradición poética occidental. E, como consecuencia directa, o Realismo Social. Para entendermos que é a Antipoesía debemos partir de dous axiomas:

1. A desacralización do Eu Poético, o seu descenso das alturas onde se situara ao longo do modernismo. E temos que ter en conta aquí en que medida a idea de existencia, fronte á de esencia, está na raíz deste proceso.
2. A reincorporación da oralidade e, dentro desta, do ton oral, do discurso cotián, non só das palabras senón tamén das estruturas sintácticas, as frases feitas, os lugares comúns do pensamento.

A Antipoesía (Schopf, 2010) vai ser unha escrita elaborada a partir da negación dos trazos esenciais doutros modelos de escrita, e non só modelos de escrita literaria. O antipoema é unha contradición, un contratexto. Non é só o resultado da reflexión, senón aínda máis, dunha busca levada a cabo desde a poesía mesma. Trátase de ver o poema como un produto falaz, o resultado dunha traición, o acto cometido por alguén que, lonxe de denunciar como a ideoloxía se prende na linguaxe. O poema convértese, por tanto, nun mero propagador desa ideoloxía, aínda que agora incrementado o seu valor. O poeta é agora un novo heroe que ten que desentrañar coas soas armas da linguaxe as armas máis sutís do inimigo, presentes tamén na súa propia linguaxe.

Non é necesario dicir o papel fundamental que nesta estratexia vai exercer a lingua galega, como ferramenta de expresión e como obxecto de reflexión. Unha parte fundamental da loita desenvolvida polo poeta vai

certamente a favor do idioma galego como un activo básico do seu capital simbólico. Non temos máis que levar adiante unha lectura atenta do artigo de Xosé Ramón Freixeiro Mato (2009), “Manuel María, Adaíl E Labrador Do Idioma” para comprendemos a enorme dimensión do que estamos a falar.

O uso relaxado de recursos tradicionais, o hendecasílabo con rima asonante, o romance heroico, as metáforas gastadas, propoñen e destrúen ao mesmo tempo unha imaxe do mundo e unha sentimentalidade. O humor, a parodia, a ironía e o simulacro, permiten ao antipoeta liberarse do dramatismo, ridiculizando as paixóns desquiciadas, imposibles, mais tamén como reverberacións. Tal e como acontece na poesía de Parra, o suxeito referido oscila entre o espazo rural e o espazo urbano. É un campesiño, un obreiro, un emigrante, un oprimido.

O suxeito da escrita antipoética (Schopf, 2010) advirte de que a lingua non só incomunica, senón que antes, en experiencias menos radicais dos seus límites, terxiversa o sentido da comunicación na medida en que substitúe as intencións e desexos do suxeito introducindo nas palabras representacións dun suxeito social encubridor e represivo. A conciencia desta forza substitutiva, que aparece producida tendencialmente na sociedade moderna, conduce ao antipoema ao abandono do emprego positivo da lingua, isto é, á súa utilización crítica, negativa, indirecta, desprazada.

Non debemos esquecer que a poesía de Manuel María vira a partir da publicación da súa *Escolma de poetas de Outeiro de Rei*, de 1982, libro lentamente cociñado durante os anos anteriores, onde a través dun autor-editor que prepara e edita unha selección de poetas mozos, preséntanos unha antoloxía de poetas apócrifos que obedecen todos e cada un ás novas tendencias que, na súa perspectiva, andaban a espallar no ambiente os poetas galegos dos anos oitenta. Para calquera lector que indague nesta época, aínda recente, da poesía galega, é unha obviedade que un dos autores de referencia era Jorge Luís Borges.

Temos, por tanto, un autor pródigo en obra poética, fervente en actividade e en escrita e moi atento a todo o que bulía ao seu redor e que evolúe, por circunstancias que teñen que ver cos condicionantes do seu país e da súa propia vida, desde unha posición moi próxima ao existencialismo, mesmo con tintes relixiosos, ao novo marco estético en que se refunda o

interese polo filosófico, ficando no medio un longo capítulo de adscripción ao realismo social.

Di D. X. Cabana referíndose a este proceso creativo:

Digo *Morrendo a cada intre*: é un libro escrito nunha noite, é case un único poema dun rapaz anguriado de vinte anos que é visitado por un anxo negro e estoupa nunha salmodia de eficacia expresiva arrepiante; é un libro fermosísimo e terrible, un libro espantoso e rompedor, cunha brutal autenticidade sentimental que quizais non se vira en lingua galega desde *Follas novas*.

Digo *Advento*, e acórdame que *Advento* recibira en Bos Aires o premio Castelao de poesía do ano 1951. É, pois, tamén un libro dun poeta moi novo, e fico fascinado pola absoluta perfección do verso libre, no que as palabras van caendo coma se o idioma as destinase desde o abrente dos tempos a estar xuntas, e non obstante nunca se xuntasen. Teño para min que *Advento* é irmán de *De catro a catro*, de *Nimbos* ou da *Profecía do mar*: quero dicir, é un deses libros que se impoñen na súa totalidade como obxectos poéticos perfectos.

Terra Chá, ben sabedes, foi medrando en volume de edición a edición. A primeira, a do 1954, é o libro que eu prefiro ler, conciso e espido, elemental. (2006,10)

Entendemos que o texto, todo texto, é o resultado, e o síntoma, dun conflito. Non hai texto sen batalla, sen litixio no interior. A harmonía conduce ao silencio. As distintas voces e os distintos tons que cabe procurar no interior do poema teñen cadansúa raíz, a súa propia orixe e xenealoxía, a súa propia biografía. Entender o texto como un palimpsesto significa acudir a el coas ferramentas do arqueólogo, e do espeleólogo, disposto a buscar no interior das ruínas os sedimentos anteriores. E non debemos esquecer que se o texto é un palimpsesto, un conxunto de palabras, mil veces borradas e reescritas, substituídas por outras, á procura dun sentido que, sempre, é diferente, epocal, local e social, tamén o lector é un palimpsesto e en cada lectura o poema flutúa no seu sentido, evocando ambientes de significación que antes non tiña e que, ao mesmo tempo, se adxuntan ou non os anteriores.

Nun dos seus poemas máis logrados, tomado da etapa final da súa poesía, aínda trece anos antes do seu falecemento, encontramos unha proba deste sistema non rexeitado de palimpsesto. Todo cabe no poema. O que non mata engorda. Sedimento sobre sedimento. Ruína sobre ruína. Un poema que é, ao mesmo tempo, un resumo da existencia e unha constancia da súa situación persoal como poeta, como persoa, entón, cando xa cruzado o rubicón da terceira idade, reflexiona sobre os rescaldos da brasa que ardeu.

Repararemos, tamén, nos xogos de intexutualidade que establece con tres direccións estéticas que definen como balizas delimitadoras os territorios polos que transita a súa produción poética. En primeiro lugar, o poema “Elogio de la sombra” de Jorge Luís Borges; en segundo lugar, o “Monólogo do vello traballador” de Celso Emilio Ferreiro e, en último lugar, a presenza do prosaísmo e da antipoesía que herda de Nicanor Parra.

Agora, que gastei os meus outonos
e ben entrado xa no propio inverno,
acredito no fugaz e no eterno
e só me asusta o raio, non os tronos.
Un, dende fai moitos anos, comprendeu
que todo é asegún e relativo
e ninguén é tan bo nen tan cativo,
nen podemos prescindir do propio eu.
Gardo dentro de min toda a fragancia
dos amados rincós da miña infancia
e os recendos que tiña a vella casa.
Foi chama o meu amor. Agora é brasa.
Saleta sempre. Perdón pola arrogancia:
“A luz é poderosa. A tebra, escasa.”

Manuel María (1997), *Sonetos á Casa de Hortas*
(A Coruña: Espiral Maior)

O primeiro que chama a atención é a tensión que se establece no poema entre o que podemos denominar os sistemas diccional e o ficcional e, dentro destes, entre o sistema expresivo no caso do primeiro, e os sistemas diexético e actancial, no caso do segundo. Quérese dicir que a forma en que o poema é dito non se corresponde coa natureza clásica ou barroquizante dos temas empregados.

Como no poema de Borges é a morte quen define a identidade. Non somos, nin seremos, tanto como fomos. O ton autobiográfico suscribe, pois, unha certeza, a de ter percorrido un longo camiño desde o nacemento e visto como cesaban non só as expectativas e as esperanzas como o propio rexistro do ser. O paradoxo de ser cando menos son. O tema é grave, solemne. Identidade, alteridade, existencia, historia, biografía. E o triunfo do amor, como en Dante. “L’amore che acende il sole e l’altre stelle”.

O poema adopta a forma do soneto. Un soneto moldeado, desde o punto de vista da sintaxe, a medida da estrofa. Cada un dos cuartetos e tercetos ten a súa entidade e o seu límite, que coincide, ademais, no final da frase. Todo anima a considerar no autor un esforzo estético considerable na medida en que decide botar man dun modelo de poesía que nunca puxera en práctica. Faise un resumo da existencia, lóase a forza do amor, do fogar, da patria, hai un eco de certa distancia con respecto ás opinións e ás supostas verdades.

Mais, ao mesmo tempo, o ton clásico nos temas, vai acompañado polo ton irreverente na dicción, enchida de elementos tomados do prosaísmo e da antipoesía. Pola ausencia dunha harmonía no discurso que atinxe non só ao nivel expresivo senón tamén ao nivel enunciativo.

Comprobamos como dos dous axiomas sinalados páxinas atrás a propósito da Antipoesía: a) a desacralización do Eu Poético, o seu descenso das alturas onde se situara ao longo do modernismo; e b) a reincorporación da oralidade e, dentro desta, do ton oral, do discurso cotián, non só das palabras senón tamén das estruturas sintácticas, as frases feitas, os lugares comúns do pensamento, o Eu volve ser obxecto de veneración, de discurso.

Conclusiones

1. A obra poética de Manuel María atravesará tres longos percursos que son consecuencia de tres etapas sucesivas da tradición literaria galega contemporánea:
 - a. a Escola da Tebra
 - b. o Realismo Social
 - c. a recuperación clasicista e formalista dos oitenta.

2. A poética do autor evolúe como un conxunto de engádegas consecutivas en que se mantén unha parte substancial dos logros estéticos xa acadados. Deste xeito, Manuel María nunca deixa de ser os sucesivos poetas que foi e, no final do seu percurso, acaba por selos todos a un tempo.
3. O máis evidente na súa produción é a relaxación do sistema diccional, tanto no seu nivel enunciativo como expresivo, como unha das peculiaridades máis nidias do seu facer na escrita, e, ao mesmo tempo, a intensificación do nivel ideolóxico no plano ficcional, cun modelo de escrita empeñado unha e outra vez en criticar, e tamén producir, realidade. Se a primeira destas características é derivada da irrupción da antipoesía, a segunda é consecuencia do seu *engagement* existencialista.

M. F.
Universidade de Vigo

Bibliografía

- Cabana, Darío Xohán, and X. L. Méndez Ferrín. 2006. *De Manuel María a Ferrín, a Grande Xeración: Discurso Lido O Día 22 de Abril de 2006, No Acto Da Súa Recepción*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Forcadela, Manuel, and Asociación Socio-Pedagóxica Galega, eds. 1997. *Poesía de Posguerra: Antoloxía*. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- Forcadela, Manuel. 2005. *Diálogos Na Néboa, Álvaro Cunqueiro E Ramón Piñeiro Na Xénese Da Literatura Galega de Posguerra*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística : Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Forcadela, Manuel. 2015. *De Albert Camus a Camilo Gonsar: Cara a Times Square*. Grial 205, Vigo: Galaxia
- Forcadela, Manuel. 1993. *Manual E Escolma Da Nova Narrativa Galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón. 2009. "Manuel María, Adaíl E Labrador Do Idioma," 163–84, en, García Negro, María Pilar, and Pardo Amado, Diego, eds. 2009.
- García Negro, María Pilar, and Pardo Amado, Diego, eds. 2009. *Actas Do Congreso "Manuel María: Literatura E Nación": (A Coruña, 3-5 de Novembro de 2005)*. Universidade da Coruña. Servicio de Publicaciones.

- Piñeiro, Ramón. 1951. «Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego falándolle dos males presentes de Europa e do seu remedio, dende a ladeira dun castro lugués», *Cadernos Grial*, 3, Vigo: Galaxia.
- Raña Lama, Román. 1996. *A Noite Nas Palabras: Unha Aproximación Á Poesía Galega de Posguerra*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Schopf, Federico. 2010. “Las Huellas Del Antipoema.” *Revista Iberoamericana* 60 (168): 771–83. doi:10.5195/reviberoamer.1994.6435.

PRIMEIRAS LEMBRANZAS DE MANUEL MARÍA

Xosé L. Franco Grande

A miña primeira noticia de Manuel María remóntase ao ano 1952. Aínda era estudante no Instituto Santa Irene de Vigo. O meu oculista, Antón Beiras, o día 20 de febreiro dese ano regaloume dous libros: o número 3 da Colección GRIAL, a que foi prohibida por Juan Aparicio, e as Poesías de Pondal, edición de 1935 da Real Academia Galega. No Grial puxo Antón Beiras unha dedicatoria na que facía constar que era obsequio “ao mozo amigo, Xosé Luis Franco”, facendo constar tamén a data que antes indiquei.

No número do Grial viñan catro relatos curtos de Manuel María: “Contos para durmir un neno”, “O bico”, “A luzada” e “O tío Casas”. Posiblemente foran a miña primeira lectura de prosa galega, xunto cos demais textos que aquel número da antes dita revista contiña. Dos catro, sen que poida saber por qué, conservei viva lembranza d’“A luzada”. Teño agora a vaga lembranza de que aqueles textos, agás “A Luzada”, me deixaron un pouco desconcertado: non estaba afeito a ler prosa galega; mellor dito, nin sequera sabía que podía existir. Por iso, paréceme, aqueles textos me deixaron entre sorprendido e case abraiado –o abraio era que, de súpeto, descubría que había unha prosa galega, que nunca se me falara dela, que era posible a súa existencia–.

Non o podo dicir con seguridade, pero ás veces penso que foi ao coñecer que existía prosa en galego (eu só tiña noticia por entón de poesía galega, non de prosa nesa lingua) que, aos meus dezaseis anos, escribín na revista “Avante” do noso Instituto, un artigo en galego sobre algún aspecto da poesía de Pondal. O agasallo de Tucho Beiras, ao parecer, traballaba en min.

Dous anos despois empezo en Santiago os estudos universitarios, contacto con LUGRÍS, Mourullo, Beiras e outros rapaces e a seguido tamén con Ramón Piñeiro e García Sabell. Por Piñeiro teño as primeiras noticias persoais de Manuel María e de Novoneyra. El informounos polo miúdo dun e doutro, das súas características persoais, das súas familias e dos seus proxectos literarios e non literarios, de maneira que, cando chegamos a coñecelos persoalmente, xa tiñamos amplamente debuxados os seus perfís daquela maneira, mesmo radiográfica, coa que Piñeiro caracterizaba a amigos

e coñecidos, tanto que un pensaba que se metía dentro, no máis fondo dos personaxes informados. É curioso como naqueles anos os nomes deles dous andaban sempre emparellados, sen dúbida pola relación de amizade que sempre houbo entre eles e porque tamén os dous eran vistos como os novos poetas daquela facareña Galicia saída de dúas guerras carniceiras.

Coñecelos persoalmente, naquelas circunstancias –indiferenza, represión e futuro máis que imperfecto–, nunha Compostela na que algo empezaba a lumbrigar, pero na que o cotián era a pobreza e a miseria espiritual, o non querer saber de nada, o non meterse en nada, só estudar, que para iso as familias facían tan grandes sacrificios, e era verdade na maioría dos casos, foi unha experiencia que moitos non podemos esquecer. Porque significaba que un non estaba tan só como moitas veces pensaba que estaba, esa soidade que sentiron tantos por aqueles anos (e penso maiormente no coruñés Xoan Casal que diso se laiaba nunha carta que me escribe en 24 de agosto de 1957). Era unha magoante realidade esa soidade e ese illamento, a falta de comunicación e aínda de coñecemento entre os que cismabamos no porvir do país. E iso foi o primeiro mal que Piñeiro acometeu ao poñernos en relación a todos os que en Galicia, e aínda fóra dela, no estranxeiro, se supoñía que podíamos facer algo por este país. Con toda a razón coidaba Piñeiro que se impoñía cambiar o ambiente de pesimismo, de frouxidade e de indiferenza da Galicia de entón. Para crear cumpría crer, crer de novo, levar fe –fe creadora– ás novas conciencias, “animar” o país.

Novoneyra veu a Santiago no ano 1957 para dar un recital de poesía medieval na inauguración do ciclo de conferencias que se celebrou no Círculo Mercantil e Industrial, de Santiago, seguro que pola mediación de Piñeiro: a súa confesada finalidade era que reciprocamente nos coñecésemos, romper esa esmagadora incomunicación e “animarnos” e “tonificarnos” –as dúas palabras claves do vocabulario piñeirán daqueles anos que, xunto con “conviña” (a súa ben sorprendente voz de mando que tanto desconcertaba a Marino Dónega), mellor expresan o seu labor proselitista de entón–.

Manuel María apareceu a seguido, despois de Novoneyra, polo Café Español. Traía poemas por todas partes: sacaba un libro dun bulso da chaqueta, un feixe de poemas (os que dicía que acababa de compoñer) do pantalón e outros máis de algures. O certo é que nesa ocasión recorremos

todas as tascas da rúa do Franco e alí me leu enteiro, un por un, os poemas do “Libro de Pregos”. Cando xa respiraba e coidaba que rematara o recital, sacou de algures un bo feixe de poemas dos que dixo eran a súa obra máis recente, daqueles mesmos días, creo que me dixo.

Queda unha foto desa primeira estada en Santiago, que aparece no meu libro “Os anos escuros”, na que estamos con Manuel María, Méndez Ferrín, Xulio Cuns e Ramón Lorenzo.

Lía ben os seus poemas: axudáballe a boa voz que tiña, o ton de sosego ou de lentitude que lle sabía dar, pero podía resultar algo monótono se o recitado se alongaba por demais, como me ocorreu naquela ocasión. Pero eu tamén comprendía que se trataba para el dun desafío, dunha maneira de compartir o seu traballo con alguén que el esperaba receptivo e romper dalgunha maneira a incomunicación en que el vivía, que era por entón o máis normal en que se podía vivir.

Non é pouco mérito sobrevir naquelas circunstancias tan pouco propicias, non só para a actividade cultural, senón, e moi especialmente, para unha actividade cultural galega. Paréceme que, para os que non pasaron pola experiencia daqueles anos de represión e de indiferenza —esta última, penso, peor aínda que a represión—, nunca poderán facerse unha idea do que foi o inicio da recomposición do galeguismo daqueles anos. Esixiu actitudes heroicas e non só patrióticas, porque eran un mundo de pechar portas, de negar e de impedir.

Por iso, cando aparecían, moi de lonxe en lonxe, por Santiago Novoneyra ou Manuel María, vivíamos a súa chegada como un verdadeiro acontecemento: tiñan libros publicados, eran coñecidos, representaban unhas actitudes semellantes ás nosas, con todo o cal nos identificabamos. Porque tamén viamos ilusión nos demais, fóra do noso círculo. Isto era moi importante para todos nós. E supoño que, polas mesmas razóns, para eles, os novos escritores de entón, os dous illados no seu mundo —un case incomunicado— nos tesos cumes do Caurel.

Noutra das súas estadas en Santiago apareceu acabado de casar. Veu ao Café Español con Saleta e, como acostumaba, leunos poemas seus, moitos, mentres fumaba sen parar. Saleta enleáballe os pitos, enchía o papel de

picadura, e dáballe o pito feito. Tivo moito éxito esta perfecta compenetración entre os dous. Saleta sorría mentres facía o seu traballo e Manuel botaba fume a esgalla mentres lía versos e máis versos. Cando, rematada a lectura dun, erguía aqueles ollos seus (que a min me semellaban ollos de vaca e que, ao parecer, eran merecentes de moito éxito entre o persoal feminino: en certa ocasión, unha amiga común alporizouse toda e case rompe comigo ao referirme desa maneira aos ollos do poeta da Terra Chá, subliñando que eran moi fermosos e que eu non sabía o que dicía) e miraba para os ouvintes, como se esperase a nosa aprobación, o noso entusiasmo ou a nosa complicidade. E seguía.

Como quería mostrarlle a Saleta a catedral, Bouza Brey ofreceuse a facer de guía e levounos por todas as dependencias, incluído o museo, explicándolles polo miúdo os tesouros e a riqueza cultural que o templo acocha. Non puideron atopar mellor guía.

Hai outra foto desta estada de Manuel María e Saleta en Santiago, con Fermin Bouza Brey, tamén tirada no paseo da Ferradura. Nela aparecen xunto a eles Avelino Franco Grande e Xosé Philippot Abeledo. Tamén figura incluída no meu citado libro.

Fóra dos tempos de Santiago case non tiven relación con Manuel María. Só ocasionalmente nos viamos ou rara vez falabamos por teléfono. Apenas me carteei con el, a diferenza do que adoitaba facer con moitos rapaces daqueles anos. Os tempos foron cambiando e o que podía ter algo ou moito de gueto foise abrindo e espallando, o país foise “animando” e os tempos, sen teren chegado, para recorrer á expresión pondaliana, foron mellorando.

Manuel María está no inicio mesmo deses novos tempos. El e Novoneyra, sen esquecer a Cuña Novás ou a Pura Vázquez –estes dous á marxe do que era o noso mundo cotián, cos que ademais non tiñamos relación nin contacto directo–, lembrábannos aos máis novos, xa da xeración seguinte, que tiñamos unha tarefa por diante e que cumpría incorporarse a ela. Xa non era pouco ter esa seguridade.

X. L. F. G.

A “CANCIÓN PARA CANDO SE ESCOITA FALAR CASTRAPO”: CRÍTICA DA DESLEALDADE LINGÜÍSTICA

Xosé R. Freixeiro Mato

Canción para cando se escoita falar castrapo

Ollade esa entroidada: son galegos,
xente do pobo, sinxela e moi normal.
Olládeos, como un fato de borregos,
falando o seu castrapo “tipical”.

Exprésanse nunha estraña xeringonza,
van falando un idioma que non hai.
E senten gran reparo, gran vergonza,
en falar, como é debido, a fala nai.

Ollade os moi paletos e cretinos
ladrando o seu castrapo por aí,
intentando ser lidos, cultos, finos
imitando os “castizos” de Madrí.

Eles, pobres, non poden ser culpados
polo seu idioma, tristeiro e anormal.
A culpa é de quen di: “*Sede educados,
que falar galego está moi mal...*”

(*Canciós do lusco ao fusco*, 1970)

1. Introducción

A Real Academia Galega dedica o Día das Letras Galegas do ano 2016 a Manuel María, doce anos após o seu pasamento na cidade da Coruña, a mesma onde cen anos antes, en 1916, se fundaran as Irmandades da Fala. Eis, pois, unha feliz coincidencia: o centenario do nacemento do nacionalismo galego, directamente vinculado –mesmo no nome– á defensa da lingua galega, e o recoñecemento e homenaxe pública ao poeta que máis versos dedicou á exaltación do idioma propio e que militou activamente, até a súa morte, no nacionalismo galego herdeiro das Irmandades. El mesmo deixou escrito nun dos seus poemas d’ *As rúas do vento ceibe* (1979), feito nun principio para as crianzas, mais non só: *As Irmandades da Fala / contra o feroz centralismo / déronlle ao pobo galego / un claro nacionalismo. / E despois das*

Irmandades / esforzados galeguistas / gañaron grandes batallas, / fixeron grandes conquistas! Non hai dúbida de que Manuel María foi un deses ‘esforzados galeguistas’ que, se aínda non gañou grandes batallas, poderá un día gañalas, pois a súa obra perdura como referente e exemplo para as novas xeracións de galegas e galegos que queren un futuro de dignidade para a súa lingua e para a súa nación.

Manuel María nace en Outeiro de Rei no ano 1929, cando no Estado se está a punto de producir o tránsito do réxime monárquico á Segunda República, a que porá fin a cruenta sublevación militar de 1936. Por aquela altura en que o poeta veu ao mundo, as Irmandades da Fala, que celebraran na cidade de Lugo, a poucos quilómetros de Outeiro, en novembro de 1918 a súa primeira ‘Asamblea Nazonalista Galega’, estaban no proceso de confluencia e transformación en partido político, o Partido Galeguista, que unificou a loita galeguista e que mantivo a defensa do galego como elemento esencial da súa actuación. Os primeiros anos de vida do poeta vanse desenvolver nun marco sociopolítico de mudanza, convulsión e esperanza en que a Galiza, nomeadamente a través de deputados nacionalistas como Otero Pedrayo e Castelao, vai estar presente nos debates políticos do Estado e a lingua galega vai tamén ser defendida con paixón e intelixencia no foro parlamentar de Madrid. Ao mesmo tempo, no propio país prolónganse os ecos galeguizadores das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos, en canto os escritores da Xeración Nós continúan o seu labor creador e divulgador, estendendo o uso do galego ao ensaio e a consolidáreno na prosa narrativa. O Partido Galeguista vai converter a loita pola galeguización do ensino e polo dereito indiscutíbel ao uso do idioma propio nun eixo fundamental da súa actuación política, que frutificará no Estatuto de 1936 co recoñecemento da súa cooficialidade. *Mais no ano trinta e seis / militares e fascistas, / asoballaron Galiza / con xeitos imperialistas!*, dinos tamén o poeta na mesma composición antecitada. E con efecto, a sublevación cívico-militar fascista interrompeu todo ese proceso e esfarelou o movemento nacionalista, de modo que o neno nado na Casa de Hortas de Outeiro de Rei vai criarse sen eses referentes nun clima de represión e ocultamento da identidade galega, e de desprezo polo idioma propio.

No entanto, non tardaría un novo e inquieto Manuel María con inclinación para o mundo das letras en descubrir a realidade dun país e dun

idioma que se pretendían agochar. E entón irá adquirindo conciencia do valor de posuír unha lingua propia e tamén vai ir descubrindo a existencia e o labor das xeracións de preguerra, nomeadamente da Xeración Nós, do Seminario de Estudos Galegos e das propias Irmandades. Xa comprometido co seu país e cos seus sinais de identidade, Manuel María non podía ter máis lingua literaria do que o galego, idioma de que se converte en esforzado construtor e inquebrantábel defensor. Alén de escritor polifacético en lingua galega, tamén vai ser, por tanto, un activista en prol do seu uso social e público, ben como adáil da súa dignificación, como principal símbolo de identidade colectiva do pobo a que pertence. Primeiramente, o galego foi a súa lingua familiar, logo converteuse tamén na lingua literaria que con tanto afán cultivou e durante toda a súa vida tornouse igualmente no idioma en que desenvolveu o seu activismo cultural, social e político, ben como, en parte, tamén no motivo de tan prolongado e fecundo labor militante.

2. Subordinación política, complexo de inferioridade e morte das linguas

Xa Castelao fora ben consciente dos efectos perversos da subordinación política da Galiza, que converteu o galego en lingua subalterna e afastada dos usos cultos, e que supuxo a implantación do castelán como lingua de poder e de prestixio, feito que provocou que as clases altas galegas fosen paulatinamente abandonando o idioma propio e adoptando o foráneo, en canto as clases baixas se viron desprezadas por falaren a lingua que sempre falaran; entre as consecuencias que disto se derivaron cita o ilustre rianxeiro o complexo de inferioridade: “Prohibíchedes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles creer que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben”. Ligada ao complexo de inferioridade, aparece tamén neste autor a referencia ao desprezo da propia lingua e mesmo un sentimento de vergoña nas clases populares, que “teñen sempre un pouco de rubor ao falaren, como se a concencia os acusara de empregaren un instrumento vil ou envilecido”. Se isto o escribiu Castelao hai xa moitos anos, aínda na actualidade un sociolingüista como Fernando Ramallo sinala, dentro da tipoloxía de galegofalantes que pretende establecer, o falante “oculto (vergoñoso) en público”, que caracteriza como “falante inseguro, con frecuencia inzado de prexuízos sobre a lingua e que prefire expresarse nun castelán marcadamente galeguizado”.

Por tanto, semella que certo complexo de inferioridade aínda continúa a operar nalgunhas persoas que falan galego na actualidade. Tal complexo polo xeral vai asociado a aqueles grupos sociais que se consideran inferiores a outros, aos cales gostarían de pertencer; e aplicando isto á cuestión que aquí interesa, o proceso de identificación das persoas que falan linguas dominadas co grupo sociolingüisticamente dominante leva consigo dependencia a respecto deste e mesmo complicidade cos seus comportamentos e accións, aínda que vaian dirixidas directamente contra a existencia do grupo de orixe e supoñan o seu xenocidio lingüístico e cultural. Mais para chegar a esta situación, que presupón a perda da conciencia lingüística, tívose de producir con anterioridade unha serie de experiencias xeradoras de má conciencia e nomeadamente dun complexo de inferioridade motivado por unha situación de conflito. Este derivaría da tensión entre a vontade de se pasar ao grupo dominante e de ser socialmente aceptado, e o medo provocado por unha frustración reiterada nunha serie de situacións sociolingüísticas parecidas. Tal complexo de inferioridade das persoas falantes das linguas dominadas é paralelo co de superioridade que senten as que falan as linguas dominantes, obedece a mecanismos psicolóxicos e pode acabar por desencadear un proceso de mudanza de lingua, a se consumir así a deslealdade lingüística.

A “Canción para cando se escoita falar castrapo” de Manuel María, incluída no libro *Canciós do lusco ao fusco* (1970), exemplifica ben o proceso de abandono da lingua propia como consecuencia duns preconceptos lingüísticos fortemente instalados na sociedade galega após séculos de subordinación política. Os que se explicitan no texto son basicamente dous, certamente eficaces e ben enraizados na sociedade; o primeiro é o preconcepto de o galego ser lingua de xente bruta e ignorante, de modo que para “ser lidos, cultos, finos” hai que renunciar a esa lingua –vulgar e inculta– e falar a lingua foránea das clases dominantes, o español dos que imitan “os *castizos* de Madrri”; o outro preconcepto que transparece no poema, moi ligado ao anterior, é o de falar galego ser un sinal de descortesía ou má educación: “*Sede educados,/ que falar galego está moi mal...*”, como mostra dun discurso socialmente circulante que conduce a “xente do pobo, sinxela e moi normal” a sentir “gran reparo, gran vergonza” por falar galego e, como consecuencia, ao complexo de inferioridade que conduce

á deslealdade con el, isto é, ao seu abandono. Así pois, os preconceptos xeran un sentimento de vergoña e complexo de inferioridade –mesmo pode chegar ao autoodio– que acaba por provocar a deserción lingüística. É ben certo, entón, que os preconceptos poden matar as linguas dominadas, como é o caso do galego, e diso era ben consciente Manuel María. Por iso arremete neste e noutros moitos poemas contra as persoas que son desleais coa súa lingua.

A exaltación apaixonada da lingua popular e a crítica desapiadada contra as persoas que desertan dela constitúen os dous eixos básicos do pensamento lingüístico de Manuel María, quen, ao tempo que rebate as actitudes contrarias ao uso do galego, combate tamén os preconceptos existentes ao respecto. Como tanto aquelas como estes son abundantes na sociedade galega, son moitos igualmente os poemas que tratan sobre estas cuestións que, no fondo, enfrontan o tema da deserción da lingua propia, ou da deslealdade lingüística, en expresión máis habitual na terminoloxía sociolingüística.

O autor é consciente de o grave problema do galego residir no seu abandono por parte das persoas e grupos que procuran a mobilidade social ascendente; isto é, membros das clases populares que, ao teren expectativas de mellora socioeconómica, renuncian ao uso do galego como máis un instrumento para a conseguiren; e, unha vez dado ese paso, tórnanse en eficaces axentes da desgaleguización, proceso moi ben descrito tamén por Celso Emilio Ferreiro cando fala dos “pequenos mequetrefes sen raíces” que ao se poren a gravata renegan da súa lingua –a “Canción para cando se escoita falar castrapo” mantén unha relación de intertextualidade co poema “Deitado fronte ao mar” do poeta celanovés–. Tal proceso histórico ten as orixes en finais da época medieval e nos primordios da moderna, cando as clases altas galegas comezaron a abandonar o idioma propio para adoptaren o castelán dos colonizadores na procura de conseguiren mellores posicións de poder e de progreso material. Por tanto, dunha perspectiva histórica foi a deslealdade coa lingua propia e o seu abandono por outra allea a causa da perda de falantes e de prestixio do galego, convertido progresivamente en lingua exclusiva das clases populares. É por iso que Manuel María pon moito o acento na crítica á deserción lingüística, consciente de que, se esa deriva histórica non se frear, o galego camiñará inevitabelmente cara

á desaparición, a se consumar así o proceso de substitución lingüística iniciado hai séculos.

Neste sentido, alerta o poeta nas súas composicións de contido sociolingüístico do perigo que supón para un pobo a perda da súa lingua propia, feito que sería como perpetrar “o seu propio xenocidio”, acción característica dun “pobo vil”, e cualifica directamente de “suicida” a xente que renuncia ao seu idioma para o substituír por aquel que lle vén imposto de fóra. Incide en que a renuncia á lingua propia “é semellante a morrer” e insiste igualmente no deber de falarmos galego e no noxo que lle producen aquelas persoas “que renegan da súa fala”, porque para el se deixarmos morrer a lingua a Galiza esquecerá o seu pasado e non poderá progresar. Estas ideas e expresións proveñen de poemas de obras diversas e de épocas diferentes, mais están tamén presentes no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega: “Sería abominábel negarlles ese ben supremo [o galego], esencial para que Galicia viva e sexa algo no mundo. Se un idioma morre, morre tamén o pobo que o fala”. O poeta é plenamente consciente de que nesa posíbel morte do galego unha importante parte da culpa téñena aqueles pais e nais, cualificados de “traidores”, que ensinan os seus fillos e fillas a falaren en español: *O máis noxento que hai na creación / son eses pais galegos que lles / aprenden a falar aos seus fillos / en español-castelán-castrapeado / para colonizalos xa desde neniños / e que sexan eivados toda a vida.*

Por iso na “Canción para cando se escoita falar castrapo” utiliza tamén termos e expresións cunha grande carga pexorativa e emotivamente impactantes ou ferintes para describir a deserción do galego por parte de xente do común: “entroidada”, “fato de borregos”, “castrapo *tipical*”, “estraña xerigonza”, “paletos”, “cretinos”, “ladrando”, “pobres”, “tristeiro e anormal”. Na realidade, todo o poema está construído con base no léxico directamente connotado de valores depreciativos para as persoas desleais coa lingua propia, que transfiren ao conxunto da composición unha negatividade só atenuada polos dous derradeiros versos. Estes contextualizan e explican a situación descrita, ao tempo que mitigan o ton ofensivo dos precedentes por descargaren a culpa da deslealdade lingüística nas persoas socialmente relevantes que alimentan e difunden os preconceitos sobre o galego, de modo que esas persoas ‘cretinas’ e ‘paletas’ se tornan máis vítimas do que verdugos da posíbel morte do idioma.

3. A deslealdade lingüística das persoas castrapistas e bilingüistas

O autor posúe clara consciencia da existencia dun conflito lingüístico na Galiza pola presenza dunha lingua foránea que funciona como lingua das clases poderosas e que se impuxo á lingua propia, convertida en fala das clases populares. O termo sociolingüístico máis acaído para a definición desa situación é o de ‘diglosia’, que o autor só utilizou nunha ocasión nos seus versos, mais que, sen necesidade de o citar expresamente, está presente con frecuencia nos poemas de contido sociolingüístico a través das situacións referidas. Fai un maior uso do termo ‘bilingüismo’, e nomeadamente do adxectivo ‘bilingüista’, que utiliza como depreciativo e na práctica cun valor moi próximo ou coincidente co de ‘castrapista’, de modo que bilingüistas e castrapistas serían persoas que tiveron o galego como primeira lingua e renegan del ou persoas que falan tanto unha lingua como outra sen asumiren ningún compromiso persoal co uso do galego. A “xente do pobo, sinxela e moi normal” do poema que se está a comentar, que vai “ladrando o seu castrapo por aí”, enténdese que foi galegofalante incial e que logo tamén pasou a falar o español, de modo que é castrapista e tamén bilingüista.

Nunha situación de conflito lingüístico como a que se produce na Galiza, os estudos sociolingüísticos dinnos que o bilingüismo é o paso intermedio que conduce ao dominio total da lingua considerada superior e á consumación da substitución lingüística; e nesta liña está o pensamento de Manuel María, que considera o bilingüismo como o pai do castrapo, isto é, como o xerador dunha situación lingüística que acabará por provocar a imposición do español e a morte do galego. Ou dito con outras palabras, o bilingüismo implica o ‘conformismo’ cunha situación de dominio secular do español que leva ao triunfo do ‘castrapo’ –ou castelán– na Galiza, como con clareza explicita nunha composición tirada dunha das súas obras teatrais: *O bilingüismo, / pai do castrapo, / é conformismo / paleta e parvo*. Nesta mesma composición cualifica o bilingüismo como “si e non”, isto é, falta de definición e de compromiso no uso do galego; de aí que acabe por xuntar bilingüistas e castrapistas como desertores e inimigos do galego, nun caso de deslealdade lingüística que vai asociado á vergoña por falar a lingua propia, ao abandono desta e inclusive ao fenómeno do autoodio, outro tema presente nos poemas de Manuel María de contido sociolingüístico. A composición “Acuso a clase media” tórnase un bo exemplo, pois é nalgúns sectores desa clase media que

sempre tiveron en perspectiva a mobilidade social ascendente, naqueles que ao melloraren o seu status social xa non queren “falar a fala nai”, como escribira Celso Emilio Ferreiro, onde os sociolingüistas sitúan o sentimento de vergoña polo idioma propio, o autoodio e, por consecuencia, a deslealdade lingüística e a mudanza para o idioma de máis poder e prestixio social. Estas persoas pertencentes á clase media ou ás clases acomodadas si serían, por tanto, culpábeis da deserción do galego; para elas non hai eximentes, como si os hai pra as clases populares na “Canción para cando se escoita falar castrapo”. Téñase en conta que cando o autor publicou este poema, ano 1970, as persoas labregas, mariñeiras e operarias sen cualificación, moitas delas emigrantes, constituían as clases populares, en canto as clases medias –funcionariado, comerciantes, profesionais liberais etc.– eran consideradas clases privilexiadas.

Por esta vía vai xurdir na obra de Manuel María a figura do “señorito”, prototipo de persoa que renega dos modos e costumes das clases populares e tamén da súa lingua, de forma que nun “Breve manual para aprender para señorito” deberá figurar como unha das súas normas *Non falar galego endexamais / (é idioma do pobo, moi vulgar)*. Un señorito de clase media non poderá falar galego porque provén “de xente fina” e no seu lar tal idioma só o usa a xente do servizo doméstico; no mesmo poema –“Prego de descargos”– explíciase máis unha vez o fenómeno do autoodio ligado ás persoas que mudan de lingua na procura do ascenso social, como afirma Ninyoles e outras persoas especialistas na materia: *(Fíxese ben en tantos galegos / que están a aprender para señoritos, / que noxo e que vergoña, / que desprezo! / lles fai sentir o seu idioma)*. Por tanto, a denuncia do autoodio está moi presente na poesía de contido sociolingüístico de Manuel María, embora só o cite expresamente nun poema, o “Canto á colonización”, onde o presenta como propio da persoa colonizada que comeza desprezando a súa terra e renegando dela para terminar por se odiar a si propia.

Mais tamén na súa obra poética Manuel María vai explicitando casos concretos de deslealdade lingüística. Se na “Canción para cando se escoita falar castrapo” se critica a “entroidada” de persoas galegas do pobo se expresaren nun castrapo que non existe como lingua –*Ollade os moi paletos e cretinos / ladrando o seu castrapo por aí, / intentando ser lidos, cultos, finos, / imitando os “castizos” de Madrí*–, noutra composición refírese aos cantantes de orquestra que nas romarías galegas usan palabras “no castelán mais desastroso”

que os romeiros non entenden. Tamén realiza críticas aos responsábeis das televisións, que din “ cousas incomprensíbeis nun castelán a barbeito ” e apenas “ falan galego ”, ou á maior parte dos mestres e mestras, que “ moi tristeiro papel fan ” ao non ensinaren nada da Galiza e falaren en castelán. Mediante a ironía enxalza aos tendeiros das vilas e cidades galegas porque foron fieis ao seu pobo e “ sempre falaron galego ”, e ao funcionariado por falar “ un galego tan correcto ”. Alude igualmente de modo irónico a aquelas persoas “ ilustres ” que preferiron escribir na “ lingua allea ” dos que mandan, atraizoando a súa xente e a “ vella fala asoballada ”, ás “ vergoñosas academias ”, ás persoas “ castrapistas ” e “ bilingüistas ”, lamentando non posuírmos escolas, xornais, radios, televisións ou case libros en galego e termos de escoitar sermóns nunha lingua allea.

A figura do bilingüista ou castrapista é recorrente na obra de Manuel María, tamén no seu teatro; así, no *Auto do Castromil* (1992) aparece como personaxe o “ Baúl do castrapista ”, que se expresa nun castelán agalegado. Igualmente, na súa obra narrativa aparecen as persoas castrapistas ridiculizadas: “ Eran preguizosos, ignorantes, castrapistas, esmorgantes, clasistas, ridículos e domesticadiños a máis non poder ” (*Historias do empardecer*, 2003). Nesta mesma obra a ridícula figura do Tumbalobos exprésase nun castrapo insoportábel, inverosímil e con gueada. Como se pode ver, hai correspondencia plena entre as ideas lingüísticas expostas nos seus poemas e no resto da súa produción literaria. Nela a persoa bilingüista ou castrapista é asimilabel á figura da persoa colonizada, pois esta tamén renuncia á súa propia lingua para utilizar a de quen a asoballa: *Son un bilingüista / moi apaixonado, / un colonialista / ben colonizado*. Un dos métodos utilizados polos colonizadores é xustamente faceren que as persoas esquezan a propia fala mostrándollela como “ bruta e mala ”.

Cualifica as persoas castrapistas de antigalegas e traidoras por renunciaren ao seu compromiso “ ineludíbel ” coa “ patria asoballada ”, crítica que reitera nos seus artigos de prensa cando fala dos “ castrapistas domesticadiños ”; e chámalles “ parvos ” aos “ finos ” que se distinguen dos demais por falaren castrapo, terminando por establecer para eles a tipoloxía de “ galegos folclóricos ”: *O galego folclórico é castrapista, / coida que o galego é un dialecto*. Desá denuncia contra bilingüistas e castrapistas non se libra a Real Academia Galega, que cualifica como diglósica, inobilista e bilingüista. Mais o autor tamén estende a responsabilidade polo abandono e posíbel

morte do galego a toda a sociedade, nunha actitude desta que el xulga case suicida e sobre a que xa alertaran algúns autores da Xeración Nós. Como única saída posíbel á súa situación de subordinación sinala a normalización do galego e rexeita o bilingüismo como vía alternativa: *O bilingüismo / colonizante / é o instrumento / máis alleante!* Precisamente porque concibía o discurso do bilingüismo como unha trampa do poder para acabar co galego, opúxose a aquel Real Decreto de 20 de xullo de 1979 sobre a incorporación da lingua galega ao sistema educativo, máis coñecido como Decreto de bilingüismo, publicado nun clima de represión contra o profesorado que impartía as aulas en galego: *O tal decreto-morcego / témolo que derrogar / para poder normalizar / o noso idioma galego!*

4. Conclusión

A través das moitas páxinas e versos que o autor lle dedicou á lingua galega fica moi clara a importancia que lle concede no pasado, no presente e no porvir da Galiza. Para el esta é a simbiose de lingua e pobo, pois non concibe unha Galiza sen galego nin un pobo galego que se poida expresar nunha lingua diferente. O pobo estará constituído polas clases traballadoras –labregos e labregas, xentes do mar, emigrantes– que falan galego, non polos señoritos renegados que falan o castrapo, de modo que a nación galega é unha nación de xentes traballadoras. E el séntese facendo parte dese pobo ao que pertence por orixe, fillo de labregos, e por vocación, poeta nacional-popular que se expresa na lingua do pobo e que a defende con paixón, criticando con dureza e intransixencia aquelas persoas –castrapistas, bilingüistas– que a abandonan por outra allea. A renuncia ao idioma galego presupón para o poeta a renuncia ao futuro da Galiza e a propia desaparición desta. En troca, afirmar a lingua propia é asentarse con dignidade na historia e enfrontar con decisión o seu futuro como nación orgullosa de si propia.

A “Canción para cando se escoita falar castrapo” sintetiza esa visión da lingua galega por parte do autor. Con linguaxe directa e provocativa, denuncia neste poema a deslealdade lingüística das persoas do pobo que, vítimas dos preconceptos lingüísticos, pretenden imitar unha fala allea e se tornan castrapistas, renunciando á lingua propia. Mais para acharmos os verdadeiros culpábeis desta situación cómpre ollarmos para os señoritos de clase media e alta que transmiten o seu desprezo e vergoña polo galego ás

clases populares, aínda que estas e a sociedade no seu conxunto tamén teñan a súa responsabilidade.

Se no ano en que se lle dedica o Día das Letras Galegas se conseguir que as galegas e galegos lean a súa obra e asuman o compromiso co galego que nela se lles demanda, aínda será factíbel que Manuel María gañe, e con el toda a sociedade galega, a grande batalla da normalización da lingua que constitúe “a esencia máis nosa” e o principal “patrimonio do pobo”, como el mesmo deixou escrito. Esa sería, con certeza, a mellor homenaxe ao poeta no ano en que tamén se conmemora o centenario das Irmandades da Fala, cuxo himno, escrito por Luguís Freire, proclama: *Na fala gallega vive / a ialma da nosa terra. / A redención de Galicia / nos seus acentos latexa.*

X. R. F. M
Universidade da Coruña
Grupo ILLA

EVOCACIÓN DE MANUEL MARÍA

Salvador García-Bodaño

O fecundo poeta galego Manuel María Fernández Teixeiro (1929-2004), literariamente coñecido como Manuel María, pertenceu ao alboxear da denominada Promoción do Abrente, integrada por unha serie de vates nados arredor do 1930 e estreitamente vencellados cos da subseguinte Xeración das Festas Minervais. Logo daquela certa indefinición temática e estética da promoción anterior, ven representar coma unha mañá esperanzadora, coma un romper da luz daquela aterradora escuridade sen saída. Mais algo máis que o firme renacer da poesía autóctona, significa un rexo elo de forxa que xungue, de novo, a cadea da nosa tradición literaria entre o inmediato pasado e un porvir que nos convoca á loita creadora común.

Voces diversas que asumen a fala da súa terra, manexándoa cunha grande mestría e cunha fonda riqueza expresiva popular. Voces dispersas que van xuntando a verdade do seu cantar no seo de acentuadas características como teren publicado o seu primeiro libro en lingua galega. O predominio do autodidactismo. A iniciación no comezo do descubrimento de Galicia como entidade socio-cultural diferenciada. O establecemento de relacións con figuras sobreviventes do galeguismo da preguerra. Onirismo. Paisaxismo. Individualismo angustiado. Socialrealismo que atoparía continuadores na versión celsoemiliana seguida polos Novísimos. A esculca en novas direccións poéticas. Colaboración en revistas diversas coincidindo con poetas da Promoción Ponte e da Promoción das Festas Minervais.

Para todos cantos temos coñecido ao poeta Manuel María, este tempo que estamos a lle dedicar á súa memoria na contorna da celebración do seu Día das Letras Galegas en 2016 fainos máis intensa a memoria do vello amigo. Ven como a traspasar arestora a soleira da lembranza case igual que naqueloutras ocasións nas que chegaba, despaciosamente, dende algures para se sentar cabo de nós e falarmos de historias e xentes da patria, da nosa patria amada que el quixo axudar a construír con poemas e a reter na maxia escrita das evocacións.

Vivió os primeiros anos en Outeiro do Rei. Logo, foi estudar o bacharelato a Lugo, onde andaría a botar uns anos na casa dun tío, párroco

en San Froilán e seica rixido en demasía. Cumpriu co servizo militar no ano 1952, sendo compañeiro de Novoneyra. Foi en Compostela cando entra en contacto co parladoiro galeguista do Café Español e, en Lugo, co do Méndez Núñez, frecuentado por Ánxel Fole, Ramón Piñeiro, Celestino Fernández de la Vega, Luís Pimentel, Ánxel Xohán, e outros. Con Ánxel Xohán fundou a revista “Xistral”, da que se habían editar dous números. Anos despois, xa en 1967, recuperaríaa aquel nome para unha editorial que constituíu en Monforte de Lemos, onde se fora establecer, xa casado, como procurador dos tribunais e onde, ademais, co pasar do tempo, abriu unha tenda-librería.

Cando é así, é dicir, cando rebuscamos no pasado, fáiseme mesmo inevitábel o tentar remontar á corrente das lembranzas, como quen segue un río ata remotas orixes perdidas nas brétemas do tempo e do esquecemento, e procurar as circunstancias nas que se produciu o noso coñecemento. Neste senso, debo afirmar que, xa nos anos cincuenta, me tiñan falado de el e máis de Novoneyra tanto o pintor Carlos Maside como Ramón Piñeiro. Pouco antes, cando os chamaran para cumprir o servizo militar, seica se achegaban con frecuencia por Compostela, desde o cuartel de San Caetano, e, a partir desa época, non deixaría de vir visitar aos amigos radicados na urbe compostelá e manter citas fixas como a da noite dos Fogos e o Día da Patria Galega.

Persoalmente, teño a impresión de que coñecera a Manuel María alá por 1959 ou 1960, con motivo dunha lectura de poemas que lle argalláramos un grupo de amigos estudantes nacionalistas nun amplo reservado da taberna-restaurant O Estradense, que estivo situada na esquina da Rúa do Hórreo co calexo de Pitelos. Coido que nos lera ademais de poemas xa publicados en *Muiñeiro de brétemas*, *Morrendo a cada intre*, *Advento*, *Terra Chá* (naquela altura o seu poemario máis coñecido, editado en Edicións Celta, de Lugo, con pequenas composicións, ás que co pasar do tempo engadiría numerosos poemas de maior envergadura e rexistro), *Libro das cantigas*, *Documentos persoais*, e inéditos de *Libro de pregos*. Fora un recital de longametraxe, amenizado con comentarios na lectura. Aquel reservado xa adquirira unha certa historia literaria, pois alí adoitaban reunírense os membros do xurado de poesía galega das Festas Minervais nas que moitos de nós participabamos. Alí coñecín tamén a Saleta, e me resultara moi simpático o feito de que lle levaba ao Manuel a carpeta cos poemas e tamén lle gardaba o tabaco. Dende

entón, habían ser moitísimas as veces que coincidiríamos ao longo da nosa vida en xuntanzas culturais, premios, recitais e actos literarios.

Nunha ocasión, fun visitalos, coido que por primeira vez, ao seu domicilio de Monforte, que segundo me confirmou telefonicamente a propia Saleta estaba nun terceiro andar na rúa Roberto Bahamonde. Eu paraba preto, no Hotel Río, onde non había moito que, por mal de amores cunha moza, se suicidara un profesor e amigo de nós apelidado Ricoy, compañeiro de Marina Mayoral, Arcadio López-Casanova e Xavier Carro na Universidade de Santiago de Compostela, antes de se ir á de Madrid. Naquela cordial visita á vivenda de Manuel e de Saleta, o Manuel me dera a noticia de que lle mandara polo correo o meu libro *Ao pé de cada hora* a Salvador Esprú, porque eu abría o meu texto poético cuns versos do poeta catalán. Respecto do meu libro o propio Manuel publicaría unha lúcida visión da anovadora poesía amorosa que contiñan os poemas e me publicara en *El Progreso* un artigo o 21.1.1968 que de certo ben me gustaría ter conservado. Pero hai máis a respecto daquel día e non quero rematar estas liñas sen dicirlle a Saleta que gardo na biblioteca o bastón de moca de póla de rexa madeira que o Manuel me regalara de entre os dous que tiña arrimados contra unha das librerías do escritorio. Téñoa aquí, pendurado duns andeis de libros, e estouno a ollar, mentres os meus recordos seguen con vós...

A editorial Benito Soto –primeira en publicar libros en galego logo da Guerra civil– baixo a dirección literaria de Celso Emilio Ferreiro, deu ao prelo, no mesmo ano 1950, xunto co *Muiñeiro de brétemas*, de Manuel María, títulos de autores de preguerra tales como Álvaro Cunqueiro e Carballo Calero, e tamén de escritores que se estreaban como Eliseo Alonso e o mesmo Luís Pimentel, nun alarde editorial para aquel tempo que aínda hoxe sorprende. Con aquel libriño, escrito polos dezanove anos (seica facía xa versos cando era compañeiro de Novoneyra alá no Instituto de Lugo), deu comezo o autor chairego a unha moi copiosa produción que continuou ata o final dos seus días. Trátase dun breve poemario de vago contido namorado no que a intención lírica aflúe nun denso verbalismo no que o poeta tendería a reiterarse na súa extensa obra.

Para se atoparen na obra poética de Manuel María algunhas das características da corrente existencialista –diferenciadas desa anguria

persoal, desa humana afección en tempos de adversidade— quizais mellor cumpriría buscalas por algúns dos seus poemas en *Morrendo a cada intre* (1952) máis que en *Advento* (1954), libro este último no que a dimensión relixiosa que pulsa nestes primeiros poemarios se acentúa e se expresa nun xeito de neomisticismo que deriva, por veces, cara un ton entre profético, apocalíptico e/ou imprecatorio, que máis tarde reaparecerá en *Sermón para decir en cualquier tiempo* (1960) e, de xeito máis apreciable, no *Libro de pregos* (1962), que non, pois, unicamente neste libro. Obras estas dúas e poemas anteriores deste signo que foron excluídos na antoloxía *99 poemas de Manuel María* (Porto, 1972). No ano 1954 publica o seu coñecido poemario *Terra chá*, na liña poética do paisaxismo humanista, tan consubstancial coa maioría dos nosos poetas lugueses, pero con algunha incrustación traída do neotrobadorismo.

O que si parece resultar evidente, valorada algunha opinión en contrario, é a súa primacía no cultivo da chamada poesía social ou poesía inserta na corrente do realismo social ou socialrealismo en Galicia, pois que na América tiñana iniciado os poetas galegos do grupo de Buenos Aires. Foi así que saíu á luz, no ano 1958, *Documentos personaes*, que adianta o que xa vai ser unha profusa veta de composicións satíricas e de denuncia nos libros vindeiros deste autor: *Mar Maior*, 1963, de ton ben diferente e meirande altura, pero que quizais tamén espárese por falta de cohesión. Cando o fervedoiro universitario do 1968 publica *Proba documental* e *Os soños na gaiola*. No 1969, *Versos para un país de minifundios* e *Versos para cantar en feiras e romaxes*; *Remol*, 1970; *Cancións do lusco e fusco*, 1970; *Odes num tempo de paz e de ledicia* (Portugal, 1972); os longos poemas impresos no 1973: *Informe pra axudar a alcender unha cerilla*, *Aldraxe contra a xistra* e *Laio e cramar pola Bretaña*; *Cantos rodados pra aliados e colonizados*, 1976; *Poemas pra construír unha patria* e a colección de sonetos *Poemas ó outono*; no 1978, *O libro das baladas*; no 1979, *Catavento de neutróns domesticados*, e tantos máis da súa abundosa bibliografía...

Con *Poemas da labarada estremecida*, 1981, un esperanzador conxunto de composicións de carácter amoroso, *Versos do lume e o vaga-lume*, 1982, e *A luz resuscitada*, 1984, *O camiño é unha nostalgia*, 1985, parece querer incorporarse ás posteriores correntes líricas pretendendo iniciar, deste xeito, un cambio máis alá do popularismo e do coloquialismo que, hai xa

tempo, se lle facía literariamente necesario. En *Ritual pra unha tribu capital de concello*, 1986, experimenta a volta a un vago paisaxismo entre humanitario e sentimentalista. *Sonetos ao Val de Quiroga*, 1988, unha colección de trinta composicións que tentan reflectir un discurso poético de fondo descritivo e evocador da comarca quiroguesa, dentro do tenor formal que se indica no título e que non se comprende como, pola súa dificultade e esixencia de adecuación dos rexistros líricos en rigor da máis perfecta das formas metricoestróficas pechadas, puido ter sido escollido como instrumento expresivo polo autor.

No verán do ano 1991 saíu do prelo *Compendio de orballos e incertezas*, poemario de varia forma e temática no que se abranguen sete dúcias de composicións separadas en sete apartados correspondentes a unha clasificación un tanto gratuíta en baladiñas, fábulas, proverbios, madrigais, rondós, parábolas e himnos. Empregándose para as fábulas e as parábolas a forma de redondillas que lle dan xeito de cantares donairosos e mesmo graciosos, en tanto que no resto do libro priva o versolibrismo de liña poética media, cun contido de ton por veces namorado e melancólico, por veces irónico, que remata con doce textos de carácter moralizante nos que se aprecia un marcado prosaísmo. As súas últimas entregas poéticas, ata daquela, foran *Poemas a Compostela* (1993) e *Cantigas e cantos a Pantón* (1994).

A personalidade de Manuel María, de par de levalo a seguir e a reflectir as correntes e modas varias máis sonadas que xurdiron no tempo anterior á súa dilatada produción de poesía social militante, puxouno tamén a se expresar noutros xéneros literarios diferentes da poesía: no teatro con “Auto do mariñeiro”, “Barriga verde”, “Auto transcendental do ensino tradicional” ou na narrativa con “Contos en cuarto crecente e outras prosas”, “O xornaleiro e sete testemuñas máis” e “Kricoi, Fanoi e D. Lobonís” ou a súa participación na colección gravada “Heiche contar un conto”. En tempos máis recentes, cómpre subliñala triloxía de contos: “A tribo ten catro ríos”, “Cando o mar foi polo río” e “Traballos e vagancias de M.P”. A seguido das datas dos anos 80 prodúcese unha acentuada humanización da súa creación poética e unha marcada socialización e vinculación política á vez que unha ampla e activa participación en institucións como a Asociación Socio-Pedagóxica Galega ou a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega. No ano 1994 recibiu “O Pedrón de Ouro” ao que seguirían outros galardóns. Finalmente,

domiciliaríanse na Coruña ata o falecemento de Manuel María o 8 de setembro do ano 2004.

Rematarei a rememoración do vello amigo con aqueles seus versos:
“A morte é un sopro que, dun golpe, apaga a luz do existir”.

S. G-B.

UNHA POÉTICA AO SERVIZO DA LINGUA

M^a Pilar García Negro

“Acuso a clase media”

Acuso a clase media –grandes e pequenos burgueses–
porque eles foron e son os que traizoan
o espírito sinxelo, enxebre e antergo de Galiza.

Pertenzo ao pobo e falo no seu nome.
Falo en nome dos mariñeiros, dos labregos,
dos ferreiros, dos criados de servir,
dos zoqueiros, dos muiñeiros e arrieiros;
dos humildes carpinteiros de ribeira;
dos alugados que ían a Castela;
dos caseiros que non teñen terra de seu;
dos que se ven obrigados a emigraren;
dos pobres de espírito e dos pobres de pedir;
do coitado xornaleiro que de sol a sol
aínda anda virando a terra co arado romano.

Falo en nome de todos aqueles que,
aínda tendo razón, non llela dan.
Acuso a clase media de egoísmo,
de non ser solidaria co seu pobo,
de brutalidade e de ignorancia,
de lle bicar os pés aos poderosos,
de traficar coa fame e coa miseria,
de vivir na súa terra desprezándoa,
intentando borrar o seu idioma,
asasinando o seu ser diferenciado.

Acuso a clase media de servil,
de axeonllarse diante dos que mandan,
traizoando os seus, a xente súa,
o pobo indefenso e aldraxado.

Acuso a clase media de imitar
as modas que impoñen en Madrid
e de pechar covardemente os ollos
ás realidades que teñen diante si.
Clase media, grandes e pequenos burgueses,
comerciantes enriquecidos co estraperlo,

viñateiros, aceiteiros, contratistas,
 avogados sen lei e sen conciencia,
 propietarios de casas e de contas correntes
 burócratas que adulades o amo
 e que esquecedes o pobo de que vides;
 xentes que comerciades coa emigración,
 coa fame, coa inxustiza e coa miseria;
 ladrós que procurades títulos nobiliarios,
 asasinós que mercades indulxencias e autos
 derradeiro modelo que vos leven ao ceo,
 no nome do pobo, eu vos acuso!

Manuel María

O poema que acabamos de reproducir⁴⁴ fai o número vinte e cinco dos cuarenta e dous que compoñen o poemario *Remol*, publicado en 1970, en Buenos Aires, por Edicións Nós. En nota inicial, o escritor achega datos paratextuais ben interesantes, tanto no que ten a ver coas dificultades de edición na Galiza ou no Estado, de que deriva, ao cabo, a súa publicación na Galiza da emigración, canto na explicación-xustificación da súa propia poética. Declara que o libro foi escrito entre 1963 e 1968, para que os versos espellasen a “realidade trágica” do país. O título xustifícase porque, no meio de desolación tanta (aumento imparábel da emigración; represión política; depravación moral; auto-odio...), a voz poética aspira a ser o remol que lembra a vida, a pesar da cinsa ambiental. O único poema mencionado en singular vai ser precisamente este que transcrebemos e do que o poeta informa que se reproducíu moitas veces, mesmo a multicopista, e foi gravado en disco, coa súa propia voz, pola discográfica Edigsa, de Barcelona, en 1968.

“Pra Carmina e Basilio Losada Castro” na dedicatoria, singularízase dentro do conxunto por varios motivos. En primeiro lugar, é o único con traza de manifesto, evocada xa no título que remete inevitabelmente ao clásico *J’accuse*, de Émile Zola. En segundo lugar, arrédase do ton predominante no poemario –desolado, saudoso, amargurado...– para agarrar a fusta e atacar a deserción, como veremos. En terceiro lugar, por dispoñer –como xa

⁴⁴ Transcrebemos este poema –así como o resto de citas poéticas– do volume MANUEL MARÍA: *Poemas escollidos*, edición e antoloxía de Manuel López Foxo, Casa-Museo Manuel María, 2015, páx. 91.

indicamos— dunha particular megafonía, e non só por ter sido obxecto de rexisto discográfico e, xa que logo, susceptíbel dunha reprodución seriada e cunha recepción considerabelmente ampliada, senón por funcionar isolado, fóra da súa inclusión en libro, como *texto de combate*, isto é, como literatura utilitaria de intervención. É, en fin, un poema de claro saíbo ideolóxico-sociolóxico, que entra de cheo no que denominamos sociolingüística *avant la lettre* ou que aínda poderíamos baptizar como sociolingüística *au dehors de l'académie*, sobre todo se temos en conta que a *académie* galega, sempre dilixente, tardaría décadas en caír na conta da necesidade-rendibilidade de se ocupar de asuntos da denominada, con grande modernidade conceptual, “lingüística externa”.

O poema, con efecto, dá conta dun ruidoso conflito lingüístico. Ruidoso, porque, á altura dos anos sesenta do pasado século, década en que o poema de que nos ocupamos foi escrito, as marxes da disimetría entre a lingua nativa e nacional e a lingua oficial do Estado recrúan o dominio desta, servido agora con novos recursos, con novos *surtidores* lingüísticos. É o tempo da creación e expansión dos “tele-clubes” (franquista-fraguianos) que abren unha nova e eficaz vía de colonización lingüística en moitas vilas-aldeas do país. A emigración (a destinos europeos —Alemaña, Suíza, Franza, Reino Unido...— para alén de continuar aos americanos: Arxentina, Venezuela, Brasil...) acada, na década 1961-1970, cifras altísimas: 229.000 galegos e galegas abandonan por esta vía a Galiza. A escola, a Universidade —o ensino, en xeral—, a Igrexa, a Administración, a Xustiza, os medios de comunicación masivos (agora, co incremento, como xa se dixo, da televisión)... continúan españolizando a conciencia e contundentemente. O dique literario, as novidades editoriais procedentes da emigración-exilio americano, as primeiras asociacións culturais de vocación e práctica galega ou a actividade política clandestina vinculada ao nacemento das primeiras organizacións nacionalistas, nesta década, non dan conxurado, como é obvio, o peso e a potencia dun avasador proceso de asimilación lingüística, de avance da diglosia, de abandono da lingua de orixe.

Eis a situación o contexto en que se produce este poema. Pon o acento no que, en descrición sociolingüística, se caracteriza como a segunda fase no desenvolvemento do conflito lingüístico, aquela en que este adquire a aparencia dun conflito xerado na propia comunidade, en dúas dimensións: a vertical ou social (“altos” /

“baixos”; ricos / pobres; burgueses / traballadores), e a horizontal ou territorial (cidade, vila / aldea). Esta fase é hipercrítica, pois inaugura un marco de relacións internas e crea unha rede de ideas-preconceitos que obliteran as causas reais do conflito (a súa orixe esóxena; a súa condición de derivada dun dominio sociopolítico), para naturalizarse como un conflito social intra-grupo, sinal do endogrupo.

Para o asentamento desta *sincronía*, cómpre arredar, claro está, toda mención á diacronía, isto é, a unha historia secular dentro da cal aquela se entendería cabalmente. O que na orixe, na noite dos tempos (no caso galego, no comezo da Idade Moderna), é semente da discordia (ruptura da homoxeneidade lingüística obrante en galego e a prol do galego: normalidade social e espacial), ou sexa, un uso da lingua castellana asociada á elite dominante (civil, militar, eclesiástica), elite percebida como o que era, estranxeira, co paso do tempo vai penetrando —frutificando— en capas sociais internas ao propio país, a comezar, claro está, por aquelas superiores cuxos intereses de clase están directamente vinculados ao poder político. Esta será a primeira fase da asimilación ao castellano ou español. A falta de poder político real como clase dirixente galega, a aristocracia galega amosa a súa distinción clasista valéndose do idioma de quen manda, con proveito en dúas direccións: selar a complicidade-submisión coa oligarquía castellana-española a través do seu emblema principal, a lingua, e marcar distancia, como xa dixemos, cos subordinados, cos nativos de cuxa forza de traballo vivía e se lucraba.

Este proceso, como é ben sabido, é calquer cousa menos estábel e estático. Opera osmoticamente, por *enchoupamento* lento, por *contaxio*, por se ir agrandando-alargando a cada paso máis as actuacións da diglosia, quer dicir, por aumentar a deserción do galego, por se debilitar a lealdade espontánea e por se incrementar a asimilación —parcial ou total, temporal ou definitiva— ao español.

Esta segunda fase do conflito lingüístico galego coñece un *pico* alto, extremadamente agresivo, a partir da inauguración do Estado liberal español e, no tempo, no ecuador do século XIX: escola; servizo militar (“al Rey”) obrigatorio; Guarda Civil (forza destinada ao rural e responsábel en moitos casos de labores catastrais e censais); promoción (legal, incluída) da emigración, con toda a súa deriva de aumento do auto-odio e da alienación,

do desafecto do endogrupo. É neste contexto –para fortuna da historia contemporánea da Galiza– onde, en paradoxo só aparente, vai nacer a contestación, a oposición, o clamor da rebeldía, a resposta a colonixaxe tanta e a alternativa de elevación patriótica. O nome é Rosalía de Castro, claro está, e con ela aquela promoción de patriotas-escritores sensíbeis para co país con quen selan un pacto tácito que supón asemade un acordo de clase e un acordo nacional: é o emprego do galego axente e efecto, simultaneamente, deste pacto. O só emprego literario do galego –metonimia da súa utilización prestixiante como instrumento público– achégao ao povo, ás clases traballadoras, á inmensa maioría social que no galego ten o seu distintivo e, igualmente, colócaos na avangarda da defensa global da Galiza, porque aquela súa literatura é *seria*, nace con vocación de alternativa, non de complemento ou de contraste estilístico a respeito da dominante, da española.

O que sumariamente evocamos acontece cen anos antes de Manuel María escribir o poema que encabeza estas liñas. Un século despois, a vaga españolizadora non fixo máis que medrar. O poeta acerta a expresar con total exactitude a consecuencia social de maior relevo deste proceso de abandono, de deserción do endogrupo a base do desafecto ao seu signo central, a lingua. O poema móntase, dualistamente, sobre dous pares contrarios social e nacionalmente. Dunha banda, os elementos traballadores vinculados a: oficios-sectores laborais pre-capitalistas, pertencentes a unha tradición aínda non abolida (mariñeiros, labregos, ferreiros, zoqueiros, muiñeiros, arrieiros, carpinteiros de ribeira...); carentes de toda propiedade (criados de servir, caseiros sen terra de seu...); emigrantes (alugados que van a Castela...). Doutra banda, a clase media (“grandes e pequenos burgueses”): traidores a seu povo; egoístas; adúladores dos poderosos; servís até a extenuación; proscriptores do propio idioma; imitadores das modas metropolitanas; estafadores e explotadores da xente de que proceden; negociantes que todo o prostitúen... En suma, descendentes ou imitadores nativos do “porco de pé” da novela homónima de Vicente Risco. O binarismo funciona con toda a eficacia expresiva, nunha *intensificatio* semántico-lexical que comeza, a xeito de sub-texto, coa remota evocación de Xudas para os burgueses e conclúe coa durísima apóstrofe que os alcuma de “ladrós” e “asasinos”.

O eu poético –fundido co eu autorial– é a voz bárdica que non rompe a oposición, xa que, moi polo contrario, toma partido desde o primeiro

verso (non hai síntese posíbel entre tese e antítese tan opostas). O ton asertivo deste tórnase vehemente imprecación, marcada con signos de exclamación, no verso final, nun *crescendo* cuase *cantabile*, reforzado pola anáfora da primeira persoa verbal (“Falo en nome...”; “Acuso...”). A divisoria social-laboral é correlato da espacial: advogados, burócratas, estraperlistas, traficantes da miseria dos indixentes... pertencen á vila-cidade, móvense na proximidade e nos arredores do poder político que os ampara e promove, en beneficio mutuo: ambos se necesitan (como escribera Castelao, a do cacicato non é planta autóctona; é a garantía de funcionamento do despotismo estatal, a mediación que estabiliza e asegura a marxinación da Galiza, o seu papel negativo no conxunto do Estado).

O poema consta de cuarenta e cinco versos. Casualidade ou non, o certo é que a mención directa ao idioma figura no medio e medio da peza, no ecuador exacto do poema, no verso vinte e tres: “intentando borrar o seu idioma”, asociando axiña o delito á identidade: “asasinando o seu ser diferenciado” (verso vinte e catro). Enténdense ambos posesivos (“o seu”) adscritos ao sintagma “na súa terra”. A lingua ocupa o centro máis definido do ser galego, da sociedade galega. O delito da deserción lingüística, o borrado do *pecado orixinal*, é tamén un delito de lesa patria.

Análise tal deste poema fica autorizada cunha mención de extraordinario valor científico. Referímonos á citación explícita que de varios versos do mesmo fai o preclaro sociolingüísta valenciano, pioneiro da socioloxía da lingua e mestre de tantos saberes, Rafael Lluís Ninyoles. Foi a refundición-tradución ao español de dous volumes previos en catalán (*Conflicte lingüístic valencià: Substitució lingüística i ideologies diglòssiques* [1969] e *Idioma i prejudici* [1971]), *Idioma y poder social*⁴⁵, a obra pola que

⁴⁵ Publicada pola editorial Tecnos, en 1972 e reimpresa en 1980, distribuída como obra de referencia por universidades internacionais, nomeadamente alemás e norteamericanas, resultou utilísima para a orientación teórica e para o activismo pro-normalización da lingua galega desde os primeiros anos setenta do século XX, ambos vinculados de xeito central ao nacente nacionalismo galego e á súa actuación social, nomeadamente no ensino. Moito tería mudado a concepción do galego se as ínclitas autoridades político-académicas da pre-autonomía e da autonomía, tan vixiantes dos límites en que debía moverse o galego e do seu control, tivesen aproveitado ensinanzas vitais deste volume, ben úteis para facelas render a prol do progreso e da normalización precisa da lingua galega. Desde a década dos noventa, foi preocupación obsesiva nosa aclimatar tal obra na lingua galega,

comezou a ser coñecido na Galiza. Contextualicemos a mención oportuna do poema de Manuel María. A sección xeral titúlase “Substitución lingüística, diglosia e conflito”⁴⁶. No seu capítulo 2.4., “Pertenza e conflito”, en concreto no punto 2.4.5., “Autoodio e cambio lingüístico” insérense como testemuño significativo versos do poema que comentamos. Paga a pena adxuntar ao menos parte da citación:

A nosa tese é que este sentimento de autoodio é un dos procesos que impulsan, na nosa sociedade [reférese á sociedade valenciana], o cambio de idioma [...]. Entendemos que o fenómeno do autoodio está intimamente ligado na nosa sociedade ao proceso de mobilidade social e é sumamente característico das clases medias urbanas, isto é, adoita aparecer naqueles niveis que se converteron de maneira máis directa no escenario das presións contrapostas (cross pressures) provenientes dos grupos sociais e lingüísticos máis claramente opostos.

A situación non é exclusiva, claro está, da sociedade valenciana dentro do marco cultural peninsular, mais non coñecemos tentativa nengunha de explicar situacións paralelas através da teoría exposta. Baste, non obstante, considerarmos un testemuño significativo que lemos no texto do poeta galego Manuel María “Acuso á clase media”:

Acuso á clase media de egoísmo
de non ser solidaria co seu pobo

.....
de vivir na súa terra despreciándoa
intentando borrar o seu idioma
querendo matar o seu espírito⁴⁷.

na bibliografía galega. Demorado por unha millenta de traballos, tal propósito callou por fin na tradución que Antonio Molexón e quen isto asina realizamos dela, publicada en 2005 por Laiovento e autorizada e prologada polo seu autor. Coñeceu Ninyoles o poema de Manuel María pola gravación discográfica de Edigsa e mais pola lectura de obras de Xesús Alonso Montero, de quen cita tres entradas bibliográficas no capítulo 1.2.5.

⁴⁶ Citamos xa pola edición galega mencionada na nota inmediata anterior (páx. 131).

⁴⁷ Páxinas 193-194 desta edición galega. Nótese a modificación do verso final transcrito: “querendo matar o seu espírito” será substituído na versión definitiva polo máis contundente e marcado politicamente “asasinando o seu ser diferenciado”.

Non é certamente unha casualidade que o poeta se encare coa clase media, pois é precisamente neste estrato de composición heteroxénea onde as tensións soen atinxir unha particular virulencia. Dentro destes niveis o autoodio é unha forma extrema de resposta ás lealdades en conflito⁴⁸.

O sociolingüísta outorga, como se ve, principalía significativa á achega literaria na detección e diagnose da cuestión lingüística, focada na súa entraña social. Polo que toca á particular socioloxía galega, sabemos ben do dilema histórico da “clase media”, vocacionada para o desclasamento cara arriba ou cara abaixo, quer dicir, afanada en imitar modos e modas do poder (versión española directa, versión aclimatada galega) ou, pola contra, inclinada patrioticamente para o povo de que procede. A *radicalidade* das posicións, con efecto, está servida, pola propia escolla dicotómica: anagnórise (defensa da causa popular) en termos de identificación nacional / rol de “capataz” –corda de transmisión da superioridade político-colonial–. Reafirmarse na pertenza ao endogrupo negado ou, polo contrario, negar por todos os medios esta pertenza, a comezar polo repudio do seu signo máis notorio, a lingua.

Simbiose, en fin, interpenetración ciencia-literatura, pensamento discursivo-arte, que tan ben casa coa propia e peculiar historia da cultura galega, inintelixíbel en tantos aspectos se non a contemplarmos na súa realización histórica posíbel (títulos imaxinarios do *filme*: “De como a literatura é moito máis do que literatura”; “De como a política non se comprende sen a literatura”; “De como se construíu a historia contemporánea da Galiza”...), o cal leva a unha obrigada reconceptualización de taxonomías, xéneros literarios e, aínda, historia do pensamento galego. Esta particularidade revélase así mesmo nunha das faces do poliedro literario, cal é a autopoética. Non nos ha de estrañar, por tanto, que, na liña da súa tan amada Rosalía de Castro, Manuel María se esmere en *afiliarse* á razón e necesidade da poesía *omnívora*, a que, en metáfora orgánica, é tan humana, sensíbel e vulnerábel como os seres de que nace e aos que se dirixe. Pomos o ramo, pois, a esta visita a unha das estancias poéticas do grande escritor, do amigo e do mestre que foi, do exemplo que é, Manuel María,

⁴⁸ *Ibidem*.

con este seu texto, titulado “O poema”⁴⁹, do volume “A luz resucitada” (1984):

Un poema é un ser vivo que anda,
respira, soña, chora, salouca,
ama, berra, centila e escurece,
cala, aborrece a mentira,
sente odio e tenrura, desángase,
fala de intimidade a intimidade
coas cousas e coa xente, suxere
mundos posíbeis e imposíbeis,
suda, cansa, ten sede e fame,
adoece, agoniza.
E nunca morre.

M. P. G. N
Universidade da Coruña

⁴⁹ Na páx. 197 da obra citada en (1). Coa preci(o)sa caligrafía do escritor, temos este poema enmarcado, acompañado de varios debuxos da súa man, entre eles un barco, e con esta recordación manuel-antoniana: “E ficamos nós sós / sin o Mar e sin o barco / nós”. Tal obxecto artístico, co poema dentro del e dándolle xustificación, foi composto e ofrecido polo escritor, en 2003, para contribuír a achegar fondos á plataforma “Nunca Máis”, de que foi entusiasta promotor e propagandista desde a súa constitución, en Novembro de 2002, após a catástrofe do ‘Prestige’. O poema que comentamos, socializado, como lembramos, a través da discografía e da súa difusión masiva e “artesanal”. O que utilizamos como feche deste artigo, xenerosamente doado para unha causa extra-individual, cívica e nacional. Máis unha vez, a literatura con moito máis valor do estritamente “letrado”.

LEMBRANÇA DO MANUEL

Luís Gonçalves Blasco

Não posso lembrar quando e onde conheci Manuel Maria. São já muitos anos e a memória não é o que era. Deveu ser em Santiago em 1961 ou 62, desde logo antes da criação do Conselho da Mocidade que é de 1963.

Entre 1963 e 1968 os meus encontros com Manuel Maria eram, em geral, em Santiago ou em Foz. Por Foz iam com certa frequência Manuel Maria e Saleta sobretudo desde que lá se instalou o seu parente Ramón Fernández Mato, co-irmão do pai de Manuel.

Fernández Mato era um político republicano amigo de Castelao a quem conhecia desde que ambos estudavam Medicina na Universidade de Santiago; em fevereiro de 36 saíra eleito nas listas do Partido de Centro, de Portela Valladares. Mato ocupou diferentes postos nos governos republicanos e em 1936 era Diretor Geral de Segurança. Já no exílio participou na reunião das Cortes celebradas em México onde defendeu o estatuto galego. Residia em Cuba mas não gostava do castrismo e foi para Miami, desde ali trasladou-se à Galiza vivendo em Foz durante alguns anos pela proximidade às terras do Valadouro donde era sua mulher. Era um homem de trato afável e contava-me anedotas suas e de Castelao. Nunca esqueço a que me contou sobre as Cortes celebrada em México quando o setor prietista do PSOE se opunha a que se constituísse uma comissão para discutir o estatuto galego, o deputado Pedro Longueira pertencente ao mesmo, foi chamado –repetidas vezes– por Castelao “Senhor Longória”, Longueira queixou-se e Castelao retrucou-lhe “Desde hoy ha dejado su Senhoria de ser gallego” provocando o riso na Câmara.

Das visitas de Manuel Maria a Foz guardo muitas memórias; uma delas é quando entrando eu no mar o vi, com Saleta, devia-lhes chegar a água pelos joelhos e Saleta levava fato de banho mas Manuel estava completamente vestido e com chapéu, apenas tirara os sapatos e refucira as pernas das calças. Cheguei por detrás e ao manifestar a minha estranheza Manuel disse: “O mar é muito grande e um é muito pequeno”. Muito mais séria é outra lembrança focgea de Manuel Maria: quando em 1966 ganhou a “flor natural” nos primeiros jogos florais que se celebraram na vila. Um amigo comum, Suso Fernández, que tinha uma livraria e uma imprensa decidiu editar os

poemas premiados que levavam o título de *Versos frolecidos en loubanza de Foz*; daquela brochura de apenas 20 páginas sem numerar levava eu exemplares a Compostela para a sua venda, apresentava-o como o primeiro livro em galego editado em Foz. Ao se cumprir o 35 aniversário da livraria *Bahía*, em 1998, apareceu uma segunda edição que inclui um novo poema dedicado a Foz e um prólogo de Camilo Gómez Torres. O papel utilizado e as ilustrações contribuem a fazer desta edição não venal uma pequena jóia da bibliofilia.

Em 1968 uma operação policial obrigou-me a me ausentar do meu domicílio santiaguês e passar à clandestinidade começando uma aventura que remataria com a minha solicitude de assilo político em França. Mas não é este lugar para as minhas lembranças mas para aquelas que tenho do Manuel e sobre ele tenho que dizer que durante esse período de clandestinidade estive vivendo umas semanas na casa de Manuel Maria e Saleta; isto supunha para eles um grave risco que aceitaram sem a menor vacilação. Por aquela casa passava muita gente, alguma que eu já conhecia como Margarita Ledo e outra que não, entre eles estava Antom Árias Curto que na altura militava no PCE; Manuel, que não sabia que eu deixara a UPG, pediu-me que tratasse de ganhar Antom, algo que eu fiz sem maiores problemas de consciência por continuar a ser nacionalista, não sei se prenderia algo do meu discurso mas Antom ainda demorou a ingressar na UPG e em dezembro de 1968 participa no congresso fundacional do PCG.

Chegou o momento em que devia marchar de Monforte e não voltei ver⁵⁰ Manuel María e Saleta até a sua viagem a Paris em maio de 1972⁵¹ acompanhados por Lois Diéguez. O motivo principal da viagem era o lançamento do livro *Heures galiciennes*, tradução para o francês de *Canciós do lusco ó fusco*. O tradutor é Lleo Marzo, professor na universidade de Nanterre que realizou um excelente trabalho sendo a edição francesa melhor do que a galega: o livro tem um interessante prólogo do próprio Lleo Marzo intitulado *La poésie galicienne et le cri de Manuel Maria*, e contem dous

⁵⁰ Porém, a nossa relação continuara desde a distância. Tenho os seus livros *Versos pra un país de minifundios* e *Proba documental* dedicados por ele, o primeiro no Natal de 1969 e o segundo no Verão do mesmo ano.

⁵¹ No livro de conversas com Manuel Maria de José Manuel del Caño por gralha diz-se que foi polos anos sesenta e poucos.

poemas mais de Manuel Maria: o primeiro de *Documentos Personae*⁵² e o que devia ser o primeiro de *Canciós do lusco ó fusco*, uma ardente defesa da língua que a consulta prévia “desaconselhara” pelo que não aparece na edição monfortina⁵³. A tradução de Lleo Marzo é relativamente livre; apenas como exemplo o final da *Canción da noite*:

¡Temos que acabar coa noite escura Il faut avoir raison de la
nuit obscure,
senón remataremos por morrer! ou bien nous finirons par
mourir!
¡Temos que batirnos com bravura Il faut nous battre avec
courage
pra que sexa verdá o amañecer! Pour que naisse, vraie, l'aurore!

Esta liberdade de Lleo Marzo não impede a fidelidade ao original por ser uma edição bilingüe: nas páginas pares estão os poemas traduzidos e nas ímpares os originais em galego.

O livro foi editado por Pierre Jean Oswald Éditeur, também é interessante dizer alguma coisa sobre este editor. Trata-se de uma editorial orientada à esquerda e consagrada à poesia e ao teatro, editou textos de Alberti, Atahualpa Yupanqui, Paol Keineg e outros; muitas das suas publicações eram bilingües⁵⁴. Estava organizada em coleções e na que se publicou o livro de Manuel levava o nome de *J'exige la parole*, nela apareceu também o livro de Yann Ber Piriou: *Défense de cracher par terre et de parler breton*⁵⁵. Oswald tinha problemas económicos constantes e acabou por fechar sem poder editar algum outro livro galego como tinha projetado.

Lançou-se *Heures galiciennes* num ato celebrado em Nanterre ao que assistimos bastantes galegos.

⁵² Carné de identidade

⁵³ Canción pra cantar tódolos días

⁵⁴ Quando o original não estava em francês, evidentemente.

⁵⁵ Escrito que se podia ver em muitas escolas –e também noutros lugares– da Bretanha e que quer dizer “Proibido cuspir no chão e falar bretão. Como o de Manuel era uma edição bilingüe.

Durante a estadia de Manuel Maria organizara-se também um ato no local da *rue de l'Assomption*. Este local era de uma paróquia católica para emigrantes que estava dirigido pelo saudoso padre Arturo Aldemunde, a ela assistiam muitos galegos, pela singela razão de que a metade ou mais dos emigrantes procedentes do estado espanhol vinham da Galiza. Eu conhecera Arturo que nos oferecera os locais de que dispunha para fazermos trabalhos com a colónia galega⁵⁶. No ato participara também Amâncio Prada que começava a sua carreira como cantante. Nessa altura –sem ser nacionalista– Amâncio Prada estava próximo do galeguismo e trabalhara connosco na paróquia de Arturo, mais tarde começaria a assistir à tertúlia de *La Boule d'Or* e entraria na órbita de Garcia Calvo e da sua particular acracia.

Manuel Maria e Saleta gostavam muito de Paris que era a primeira vez que visitavam, passei bastante com eles e tiramos algumas fotos.

No mesmo ano de 1972 Manuel Maria voltou por França no outono. Fala desta viagem no livro *Andando a Terra*⁵⁷ e nas conversas com José Manuel del Caño⁵⁸. A história começa com a recensão no número de julho de *Le Peuple Breton*⁵⁹. do livro de Manuel Maria, informado disto Manuel manifestou o seu grande interesse de que *Heures galiciennes* fosse lançado na Bretanha; eu escrevi a Hervé Grall, autor da recensão e encarregado das relações internacionais da UDB, Hervé Grall escreve a 16 de outubro:

Cher camarade,

Bien reçue ta lettre. Le Comité Directeur de l'UDB a donné son accord pour l'organisation du voyage de Manuel Maria en Bretagne, y compris pour la participation aux fraix de voyage de Genève à Brest ainsi que pour toi-même. (...)

Manuel Maria chegou a Paris de comboio, procedente de Genebra, acompanhado por Saleta e por Carlos Xoán Diaz, eu uni-me a eles para continuarmos viagem a Bretanha. Deu dous recitais que deu: um na Casa

⁵⁶ Falo disto in extenso no meu livro *A política e a organização exterior da UPG (1964-1986)*.

⁵⁷ Publicado com o pseudónimo Manuel Hortas Vilanova.

⁵⁸ Em ambos há algumas inexatidões que corrijo no meu livro supracitado.

⁵⁹ Órgão da União Democrática Bretã.

da Cultura de Brest onde depois da sua leitura em galego, Paol Keineg (um dos melhores poetas bretões contemporâneos e militante da UDB de quem Manuel rapidamente se fijo amigo) recitava os poemas galegos traduzidos para o francês; o outro recital celebrou-se na Universidade de Rennes e também foi acompanhado da versão bretã dos poemas; em ambos os recitais participou Carlos Xoán Díaz falando como representante da UPG. Destes actos –dos que também deu notícia a imprensa local– informa o número 111 de *Le Peuple Breton*, correspondente a janeiro de 73, que publica uma foto de Manuel Maria e Paol Keineg sob o cabeçalho *Le poète galicien Manuel MARIA en Bretagne*, o pé da fotografia diz:

A l'initiative de l'U.D.B., le poète galicien Manuel Maria est venu en Bretagne animer deux soirées de poésie galicienne, l'une à Brest, l'autre à Rennes.

Notre photo: Manuel Maria en compagnie de notre camarade Paol Keineg, au cours de la soirée brestoïse, à la M.J.C.⁶⁰ de Pen-ar-Creac'h. Paol Keineg lit la traduction française des poèmes galiciens, qui avaient été lus auparavant en breton.

Au cours de cette soirée, le poète breton Kristian Keginer récita également de poèmes de sa composition.

Para além dos recitais Manuel Maria e Saleta fizeram algo de turismo por Bretanha connosco e com Hervé Grall, gostaram muito do país e intimaram bastante com Hervé a quem Manuel galeguizara o apelido chamando-lhe “Greló”. Da Bretanha trouxera Manuel um “instrumento” como lhe chamava ele muito útil para sacar a carne da centola que na altura era desconhecido na Galiza mas em Bretanha já era comum, Manuel Maria vira-o num restaurante e ao manifestar o seu interesse Hervé Grall regalara-lhe um; Manuel estava orgulhosíssimo com o seu presente.

A forte impressão que Bretanha produziu em Manuel deu como produto o longo poema de que farei a seguir.

⁶⁰ Maison des jeunes et de la culture.

Trata-se do poema *Laio e cramor pola Bretaña*⁶¹. Inicialmente este longo poema devia ser publicado também por Jean-Pierre Oswald numa edição bilingue galego-francês. O livro estaria introduzido e traduzido por Xohán Edreira (Carlos Xoán Díaz). Também se estava preparando para a mesma editorial uma antologia de poesia galega em edição bilingue mas ambos os projectos não chegaram a se realizarem devido à falência das edições Jean-Pierre Oswald. Finalmente *Laio e cramor pola Bretaña*, cuja edição na Galiza fora desaconselhada pela “consulta prévia”⁶², publicaria-se em 1973 nas edições *Poesia & Ficção* de Lisboa com um prólogo de Francisco Rodríguez; resulta curioso que não figurem as dedicatórias do original, que conservo:

Pra Paol Keineg e Hervé Grall, amigos bretóns. Pra Luís e Carlos Xohán, amigos galegos.

Manuel Maria, como é natural intimara bastante com Paol Keineg⁶³ e ocupou-se da sua obra várias vezes, a primeira quiçá fosse um interessante artigo publicado em *El Progreso* a 10 de fevereiro de 1974. Manuel escreve sobre a vida⁶⁴ e, sobretudo, a obra do bretão, detendo-se, particularmente, em *Le poème du pays qui a faim* do que reproduz vários trechos em galego, seguramente tomados da tradução a que alude; também reproduz, traduzidos, três versos de *Hommes ligés des tallus en transe* e dois de *Vent de Harlem*, livro dedicado a cantar a figura do líder afro-americano Malcolm X.

Diz Manuel Maria:

⁶¹ Ao voltarmos de Bretanha no comboio, disséramos-lhe a Manuel: “Depois desta viagem farás-lhe um poema a Bretanha, não?”. Contestou-nos com gravidade que ele não fazia “poesia de circunstâncias”; grande foi a nossa surpresa quando ao pouco tempo nos enviou o seu manuscrito de perto de trezentos versos...

⁶² O que foi presidente da *Xunta de Galicia*, Manuel Fraga Iribarne era, na altura. *Ministro de Información y Turismo* e “suprimira” a censura substituindo-a pela chamada “consulta prévia”. O editor que o desejava apresentava um livro a “consulta prévia”; se esta “desaconselhava” a publicação do livro, as probabilidades de que a edição fosse sequestrada eram praticamente totais.

⁶³ Manuel já conhecia *Le poème du pays qui a faim* e a peça teatral *La revolte des Bonnets Rouges*.

⁶⁴ Às vezes Manuel podia ter algum despiste, resulta curioso que neste artigo de 1974 diga que a mulher de Paol Keineg era escocesa, e digo curioso porque nas muito posteriores conversas com José Manuel del Caño (1990) diz que era galesa, que era a realidade.

Hai, dende fai varios anos, unha tradución ó galego de “Le poème du pays qui a faim” da que é autor Enrique Harguindey Banet e que está inédita, contra a vontade do tradutor e dalgunhos editores.

O libro a que faz referência o poeta devia ser publicado na coleção *Val de Lemos* que dirigia o próprio Manuel Maria mas submetido à “consulta prévia” esta “desaconselhou” a sua publicação, finalmente o livro foi editado em Suíça na coleção *Rego* das *Edicións Roi Xordo*, sem figurar o nome do tradutor, em 1974; em 1978 foi reeditado pelas *Edicións do Rueiro* com o nome do tradutor.

Em 1996 Manuel Maria teria a alegria de ver os *Poemas do lusco ó fusco* traduzidos para o bretão por Yann Jaouen numa formosa edição bilingüe da editorial *Hor Yez*, o título bretão é *Kanaouennouñ adal tarzh-an-deiz betek kuzh-heol*. Também estive com Manuel em Genebra nos atos organizados por *A Nosa Galiza* primeiro e depois pela *Irmandade Galega na Suíça*.

Quando voltei da França vi frequentemente Manuel Maria tanto privadamente como em atos públicos como quando recebeu o Padrão de Ouro ou noutras homenagens.

Penso que a última vez que o vi foi numa feira do livro em Santiago, quando a doença que no-lo levou já roera bastante nele. Era consciente do seu estado mas não o deixava aparecer. Depois acompanharia-o em Outeiro de Rei quando se lhe deu terra e cada 8 de setembro volto a Outeiro para encontrar Saleta, os comuns amigos, alguns novos e outros os de sempre, e deixar uma rosa na sua campa.

L. G. B.

MANUEL MARÍA N'O CARBALLIÑO

Modesto Hermida

Introito

A Real Academia Galega, creo que con acerto, decidiu dedicarlle o día das nosas letras do ano 2016 ó moi notable escritor, moi especialmente poeta, Manuel María (Manuel María Fernández Teixeiro). Con tal motivo, pese a que nunca un foi sistemático estudoso da obra do homenaxeado, por moito que non poida tampouco alegar ignorancia absoluta pola condición de profesor de Lingua Galega e Literatura, o colega e amigo Luís Cochón manifestoume o seu antollo de que escribise unhas páxinas sobre algún poema ou aspecto da lírica do poeta de Outeiro de Rei. Nin me puiden negar a lle satisfacer a petición ó amigo nin tampouco obedecín a súa suxerencia temática, xa que, aínda consciente de non me decidir pola mellor poética do autor, por mor da proximidade coas afectivas paisaxes, paisanaxes e oficios, deume por elixir como pretexto o *Cantigueiro de Orcellón*, asinado por Ernesto-Afonso Reque Varela, ese heterónimo ou alcume que, por corresponder con apelidos moi relevantes na comarca, algunha intención significativa debe conlevar para proxección do *Cantigueiro*.

Sempre me semellou admirable a lealdade de Manuel María co oficio de escritor, co compromiso ideolóxico progresista e co rexo idealismo nacionalista; en resumo, sempre considerei louvable a voluntariosa disponibilidad da súa mellor ferramenta, a escrita, en favor de moi plurais causas xustas, así como nunca deixei de valorar a calidade formal da tan abondosa como desigual produción poética. Como cume dos seus entusiasmos, da súa entrega tan apaixonada como racional, temos que recoñecer a defensa do máis xenuino instrumento de comunicación entre as súas xentes, tamén o máis límpido sinal de identidade do seu venerada pobo, a lingua galega. Tal é así que no poema “A fala”, poema de moi considerable factura, hai estrofas tan significativas e sintetizadoras como a que segue: “O idioma é o amor,/ o latexo, a verdade,/ a fonte da que agroma/ a máis forte irmandade”. De tal maneira, dende a miña subxectividade, o que máis lle agradezo a Manuel María, o poeta, o escritor de tan variados xéneros, é a súa teimosa e heroica entrega á exaltación e defensa da lingua nai, así como se ter acordado d'O Carballiño para incluílo entre os territorios de Galicia ós que

lles ten dedicado específicos e afectivos cantigueiros, co que demostra o seu aprecio por unha xeografía moi significativa de Galicia, unha paisanaxe moi autente e representativa da vella e tradicional economía nosa. Por eso quero honrarme ó honrar ó poeta loitador co que nunca tiven a dita de me atopar persoalmente e poder disfrutar da súa oralidade, unha oralidade acesa que sí coñecín mediante os modernos recursos audiovisuais.

O cantigueiro

Ó *Cantigueiro de Orcellon* (Segundo dos libros dedicados a vilas galegas, ano 1984, en edición de AVANTAR), xa que polos seus contidos intuimos que se pretendeu homenaxear ás terras correspondentes, *grosso modo*, á actual comarca d'O Carballiño, deberíamos ampliarlle o título, de conservarmos a toponimia medieval, xa que a Castela Ourensá, segundo nos ten informado Frutos Fernandez González (“Reflexións sobre a Castela Ourensá”, Nº 13 de *Ágora do Orcellón*, 006), xa no século XII fora xebrada en catro territorios, dos que corresponden á actual comarca carballiñesa Castela, O Orcellón e S. Xoán de Pena Corneira.

Outra reflexión motívanola o xa citado seudónimo co que se asina o *Cantigueiro* xa que, ó noso entender, ademais de pola relevancia dos apelidos, polo nome composto, pola xenealoxía, pola traxectoria familiar e andanzas que se lle atribúen, intuimos unha intención globalizadora do país galego, tanto na presentación e representación do seu territorio coma na diversa paisanaxe social, profesional e costumista: Oriente valdeorrés e Berciano, Orcellón como occidente camiño do mar, ademais do centro e corazón chantado na Terra Cha luguesa. Tamén aparecen mencionados na ascendencia deste cantor artesáns diversos, menciñeiros, feirantes, cregos, emigrantes e ata revolucionarios, sen esquecer a trascendencia dos emigrantes que se organizan e traballan lonxe da Terra, por e para a Terra, como el mesmo fixo ó longo da vida para, posteriormente, aglutinar na antedita síntese globalizadora a súa tardía licenciatura en Compostela ou a condición, esta en época adecuada, de solteirón paseante e melancólico vividor.

Pola proximidade miña resúltanme de especial preferencia algúns dos poemiñas correspondentes ó capítulo “ORCELLÓN”, tales como “Serras e montes”, onde aparece a miña Martiñá como coadxuvante á beleza inmensa con compañeiras como San Mamede, Paraño, Suído e maila súa curmá

Madanela; “Canción do Arenteiro”, río bailarín, escorrentador de tristuras dende a súa nacemento en terras de Povadura, máis aló do mosteiro de Oseira, onde os abidueiros tan so poden medrar no amainado frío das hortas; “Cántiga dos oficios”, na que non faltan nin podían faltar as panadeiras de Cea, musas que aínda lle merecen unha fermosa cántiga en exclusiva, “Canción das panadeiras de Cea”, con estrofas como “As panadeiras de Cea,/ teñen o corpo xuncal/ coma a palla de centeo/ e o trigo candeal”, unha copla á que eu lle quero engadir dúas populares moi de semellante condición: “As panadeiras de Cea,/ as do refaixo marelo,/ onde peneiran o trigo/ alí deixan o farelo” e outra, moi sociolóxica e non exenta de expresión envexosa das mulleres labregas, “Panadeiriñas de Cea/ aprendede a traballar,/ que non vos ha durar sempre/ o voso panadear”; en “Cantigas de romería” aínda volta o poeta a Cea para confrontar a súa Saleta coa Saleta de Astureses: “Levo matinando meses/ si ir á Saleta de Cea/ ou a Saleta de Astureses”; “Oseira”, esa agresión monástica que copou todo territorio mimoso e productivo do val, pechado cun cercado insuperable (segundo criterio do vecindario), é un canto de admiración e de nostalxia dun mellor pasado, un canto á beleza de armónica arquitectura, incluso unha lembranza para a xente masacrada, incluída unha nena da escola, pola revolta veciñal con motivo de defenderen a permanencia dun baldaquino da igrexa do mosteiro requisado polo bispado de Ourense (20 de abril de 1904, sete mortos, dous feridos), que non, como idealiza Manuel María, cando considera que é revolta por defender “unha patria de nós, ceibe, inmorrente!”. Noutra orde de cousas, no capítulo “O CARBALLIÑO”, meréceme atención especial, por mor da miña ascendencia con presenza dalgún arrieiro de montaña, “Cantiguiñas de arrieiro”, catro coplas moi ben trazadas ás que eu quero aínda engadir a popular “O cantar do arrieiro/ é un cantar moi baixiño,/ cántano en Ribadavia,/ resoa no Carballiño”, e estouta ocasional da miña inmediata colleita: “Arrieiro de montaña,/ arrieiro montañés,/ ó pasar do Carballiño/ as túas terras xa ves”.

Cabo

Como moi ben se explica nos últimos parágrafos —únicos parágrafos acordos coa realidade— dun prólogo sen título e sen constancia de autoría (Hai que intuír que de M.M.), explicativo da ficción de autoría e tamén, no contexto, da ficción da xénese creativa, o mollo de poemas que compón *Cantigueiro de Orcellón* carece de pretensións formais, corresponde coas

maneiras populares da mesma maneira que o *Terra Cha*, do mesmo autor real, o poeta Manuel María. Concordamos con esta valoración e concordamos, tamén, co mesmo texto en que poden estes versos ser improviacións de taberna, cando menos en parte, que nos levan a valorar, máis ca outra cousa, o amor de Manuel María polas diversas terras da súa idolatrada Galicia, neste caso unhas terras de rexa personalidade e auténticas provocadoras do repentismo lírico. Dísenos que “son uns versos que evocan o vento que baixa da Martiña e a doada musicalidade do Arenteiro”. Nese vento da Martiña teño eu baixado en soños en moitas ocasións, facendolle dúo ó Arenteiro, para chegar a lle botar un neto de viño e lle meter unhas talladas de pulpo, antes na Gazpara e agora, case sempre no Fuchela, sen despreciar ningunha das varias moi acolledoras e familiares tabernas.

M. H.

***A ESCOLMA DE POETAS DE OUTEIRO DE REI*, DE MANUEL MARÍA: UNHA BROMA LITERARIA NON DE TODO INOFENSIVA**

Emilio X. Ínsua

O 14 de febreiro de 1985, tras finalizar un recital organizado no vello Casino de Viveiro pola Asociación Cultural Sementeira, o poeta Manuel María (1929-2004) tiña a ben estampar coa súa letra grande e redonda a seguinte dedicatoria no noso exemplar da súa *Escolma de poetas de Outeiro de Rei*: “Pra Emilio Insua estes poetas que deberon existir pra que escriberan os versos que lle inventei”.

Aínda que os nosos inexpertos dezasete anos de idade de entón daban para moitas credulidades, literarias incluídas, o certo é que pola previa lectura xa déramos comprendido antes de que o poeta nos agasallase co seu revelador autógrafa que a *Escolma* en cuestión constituía un xogo, máis concretamente aquilo que adoita designarse como “broma literaria” e que a crítica Estelle Irizarry define como “una travesura emprendida con propósitos literarios y humorísticos” (Irizarry, 1979:12).

De ambas pulsións participa a *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* de Manuel María, que ofrece certos paralelismos coa *Antología traducida* (1972) de Max Aub, na que se escolman poemas dun total de 69 autores e autoras tan inventados como os do poeta da Terra Cha, e mais co *Cancioneiro de Monfêro* (1953) de Xosé M^a Álvarez Blázquez, citado explicitamente na obra como referencia desta caste de xogos para *lletraferits*.

A debullar algunhas das claves desa *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* en tanto “broma literaria” dedicamos este depoimento, como homenaxe ao xeneroso e cordial referente humano e poético que o Manuel María foi para nós.

A edición e a recepción

Publicada en 1982 polas Edicións Xerais de Galicia (presididas na altura por Xulián Maure), facendo o nº 28 da colección Montes & Fontes, e presentada en público por vez primeira no transcurso da Feira do Libro da Coruña, o 5 de agosto do citado ano, a *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* era obxecto na súa contracapa do seguinte comentario editorial:

Manuel María ofrécenos unha fantástica *Escolma de Poetas de Outeiro de Rei* onde moran as mellores pezas da poesía chairega: cantigas de amor de bon troveiro, panxoliñas de crego, amores de mestra... versos todos necesarios como o pan que se comparte na beira do río un día de festa.

A hábil anteposición do adxectivo (*fantástica* Escolma) por parte do redactor ou redactora do paratexto abre diante do lector o xogo interpretativo sobre a natureza última da obra: *fantástica*, de fantasía?, ou *fantástica*, de calidade? Que o seu contido se ditamine, ademais, como un produto a compartir “un día de festa” sitúanos claramente no espazo do lúdico, tanto desde a perspectiva autoral, na medida en que o poeta xogará a se pór máscaras heterónimas para mellor finxir (que diría Pessoa), como da perspectiva do público lector, convidado a catar unha mostra poética en aparencia varia e diversa en estilos, épocas, temas e autores/as, mais que responde, en realidade, toda a ela a un mesmo xenio individual creador.

A avaliación da importancia deste libro na traxectoria do seu autor oscila entre extremos opostos. Algúns competentes poetas e críticos, como Darío Xohán Cabana (2016:13), entenden que resulta todo el unha “inverosímil mistificación” que non merece, por iso mesmo, figurar entre a obra lírica esencial do Manuel María. Miguel Mato Fondo (2011) nin sequera o cita no seu espléndido estudo da poética do autor de *Terra Cha*. En troca, para outros lectores atentos, como Manuel Veiga (2014), débese contar entre os catro ou cinco mellores libros saídos do talento do escritor chairego.

Pola nosa banda, situámonos nun “xusto medio” entre ambas percepcións, relativizando a valía estética de non poucas das pezas poéticas que se recollen na *Escolma*, efectivamente, pero rendendo asemade homenaxe ao talento capaz de desenvolver con graza, propiedade e “savoir faire” un xogo literario de tanta complexidade como o que encerra o poemario.

Parécenos, ademais, que para unha xusta ponderación do mérito e do contido do volume non pode ignorarse que se trata dun libro editado non por acaso nun momento histórico e vital delicado, en que conflúen na circunstancia do poeta o desencanto político, que se traduce no seu afastamento da UPG (Caño, 1990:51), unha certa “crise dos 50” persoal e

o esgotamento da fórmula de poesía patriótica e socialmente comprometida que cultivara con teimosa intensidade en anos precedentes.

Vista desde esta perspectiva, a *Escolma...*, coa súa carga de poemas sobre todo popularistas, neotrobadoristas e paisaxísticos (que a emparentan estilisticamente co *Libro de cantigas*, de 1955, e nalgunha medida tamén cos *Versos florecidos en louvanza de Foz*, de 1967), semella unha estación de pasaxe intermedia, un alto no camiño poético do autor para botar lastre textual pola borda, mesmo que sexa envolto estratexicamente en humor, e poder pasar así páxina creativa. Ben significativo é o feito de que a partir de entón, Manuel María adentrouse xa sen pexas nun territorio poético novo, máis serio, nostálxico e existencial (Caño, 1990:115; Gómez Torres, 2001:192-193 e Mato Fondo, 2011:69), que se anunciara xa en *Poemas da labarada estremecida* (1981) e que se plasmará de maneira intensa e fecunda en obras como *A luz resuscitada* (escrito en 1983 e editado ao ano seguinte) ou *As lúcidas lúas do outono* (composto entre 1983 e 1986 e publicado en 1988).

Que a maior parte dos poemas que compoñen a *Escolma...* fosen elaborados antes de 1970 é un dato que non pode perderse de vista para considerar a súa fasquía e a “oportunidade” da súa publicación envolta na broma de atribuílos a diferentes autores outeiríans...

A recepción da obra non foi, porén, todo o feliz que debera. O libro non coñeceu reedición ata que fixo parte do segundo tomo da *Obra Poética Completa* de Manuel María preparada por Miguel Anxo Fernán-Vello na súa editora Espiral Maior (2001) e, ata onde sabemos, non foi nunca obxecto de análise e comentario, fóra do artigo “Poeta neomedieval” de Alonso Montero (VV.AA., 2001:217-218) e de esporádicas alusións en diversos estudos, que citamos nas referencias bibliográficas. No catálogo de incomprensións de que foi obxecto o volume debemos amentar a que o propio Manuel María literaturizou con amarga ironía nas súas *Historias do empardecir* (2003:68-69), con estas palabras:

Un par de amigos, Xosé Tuñón Bouzas, fillo do médico de Carral (Begonte), entón correspondente da TVE en Galiza e mais o meu afillado Darío Xohán Cabana (...) presentaron, vencendo a miña timidez e o meu natural rubor, a susodita escolma, cun razoado e ben fundamentado escrito, no concello de Outeiro de Rei, coa

ilusoria pretensión de que a corporación municipal editara tal traballo –sen cobrar os legais dereitos de autor como é natural– e o dera a coñecer entre a xente do distrito (....). O susodito señor alcalde [Jesús Redondo Candal], nun acto de defensa da cultura do seu concello e de exemplar prudencia política, non se deu por notificado de tan absurda petición. E facendo alarde –que moito o honra– da súa xenerosidade e, sobre todo, da súa cortesía, deu a calada por resposta. Seguramente non quixo sentar precedentes por se no futuro se lle volvía presentar un caso semellante.

O Limiar

O “Limiar” do volume que nos ocupa está asinado “No Outono de hai moitos anos” por Manuel María, aínda que, advértesenos, “a coincidencia de apelidos do *Poeta da Terra Chá* e do autor desta *Escolma* é pura casualidade”. Sinálase nese prólogo tamén que o proxecto andaba no maxín do seu autor “dendes da miña mocidade” e que xa se dera algún adianto del nas planas do diario lugués *El Progreso*, circunstancia esta última que non puidemos contrastar, mais que semella plausíbel, pois o Manuel María colaborou abundantemente co citado diario desde 1954 (Gómez Torres, 2001:76).

O 20 de marzo de 1980, Darío Xohán Cabana sinalaba en *El Progreso* de Lugo que tiña copia desta obra desde había oito anos, o que sitúa o acabado primixenio do volume por volta de 1971 ou 1972. Como logo veremos, o autor engadiu algún poeta máis á súa escolma nas propias vésperas da edición do libro, actualizando en parte esa obra xa pronta unha década antes. Como explica Camilo Gómez Torres (2001:221):

Algúns dos poemas que nel recolle teñen xa 30 anos de paciente e silenciosa vida; outros, foron agromando ao longo dos sesenta; cara a 1970 dá por configurado o libro, aínda que volverá a el a finais da década, incorporando novos poemas ata chegar á configuración definitiva, que non é desacertado situar por volta de 1980.

En claro uso da técnica de *captatio benevolentiae*, o autor da *Escolma...* engade no seu prólogo que con ela “coido que non ofenderei a ninguén”, sobre todo “despois do delicioso *Cancioneiro de Monfêro* do meu vello amigo Xosé María Álvarez Blázquez”. Esta alusión ao cancionero apócrifo editado polo autor de *Canle segredo* o 28 decembro de 1953 (Día dos Santos Inocentes) é

un dos elementos que sitúan máis claramente o volume que nos ocupa dentro do terreo da “broma literaria”. O simpático testemuño de Darío Xohán Cabana (Xiz, 1995:145) fai pensar que a *Escolma* do Manuel María logrou enganar, como o *Cancioneiro* de Álvarez Blázquez, algúns lectores incautos:

E non faltou quen llo crera. Eu xa fun consultado por un estudante de Filoloxía que meditaba perpetrar unha tese sobre os poetas de Outeiro de Rei e me preguntaba en que biblioteca poderían acharse os libros dos antologados. Díxenlle que non sabía, que se acaso preguntase na Fundación Penzol, onde están todos os libros galegos habidos e por haber.

O xogo especular baseado na coincidencia homonímica do autor da *Escolma* co poeta Manuel María reforza esta sensación lúdica: dísenos que non se escolman poemas do autor de *Terra Cha* porque “tanto escribiu que non sei cal dos seus poemas escolmar”, mais ao mesmo tempo o asinante do prólogo xustifica a inclusión de versos propios vencendo os seus escrúpulos, “que non son moitos”, amparado no precedente de Gerardo Diego, que fixo esa mesma autoinclusión de obra de seu nun volume intitulado *Poesía Española. Antología, 1915-1931*, publicado en 1932 e que non poucos consideran referencia fundamental para a consolidación do concepto historiográfico-literario de “Generación del 27”.

En propositada imitación da retórica habitual en traballos de tipo erudito e ecdótico, o autor da *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* xustifica asemade a exclusión nesta do poeta Nuno Fernández de Mirapeixe, presente no *Cancioneiro* da Biblioteca Nacional e tido por galego por Dona Carolina Michaëlis e por López Ferreiro, por ter nacido, dísenos (cando en realidade o lugar de nacemento deste trovador continúa a ser un misterio) “na veciña parroquia de Santa María da Ponte de Rábade” e ter esta “pía bautismal propia”.

A vea irónica do limiar chega ao seu cumio cando se advirte nos seus parágrafos do carácter propositadamente simplificado das notas que acompañan cada autor escolmado, pois

Non é do caso, nin servidor ten sabencia pra eso, o perderse en longas disquisicións máis ou menos eruditas e indixestas, aínda a troque de que esta *Escolma* non me leve a unha cadeira da

Academia, como lle ten pasado a algún que anda por eses mundos adiante, perdoando o xeito de sinalar.

É ben coñecida a actitude crítica do poeta chairego cara á institución académica durante boa parte da súa traxectoria. Elixido correspondente en 1970, a proposta de Vales Villamarín, Xosé M^a Álvarez Blázquez e Fermín Bouza Brei, renunciou publicamente ao posto en xuño de 1975, en desacordo coa política de nomeamentos que levaba a entidade, como explicou o propio autor nas súas conversas con Xosé M. del Caño (1990:121). Máis tarde, é certo, aceptou o nomeamento de membro numerario e ingresou efectivamente na Academia (15 de febreiro de 2003), co discurso *A Terra Cha: poesía e paisaxe*, respostado por Méndez Ferrín.

Aínda que, como recolle a citación precedente, o noso autor non quixo “sinalar”, podemos nós achegar quen eran académicos da Galega que nesa altura fixeran este tipo de traballos de escolma de textos e dicionarización de autores: Antonio Couceiro Freijomil, que publicara en Bibliófilos Gallegos entre 1951 e 1953 os tres tomos do seu *Diccionario Bio-Bibliográfico de Autores*; Xosé M^a Álvarez Blázquez, autor dunha *Escolma de poesía galega* en dous tomos editados en 1953 e 1959, respectivamente; Francisco Fernández del Riego, antólogo da *Escolma de Poesía Galega (Os Contemporáneos)*, en 1955; e, por último, Ricardo Carballo Calero, autor dunha monumental *Historia da literatura galega contemporánea* en 1963. Ignoramos en quen dos catro pensaba o autor de *Versos pra un país de minifundios* no instante de estampar o seu irónico comentario...

Galería de poetas finxidos

Escribiu Darío Xohán Cabana (Xiz, 1995:145) que “todos os poemas e todos os poetas, agás un” presentes no libro que nos ocupa “foran inventados por el”. Cómpre, en todo caso, matizar que un deses poetas inventados tivo como individuo existencia real, Manuel de Paderna, canteiro e criado na casa petrucial das Hortas (López Valcárcel, 2013:94), aínda que os versos que se presentan como seus na *Escolma* só a Manuel María corresponden en realidade.

Eses poetas que compoñen esta *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* son, en total, once: dous trobadores medievais, ambos do século XIII, Xohán de Gaudioso e Paio Xordo; o ilustrado da segunda metade do século

XVIII-comezos do XIX Manuel Hortas Filgueira; o fidalgo pre-romántico Xoaquín de Aguiar Gaioso e Lousada de Andrade, de curta traxectoria vital (1810-1838); o fistor da segunda metade do século XIX/comezos do XX Pepe da Costa, definido no limiar doutro poemario de Manuel María, o *Libro de Cantigas* (1955), como “cansacamiños e Alguacil do Concello de Outeiro de Rei”; os poetas de comezos da vixésima centuria Gabriela Meira Roibás (1900-¿?) e Santiago Luís Monte, este último tamén de prematura morte (1915-1937); o cantor popular Manuel de Paderna (¿1907?-1970), que reaparece nos relatos de *A tribo ten catro ríos* de Manuel María como o seu iniciador na poesía e nas artes da retórica (Gómez Torres, 2002:27-28 e 2005:12-13) e que, segundo o limiar do *Libro de cantigas* (1955) “aló pola primavera toca unha frauta de buxo coa que fai bailar a dous lagartos”; o propio Manuel María Fernández Teixeiro (*Manuel Hortas Vilanova*); o poeta *beat* A. Ron Año, nado en 1953 e único que recibe un tratamento e caracterización pouco amábel, como veremos; e, finalmente, Manuel Brea Meilán, cuxa data de nacemento corresponde a 1958.

De cada poeta ofrécesenos na *Escolma* un presunto retrato icónico fidedigno, unha sucinta ficha bio-bibliográfica e unha breve escolma dos seus textos. Esas fichas, que imitan o xeito das que presentan os dicionarios de autores, están salferidas de referencias que teñen como obxectivo último dotar de verosimilitude a información achegada, por máis que a existencia deses poetas escolmados sexa pura fantasía. Trátase, daquela, de crear a ilusión da verdade.

Dísenos, por exemplo, para glosar a figura do trovador medieval Xohán de Gaudioso, de apelido con base toponímica na zona (parroquia de Gaioso, enclave das moles de granito coñecidas como Penas de Rodas), que “aínda oxe en día a casona dos Gaioso se ergue, fachendosa, no medio da vila de Outeiro de Rei, e no mellor lugar da parroquia, cos seus peixes miñotos labrados no escudo de armas”. Por se non abundase, alúdese á súa case segura presenza na corte poética de Fernando III e na campaña militar da toma de Sevilla e ao seu vínculo persoal con outros dous poetas medievais, estes de existencia real e contrastada, Xohán de Requeixo e Fernando Esquíu.

A referencia á casa ergueita no lugar de O Pacio, en Outeiro de Rei “a base dos seus aforros e a conta de moitas privaciós”, e que se presenta

como feita “a catro augas, ben lousada e mellor cimentada que dá gusto ollala, pois ahí está pra ver”, tamén procura tornar verosímil a existencia do fistor Pepe da Costa (derradeira metade do século XIX-primeira do século XX). Este comparte profesión con Manuel de Paderna, a de alguacil do Concello de Outeiro de Rei, e como poeta entronca con el, aínda que, dísenos na ficha correspondente, “Paderna soupo enxertar no seu lirismo un xeito máis sutil, grave e sentencioso, resultado de moitas horas de sisudo profundamento”.

O outro poeta medieval da *Escolma...*, Paio Xordo, con apelido de claras reminiscencias irmandiñas, relaciónase directamente co xa amentado Xohán de Gaudioso, a quen serviu como cabaleiro na toma de Sevilla, para abrazar despois vida de frade nun mosteiro de Mondoñedo. Na súa ficha bio-bibliográfica dísenos que “está documentada [sic] a súa amizade cos señores da Cal da Loba, cos poetas villalbeses e con Rui López de Aguilar” e tráese a colación un fragmento da crónica de Vasco de Aponte.

Do pre-romántico Xoaquín de Aguiar infórmase que foi bautizado en Outeiro do Rei polo sacerdote ilustrado Manuel Hortas Filgueira, autor tamén presente na escolma, e que conviviu nas aulas da Minerva compostelá co poeta viveirense, este de existencia comprobada, Nicomedes Pastor Díaz. O poeta de comezos do século XX Santiago Luís Monte cita asemade nos seus propios poemas á autora Gabriela Maira Roibás, tamén representada na escolma.

Todos estes apelos ao coñecemento e á convivencia persoal e todas estas coincidencias espazo-temporais entre as criaturas literarias presentes na *Escolma...* con outras que son reais fan parte, non cabe dúbida, da estratexia autoral para reforzar a sensación de veracidade sobre un material apócrifo de principio a fin.

Mais a carón dese desexo de tornar verosímiles as criaturas literarias inventadas hai tamén nesas fichas que acompañan a escolma textual un propositado apelo ao cómico e ao paródico, que se traduce nunha proliferación de detalles inventados que non poden máis que provocar sorriso.

Hai, efectivamente, constantes chiscadelas de humor nas semblanzas. Cando se indica que Xohán de Gaudioso cita nunha das súas cantigas o río

Pequeno ou río da Robra, engade o antólogo que tal río está “por certo ben contaminado”. Ao referirse á entrada en orde relixiosa de Paio Xordo, aclárase que foi por sentirse “desenganado do mundo, como nos pasa a moitos”... Do ilustrado Manuel Hortas Vilanova, precursor da escola de poetas do Nadal do Seminario de Mondoñedo, sinálase que se conserva íntegro un único vilancico ou panxoliña “na que dice, nada menos, que Noso Señor naceu en Outeiro de Rei. O seu amor pola súa parroquia natal levouno, sin dúbida, a esa esaxeración poética”.

Do mesmo xeito, no escudo de armas do pre-romántico Xoaquín de Aguiar Gaioso e Lousada de Andrade, aclárasenos na correspondente ficha facendo un xogo cos elementos da heráldica, “mistúranse as aguias [Aguiar], os peixes miñotos, os lagartos debaixo dunha lousa [Lousada] e o xabarín [símbolo da casa dos Andrade]”. Tamén se nos fai partícipes de que os poemas escasos que del se conservan apareceron “entre tíduos de foros todos roídos dos ratos”.

De Manuel de Paderna indícasenos que “na derradeira época da súa vida deu na estrana teima de non beber viño e de manterse e manxurrarse a base de herbas, cencia na que decían era entendido” e ofrécenos como representativa do alto nivel de reflexión existencial acadado pola súa poética a seguinte estrofa, de comicidade evidente: “Paderna, Paderna: / este mundo, / ¿quen o goberna?”. Non estará de máis sinalar que nun dos relatos recollidos no volume *Historias do empardecer* (2003:67), tanto este Manuel de Paderna como Pepe da Costa son presentados como “cronistas oficiosos” de Outeiro de Rei, se ben acontece que “as súas crónicas, investigacións e versos perdéronse. Nen sequer se conservan na memoria de alguén, tan desleixada é a xente. Por moito que busquei e rebusquei nos arquivos municipais nin sequer atopei os seus nomeamentos”.

De Manuel Brea Meilán, poeta de lira “neorromántica”, infórmase nos que é licenciado en Filoloxía Galaico-Portuguesa pola Universidade compostelá e que está a redixir unha tese de doutoramento “na que rexeita a forma *cuxo* como pronome que algúnhos queren meter de contrabando, cecáis pagados polo xudaísmo internacional e quen sabe si polas indulxencias do Vaticano. Semella como si Brea Meilán e o autor deste traballo tiveran unha enemistade persoal coa palabra *cuxo* usada como pronome”.

Contrariamente aos casos antecitados, nos que os datos que se ofrecen procuran “convencernos” da verídica existencia do poeta en cuestión, algunha figura da *Escolma* é envolta propositadamente no misterio e na inconcreción en aspectos decisivos da súa traxectoria. De Gabriela Maira Roibás, a única muller escritora presente no volume, dísenos que non se sabe se rematou ou non estudos de Maxisterio en Lugo e que desapareceu sen rastro en 1918, deixando sona de “muller moi fermosa e de gran bailadora de muíneiras”, tras se fugar cun oficial irlandés da Mariña británica a quen coñeceu tomando os baños en Vilaxoán de Arousa...

No caso do poeta *beat* A. Ron Año a antipatía do escolmador é evidente e tradúcese de varios xeitos. Ignórase, por exemplo, o verdadeiro nome do autor en cuestión (“non puiden deprender si se chama Abundio, Apulio, Apolinar ou Apolonio”) e identifícanse os apelidos cos oficios do pai e da nai do poeta, taberneiro e carniceira, respectivamente. Dísenos que en Vigo viviu “en grupos socialmente automarxinados” e que fixo “moito autoestop e asistiu a milleiros de festivais de música moderna, tirándolle máis ben o rock”. A propósito da súa actitude iconoclasta, sinálase, en claro ademán burlesco: “A. Ron Año rompeu con todo: co ceo, co inferno, co mundo, coa sociedade, co estado, co seu povo, coa familia, coas amigas, cos amigos, coa noiva, co noivo e con él mesmo. Tamén rompeu zapatos, zapatillas, calcetís, codeiras, pantalós, papeles e papeletas”.

Outra das estratexias seguidas polo autor da *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* consiste en facer que as propias traxectorias e andanzas literarias das súas “criaturas”, nas distintas épocas, teñan certo aquel de correspondencia ou poidan referenciarse máis ou menos directamente a determinadas anécdotas, sucesos e circunstancias que rodearon a vida de poetas galegos de carne e óso, efectivamente existentes.

Así, a conformidade do crego ilustrado e grande latinista Manuel Hortas Folgueira cun curato na humilde parroquia de Outeiro de Rei lembra a escolla do poeta e presbítero Diego Antonio Cernadas e Castro co seu curato de Fruíme. Da mesma maneira, a prematura morte por suicidio no río Miño da criatura prerromántica Xoaquín de Aguiar, con 28 anos, condiscípulo de Pastor Díaz disque, ben pode parangonarse coa trágica desaparición, esta ben real, de Aurelio Aguirre nas augas do Orzán corués, mentres que

a curta vida do ficcional Santiago Luís Monte remete doadamente para os pasamentos en agraz de varios poetas da xeración do 25, tan estimados polo poeta Manuel María por outra parte, como Luís Amado Carballo, Manuel Antonio, Teodoro Morgade, Brea Segade ou Feliciano Rolán.

Os textos poéticos “seleccionados” corresponden á personalidade, á época e á estética predominante do período en que son situadas as diferentes criaturas literarias inventadas. Nesa construción textual hai que conseguir, evidentemente, un delicado equilibrio entre a sensación de “autenticidade” e a contraria de “parodia”, “subversión” ou “imitación”. A variedade estilística e formal incide, en todo caso, na verosemellanza da *Escolma...* Como indica Xosé Lois García (1994:66) a propósito do *Terra Cha*, en frase que coidamos aplicábel á *Escolma...*, Manuel María compórtase como “unha especie de Berlioz que sempre engade instrumentos e nunca os mutila na unificación e dimensión que fai do seu pomeario”. Modas literarias de grande rendemento nas letras galegas dos anos 20 e, tras a paréntese bélica, da segunda metade dos 40 e comezos dos 50, como o hилоzoísmo e o neotrobadorismo, constitúen a base de varias das composicións dos figurados poetas medievais da escolma e aínda das criaturas poéticas de comezos do século XX. Caso distinto é o poema atribuído a A. Ron Año, absolutamente paródico de certo experimentalismo practicado na poesía galega a partir de 1975 por grupos como “Rompen-te”.

A presunta revelación de textos manuscritos e inéditos das criaturas literarias é outro dos mecanismos usados para tornar máis “meritoria” e “erudita” na súa aparencia, se couber, a *Escolma*. Por iso, na nota introdutoria ao crego ilustrado Manuel Hortas Folgueira dísenos que “entre os anacos das súas panxoliñas incompletas –que son varias– consérvase este que sigue”. Na do pre-romántico Xoaquín de Aguiar pondérase o feito de que “a obra deste poeta perdeuse case toda e os escasos poemas que dél se conservan non están completos”. De Santiago Luís Monte (1915-1937), que disque morreu loitando na fronte de Asturias durante a guerra civil, anótase que “non deixou libros publicados”.

O caso máis hilarante é, nesta perspectiva, o de Pepe da Costa, con quen, dísenos, “comezou a perfiarse en Outeiro de Rei unha escola poética, de liñas ben definidas, asentada no popular, que ten continuidade en Manuel de Paderna e no autor deste traballo”, mais aclárase a seguir que “fixo como

Sócrates: nunca escribiu nada”, de maneira que os poemas presentes na escolma “recolléronse de viva voz e transmitíronse oralmente por curiosos da súa poesía”.

O corpus textual presuntamente escolmado

De Xohán de Gaudioso ofrécensenos sete cantigas, máis “neotrobadorescas”, na liña dos Cunqueiro e Bouza Brei, do que propiamente “medievais”. Non hai recreación arqueolóxica dos textos, senón sometemento a determinadas convencións formais, argumentais e léxicas propias da poética trobadoresca (uso constante do paralelismo, emprego da fórmula do dístico con refrán, diálogo con elementos da natureza...) para exprimir un *élan* de sentimentos delicados, atristurados e saudosos de pertinencia intemporal.

Do carácter recreado e non fidedigno destas cantigas fálanos a reiterada apelación da voz poética á “amiga”, fuxindo así das respectivas fórmulas canónicas da cantiga de amigo (onde a moza lamenta a ausencia do “amigo”) e da cantiga de amor (onde o trobador declara o amor á “senhor”). Voz masculina dirixíndose a unha “amiga”: tal é a modalización medievalmente espúrea que adoptan catro das sete cantigas de Gaudioso. A cuarta asimíllase parcialmente ás chamadas “cantigas de romaría”, pola referencia á capela da Santa Isabel de Outeiro de Rei (lugar cantado por Manuel María en moitos outros poemas e ao que dedicou tamén o relato “No campo hai unha ermida”, recollido en *Historias do empardecer*), entanto a sexta e a sétima, dedicadas respectivamente a Xohán de Requeixo e Fernando de Esquíó [sic], non encontran apoiatura en ningún dos xéneros medievais coñecidos: son textos de loanza destes mestres no trobar, ofrendas ao seu talento poético que se adornan con referencias intertextuais a algunhas das súas propias composicións. Non haberá que lembrar, nesta orde de cousas, que o Manuel María confesou algunha vez (Manuel María, 1997) que

Dende hai moitos anos somos atentísimos e devotos lentes dos poetas dos nosos cancioneros medievais e tamén dos provenzais. Segundo vai pasando o tempo maior é a fascinación que, sobre de nós, exercen os nosos vellos poetas. Todos eles teñen unha mestría asombrosa.

O *corpus* escolmado de Paio Xordo redúcese a cinco cantigas, todas de pendor neotrobadoresco, se ben hai aquí dúas, a I e a III, que se cinnen

en boa medida, tanto na voz poética como no modo enunciativo, ás cantigas de amigo canónicas. A composición IV, que comeza coa estrofa “Maldigo ao que berra / en favor da guerra / todo asañado” é presentada na ficha bio-bibliográfica como cantiga de escarño e maldizer, mais condi sobre todo, recursos formais á parte, coa poesía social que tanto cultivou acadou nas letras galegas por volta das décadas de sesenta e setenta (coa guerra do Viet Nam como pretexto) e que o propio poeta de Outeiro de Rei cultivou profusamente. A composición V chora a decadencia dos antigos modos, o estrago de tódalas cousas, o pasar incesante da historia. Mais “sirventés moral”, pois, do que “pranto” propiamente dito, aínda que tal sexa a catalogación que o antólogo deixa caer na breve ficha bio-bibliográfica do segrel Xordo.

Do sacerdote ilustrado Manuel Hortas Folgueira ofrécenos unicamente algunhas coplas de dous vilancicos distintos que evocan, como aliás se advirte na ficha bio-bibliográfica que as precede, as composicións dos autores, estes reais, da chamada “escola de cantores do Nadal de Mondoñedo” (Antonio M^a Castro e Neira, Luís Corral, etc.). Ben é verdade que o pequeno fragmento do primeiro deses vilancicos presenta unha propositada coloración goliardesca, con alusión a diversos exquisitos manxares (xamón, mel, viño, capón...).

Un só poema, fragmentario ademais, é a única representación na *Escolma* do presunto labor literario do fidalgo pre-romántico Xoaquín de Aguiar Gaioso e Lousada de Andrade. As semellanzas temáticas e estilísticas coas dúas composicións entón coñecidas de Pastor Díaz, “A Alborada” e a “Égloga de Benigno e Belmiro”, son evidentísimas. Igual que o cantor viveirense confesaba o seu amor á linfa do río Landrove, o de Outeiro cántalle ao “Pai Miño fermoso” e desafoxa con el as súas coitas de home namorado.

Do fistor Pepe da Costa ofrécenos a *Escolma* unicamente seis coplas tradicionais de catro versos octosílabos cada unha, con rima só nos versos pares. De todas elas destaca, pola súa referencia ao problema social da emigración, a quinta, que di así:

“O galego que se marcha
dame mágoa e compasión.
¡Maldigo a esa inxusticia
que se chama emigración!”

Os versos da “desaparecida” Gabriela Maira Roibás, fuga amorosa de por medio en augas da ría de Arousa, fan pensar inmediatamente nas poéticas de Amado Carballo e Fermín Bouza Brei, “que eran os seus contemporáneos”, segundo se aclara na propia nota de presentación bio-bibliográfica e que, non por acaso, constitúen dous poetas de culto para Manuel María. Son un total de oito composicións, das cales tres (a IV, a VI e a VIII) son claramente neotrobadorescas (dísticos con refrán), unha remite para o hillozoísmo coas súas abundantes prosopopeias (a III) e as restantes transitan os cauces do neopopularismo, tan grato aos poetas da xeración do 25 galega e á do 27 española, en diálogo con elementos da natureza, como o regato do Cepelo, e con incursións nun intimismo onde cobra especial relevancia o elemento onírico.

Dos sete poemas de Santiago Luís Monte que se ofrecen dinos o escolmador que “lembran, moi vagamente, en certo xeito, o vangardismo de Manuel Antonio”. A afirmación é, con todo, abondo discutíbel, pois só recordan as composicións do rianxeiro algúns xogos na disposición tipográfica dos versos e no manexo das maiúsculas, e pouco máis. O *élan* cuase cómico de varias das composicións, as prosaicas reflexións que encerran e os seus constantes xogos de rimas nada teñen a ver, pensamos, coa poética auténtica do autor de *De catro a catro*. Que a escolma de Santiago Luís remate cun texto escrito no trampintán inventado no século XIX polo ourensán Juan de la Coba Gómez, figura da que o Manuel María era apaixonado (Hortas Vilanova, 1990:141-142) polo seu carácter pintoresco, é ben revelador da escasa simpatía con que o autor real da *Escolma...* avaliaba a achega da poesía propiamente vangardista das nosas letras.

De Manuel de Paderna preséntansenos dezasete textos. Agás o primeiro, o poema “Cantiga da noite”, algo máis longo, todos os demais consisten en cuadras ao estilo popular (catro versos octosílabos con rima nos versos pares), varias delas sociais (sobre a emigración, contra a guerra, contra a explotación laboral, denunciado o desleigamento idiomático, protestando contra o conformismo...), algunhas paisaxísticas, outras existenciais e amorosas e mesmo algunha metapoética, como esta:

“Amigo Manuel María,
escoita ó vello Paderna:

po verso que non se sinte
é un carballo sin cerna!”

De Manuel María Fernández Teixeiro ou M. Hortas Vilanova reproducense sete textos, dos cales catro son cuadras populares (unha sobre o idioma e tres sobre a paisaxe da Terra Cha) e tres poemas de maior empaque: unha sorte de “pastorela” neopopular, un “pranto” por Manuel de Paderna e un “testamento poético”, en que o eu enunciativo pede ser enterrado en Outeiro de Rei...

Do autor A. Ron Año só se reproduce un poema, de título expresivo sobre a súa índole experimental, rupturista e *underground*: “Leite Natado Acedo Sulfuroso”. A mesma antipatía que paira, pensamos, sobre os textos do vangardista de preguerra Santiago Luís Monte enchoupa este poema que cabe relacionar coas producións do grupo poético “Rompente”: enumeracións en propositada desorde, xogos de palabras, disposicións tipográficas peculiares, abolición de todo rastro argumental, emprego caótico de referencias de todo tipo (sexuais, escatolóxicas, musicais, xeográficas...). En palabras de Manuel Veiga (2014):

É como se Manuel María utilizase, en clave irónica, o rupturismo formal que practicaban os autores relacionados con ese sector para facer burla do mimetismo e conservadorismo social, pero tamén do hippysmo serodio de certa mocidade, o que loxicamente lle había de crear algún rexeitamento entre os aludidos de un e doutro lado.

Do derradeiro autor presente na *Escolma*, Manuel Brea Meilán, aparecen seis textos de marcado panteísmo e variedade formal: unha “Balada”, unha “Fábula”, un “Soneto ó Río Miño”, unha “Elexía”, unha “Invocación ó Outono” e, por último, fechando a propia *Escolma*..., un “Poema de Outeiro de Rei” que preludia claramente o tipo de textos que compoñerán o libro *Ritual pra unha tribo capital de concello*.

Algunhas reivindicacións implícitas e explícitas

A broma literaria que a *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* representa, ademais do connatural humorismo que lle dá sabor, encerra asemade, implícita ou explicitamente, algunhas reivindicacións sobre as que cómpre

debruzarse para entender que esta obra, como adiantamos no título deste traballo, non resulta “de todo inofensiva”.

Constitúe, en primeiro lugar, unha mostra (máis, como outros libros seus: *Ritual para unha tribo capital de concello*, *Sonetos á casa de Hortas...*) do amor do poeta Manuel María polo seu Outeiro de Rei natal, patria asemade do músico Xoán Montes e residencia nos seus días de ancianidade enferma do catedrático de filosofía e publicista Gumersindo Laverde Ruíz. Manuel María agasalla Outeiro con toda unha pléiade de finxidos autores que, case sen excepción, cantan as paisaxes e lugares da bisbarra e reforzan así a súa condición de “capital poética” dese espazo emblemático tanto na xeografía como na literatura de noso denominado Terra Cha. A *Escolma...* é reivindicación do orgullo da tribo, por máis que, como ten sinalado Camilo Gómez Torres, fose infelizmente nula a acollida que as institucións e autoridades da localidade ofreceron durante décadas ao seu ilustre conveciño poeta (Gómez Torres, 2001: 220-221):

“Ti sabes, Outeiro, que eu son Hortas
e reconécesme por teu, aínda que
non me ames e me trates como alleo (...).”

En segundo lugar, representa esta *Escolma...* unha reivindicación da poesía galega no seu conxunto, reconstruíndo a súa liña do tempo principal e facendo asomar a enorme variedade e riqueza de estilos que encerra. Hai, no implícito deste libro, unha clara aposta pola “normalidade literaria” para a lingua galega. No propio “Limiar” dísenos: “nesta pequena mostra pódese ollar e estudar a evolución de toda a poesía galega nas súas liñas máis xerais”. Gómez Torres (2001:221) sinala nesta perspectiva que o libro resulta “un práctico manual de retórica aplicada e unha viaxe imaxinaria pola historia da poesía galega desde os seus albores no medioevo ata os derradeiros anos deste século [XX]”. Manuel Veiga (2014), en liña semellante, sinala que

este libro, paródico da historia da poesía galega, segue a estratexia de construír literatura a partir da propia literatura, desde unha postura afectiva, pero tamén escéptica, semiburlesca, que conta con abundantes exemplos na narrativa occidental, pero ben menos na poesía e supón unha excepcionalidade dentro do noso sistema literario. Trataríase nese sentido dun libro posmoderno,

que mostra de paso a capacidade de Manuel María para asumir rexistros diferentes.

Non pode negarse que no seu xogo literario a *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* establece un canon, mesmo que sexa por veces *a contrario*. Non resulta difícil levantar un mapa de empatías e simpatías, quer éticas, quer estéticas, cos movementos e figuras literarias do pasado que poden ser relacionados dun xeito ou doutro co prototipo que encarnan as diferentes criaturas inventadas por Manuel María. Deste xeito, perante a rendida homenaxe que o libro tributa á poesía medieval galaico-portuguesa, aos vilancicos da escola mindoniense, aos autores do pre-Rexurdimento e ás correntes neotrobadorista e hilozoísta de preguerra, así como á lírica popular, encontramos unha escasa compracencia co experimentalismo vangardista, sexa o de preguerra (representado por medio da figura de Santiago Luís Monte), sexa o que concorreu na nosa literatura a partir de 1975, protagonizado polo grupo “Rompente” (encarnado aquí por A. Ron Año). A *Escolma* resulta así reveladora dos propios gustos e preferencias estéticas do seu autor, se ben é verdade tamén que representa, como xa indicamos, unha especie de estación de tránsito na que o autor se “desfai” de textos escritos en décadas precedentes, baixo parámetros estéticos anteriores ao socialrealismo da súa poesía máis comprometida.

En terceiro lugar, como ten sinalado Freixeiro Mato (2007:36), a *Escolma...* incide en varios momentos, nomeadamente por medio das criaturas literarias máis pegadas ao folclore popular (Pepe da Costa, Manuel de Paderna...), na defensa explícita do idioma galego como sinal identitario e na crítica do desleixo idiomático practicado por individuos e sectores sociais da Galiza desa época. Nese sentido, poden engadirse con toda xustiza algúns dos textos presentes nela á longa relación de poemas de temática sociolingüística elaborada, recompilada e analizada con lucidez no seu día por Gómez Torres (2005:94-96 e 149-203).

Unha cuarta dimensión reivindicativa encerra, ao noso ver, esta *Escolma*: a da propia capacidade e valía como escritor por parte do poeta Manuel María, cun exercicio propositado de recreación estilística e temática, de manexo de pautas estéticas distintas, do culto ao popular, do moderno ao medieval. Esta vindicación cómpre enmarcala nas frecuentes descualificacións

que a súa obra recibía por esa época por mor do seu carácter “comprometido” e “social” ou polo seu orgulloso “ruralismo”. O poeta que cantaba versos *pra construír unha patria* quixo demostrar así, a quen necesitar desda demostración, a súa pericia de orfebre, o seu saber literario, a súa sensibilidade afeita e adita a (case) toda caste de beleza.

A pegada dun conflito

Finalmente, cómpre deterse un momento nunha das escasas figuras escolmadas que recibe un tratamento pouco positivo, A. Ron Año. Desvela Manuel Veiga (2014) que se trata dunha criatura que toma como referentes e reúne en si propia os tres principais animadores do grupo de expresión poética “Rompen-te” de Vigo, Antón Reixa (A.), Manuel Romón (Ron) e Alberto Avendaño (Año), que representaban no momento de se editar o volume de Manuel María que nos ocupa, ano 1982, a facción máis rompedora e iconoclasta, sen dúbida, do panorama poético galego. A súa estética vangardista e “antidecorativista”, o seu tratamento idiomático desenfadado, o seu diálogo audaz con outras artes (plástica, música...), as súas referencias urbanas e *underground* e aínda outras características do seu quefacer non gozaron, xaora, da estima do Manuel María, quen en *Poemas pra construír unha Patria* (1977) xa amosara o seu distanciamento, por exemplo, a respecto dos

“Inxenuos/inofensivos/inocentes hippies
anarco/internacionalistas/drogadictos
que estades de volta de todo sen
ter saído nunca/nunca de vós mesmos (...)”
e xa criticara determinados literatos galegos
“(...) ao pechase nun CU-l-TU-ral-ISMO
subxectivo/estético/egoísta ou ao
facer desplegue de metáforas
xeroglífico/xogo/adiviñanza (...).

Na ficha bio-bibliográfica de A. Ron Año que se nos ofrece na *Escolma...* alúdese veladamente á traxectoria, enfoque e publicacións do colectivo “Rompen-te” nestes termos:

Rompendo coa tradición poética anterior –e este é o seu mérito– publicou algunhos poemas en follas colectivas, tiradas a multicopista. Participou no tomo comunitario *Abecedario do*

Rego da Boca e deu a luz o libro *Ensaïmada dos piollos sin ollos*, no ano 1978, ó que pertence o poema que escolmamos e que os lectores xusgarán por si mesmos e de cuio xuicio tirarán as pertinentes conclusións.

Parécenos evidente o sentido paródico dos títulos que Manuel María apón a A. Ron Año, pois remeten para dous dos volumes editados polo grupo Rompente, o colectáneo *Silabario da turbina* (1978) e mais *As ladillas do travesti* (1979), de Antón Reixa, así como ás *Follas de Resistencia Poética* que editaba o grupo en ciclostil, con textos como “Reclamo a liberdade pra o meu pobo” de Ferrín, o “Galicia-ráfaga” de Reixa (dedicado a Moncho Reboiras) e a “Homaxe á bandeira dun pobo” de Farruco Sesto (asinado como *Bárbaro Tomé*).

No volume *Conversas con Manuel María*, de Xosé M. del Caño (1990:93), falando do momento da poesía galega naquela altura (1990), o poeta sinala con sinceridade:

Ó mesmo tempo aparece o grupo Rompente, que rompe, simplemente; e dáse por liquidada a poesía social. A maior parte deste colectivo considera antipoético tratar temas patrióticos, de denuncia, etc. Eu con isto non estou de acordo, porque penso que todo canto o home sinta é materia de poesía.

Antón Reixa revela, pola súa vez, que o grupo “Rompente” comezou a xestarse en 1976 no piso de Bernardino Graña en Compostela, en reunións ás que asisten Emilio Dopico, Xosé Leira, Pexegueiro, Méndez Ferrín, Lois Diéguez e, aínda que semelle sorprendente vista a disintonía resultante que a *Escolma...* plasma, o propio Manuel María (Xestoso & Cid Cabido, 2012:59-60):

E aí temos unhas conversas imposibles co obxectivo de articular un colectivo de poetas (...). Entón, entramos nesa cousa de que hai que crear un grupo, redactar un manifesto... E nas reunións de Compostela o que hai é un *totum revolutum*... Había xente de idades moi diferentes, de estéticas moi diferentes, moitos valedores da poesía social, como Manuel María.

Coa inclusión de A. Ron Año e do seu poema “Leite Natado Acedo Sulfuroso” na *Escolma de poetas de Outeiro de Rei*, Manuel María deixa

testemuño dun dos conflitos xeracionais, ideolóxicos e estéticos que tiveron lugar na Galiza do inmediato postfranquismo: *Rompente* versus Manuel María, *Os Resentidos* versus *Fuxan os Ventos*, a Galiza proletaria, industrial e suburbial versus a Galiza labrega tradicional en imparábel declinio, as expresións disidentes e heterodoxas do nacionalismo galego versus a ortodoxia maciza e autorreferencial da AN-PG/UPG...

E. X. I.

Referencias bibliográficas

- CABANA, Darío Xohán (2006): *De Manuel María a Ferrín: a Grande Xeración*, A Coruña: Real Academia Galega.
- CABANA, Darío Xohán (2016): “Introdución”, en MANUEL MARÍA (2016): *Antoloxía poética*, Vigo: Ed. Galaxia. Escolma de Darío Xohán Cabana e Amelia Outeiro Portela.
- CAÑO, Xosé M. Del (1990): *Conversas con Manuel María*, Vigo: Eds. Xerais, col. Crónica.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2007): *Cucou o cuco cuqueiro. Lingua e estilo na obra de Manuel María*, Lugo: Fundación Caixa Galicia/ El Progreso, XX Premio Literario Ánxel Fole.
- GARCÍA, Xosé Lois (1994): *Lectura e itinerario posíbel polo Terra Chá de Manuel María*, Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial.
- GÓMEZ TORRES, Camilo (2001): *Manuel María: os traballos e os días*, Santiago: Eds. Laiovento, Ensaio, nº 148.
- GÓMEZ TORRES, Camilo (2005): *O tempo vital de Manuel María*, Vigo: Eds. A Nosa Terra, Campus, nº 17.
- HORTAS VILANOVA, Manuel (=MANUEL MARÍA) (1990): *Andando a Terra. 1977-1987*, Vigo: Eds. A Nosa Terra, escolma ao coidado de Miguel Mato Fondo e Pilar García Negro.
- IRIZARRY, Estelle (1979): *La broma literaria en nuestros días*, New York: Torres Library of Literature Studies.
- LÓPEZ VALCÁRCCEL, Xulio (2013): “Manuel María, en seis tempos”, en *Raíz e Canto. Nomes para unha crónica vital e literaria. II. Voar de fondo*, Ferrol, Sociedade Cultural Valle Inclán, pp. 91-110.
- MANUEL MARÍA (1982): *Escolma de poetas de Outeiro de Rei*, Vigo: Eds. Xerais.

- MANUEL MARÍA (1997): “Un maldicente do século XIII”, *El Correo Gallego*, Santiago, 16 de decembro.
- MANUEL MARÍA (2001): *Obra Poética Completa. Tomo I (1950-1979) e Tomo II (1981-2000)*, A Coruña: Espiral Maior.
- MANUEL MARÍA (2003): *Historias do empardecer*, Santiago: Eds. Laiovento, Narrativa, nº 176
- MATO FONDO, Miguel (2011): *A señardade da luz (A obra poética de Manuel María)*, A Coruña: A. C. Alexandre Bóveda.
- ROMPENTE (1998): *Upalás. Escolma*, Vigo: Eds. Xerais, Ablativo Absoluto, 7. Selección de Iris Cochón e Helena González.
- VV.AA. (2001): *Manuel María*, Guitiriz: A. C. Xermolos / Ophiusa.
- VV.AA. (2005): *Manuel María. Fotobiografía sonora*, Sarria: Ouvirmos.
- VEIGA, Manuel (2014): “Manuel María e o deus das pequenas cousas”, en www.biosbardia.wordpress.com/2014/02/14/manuel-maria-e-o-deus-das-pequenas-cousas-2/. Última consulta, 4 de marzo de 2016.
- XESTOSO, M. & CID CABIDO, X. (2012): *Antón Reixa. Ghicho distinto*, Vigo: Eds. Xerais, Crónica.
- XIZ, Xulio (coord.) (1995): *Manuel María da Terra Cha*, Lugo: Citania de Publicacións.

OLLAR O REAL: MANUEL MARÍA NOS XORNAIS

Margarita Ledo

Manuel María materia dos xornais ou Manuel María metido a xornalista, como se decía dos escritores –axitadores– da Galicia Moderna: Manuel María nos xornais é ao que me vou referir, é o noso acto de escolla. Manuel María –ás veces vai aparecer como MM– colaborador habitual da prensa, de *Vida Gallega* (1954-1963) ou de *A Nosa Terra* (1977-1989).

Manuel María coa prensa, dende a prensa, contra a prensa é o noso acto de escolla. Coa prensa, é dicir, consciente de que a prensa non é só un resultado senón un activo, un operador da sociedade; dende a prensa, dende o que cualifica e diferenza a cada Medio e dende a posición que a sinatura “Manuel María” representa en cada Medio, a que segmento de público se dirixe, que relación mantén o autor co editor, etc.; contra a prensa, actitude que nos une outravolta co paradoxo: a favor e mais en contra non son excluíntes –se partimos da dialéctica materialista–, se non que na súa relación se manifesta o que coñecemos como posición crítica: no concreto, de fronte, coa dor que xera a paralización do ‘anxo da historia’, esa forza, a conciencia revolucionaria, que constrúe a paixón pola igualdade e pola irmandade, esa figura literaria e benjaminiana que acompaña a Manuel no seu paso pola Galiza da segunda metade do século XX, un anxo que brillou de seu no período de entreguerras, de 1916 a 1936.

O modo en que vou organizar o meu percurso cara MM nos xornais conxuga tres variantes que considero incontornábeis: o propio Autor coma *origo* da súa decisión de intervir do lado do ‘anxo da historia’; a prensa como territorio no que expresa un seu territorio maior, Galiza, a súa literatura, a súa paisaxe, a súa identidade, e Galiza, a nación, máis o tipo de escrita que vai formateando para o contacto co seu lector-modelo, deixando sempre certa pegada no remate: son de Manoliño de Hortas, como inscribía o oleiro de Bonxe ao dar por acabado un peto de barro para aquel cativo que axexaba todo o tempo, sen arredar pé, ás veces baixando a moliña para ver dende un outro ángulo a transformación que a mestría do cachaeriro incorporaba á terra e á fusión do artefacto, do torno, cun tipo especial de terra.

Autor, soporte, constantes estruturantes da escrita a partir dun tipo de texto, o comentario, que está xa nos albores da prensa son a nosa mostra.

Como materia dos xornais –que non é, como dixemos, a achega que imos incorporar a este Congreso, pero que nos serve para situar o Autor–, como entrevistado ou noticiado, a construción pública do perfil do personaxe Manuel María pasa por diferentes avatares que teñen máis que ver coa súa militancia nacionalista que coa súa significación como creador literario, animador cultural ou cidadán-tertuliano. Pasa polo seu compromiso e polas posicións que iso conleva, por exemplo, verbo do idioma e o conflito lingüístico como modo de se manifestar a perda colectiva, e das institucións que determinan o estatuto e o uso do idioma (a Real Academia Galega, RAG, por moito tempo como contra-exemplo, digamos até que don Paco del Riego fai unha proclama precisamente alertando sobre o papel dos Medios de Comunicación. A fenda entre o real e o modo de transformalo en noticia para o público –por utilizarmos só o xenérico da información e o termo co que Manuel resume o deber de información– advirte dunha outra fenda, a que partiu a historia da nación e trazou dúas liñas que tardan en se entrecruzar e que adoito se manifestan pola negación da existencia da outra: ou galego, ou español. Ou Galiza-nación ou Noroeste peninsular.

Manuel María metido a xornalista tamén pasa, non podería ser dun outro xeito, por diferentes épocas en canto a utilizar o galego ou non, dependendo da vontade dos Medios ou da capacidade intersticial do Autor para situalo a pé dunha efeméride, tal se devalara de certos nomes e temáticas, ou como cita interna ás súas entregas en español. Poden comprobalo, dato a dato, no Camilo Gómez Torres de *Os Traballos e os Días* a quen tamén lle debo a precisión que poida ter, algures, este texto. Non é, pois, casual, que se seguimos a ordenación cronolóxica que propón o Camilo, nos quince primeiros anos, entre 1949 e 1964, o idioma galego apareza xa apegado ao valor simbólico que contrae e sexa a lingua de comunicación coa Galiza exilada alén de dúas colaboracións, unha ben temperá en *Vida Gallega*, no 1955, e a outra en *El Progreso*, o xornal de fondo para seguirmos, sigularmente, ao Manuel María, materia en positivo dos xornais. Talvez porque Don Puro e Luís Pimentel –quen convida a Manuel a se incorporar á tertulia do café Méndez Núñez– labraran amizade; quizais porque os vellos editores, os editores da Modernidade, aínda

seguían, a trancas e barrancas, as convencións do xornalismo nos tempos do franquismo, o caso é que a popularidade e a imaxe de credibilidade de Manuel María no ámbito de cobertura de *El Progreso* –e non só por razóns localistas– é moi superior á dos tempos doces que o poeta e escritor viviu nunha cidade que el amou tanto, como a cidade de A Coruña. Deixando á marxe homenaxes e recoñecementos –ese flotador que che guindan cando xa engatuñaches na outra ribeira, como ben dixo Sartre polo Nobel–. Deixando louvores que o acompañaron nos derradeiros quince anos, o certo é que quen queira coñecer ao Manuel civil, ten que pescudar nos arquivos do xornal *El Progreso*.

Do 1969 en diante, o Manuel María colaborador habitual ou esporádico de xornais⁶⁵ e revistas, é un Manuel María monolingüe, e é nese período longuícuo, de trinta e cinco anos, onde apousa a súa intervención e dende onde arrastra, para todo tipo de obras, as particularidades de linguaxe, de tratamento e de pretexto que utiliza nos medios de comunicación. Vexan, se non, a colocación do termo ‘noticia’ para referir achegas descritivas e concretas en revistas académicas; pensen, se non, en *O xornaleiro e sete testemuñas máis*, traendo para o título da súa narrativa a función observadora, constitutiva da profesión de informador.

A información, entendida como necesidade cultural, política e cidadá, como substantiva e non como adxectiva, fará que Manuel a insira en todo tipo de textos –da creación á divulgación– e que elabore un refinado núcleo de mensaxes breves que vai contribuíndo a fixar na conciencia xeral, no lector. Teño para min que é ben escaso o número de artigos nos que Manuel non fai referencia á pertenza, ao sentido de pertenza, ao vínculo cos devanceiros e co acervo no que nos recoñecemos: sexa un autor como Otero; sexa unha construción como *O Mariscal*, de Cabanillas, por certo o seu artigo post-falecemento, sexa o fio do tempo que nos vai corcosendo coas ‘Misa de Rosalía’ ou co ‘Día das Letras’. A fala, a lingua como fala; a función da fala, e da poesía como modo de anhear os vieiros comunicativos da fala, é o estilo que Manuel leva canda si para os espazos

⁶⁵ Comunicación ao Congreso sobre o poeta Manuel María (Outeiro de Rei, 1929 / A Coruña, 2004) celebrado na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña nos días 3 a 5 de novembro de 2005.

mediáticos, exactamente igual que fixera Ánxel Fole no seu dambular, por entre os seus mil e un neboeiros. Un xeito coloquial que coincidía co que armaban outras xeracións parellas, nos anos cincuenta, por exemplo os ‘mozos enrabexados’ (e a súa gran contibución, o *Free Cinema*; ou Harold Pinter) ou os chamados Novos Xornalistas, o Capote de *Co Sangue Frío*, para darnos, como público, ese ‘petit sujet’ que, en tempos difíciles, os do macarthysmo, os do franquismo nos marca de por vida porque é a nosa vida.

A prensa foi o territorio máis visitado por Manuel como colaborador, e a prensa entendeuna como parte do espazo común, como esfera pública, na que é bon tentar emparellar entretemento e máis información, sen que a unha teña que aniquilar a outra, sen que a solpresa, o inagardado, o raro, o pавero –cecais dixera el– teña que arredarse do profundamente humano.

O exemplo, en dous medios distantes no tempo, na liña editorial, no modelo:

La Voz de Galicia, 20 de xuño de 1988, título: “O mítico Juanito Acuña” onde se nos dá conta da afección da mocidade de Outeiro, Rábade e Vilalba polo gardarredes do Deportivo, afección animada polo propietario do Café Roca e eterno presidente do Racing de Vilalba. É esta a entrada precisa, semellante a todas as entradas dos seus artigos, que nos sitúa diante do motivo, Juanito Acuña, e dende o seu lugar de preferencia: o *interland* de Outeiro, para levarnos da man cara o seu Píndaro particular, o poeta-barbeiro-alguacil Manuel de Paderna, que lle fixera uns versos a Acuña co gallo do seu casamento. E paso ao texto do Manuel:

Paderne tiña un gran retrato de Acuña, que era unha portada da revista *Marca*, pegado nunha parede da súa industria-barbería e debaixo estes versos do que era autor:

Anque semelle un poeta
Este é don Juanito Acuña,
Gran porteiro-gardameta
Do Deportivo Coruña.
Non hai quen lle META gol
A este porteiro xenial
Pois o Sol, con ser o sol,
Non entra no seu portal

Na cerna de “O mítico Juanito Acuña”, a defensa dos aspectos fraternais e non comerciais do fútbol e, sobre todo, unha idea que Manuel leva canda el por varios artigos e que citamos dende o do luns, 23 de maio, tamén en *LVG*: fai queixas, o Manuel, do trato desigual, que a prensa lle outorga ao deporte, manexado por multinacionais –citamos– fronte doutras manifestacións sociais. E conclúe así:

Este servidor de vostedes conformaríase con que os chamados medios de información de masas lle adicaran o mesmo espazo e tempo á cultura que ao que se entende por “deporte”, se non é moito pedir. E disimulen.

O segundo exemplo ven de *A Nosa Terra*, ano 1977, o primeiro ‘Andando a terra’.

Aquí teño por forza que parar un chisco só para lles lembrar que estou a falarlles dun dos fundadores, xunto con Saleta Goy ou Francisco Carballo, por citar só algúns dos participantes neste Congreso, do único xornal nacionalista que, até día de hoxe, houbo dende a guerra e que eu tiven a sorte, naqueles setenta, de idear e de poder levar á práctica na súa etapa inicial, ate outono de 1980. Estou a falarlles de alguén que por 283 números, é ao longo de doce anos, desenvolveu unha sección de intrahistoria na que as cousas –é dicir, os feitos, as persoas, os lugares, as festas e feiras, os sinais do contrabandista... – se ían relacionando unhas cas outras. Pero non foi só esta, con ser inmensa, a participación disciplinada e tenaz do Manuel de cultura campesiña. En innúmeras ocasións o Manuel foi o arquivo e a fonte fidedigna á que acudimos para localizar documentación sobre os máis variados temas, sobre escritos do galeguismo que se referiran a aspectos de interese puntual; foi a axenda da que se bota man para contactos. Na andamiaxe que fixo posíbel o xornal estaba a man do noso oráculo e grande mediador, a abrírnos portas e máis portas: Manuel. Tamén cumplíu Manuel, é ben sabido, o papel do divulgador de base para temas de esgo nacional, da rex pública, como o son precisamente, as súas colaboracións excepcionais arredor de determinados suxeitos como a prensa galega, ou o Día das Letras.

E como todo o que se dí dínolo alguén, vou aproveitar os excursos que me permite o propio estilo do Manuel non para lles revelar o importante que foi para unha xeración como a que eu pertenzo, que é ben coñecido, pero si para comentar cómo me puxen en contacto con Manuel e Saleta, dende

Barcelona, xusto cando comezaba a cursar xornalismo e como este feito acompañou as miñas posteriores –boas e menos boas– decisións. Foi por carta, a Monforte, despois de que Costa Clavell me facilitara o enderezo. Para me dar un chisco a valer non se me ocorreu outra cousas que facer un poemario. Manuel contestou deseguida: xa te temos, a Saleta e máis eu, localizada. Eres filla de Ramiro e de Amparo da Galería, e teu pai traballou co pai da Saleta no Concello, etc. etc. De súpeto convertérame nunha persoa vencellada a eles de vello. A maior abundamento, aqués poemas saíron aquel mesmo ano en Xistral –*Parolar cun eu, cun intre, cun insecto...* – e eu, tamén aquel ano, fun levada canda eles á ‘Misa de Rosalía’ onde camiñei cara Bonaval na compañía, entre outros persoeiros, de don Fermín Bouza Brey. Un camiño sen volta atrás que lle debo a Manuel.

Imos, xa, para a primeira entrega de ‘Andando a terra’. Nesta colaboración poderíamos localizar tamén algunhas das constantes dos textos periodísticos de Manuel. A saber: escribir daquilo que se tripa cos pés, do que foi atravesado pola propia experiencia, que é unha das leis de ouro do Xornalismo de todas as épocas: a observación, a proximidade material e afectiva aos temas, o respecto por como cada material se expresa. E, esa pequena habitación escribir propia, a do autor, que vai de ollar o mundo a construír unha mirada sobre o mundo, no caso de Manuel ao abeiro de certos empréstimos tirados do real, si están á vista, ou da elaboración dunha sorte de moralexa, de fórmula incontestábel como a dos remedios, que coloca, non podía ser doutro xeito, na coda final, que o vincula aos grandes articulistas, tipo Carpentier en *El Nacional* de Caracas, ou o Calvino de “Collezione di Sabia”.

Pois ben, na primeira entrega de “Andando a terra”, en decembro de 1977, Manuel danos a coñecer unha ruína, escaparate da modernidade, da viaxe, da exploración do novo, da noticia sobre o nunca visto, que todo isto é o betanceiro “Pasatempo García”.

Comeza a paseata, en plan panorámica, do máis xeral ao plano de detalle desta lenda: “España monárquica y sus dieciocho hijas republicanas”, cun imenso plano secuencia que nos vai abrindo o mundo dende o sentido do monumento, dende o sepulcro de Andrade o Bó e ate o “Pasatempo”, atravesando as manifestacións e os inxenios populares –os caneiros, o globo

que contradí a lei da gravidade–, e até entrarmos, de cheo, no legado dos irmáns García Naveira, auténticos globalizadores co seu culto ao exótico e ao teléfono, a rede de redes do momento.

Desculpade o meu desvío cara o cinematógrafo, pero é que en Manuel –lémbrolles que gañou o concurso de guións convocado pola primeira cinematográfica “Nós”– había moito de documentalista, de se misturar coa materia pro-fílmica –sexan personaxes, lugares, eventos, lembranzas, fábulas–, de traballar dende ela cun dispositivo conciso, sen sobexo de aderezo, co rigor da chaira que non sabe de cánticos, nun espazo que para o sentido da vista é areia e sobor do que o interior goberna o exterior, onde cómpre facer saír as cousas, as palabras, aqués rituais apenas perceptíbeis nos espazos habitados por xentes do cumún: o adro, a barbería, os cafés, a romaría.

Atrévome a dicir que canda el andou esa frase de Chateaubriand que tamén aconsellou ao cineasta Robert Bresson, neste caso verbo dos actores:..sen lles faltar naturalidade, fáltalles natureza. Canda il o Manuel tamén prefería a natureza mesmo a natureza do nonsenso, do estafalario, dos seus ‘toliños’, como se ten falado.

Imos, pois, parármonos nos heroes, nos personaxes, nos nomes propios do Manuel, como pezas nodais dos seus escritos para a sección habitual de colaboración que mantivo en ANT e que aínda con meirande profusión aplicou ás de *El Correo Gallego* / *O Correo Galego*, *ECG/OCG* ou *Galicia Hoxe*, *GH*. O primeiro indicio é a grande cantidade de pequenas biografías con que Manuel nos deleita, en grande número vencelladas ao oficio da escrita –ámeto co que contraeu, por vontade, a función de intenso divulgador–. Pero as verdadeiras personaxes tíraas do máis excéntrico dos comportamentos humáns, deses ‘modelos’ que son quen de confrontar a norma, por exceso ou por defeuto, personaxes das que foi acumulando documentación ao longo da súa vida –don Juan de la Coba y Gómez, capaz de provocar o milagre de que o can de San Roque rebese porque ese xenial escultor, coas présas de que estiver listo para as padronais, confeccionouno con carola de nabo– e que se distinguiron como verdadeiros tratadistas; como personaxes de intención didáctica, tipo o devandito ou o meu preferido, o tío Valentín (vide “Andando a terra” 24-11-1978), entrega na que podemos topar todas as constantes do Manuel María articulista, é dicir, un protagonista,

un momento de crise, unha saída que, no caso do tío Valentín, foi ser autor dun tratado para persinarse. Enchendo de real esta andamiaxe o texto vai corcosendo as peripecias biográficas do Tío Valentín, que “rematou por facerse mestre de escola”, de Cespón, onde compadrebbe con Castela: un mestre ao que lle dan praza en Lousame “onde hai unhas minas perto da parroquia de Fruime”, citamos. E o azar, que o tío Valentín pase por Fruime, trae canda si o recordatorio dos cegos poetas, ese inserto de saberes concretos, tan especial para Manuel, que introduce en cada texto, e que en facéndoo patrimonializa o seu coñecemento. O tío Valentín, o heroe deste artigo, “non quixo emigrar”, dinos Manuel.

Porque a pé da galeguización da vida cotiá, de nós como cidadáns e dos Medios de Comunicación como ágora, como República, Manuel combateu a perda, a perda da conciencia (eis as súas críticas mesmo a persoas moi queridas como Eduardo Blanco Amor polo seu “paso ao españolismo”, cito, e advirto que se lea no contexto da estraña transición que artellaron para Galiza os persoeiros metidos a cabezas de lista dos partidos españois, estraña transición que comezou coa UCD, seguiu con Piñeiro ou Isaac perto do PSOE dende as primeiras eleccións, as de 1977, co esfarelamento do PSG, e chegou até Fernández Albor, entre outros, no PP. No artigo que Manuel escribe co gallo do pasamento de Eduardo Blanco-Amor, a quen coñecín tamén canda el e Saleta por mor dunha feira do libro en Foz [ou sería Ribadeo?] e unha viaxe a seguir ao xantar, con parada no Casino de Viveiro –onde estaban Piñeiro e Fermín Penzol–, e fin de traxecto en Sargadelos, onde pasaba unha tempada o novelista, a atmosfera como figura literaria ateiga cada letra, cada parágrafo que trae á tona a voz do propio Eduardo relatando o seu retorno de América e a acollida dos seus camaradas de Galaxia. Citamos a Eduardo Blanco-Amor dende Manuel María: “Déronme tempo para morrerme de fame. Estorbáballes o meu xesto ceibe. Alvaro Xil, nos primeiros tempos, asinoume cinco mil pesetas”. E citamos, agora, o remate de texto de Manuel, na contraportada de ANT, o 7 de decembro de 1979: “Nin o presidente da chamada Real Academia Galega, de quen por certo Eduardo Blanco Amor era membro numerario, nin o presidente da chamada Junta de Galicia, que naceu na provincia de Ourense, asistiron ó enterro de Eduardo Blanco-Amor”.

Manuel combateu a perda da conciencia que acompaña a perda da materia, das posibilidades de vivir –no interior, caso Blanco-Amor–, ou da poboación, da cidadanía, que tén que largar pró exterior: a emigración.

Sería inabarcábel sequer cuantificar os rexistros e a significación plural que acolle o tema ‘emigración’ na obra do Manuel, aínda que talvez sexa ocasión para lembrar esa transferencia dende a prensa á poética, os ‘poemas-noticia’ que informan do que a prensa franquista ignora: do número de mozos que saen cada día das Terras de Lemos ou do Val de Quiroga (sinécdoque de Galiza) para Barcelona.

Celebrou Manuel a melancolía do lugar dende cedo (vide un artigo de 1952, “San Froilán” en *El Pueblo Gallego*), de Outeiro de Rei, das espadañas do campo de Santa Isabel, do paso do tempo, que lle dá o pé para incorporar –ollo! en *El Pueblo Gallego*, incautado a Portela Valladares e converso en cabeceira da “Prensa del Movimiento”– uns versos en galego:

...
O meu corazón no corazón da noite
En antergo mar maior aves voade
...

e celebrou a viaxe, a fábula, o próximo-viaxado –a traverso da lenda, da crenza, da fala, do imaxinario– e retornado como exemplo, como alegoría ou como alento. Párense, se non, neste texto do 1952, que dá notica de troveiros dos séculos XII e XIII, de Johan Gaudioso, de Nuño Fernán de Mirapeixe –este nome de ensoño–, quen, citamos “trobo, al modo provenzal, en lingua galaica”. Párense neste texto de 1952 e vexan como se emparellan os troveiros con Pepe da Costa, alguacil do Concello de Outeiro, que Manuel describe e compara, polos seus esgos morfolóxicos, cos celtas que habitaban “as camposas do rei Baltar das que falou o meu amigo Alvaro Cunqueiro”. Párense no modo de dignificar o popular.

E comparen con estoutro, “Encol do castrapo”, publicado en *La Región*, no 1973, o que Camilo clasifica como época da militancia, cun antes e un após. “Encol do castrapo” é, tamén, un modelo do xeito no que utiliza a sátira Manuel e do que un libro publicado en Portugal, *Odas nun tempo de paz e de ledicia*, libro que me incitou a prologar, e que eu prologuei aos meus rampantes vinte e un anos, é a mostra más cabal.

Voltamos a “Encol do castrapo” e a unha das ideas-chave de toda a obra de esta época do Manuel: o vencello idioma-clase e a urxencia de recoñecer as consecuencias da perda que non é outra que a desaparición como suxeito colectivo, como nación. Tal se a lingua, o exercito dos probes, fose o estandarte único que podemos manter mentres nos expropian as terras, o sochán, as augas, as almas (as concencias), a xinea.

Extraordinaria a mudanza de estilo e a radicalización da orde interna dos artigos nesta época na que, sen rodeos, Manuel parte dunha idea coa que desenvolve circos sen saída, no mellor da pedagogía maoista. O lector, ao que se lle fai participe dende o primeiro intre dunha proposta que funciona como un axioma, como algo a aceptar, por exemplo coa frase tan común a todo xénero de explicacións ¿quedamos nisto?, ese lector diciamos, é convocado decote a se cuestionar: qué farías ti nesta situación? Qué fas ti en casos coma estes?

Despois de ter ben identificado e ridiculizado ao inimigo: “os que queren falar castelán e o que falan é castrapo”, Manuel fai devalar as consecuencias para o común de nós, un común no que se inclúe o inimigo, consecuencias que traen consigo a perda: “todo idioma é portador dunha cultura”, unha cultura non é só o inmaterial senón o total que articula unha sociedade, a cultura vai, xa que logo, “das cancións do berce á Economía”.

E, por fin, a lus que se albisca, o castrapo como loita interior que padecen certos grupos e individuos, loita “entre o idioma que abandonaron e que pula por saír de novo”... e o idioma que coidan adoptaron, o español.

Avantando coas conclusións de Manuel María como xornalista, chamaría a atención para o modo en que utilizou as chamadas ‘leis do lector’, as de proximidade, cotidianeidade, as socio-afectivas e a de intereses en troques de necesidades, que é o diferendo entre o bon e o mal marxista. A súa precisión, a súa craridade, a súa comprensión dos fenómenos e das persoas, van entrando en cada texto como auga de ríos diversos, tal os catro ríos que contornan Outeiro. A guía construtiva dos seus artigos, con pequenas variantes, é ben recoñecíbel, cáse que canónica, para relatar as cousas: presentación-descrición, en primeiro termo; o que se nos vai revelando, o ignoto, o sorprendente ou aquilo que se nos fai lembrar, a seguido; o momento de crise, a dúbida, a contradición ou o sen sentido; o

apoio noutros (Otero, sempre Otero); os insertos, o sentido de participar de diferentes situacións, a coexistencia de momentos, de accións, de persoas que se relacionan co motivo do texto; a moralexa, unha pequena frase para dar a pensar. Agás cando se trata dun texto celebratorio en torno dunha persoa, dunha evocación, dunha viaxe, en que, a frase final, acostuma trasladarnos a empatía do propio autor fundido –*être avec*– co que nos está a relatar. Escollo, de *El Progreso*, o artigo “Luis Pimentel 1895-1958”, publicado o 19 de decembro de 1995, onde se nos dá noticia dunha pandilla, Os Godallos, da que o autor de *Sombra do aire na herba* formaba parte, xunto co don Purificación de Cora Paradela, na altura propietario do xornal *El Progreso*: Cando don Anxel López Pérez –di o Manuel– se empeñou en axardiñar algúns lugares da cidade, Os Godallos, para asombro de viadantes e curiosos, sementaban nos incipientes xardíns fabas, nabos, repolos, allos, cebolas ou millo”.

Ao ir puntuando a presenza de Lugo na poesía de Pimentel, ao falar da influencia decisiva que tivo nel propio, o texto esvae cara esa señardade que sempre nos deixa este tipo de ofrendas: “Volvemos sempre á poesía pimenteliana, tan temblorosa, tan auténtica, tan desnuda, tan humana, tan suxerente, tan fermosa, de tantísima calidade, tan inefable (...), e, un chisco máis adiante, xa na fin: Agrandounos Lugo, Galiza, o mundo. Por el sabemos –e endexamais o esqueceremos– que “a Poesía é o grande milagre de mundo”. ¿Qué máis podemos pedir?.

Os usos diferentes que Manuel María fixo do xornal –botando man, cando foi preciso, da sección de “Cartas ao director” para denunciar o que a censura, noutros espazos, ía tolleitar–, convérteno nun activista sen acougo, nun reporter sen patrón –no senso orixinal de transportar anacos do real, facerllos ver aos outros e que eses outros poidamos adeprender–, fan del un singular ‘free-lancer’ que oferta os seus servizos para informar, entreter, dar a pensar arredor daquilo do que gosta máis: o seu país, a literatura do seu país, e ese monumento no que a nosa malfadada historia, en calquera dimensión, virá a se redimir: As Penas de Rodas. Foi a achega número catro das publicadas en “Andando a terra”, o 10 de febreiro do 1978.

Cando a viu publicada entrou en pánico, púxose furioso, porque para ilustrar a sección Pepe Barro, o noso deseñador, incluíra só unha das penas

e Manuel colleuno como un presentemento de que alguén puidera andar a cismar en deitar abaixo o seu totem máis especial. Exemplo do que a comén identificamos como ‘petit sujet’ que nos textos do Manuel se converten en algo fundacional, o autor explícanos que se Santiago está fachendoso da súa Catedral, A Coruña da Torre ou Lugo das Murallas, a parroquia de Santiago de Gaioso, no Concello de Outeiro de Rei da Terrachá, estao das Penas de Rodas, das que di que son “pesadas e leves” a un tempo, que parez que as vai levar o vento.

Estou certa de que as Penas de Rodas, convertidas nun cabalo alado, nun deses cabalos da mitoloxía céltica, foron canda Manuel deica a outra beira.

Gustábanlle uns botíns marróns, modelo de patinadora, que eu tiven tempo atrás. Chamáballes ‘andantes’.

M. L.

MANUEL MARÍA NA CIDADE INVISIBLE

(Corenta anos de vida en Monforte)

Antón Lopo

A relación xurdiu dunha casualidade (do azar). En 1957, nos xogos florais de Lugo, Manuel María mantivo conversa con César Quiroga, un periodista da falanxe que viñera de León para poñer en marcha Radio Monforte, da Cadea de Emisoras Sindicais (CES). A conexión entre ambos foi inmediata: caéronse simpáticos. O escritor acababa de aprobar uns exames para procurador de tribunais, pero non sabía moi ben que lugar elixir para establecerse e a profesión tampouco o entusiasmaba. O que a el verdadeiramente lle gustaba era a Literatura e, por engádegas, o periodismo. Publicara algúns artigos e traballara en Radio Lugo, onde deixara patente a eficacia da súa voz, profunda e ao tempo acarexadora. Ademais, coñecera había pouco a unha moza (Saleta Goy) e namorárase dela dun xeito irreversible. Planeaban casar e necesitaba estabilidade económica o antes posible. César Quiroga, con resolución cómplice, aconselloulle establecerse en Monforte de Lemos, “que é a segunda cidade da provincia, e mentres empezas e non, podo darche unha colaboración na miña emisora e buscarche unhas clases nunha academia”. Pero a oferta non quedou aí. Tan fascinado quedara César Quiroga con el que ao cabo dunha semana lle fixo unha proposición aínda máis gorentosa: converterse no xefe de programas de La Voz de Vigo, unha emisora (tamén da CES) a punto de inaugurarse. Cobraría seis mil pesetas, un soldo de luxo para a época. Manuel María aceptou, por suposto, soñando (talvez) converterse nun Lamas Carvajal (fundador do primeiro xornal en galego) ou ir na senda de Álvaro Cunqueiro, ao que tratara na famosa tertulia do Hotel Méndez Núñez de Lugo, onde el se demexera no galeguismo da man de Luís Pimentel. A oferta parecía un regalo do destino (instalarse en Vigo era máis do que lle cabía soñar) pero o regalo traía veneno dentro: se quería ser xefe de programas debía sacar o carnet do Movemento, esixencia que el non estaba disposto a asumir. Dese xeito, cambiou un soldo de folganza en Vigo por un incerto pluriemprego de colaborador radiofónico, profesor de academia e procurador sen clientela en Monforte.

En 1958 tomou posesión de procurador e instalouse na cidade en maio de 1959, despois de casar con Saleta. Tiñan trinta anos acabados de

cumprir e, como lle testemuñou o escritor a Camilo Gómez Torres en *Os traballos e os días*, “o de ir a Monforte de Lemos supuxo un troco importante na nosa vida: a adaptación a unha nova cidade, a unha nova paisaxe, a unha nova xente, o enfrontamento cunha profesión que non nos estusiasmaba e, ademais, o ter que soportar un réxime político que nos negaba todos os dereitos como galegos e como persoas”. Nas catro décadas que viviu en Monforte (coincidindo cun intenso período da historia de Galicia), converteríase non só no seu activista cultural e político máis significativo senón tamén nunha das súas referencias. Esa cerna, tan complexa e dilatada no tempo, dificulta construír unha crónica (coherente, non dogmática) sobre as relacións do escritor coa cidade, non sempre prácticas, como corresponde a unha sociedade minada polos procesos económicos do franquismo e a un home de grande pulo ideolóxico, teimoso e pouco compracente co poder. Pero ao facer balanço do período, Saleta non o dubida nin un segundo: “foron anos dunha grande plenitude e nós fomos moi felices”.

En 1959, Manuel xa gozaba de recoñecemento. Publicara (con éxito de crítica) *Muiñeiro de brétemas*, en 1950; *Morrendo a cada intre*, en 1952; e en 1954, *Terra Cha* e *Advento*. Recibira varios galardóns, relacionábase con prestixiosos intelectuais do exilio interior e gozaba dos seus eloxios: encarnaba a primeira xeración galeguista da posguerra, sangue novo destinado a tomar o relevo dos devanceiros e sobrevivir á ditadura. Segundo a crónica que o poeta lle fai a Xosé Manuel del Caño en *Conversas con Manuel María*, Monforte era daquela “unha vila pequena, con 205 talleres de zapatería” aos que lle fora mal porque se dedicaban “a facer calzado forte para as minas do Bierzo e de Asturias” e a crise da mineiría as arruinara. “Non había instituto”, subliñaba, “e só dispuñan dunha escola de Formación Profesional. O mundo ferroviario, xa en desfeita, aínda tiña un peso considerable”.

Intégrase rapidamente na peña do Euloxio, un bar céntrico da rúa do Cardeal cunha saborosa pastelería, frecuentado por médicos e avogados. Laboralmente, o terreo non lle resultou doado. “Agás raras excepcións” o traballo víñalle de Lugo, pois “cos avogados de Monforte”, indicaba en 1989, “apesar de levar trinta anos de profesión, aínda hoxe non entrei plenamente”. Á cidade (explicaría anos máis tarde) víalle un problema: carecer, precisamente, de conciencia de cidade: os seus barrios funcionaban de xeito autónomo e iso impedíalle (ao seu xuízo) unirse nas adversidades ou

na felicidade (“nin sequera para facer unhas boas festas patronais”, enfatizaba). Pola contra, parecíalle “moi grata” para vivir: “a xente aquí é liberal, aberta, dada á convivencia e incluso ten unha certa alegría”.

Nos primeiros anos sesenta, Uxío Novoneyra visitábalos con regularidade. Coñecéranse en Lugo, nos tempos do instituto, e compartiran o Servizo Militar en Parga e en Compostela, onde se fixeran inseparables. Xuntos coñeceran a Otero Pedrayo na peña do Café Español e xuntos empapáranse no marxismo da man do pintor Carlos Maside nas visitas que lle facían ao seu taller. Con Manuel instalado en Monforte, a cidade convértese nunha parada obrigada para Uxío no trasfego (continuo) entre O Courel e o mundo, con máis razón ao iniciar el unha intensa relación sentimental con María Mazaira, rapaza vinculada por amizades ao Pazo de Tor, que tanto Manuel como Uxío describirán reiteradamente en varios textos. No casino da cidade, asistían ambos aos recitais que organizaba Aquilino Gómez, un falanxista con sensibilidade cultural que sucedera en 1959 a César Quiroga na dirección de Radio Monforte. Filgueira Valverde, o propio Novoneyra ou Álvaro Cunqueiro participaban nas veladas, punto de reunión para o pequeno círculo da intelectualidade local, formado pola mentada María Mazaira, Antón Patiño Regueira (e ás veces Raimundo Patiño), Cesáreo Saco, Moncho Regueira, Fernando de Tor ou Roberto Martínez Andrade, poeta monfortino da escola novoneyriana que lle deixou á Literatura galega un libro de valor excepcional: *Esta é unha pequena hestoria de amor e de noites*. O grupo disgregouse coa morte prematura de Fernando de Tor (aos 27 anos) e a marcha de María Mazaira á Coruña. Quedaron Novoneyra e Andrade como núcleo de resistencia e Manuel María como acompañante e testemuño dos seus percorridos etílico-filosóficos pola cidade. De noite (segundo contaba o propio Manuel), Novoneyra e Andrade entraban nunha éxtase de diálogos metafísicos inspirados polo viño que a el se lle antollaban fabulosos. Nesas conversas (evocaba), abrollaba o propio subconsciente dos dous poetas e a fantasía escintilante que só pode labrar a intelixencia. Á morte de Roberto en 1978 (tras unha longa enfermidade), Novoneyra deixou de ir por Monforte.

A situación xeográfica da cidade (a cabalo entre as provincias de Lugo e de Ourense) permitiulle a Manuel unir lazos (entre finais dos cincuenta a primeiros dos sesenta) co grupo de galeguistas ourensáns, como Cuevillas, Risco ou Pedrayo, aos que coñecía de antes. Nese momento, será cando comeze

a rexerarse o nacionalismo e el estará en primeira liña, referente inexcusable para as Terras de Lemos dun novo galeguismo de orientación marxista, bandeira que axitará na creación literaria, na vida cotiá, na actividade social ou nas iniciativas culturais. Coa súa inseparable navalla no peto, Manuel percorrerá Galicia sen descanso, guiado sempre por Saleta, musa da súa acción política e da súa poesía amatoria (ou erótica), pero tamén a condutora do automóbil (un corsa) no que el se trasladaba cando ela sacou o carné. (Antes levábano os rapaces próximos á militancia política, como Orlando Losada e o seu curmán Francisco Cortiñas, que van con el a Compostela nunha viaxe narrada en 1979 nun artigo publicado en *A Nosa Terra*).

Resulta difícil deslindar (desde o punto de vista monfortino) a Manuel María de Saleta. Os dous formaban unha parella de beleza desafiante, ambos cos ollos claros, el de mansa profundidade na mirada e ela máis chispeante, pícara ás veces, reacia a calar o que pensaba e, con frecuencia, cáustica nos comentarios (vehemente, incluso). En palabras de Darío Xohán Cabana (un dos máis apreciados discípulos do escritor), Manuel era un home “de gran bondade, que certamente non excluía estoupidos de cólera, case queremos dicir de ira sagrada, cando vía agredidas as súas máis firmes conviccións. Esa bondade derivaba dun amor irremediable polas persoas, un amor nada abstracto que o empurraba cara á comprensión afectuosa, cara á compaixón, cara á tenrura e a suavidade”.

Saleta colleu maior presenza ao inauguraren en 1970 a Librería Xistral, auténtica ágora da cidade en tempos ben difíciles para expresar ideas propias. O negocio, como recoñecía ela, proporcionoulles “marxe económica” e “moitos momentos felices”: ela puido ter traballo propio e Manuel deixar as clases da academia Balmes, que tanto o amolaban co seu estrito réxime escolar. A librería organizábase en tres espazos delimitados, un deles dedicado especificamente aos produtos de Sargadelos e do Castro (ao fondo). O mostrador era lugar máis visible, ámbito propio de Saleta (e de Marina, a dependenta). Ao pé do mostrador, nunha cadeira, adoitaba estar o seu pai, Luís Goy (morto en 1982), un republicano de elegancia rural (vestía de traxe), discreto na actitude e silencioso. Saleta exercía desde o mostrador un aberto maxisterio ideolóxico e estético. Unha xeración enteira de monfortinos formouse nese mostrador, tan doutrinal en algunhas materias como aberto ao debate se buscabas a polémica. Eu mesmo non

esquecerei o primeiro día que entrei na Xistral. Tería dez anos. Jorge Vila Alonso (un compañeiro dos Escolapios) díxome que abriaran unha gran librería nas galerías Fontecha, entón modelo dos novos espazos comerciais. Fomos á saída do colexio e quedamos fascinados (engaiolados, sería a palabra exacta) con Saleta e con Manuel. A partir de entón, non houbo tarde en que non pasáramos pola librería, fose mercar un lápiz, unha borradora ou, simplemente, curiosar polos andeis e escoitalos falar a eles, sempre envolventes. Moitas das ideas que forneceron a miña personalidade (desde a noción do idioma á certeza da nación) naceron da súa man e aínda conservo o meu primeiro poemario (*Chálives*, de 1979) coas anotacións léxicas que el me foi facendo con inmensa xenerosidade ou o libro *Barco sin luces* de Pimentel que me regalou.

O escritor Manolo Veiga (Monforte, 1960) considera que Saleta e Manuel foron a súa universidade literaria: “el falábame de Dieste, de Pimentel ou de Otero Pedrayo, e ela recomendábame ler a Turgueniev”. Lois Diéguez (nado en Monforte no 1944 e discípulo predilecto do poeta chairego) vai máis alá e na biografía *Labrego con algo de poeta* de Mercedes Queixas, subliña: “Manuel motivaba en nós a escrita e os meus textos chamaron a súa atención, o que provocou o inicio da nosa relación. Convidoume a visitar a súa casa e alí descubrín unha fantástica biblioteca na que puideron ler a moitos escritores e escritoras galegas como Pimentel ou Fole, completamente descoñecidos para min e para a miña xeración. Souben por el, pois, que existía unha literatura galega. Comecei a escribir en galego sen saber ese idioma, xa que nunca fora materia de estudo nin eramos unha mocidade consciente do noso. El correxíame, ensinábame palabras galegas que substituísen os meus castelanismos, falabamos sobre os meus poemas, debatíamos diferentes propostas e animábame a presentarme a concursos que logo gañaba”.

O ámbito propio de Manuel na librería era unha especie de parapeto: un rectángulo rodeado por unha muralla de andeis a media altura cunha pequena mesa redonda detrás. Pasaba as tardes sentado na mesa, lendo, escribindo ou repasando os seus artigos periodísticos (ao primeiro, fumaba Ducados e a librería enchíase da agradable calidez do fume: logo, os médicos aconselláronlle deixalo e fumaba fóra, ás escondidas). Por aquel parapeto de resistencia, pasou a práctica totalidade da intelectualidade e do activismo da época (mesmo do exterior, como Ernesto Cardenal). Fraguáronse estratexias

políticas, debatéronse cuestións trascendentes, asuntos literarios e problemas propios da rexouba. Manuel asomaba, de cando en vez, a cabeza por riba dos andeis e observaba o panorama, ou albiscaba á lonxanía a presenza dalgún policía da secreta, que sempre andaban ao asexo.

Neses anos (de gran electricidade social e descomposición do sistema ditatorial) é cando Manuel empeza a ser observado con desconfianza polos sectores máis reaccionarios da cidade. El non disimulaba a militancia nacionalista nin canto desprezaba o colonialismo español. A súa creación, o labor cultural ou o activismo político confluían nunha posición combativa única (sen pregues). Grazas a el, Monforte ocupará un lugar central (sen precedentes) na Cultura galega, cunha librería e unha editorial na vangarda poética (Xistral), un selo musical que consagrará a emerxencia da Nova Canción Galega (Xistral-Edigsa) e un autor en plena efervescencia popular (e política) que atraerá visitantes de todo o mundo. É o tempo no que o colectivo Rompente (ao fío da manifestación de 1976 organizada pola ANPG contra o desmantelamento ferroviario de Galicia) escribe a súa célebre consigna “Monforte era unha praia branca, ata que chegamos nós en azul e diagonal”. Ou o tempo no que xorde a colección Val de Lemos, o tesouro monfortino da Literatura galega. Nela, publican os seus versos Celso Emilio Ferreiro, Xosé Neira Vilas, Bernardino Graña, Fiz Vergara Vilariño, Luís Álvarez Pousa, Darío Xohán Cabana, Xosé Lois García ou o propio Lois Diéguez, encargado de abrir a colección en 1968 con *Cancións pra un agromar branco e azul*. Margarita Ledo Andión (outra das discípulas predilectas do poeta) publicou os seus únicos poemarios (*Parolar cun eu, cun intre, cun insecto?* (1970) e *O corvo érguese cedo* (1973)) nesta colección, que para ela foi “un lugar de encontro e de crenza no futuro; unha revancha da palabra contra a súa desaparición; a lingua galega como sinal das contrabandistas. No meu caso foi algo máis, foi a botella ao mar na procura do que nalgures existía, foi o modo de entrar en relación cunha xeración que fixo de min unha persoa prendada da política, dos países pequenos e imperfectos e das historias con final aberto”.

O selo Edigsa-Xistral, impulsado por Manuel María, apareceu en 1968 e tivo en Voces Ceibes os seus máximos expoñentes. Xurdiu separado do de Edigsa-Galaxia (creado en 1967 e de traxectoria menos transcendente) para distinguir a Nova Canción Galega dos outros tipos de música que se

facían no país. Xistral editou dezaseis discos, entre eles a gravación do poema Acuso á clase media, de Manuel María. O seu catálogo nótrese de nomes hoxe míticos: Miro Casavella, Benedicto, Xerardo Moscoso, Vicente Araguas, Xoán Rubia, Xavier González del Valle (musicando a Longa noite de pedra de Celso Emilio), Jei Noguerol ou Miguel Enríquez.

As obras que Manuel María publica neste período reflicten o compromiso cívico que adquirira en Monforte desde o seu inicial existencialismo heideggeriano: *Versos para un país de minifundios* (1969), *Odas nun tempo de paz e de ledicia* (1972), *Informe para axudar a alcender unha cerilla* (1973) ou *Cantos rodados para alleados e colonizados* (1973), todos eles publicados no estranxeiro (Bos Aires, Montevideo, Xenebra, Lisboa...) por problemas coa censura. O compromiso vai paralelo á súa militancia política. Entra na Unión do Pobo Galego (UPG) e na fronte cultural da AN-PG, organizacións que servirán de base ao Bloque Nacional Popular Galego (BNPG). Mesmo lle doa á UPG o selo editorial de Xistral, que fóra das súas mans esmorecerá pouco a pouco. Francisco Rodríguez, ex secretario xeral desa formación nacionalista asegura, nun testemuño recollido por Mercedes Queixas, que Manuel María non era “un home precisamente moi dotado para a política”, pero “asumiu e serviu funcións políticas simplemente porque lle parecía que era un deber. Neste aspecto, levou o compromiso do intelectual até unhas esferas ou até unhas lindes que ninguén practicou na Galiza nese mundo”.

A experiencia política, de feito, acabará dándolle sensabores. Entra na primeira liña de acción coas eleccións xerais de 1979, ás que se presenta dentro das listas do BNPG para senador. A formación non chega aos 61.000 votos (apenas o 0,34%), se ben remonta nas municipais dese mesmo ano, con 258 concelleiros, tres deles en Monforte, incluído Manuel María. A ilusión inicial trasfórmase en contrariedade cando o resto das forzas políticas no concello (UCD, PSOE e UG) lle impiden que asuma a tenencia de Cultura e o obrigan a coller a de Lixo e Alcantarillado. Foi (segundo as súas palabras) “unha das experiencias máis desagradables da miña vida. Atopeime cunha corporación totalmente incompetente (salvo dúas ou tres persoas), cerril, dogmática e absurda”. Poucas das iniciativas que presentou lle foron aceptadas, agás a de poñer cruceiros en dúas prazas da cidade con gran valor urbano: a de España e a de Santa Clara.

Os disgustos comezaron no mesmo 1979, durante as festas patronais. Nos Xogos Florais do Val de Lemos (nos que el era presidente do xurado), resulta gañador do primeiro e do segundo premio Darío Xohán Cabana, o cal levanta as suspicacias. Na entrega do galardón (durante unha cea no recinto da antiga pista Mar y Cielo e en presenza da sociedade ben da cidade), o mantedor do acto, Felipe Senén, pronuncia un discurso que alporiza a parte do auditorio, “aspirantes a señoritos”, apunta Manuel María nun artigo publicado en *A Nosa Terra*. O presidente da comisión de festas, escandalizado pola intervención, “arramploulle o micrófono (a Senén) nun acto totalitario, irracional e do máis puro estilo fascista”. O momento máis violento, porén, aconteceu na noite previa ao día grande das festas (15 de agosto). A policía cargou contra uns manifestantes que protestaban polo cobro dos concertos na Pista Municipal do Xardín e pouco despois da carga (moi violenta) faleceu un home de 36 anos, segundo varios testemuños polos golpes recibidos (a nai da vítima salientou que tiña contusións). Outras fontes atribuían o falecemento a un ataque inesperado, derivado do marcapasos que levaba o home desde había tempo. Nunca houbo unha investigación seria sobre o suceso. Co paso dos días, a situación agravouse. O BNPG, malia non apoiar como organización a protesta, foi acusado de acirrar os disturbios.

Lois Diéguez (portavoz da formación) recalcaba nos medios de comunicación: “nós non temos nada que ver cos incidentes. Cando facemos algo, asumimos a dirección e anunciámolo oportunamente”. Pero a policía opinaba o contrario e comezou a acosar aos membros da formación: Controlaban os movementos dos militantes, tomábanlles a filiación e intentaban involucralos nos sucesos. Manuel María acusou directamente ao alcalde (Celestino Torres, logo aliado do BNG) de ordenar a carga nunha “represión aínda máis forte cá nos anos do franquismo” e reclamaba unha acción de repulsa. Como resultado da tensión, o escritor comezou a recibir ameazas anónimas por teléfono. Unhas veces, dicíanlle que ían atentar contra a librería e outras que ían bater nel e na súa muller ata destrualos. Un grupo de militantes de Fuerza Nueva incluso propuxo recoller sinaturas exixindo a expulsión do escritor da cidade. Tamén apareceron pintadas na súa contra polas rúas. “Como había que buscar un responsable desta barbaridade, baseada nun totalismo irracional”, escribiu Manuel María, “botóuselle a culpa ao BN-PG, que é a única forza política que defende ás clases populares e

os sus intereses. E todos os ataques se dirixiron contra Saleta e contra (min) coma se (nós) formos o BN-PG. A dereita cando ataca non para en medios, pois ten moi ben experimentados os métodos do nazismo”.

Froito da confrontación foron as campañas de calumnias que comezaron a circular pola cidade, destinadas a desprestixiar o escritor ou a evitar que os rapaces se deixasen seducir polo seu maxisterio. Unha das máis estendidas era realmente cruel e difamatoria: acusábano de ser un distribuidor de heroína, precisamente no momento en que a heroína estaba no seu apoxeo (varias xeracións de monfortinos caeron vítimas desa substancia ou das enfermidades asociadas ao seu consumo: a traxedia quedou gravada na memoria colectiva da comarca de xeito indeleble). Moitos pais prohibíronlles aos seus fillos ir pola librería ou falar co poeta. Manuel María comentaría, anos máis tarde, que esa foi a única experiencia mala que tivo na cidade. Este mesmo ano (2016), Saleta apuntou que nas catro décadas monfortinas “vivimos moi ben”: os problemas que houbo “foron unicamente políticos. Pero alí pasamos os mellores anos da nosa vida... Había xente que nos quería moito... Non pasaba como nesta democracia, tan falsa, en que se perdeu en grande medida o compañerismo...”.

Manolo Veiga suxire que a partir de 1981 se produce en Manuel María un cambio significativo, coincidindo “coa normalización do novo sistema democrático, desencanto incluído. As hipóteses, que até agora estaban abertas, non se ven realizadas. A inflexión persoal e a inflexión social obríganos a recuar á nostalgia, nunca de todo abandonada, e a aumentar o calibre da súa poesía amorosa, como foco de resistencia cando as outras ilusións se esvaece”. En *A luz resucitada* (de 1984), escribe: “Son un forasteiro na cidade en que vivo, / na propia tribo natal, / incluso na patria do corazón, na que escollín e me escolleu, / na que máis amo. /¿Que fado tráxico, que extraña / maldición ou odio monstruoso / fan de min un raro forasteiro / na miña propia, irrenunciábel patria?”. Uns meses despois, en 1985, abandona a militancia política, aínda que sempre seguirá apoiando ao nacionalismo independentista. O motivo do desligamento, despois dunha entrega absoluta á causa, non é un só, pero sen dúbida o máis importante é a decisión da UPG de acatar a Constitución española, que el non compartía. Na súa orixe, indícalle a Xosé Manuel del Caño en 1990, a UPG era unha “opción de vagarda política” que o tempo fora “esclerotizando: a súa teoría quedou paralizada e estancada”.

Despois da caída da URSS, rectificou en parte as súas teses e asegurou que o partido seguira unha estratexia atinada.

Os últimos anos da súa estadía monfortina foron tranquilos. O traballo literario ou periodístico centraba a súa actividade, ademais das conferencias, os recitais e as excursións (eran frecuentes as súas viaxes ao estranxeiro). Ás oito da tarde, tras pendurar o rótulo de “pechado” na porta da librería (a primeira vez que se leu esa palabra na cidade foi na Xistral), daban un longo paseo polo centro, nun itinerario que incluía o Campo da Compañía e o Cardenal. Case sempre ían sós, pero con frecuencia parábanse en conversas vibrantes que só o frío ocasional conseguía interromper.

A el gustáballe o Monforte popular, o que habitualmente se ocultaba pola súa raíz rural, demasiado traumática para unha cidade que non acabou de callar como urbe de poder real (a ditadura primara as capitais de provincia). Monforte estaba inmóbil entre a ansiedade do futuro inalcanzable e o pismo da prosperidade perdida. El, tan pouco compracente co poder, non deixaba de meter o dedo na chaga desa ferida mal cicatrizada e poñía de relevo (sen complexos) a incultura dos gobernantes locais, incapaces de vertebrar un proxecto ambicioso. Criticaba nos seus artigos (ou no espazo diario que facía con Ángel Arnáiz nos últimos anos de vida de Radio Monforte, aló por finais dos oitenta) que ninguén lembrase oficialmente as xeiras na cidade das Irmandades da Fala ou que nas “néboas malfadadas” da rúa “afogaran lingua e cancións propias para convertilas nun castrapo arrepiante e suicida”.

Nun artigo publicado en 1992, fai un percorrido por Monforte a raíz dun libro de vellas fotografías publicado polo concello (daquela en mans da Convergencia Nacionalista Galega (CNG) de Celestino Torres), que incluía citas de numerosos escritores sobre a cidade, ningún deles galego. O seu percorrido principiaba pola “cidade visible” (astragada pola especulación urbanística, opinaba) e continuaba pola “cidade invisible”, a que “cómpre descubrir pouco a pouco”, habitada polos “antergos lemaos”⁶⁶, os señores condes guerreiros ou cortesáns, os enigmáticos xudeos, as xentes do común, os soños, os anxeios e as frustracións colectivas que semellan desembocar, entre

⁶⁶ Tomado por xentilicio de Lemos, que debería dar “lemaos”. Pero tamén pobo antigo, autorizado por Plinio e Claudio Ptolomeo, ou convento lucense, que se acomoda á contorna da actual Terra de Lemos. A capital, Dactorium.

nós, na indiferencia e no nihilismo”. El sospeitaba que o rostro invisible da cidade era “delicadamente feminino” coa “gracia do gótico e a sobria desnudez renacentista, sutilmente velado por unha misteriosa brétema que, sen dúbida, naceu na prosa romántica de Benito Vicetto”.

En 1998, Manuel María marcha vivir á Coruña, a un piso que mercaran a mediados dos anos oitenta e que en 1989 aínda estaban “pagando con grandes esforzos”. A elección desa cidade como retiro de xubilación foi longamente meditada, desbotando posibilidades como Compostela (que tanto el coma Saleta tiveron en conta) ou Lugo. “A Coruña e Monforte”, explícalle a Del Caño no seu libro de conversas, “son dous amores compartidos, e case no medio queda Outeiro de Rei. Todo está pensado para vivir nos tres sitios. O inverno máis rigoroso pasarémolo na Coruña, para ver o mar, que é símbolo de vida. Outras temporadas estaremos por Monforte e tamén andaremos pola Terra Cha”. Pouco antes de morrer, regresou a Monforte para descubrir unha placa na rúa do barrio dos Abeledos que leva o seu nome. Desde 1987, era fillo adoptivo da cidade, honra que (dicía) lle dera unha gran alegría: “penso que os monfortinos foron moi xenerosos. Como dixo Curros, eu non lle sotrouxen o ferrocarril, nin unha estrada, nin lles fixen ningún gran edificio. O único que fixen foi vivir e compartir a miña vida cos demais veciños”. Na Praza de Ponte Fontecha, a só uns metros da súa casa de Roberto Baamonde nº1, ergueuse no 2006 unha escultura que o representa sentado na mesa camiña. Ao pé da escultura, gravouse o seu legado á cidade:

O povo que deixa perder a sua palavra
creada, herdada, usada, revelada,
aquela que lle é propia e singular
a que é unicamente súa, está empobrecendo o mundo
e perpetrando o seu propio xenocidio.

A. L.

EN LEMBRANZA DO POETA AMIGO

Camión Noia

A diferenza do autor celebrado o pasado ano nas Letras Galegas, un erudito con escasa obra de creación como foi don Xosé Filgueira Valverde, a Academia galega elixe este ano un escritor popular cunha extensa obra poética. Pois o Manuel María foi un escritor excesivo, con tanta obra publicada (non falo da que deixou inédita) que era difícil estar ó día na lectura dos seus libros; escribe para todo tipo de lectorado, tamén para o infantil e o adolescente, ós que lle dedicou fermosas poesías, obras de teatro e narracións.

Este curso os docentes das escolas e dos institutos galegos dispuxeron dun excelente material, amplo e variado, co que estimular na lectura de poesía ó seu alumnado, exercitándoo na memorización das composicións do poeta chairego, tan doadas de recordar. E os máis pequenos poden divertirse cantando as letras de *Os soños na gaiola* coa música de Suso Vaamonde: o “*Caracol, col, col / caracol caracoleiro / pon os teus cornos ó sol*”, “*Señor gato, atención, / no rincón hai un burato*” ou “*O grilo canta no lar, / tamén canta na campía. / Canta co sol queimador / nas horas do meiridía*”. Versos coma estes son instrumentos perfectos para aprenderlles a nenos e nenas a xogar coas rimas e a enriquecer o léxico galego. Na década dos anos setenta, cando non había tantos libros e tanta música para a infancia coma hai hoxe, *Os soños na gaiola* foi libro de cabeceira para os pais e as nais galegofalantes que pola noite llelo liamos ás fillas, coma no noso caso, ou ós fillos, no caso dos amigos Santamarina Ríos. Esperanzados na recuperación da lingua do país, fixemos do galego vehículo de comunicación familiar, e que as fillas llelo transmitiran ós seus fillos. E así foi. Mais seguimos a ser unha illa en medio dun ancho océano de castelánfalantes.

Coñecín a Manuel M^a en 1966 cando cursaba cuarto de Linguas Románicas na facultade de Filosofía e Letras de Compostela, daquela o penúltimo curso da carreira. Carlos Casares, que volvera a Santiago para completar os estudos universitarios, levárame á casa de Ramón Piñeiro para adoutrinarme no galeguismo. Tarefa que completaba a miña amiga Menani cos seus discursos nos serás de gastronomía e música popular galega, animándome a participar nas actividades do Galo. E foi quizais nunha das “campañas do peso” cando vin por primeira vez a Manuel M^a, en Santiago,

sobre o que oía que era un poeta social que puxera o seu estro ó servizo da xente máis desfavorecida socialmente e un home comprometido coa “patria asoballada”, que era Galicia. Daquela, eu lera só *Advento*, publicado por Galaxia; dos libros de denuncia social, que non era doado conseguir por se editaren en países de Hispanoamérica, só coñecía as poesías que circulaban multicopiadas pola universidade compostelá. E as ideas que transmitían coincidían coas do estudantado socialmente concienzado, entre o que me encontraba. O poeta chairego foi a través dos seus versos o voceiro das nosas reivindicacións ata que no outono de 1967 chegou a Santiago a segunda edición de *Longa noite de pedra* de Celso Emilio, editada en Barcelona en versión bilingüe galego-castelán e os seus poemas foron cantados por Benedicto e Xavier del Valle.

Na tese de Méndez Ferrín descubrín a adscrición de Manuel M^a ó grupo que aquel denomina “Escola da tebra”, aínda que non houbera un mestre, na que iniciaran o seu proceso creativo poetas como Cuña Novás, Ramón Lourenzo, Franco Grande e o mesmo Ferrín. Escribir desde o fondo pesimismo existencialista era un sentimento común na Europa dos anos que seguiron á segunda guerra mundial.

Na década dos anos sesenta, Manuel M^a militou activamente nas loitas campesiñas, obreiras e universitarias denunciando as súas causas coa súa voz. Podíase ver con certa frecuencia por Santiago, na cafetería Gaiola da rúa de Bautizados, que era un dos lugares de xuntanzas do estudantado revolucionario. Militantes do PC, do FLP, da UPG (todos na clandestinidade) e algúns militantes da JEC (Xuventude estudiantil católica, unha das seccións da Acción católica) frecuentaban ese lugar onde se cocían a maior parte das accións reivindicativas dos universitarios. Tamén aparecían por alí membros das asociacións culturais que se estaban creando en cidades e vilas galegas. Eu, que militaba na JEC, observaba con certa admiración toda aquela variedade de xente, compañeiros na loita polo cambio social, convencida de que “o marxismo era un humanismo”, como nos predicaba o profesor Aranguren; e así, católicos da JEC de consún con comunistas e outra xente de boa fe, aínda que non sen liortas, organizabamos as actividades reivindicativas.

Coa imaxe de poeta revolucionario e como “referente principal” do nacionalismo, Manuel M^a veu a Santiago o 9 de maio de 1967 para

presentar o recital de Raimon. Recordo a alegría que supuxo a noticia de que Raimon viña cantar a Compostela; o cantautor valenciano era un mito para o estudantado santiagués por cantar en catalán e polo éxito que tiñan fóra de España as súas cancións “comprometidas”, que nós cantabamos nas asembleas da univesidade a todo pulmón. As palabras de Raimon “*D’un temps que serà el nostre / d’un país que mai no hem fet, / cante les esperances / i plore la poca fe*” e, sobre todo, “*Non creguem en les pistoles: / per a la vida s’ha fet l’home /.../ No creguem en la misèria necessària, diuen / de tanta gent*”, eran palabras de compromiso coa humanidade, non, exactamente, contra o Réxime de Franco; pero nós sentiamos que todo estaba unido e emocionábanos o canto de esperanza de que poderíamos construír un mundo máis xusto e humano.

O acto fora organizado polo “Sindicato de Estudiantes de la Universidad Gallega” (substituto do SEU), que daquela presidía Juanjo Reboiras, estudante de medicina e membro da JEC, con Manuel Sanseveriano, estudante de matemáticas, de secretario, e tiña permiso do Goberno civil. O día do recital repartíronse na entrada do estadio da Residencia, onde se ía facer o recital, uns folletíns coas letras das cancións que cantaría Raimon. Recordo ver baixar por diante da facultade de ciencias miles de persoas que asistían ó concerto. E cando o recinto estaba cheo, comezaron a caír centos de papeletas coa bandeira galega e frases sobre a liberdade de Galicia e a emigración; tamén se oíron tímidos berros de “Viva Galicia ceibe”. A emoción medraba e o concerto non daba comezado. Preguntabamos a berros que pasaba e había quen asubiaba. Con moito atraso, sae Manuel M^a, pide desculpas e fai a presentación de Raimon. Non recordo o que dixo sobre el, quizais lese a poesía “Mensaxe a Raimon”, publicada en 1970 en *Remol*, que comeza dicindo: “*Voz do pobo, nacida na fonte / leda e cantareira de teu sangue, / que se fai luz no corazón / e no ar faise amor que chega a todos, / amor comunicado, compartido...*”, unha longa poesía na que o poeta chairego glosa as letras do valenciano. A emoción era tanta e os ánimos da xente estaban tan exaltados que nada máis saír Raimon ó escenario a xente deu en aplaudir e non daba parado. Mentres cantaba podía oír algún berro de “Viva Galicia ceibe”, “democracia xa” e outras cousas.

Algún tempo despois, souben que, na práctica, fora a UPG quen tivera a idea de facer o concerto de Raimon en Compostela e quen o xestionara co editor e o xerente do selo EDIGSA, que publicaba os seus discos.

E quizais fose Suso Sanxoás, digo eu, estudante de Dereito e militante activo da UPG, quen lle propuxera á dirección do Sindicato de Estudiantes facer o recital. A organización nacionalista aproveitou a oportunidade para facer unha tirada de panfletos a favor da consecución dunha Galicia ceibe e socialista. Unha acción recriminada por outros membros do Sindicato, en especial polos comunistas, por non estar consensuado por todos, que estiveron a piques de boicotear o concerto. Houbo unha liorta que finalmente se resolveu e o acto puido comezar e rematar cun éxito total. Non só pola boa organización e polas miles de xente que asistiron, senón polo gran entusiasmo que suscitou: a música, as letras e o ambiente enchéronnos de euforia e esperanza nun futuro mellor, con liberdade de expresión e o cumprimento dos dereitos humanos.

No outono dese mesmo ano, Manuel publica en *Grial* un extenso artigo no que loa a figura de Raimon chamándoo “trobeiro dos nosos días, o máis grande trobeiro do noso tempo” e insistindo no seu exercicio de liberdade poética e ética, fiel a si mesmo, ás xentes e á realidade. Analiza polo miúdo as letras das cancións do cantautor e remata sinalando a importancia da palabra e da música para mover conciencias. Ó ler agora ese texto, estou convencida de que no retrato do poeta valenciano Manuel fixo o seu.

En 1968 Manuel M^a crea Edicións Xistral, que se deu a coñecer esencialmente coa Colección de poesía Val de Lemos, e fai un convenio con Edigsa para editar a produción dos cantautores de Voces ceibes (a Nova canción galega). A colección estréase cun disco con cinco poesías de Manuel M^a recitadas por el: “Acuso á clase media”, que circulara en multicopias polas asembleas universitarias; “Mensaxe a Curros Enríquez”, a quen Manuel chama “*home de pelo en peito, corazón de Galicia...*”, “Ollos de nenos” (“*labregos de ollos quedos*”), “Noticias” (sobre a marcha duns mozos emigrantes cara a Europa) e “A paisaxe é fermosa” para os turistas pero moi dura para os labregos que a traballan. Durante a década dos anos setenta, Manuel foi unha figura de referencia para a militancia nacionalista, que facía peregrinacións a Monforte para estar con el e con Saleta, sempre acollidora e sorrinte. Mercabamos os seus libros de títulos tan rechamantes como: *Informe pra axudar a alcender unha cerilla*, *Cantos rodados pra alleados e colonizados*, *Poemas pra construír unha patria...* E o poeta de deixaba de acudir a onde o chamasen: ás aulas universitarias, ás asociacións culturais e, por suposto, a onde crese que era necesaria a súa presenza para reclamar un dereito ou

protestar por algunha inxustiza. Creo que esa foi a época na que tivo maior presenza social e na que recibiu máis cariño da xente. Logo viñeron liortas e decepcións políticas para as que el non estaba preparado.

Foi quizais pola primavera de 1984 ou 85 que xantamos xuntos no restaurante O Grelo de Monforte con Saleta e Xulián e souben das discrepancias de Manuel con algúns militantes monfortinos do BNG. Estaba decepcionado coa estrutura da coalición frontista e quería deixar a política. Non foi así e durante décadas coincidimos en convocatorias de actividades e manifestacións pola defensa da nosa cultura nacional.

E cando se xubilou, convidéino a dar unha conferencia na facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo sobre a súa poesía. Veu cun amigo, Saleta tiña que quedar na librería. Falou de poesía e doutras moitas cousas que o alumnado escoitou con entusiasmo e atención. No xantar pregunteille se quería carne ou peixe; alporizouse por preguntarlle tal cousa e respondeume: “dicía sempre a miña avoa que a carne, carne cría e o peixe era auga fría”.

Manuel entendeu a vida a través da poesía, unha actividade que ocupou a súa existencia e puxo esa habelencia poética ó servizo dos problemas de Galicia, da xente que padece a historia e das figuras de galegos bos e xenerosos. Con escasas incursións no surrealismo, o súa poética é clara e transparente e non precisa de análises interpretativas. Quizais por iso e pola súa grande xenerosidade foi moi popular, mais, sobre todo, moi querido dos amigos e das amigas que o recordamos e nos gabamos da súa amizade.

C. N.

“TRAER A GALIZA O VELLO EDIPO”. UNHA LECTURA DO *EDIPO* DE MANUEL MARÍA DESDE O SEU CONTEXTO DE PRODUCCIÓN

Florentino Pérez García

Edipo, o texto dramático de Manuel María, foi publicado na Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña en 2003, ano en que o seu autor ingresou na Real Academia Galega⁶⁷. Miguel A. Mato Fondo realizou a edición, acompañada dun estudo introdutorio, mentres que Manuel María escribiu un prólogo, titulado “Unhas palabras do autor”, en que dá conta das circunstancias e motivacións que o levaron á escrita da obra. Segundo o poeta chairego, o *Edipo* fora escrito en novembro de 1960 coa intención de presentalo ao concurso literario “Villar Ponte” do Centro Gallego de Buenos Aires. A pesar de recibir o premio en 1961, a obra permaneceu inédita e, ata onde sabemos, tampouco foi levada á escena⁶⁸. No presente traballo propoñemos a análise dalgúns aspectos do texto dramático a partir da contextualización do momento da súa escrita, para o que nos basearemos fundamentalmente na noción de *nacionalismo literario*, tomada de Xoán González-Millán (1995), e nas reflexións sobre a *comunicación literaria* de Antón Figueroa (2001).

Para determinar as circunstancias de produción do *Edipo*, debemos comezar por sinalar as *tomas de posición* (Bourdieu, 2004 [1991]: 61 e ss.) que algúns axentes galeguistas levan a cabo ao detectar o que, con Torres Feijó (2004), podemos chamar *déficit proxectivo*, isto é, a percepción dunha carencia sistémica, entendida, neste caso a propósito do teatro galego, como un baleiro que debe ser enchido, e que dá lugar a estratexias de planificación

⁶⁷ Tomamos o noso título da dedicatoria con que Manuel María abre o volume: “A FRANCISCO PILLADO MAIOR = NOLI VEGA ou NOLI VEGA = FRANCISCO PILLADO MAIOR e a súa xente: HELENA, ANA, CHUVI JOSÉ e IRIA, pola súa xenerosa amizade, polo seu amor á fala de nós, ao teatro galego, ao noso país, á beleza e á vida: esta obríña escrita hai moitos anos nun intento de traer a Galiza o vello Edipo”.

⁶⁸ No blog de CASAHAMLET dáse noticia dunha lectura dramatizada da obra en 2006 (<<http://blogdecasahamlet.blogspot.com.es/2007/09/aulas-abertas.html> >).

repertorial⁶⁹. Podemos contemplar desde esta perspectiva a tradución da *Antigone* de Jean Anouilh realizada por Xosé Luís Franco Grande e Xosé Manuel Beiras (xunto coa súa posterior representación) e a proposta de modelos teatrais que realiza Luís Seoane desde Buenos Aires. En ambos os casos son patentes a intención de homologar o teatro galego cos modelos prestixiados internacionalmente e mais a preocupación por atinxir un público, que se manifesta en distintas apelacións ao popular, con importancia e significados diversos. Desta maneira, na súa emisión radiofónica *Galicia Emigrante* do 4 de xuño de 1958, Luís Seoane usa os seguintes termos para gabar a obra teatral de Isaac Díaz Pardo:

Estas obras [*Midas* e *O ángulo de pedra*] revelan a existencia dun teatro galego actual, coincidente na súa temática desesperanzada co xoven teatro de Europa. Seres á deriva, homes e mulleres corrompidos pola desesperanza, vivindo a súa soedade e querendo de todos os modos posíbeis matar o recordo, son os que presenta Díaz Pardo através de Sileno e Midas traídos da mitoloxía, ou nos personaxes do mestre, a súa muller, de Antelo, o fillo do mestre, e da bailarina (Seoane 1994: 405).

Cinco anos máis tarde, os repertorios máis valorados por Seoane mudaran. Na comunicación radial de *Galicia Emigrante* do 10 de marzo de 1963, titulada “Un teatro popular galego”, mantiña: “O teatro, cavilamos hoxe, un teatro galego como o de calquer outra parte, debe de se apartar o máis posíbel da literatura pra se converter en cuasi soio acción, mímica e acción, tendo, no que se poida, o diálogo soio como aderezo” (Seoane 1973: 149).

A obra de Manuel María está máis próxima do primeiro modelo. Combina a materia clásica procedente das traxedias de Sófocles *Edipo rei* e *Edipo en Colono* con repertorios que na literatura galega adoitan asociarse á poesía da chamada “Escola da Tebra” e á recepción do existencialismo. Ademais, o recurso aos mitos clásicos é utilizado con vontade de intervención política, como reconece o propio Manuel María: “naquela época a mitoloxía teatral grega estaba de moda en toda Europa e tamén –como non– en

⁶⁹ Entendemos o *repertorio* como o conxunto de materiais e regras polas que se regula a produción e o consumo dos produtos culturais (Even-Zohar, 1999: 31).

Galicia [...]. Os mitos consagrados historicamente utilizábanse para disfrazar situacións e discursos que, doutro xeito, dificilmente sortearían as censuras establecidas por estados totalitarios e fascistas e outros estamentos sociais” (Manuel María, 2003: 12)⁷⁰. Tendo en conta o anterior, podemos considerar o *Edipo* de Manuel María como o resultado da importación literaria que no campo galeguista levan a cabo, desde posicións próximas ao grupo de axentes agrupados en torno á editorial Galaxia, Xosé Luís Franco Grande e Xosé Manuel Beiras coa súa tradución de Anouilh.

O TEU realizou unha lectura dramatizada da versión galega de *Antigone* en 1959, e en 1960 escenificouse por primeira vez⁷¹. A estratexia de homologación internacional como medio de dignificación da lingua e da cultura galegas que xa mencionamos, unida á necesidade de chegar ao público, é claramente perceptíbel na introdución que Franco Grande escribe cando a tradución é publicada, algúns anos despois de que a obra fose representada por primeira vez, na revista *Grial*:

Unha obra tan literaria e culta, chea de sotiles recursos espresivos —unha das máis representadas do noso tempo—, tiña que presentar sempre dificultás nunha versión a outra fala canto, máis ó galego de hoxe. Con todo, coido que foran superadas, mantendo ademais unha indispensable fidelidade ós recursos espresivos de Anouilh.

E aínda así, poucas obras teatrales acadaron no noso tempo tanta popularidade como ANTIGONA. Algo de sempre se atopa nela, que a fai popular sendo culta, asequible sendo minoritaria. I é que o vello mito é tan de hoxe como foi de onte, tan verdadeiro pra os gregos de Sófocles como pra os espectadores de Anouilh (F[ranco] G[rande], 1967: 319).

⁷⁰ Pode verse, a este respecto, o estudo de María José Ragué-Arias *Los personajes y temas de la tragedia griega en el teatro gallego contemporáneo*, ao que tamén se refire o propio Manuel María no seu prólogo, e o artigo de José Pablo Rodríguez Domínguez “El teatro griego y latino en Galicia a partir de la posguerra”, que inclúe un catálogo de traducións e adaptacións.

⁷¹ En 1956, o “Teatro experimental” dirixido por Rodolfo López Veiga representara unha versión en español da mesma obra (Salgueiro, 1999: 218). Franco Grande (2004: 144) tamén dá noticia dunha representación en español anterior á galega en Lugo, á que se refire Ánxel Fole na súa recensión da versión galega.

Resulta de interese observar como o mesmo Franco Grande, lembrando a xénese da tradución que nos ocupa⁷², rexeita implicacións políticas conscientes na tarefa:

Xosé Manuel Beiras e mais eu puxémonos a traducir a *Antigone* sen ter a menor idea de para que. Non tiñamos seguridade ningunha de que a tradución servise para algo. Pero iso non importaba. Conscientes da escasa produción teatral galega, e da súa mínima calidade, o noso razoamento era obvio: se non tiñamos teatro galego, traduciríamos teatro europeo e dariámoslle ao noso público –a que público?– o teatro que presenciaba o de París ou o de calquera capital europea. E sen pensalo máis, puxémonos a traducir *Antigone*. E, como xa dixeran, eliximos esta peza porque Ramón Lugo tiña o texto francés, de La Table Ronde, e non por ningunha causa especial (Franco Grande, 2004: 137-138).

Cómpre lembrar que a *Antigone* de Anouilh, representada por primeira vez en 1944, foi lida frecuentemente en clave de oposición ao réxime de Vichy e á ocupación nazi de Francia durante a Segunda Guerra Mundial, e que ese modo de lectura non sería estraño ao público antifranquista. Neste punto é interesante acudir aos estudos de Antón Figueroa sobre as funcións das importacións literarias en contextos como o que estamos a tratar:

pode pasar que, aínda sendo literarios os motivos, as estratexias e as función previstas, os resultados reais de comunicación sexan épicos, de grupo, *políticos*, e afecten o conxunto do campo nacional. É dicir, que o que se importa como artístico sexa utilizado cunha óptica distinta. [...] Parece claro que, como xa indiquei, nos sistemas minoritarios e nos momentos iniciais nos que se carece de autonomía nun grao importante, os efectos lóxicos da importación

⁷² No seu libro de conversas con Miguel Anxo Fernán-Vello e Francisco Pillado Mayor, Xosé Manuel Beiras conta as súas primeiras tentativas de tradución de teatro francés contemporáneo: “*Vén deste contacto teu co teatro francés o teu interese pola tradución de clásicos franceses contemporáneos como Camus, Giraudoux, Anouilh...*”? Si, en boa medida, aínda que cómpre dizer que a primeira vez que me puxen a traducir obras de teatro francés, concretamente as *Pièces Noires* de Anouilh, foi no campamento de Monte la Reina, antes de ir a Franza [1957]. Aquilo fora un simple ensaio de tradución, e un exercicio para me evadir mentalmente do ambiente da “milicia”, porque, realmente, centrar-me no interese pola tradución para lograr un texto que puidese ser publicado e representado é algo que arrinca da primeira viaxe a París, por suposto” (Fernán-Vello e Pillado Mayor 1989: 60).

afectan a máis dun campo, é dicir, non afectan só ao campo literario, senón tamén ó campo político ó que en certo modo aquel está sometido [...] En campos consolidados, e no fondo máis autónomos, fronte ó sistema do poder, normalmente a importación resulta máis estrictamente literaria. É o caso, por exemplo, da importación de modelos e textos franceses durante o franquismo por un sector autoexcluído e heterodoxo do grupo de escritores sometidos politicamente polo réxime. Dous autores eran daquela importados emblemáticamente, Camus e Sartre, entusiasmantes para uns e desprezados por outros segundo a situación no campo español (Figuerola, 2001: 142-144).

En relación con esta situación do campo, resultaranos iluminador lembrar os exemplos que Figuerola emprega ao referirse a un dos tipos de recepción da ficción teorizados por Stierle:

Existe unha forma posible de recepción dos textos de ficción (b1) que dissolve a ficción en *ilusión*, que, o mesmo que na recepción pragmática, é de carácter centrífugo ó dirixirse a un campo de acción extratextual. “A tensión do texto saca ó receptor fóra do texto, e trasládalo a unha ilusión parcialmente incumplida, que ten que pasar a ilusión cumprida ([Stierle] 1987: 106).” Ocorreseme un exemplo deste tipo de recepción que sería a que se producía durante o franquismo dunha certa literatura estranxeira: a espera de Godot era a da fin do *réxime*...; ou, por exemplo, o caso máis patente aínda daquelas representacións teatrais, sempre críticas indirectas do réxime e onde os resultados de *lectura* se limitaban ó cumprimento ilusorio dun desexo (Figuerola 2001: 92-93).

Este tipo de lectura é, en certo modo, a que prevé Manuel María para a súa obra, aínda que non sexa a única posíbel:

Co *Edipo* tentamos crear un personaxe que resultase ser un anti-Franco, o tirano cruel e onnipotente que estabamos a padecer. Un Edipo que fose, máis que un rei ou un brinquedo do Destino e da Fatalidade, un home bo, xeneroso, inmovíbel nos seus principios éticos: o xefe humanísimo que endexamais atraízoa ou atraízoará á súa xente, cumpridor do seu deber ata as derradeiras consecuencias, disposto a sacrificar a vida polos seus ideais se preciso for. De Antígona quixemos facer un prototipo de muller forte, valente, filla exemplar e heroica, trasunto das galegas nais,

donas, fillas de emigrantes –e non só– que tan insuperábel e esforzado cometido desempeñaron todo ao longo da historia do noso pobo⁷³ (Manuel María, 2003: 12).

Miguel A. Mato Fondo propón a posibilidade dunha lectura biografista que, como resulta evidente, non é allea aos condicionamentos sociais:

O *Edipo* de Manuel María, escrito na segunda metade do século XX, é unha obra que mostra o desamparo e a soidade do protagonista ante unha sociedade que non o comprende. Unha personaxe que representa tamén a incompreensión que o mundo ten co poeta. E aquí é onde se enxerga a perspectiva biográfica do poeta Manuel María, que no momento da escrita do drama está a sofrer unha atmosfera abafante e adversa, a mesma que envolve os primeiros poemarios do noso poeta, *Muiñeiro de brétemas e Morrendo a cada intre*.

Neste caso, o Edipo home, mais tamén o poeta, son vítimas dun tempo e dunha sociedade. A aparición dos peregrinos solicitando uns versos fai que Edipo, de xeito significativo, defenda a verdade do canto, fronte a calquera intención de diversión e intranscendencia. Parece haber, pois, unha defensa do verso, da palabra, como símbolo da liberdade polo poeta que é Manuel María –o mesmo Edipo nun mundo pechado e hostil–. E isto concorda coa defensa da palabra, elemento esencial da súa poética, e maniféstase tamén como protesta ante os deuses e o destino que nos marca coa fatalidade (Mato Fondo, 2003: 49).

Podemos engadir que a relación intertextual do *Edipo* coa poesía de Manuel María nos parece especialmente significativa no referido ao libro *Camiños de luz e sombra*, cuxos temas e imaxes ecoan nalgúns dos diálogos do texto dramático que nos ocupa. O libro foi escrito en 1959 e permaneceu

⁷³ A pesar da fortaleza que Antígona mostra fronte a Creonte, unha lectura feminista da personaxe resultaría problemática, pois, como indica Ragué-Arias (1991: 33), “no quiere ser la esclava de un esposo aunque es, por devoción, la de su padre”. En todo caso, a Antígona de Manuel María está moi afastada da de Anouilh se entendemos, como Terry Eagleton, que o dramaturgo francés “treats Antigone as some kind of existentialist heroine or maverick guerrilla fighter engaged less in an act of sororal piety than in a self-assertive *acte gratuit*” (Eagleton, 2003: 102).

inédito ata o ano 2000. Como exemplo, citaremos (pola edición da *Obra poética completa*) o seguinte poema, e a continuación un fragmento do “prólogo” de *Edipo*:

¿Cal e como será a forza do heroe?
¿Cal a súa orixe?
¿E o seu destino derradeiro?
¿Que fondura terá o seu ronsel?
¿A súa forza será coma a do mar?
¿Quen lle acendeu o facho?
¿E quen llo matará?
¿O seu destino terá realidade?
¿O heroe non será un ser
que non tivo tempo para o soño?
¿Rematará alguén os traballos
que o heroe comezou...?
A luz que aluma aos heroes,
¿terá a calidade
da humana luz máis verdadeira?
¿O heroe será un solitario
que ten sen amor os eidos seus?
¿Ou cecais é
un ser que soñou un soño só...? (Manuel María, 2001: 679)

E vexamos agora este fragmento do texto dramático:

O espectador preguntará que Edipo é este. Que clase de Edipo se quere representar. E está, ao preguntar, no seu dereito. (*Pausa*) Este Narrador –humilde servidor para o que gosten mandarlle– non ten ningunha resposta. Se dixese que Edipo é un heroe, diría verdade. O espectador podería preguntar que é un heroe. E a cousa complicaríase. Este narrador pode dicir tamén que Edipo é un desventurado, un Rei, un home humilde e orgulloso a un mesmo tempo e sempre desgrazado. O espectador podería preguntar novamente e a cousa –as cousas– complicaríanse moito máis aínda. (Manuel María, 2003: 70).

De maneira xeral, poderíamos dicir que a combinación de elementos repertoriais provenientes de diferentes fontes pode propiciar lecturas variadas do *Edipo*: en relación co resto da produción literaria de Manuel María (xa

for coa máis orientada ás preocupacións existenciais, xa coa virada cara a intervención social), coas diferentes adaptacións dramáticas dos mitos clásicos no teatro do século XX, coa propia literatura trágica clásica (Manuel María puido tomar elementos como a ironía trágica ou o a calidade ennobrecedora da dor directamente das obras de Sófocles)⁷⁴ ou con aspectos máis particulares relacionados co xénero trágico (significado político de Edipo como vítima)⁷⁵.

Pola nosa parte, centraremos a atención nos mecanismos metaliterarios empregados no texto dramático en relación coa situación institucional que, con González-Millán (1995), denominamos *nacionalismo literario*. Esta condición, que presenta afinidades co que, nun parágrafo que citamos previamente, Antón Figueroa describía como un campo na súa fase inicial, con pouca autonomía. Nun estado de nacionalismo literario, a literatura serve como vehículo privilexiado para o imaxinario nacional, xa que asume as funcións dos restantes discursos sociais, que carecen de fortaleza institucional. Isto repercute nunha falta de autonomía do discurso literario, que se transforma no transmisor das macrometáforas nacionais mediante o emprego da alegoría. O discurso literario articula a identidade colectiva e é frecuentemente reivindicativo. Búscase a nacionalización de xéneros inexistentes no sistema e os textos son fixados nunha determinada tradición, que é entendida como nacional, e a recepción dos textos tende a igualalos nun único “Macro-Texto” que simboliza a identidade cultural.

Tendo isto en conta, vexamos algunhas das características que Manfred Schmeling propón para o *metateatro*:

1. *Le théâtre dans le théâtre* constitue une sorte d'histoire littéraire à l'intérieur de l'œuvre même. Car, comme toute forme réfléchie, il comporte une critique ou un jugement sur un passé littéraire en général et sur les conditions de production et de réception du genre en particulier. C'est en cela que le metathéâtre peut avoir une fonction herméneutique immanente qui consiste à signaler ce qui appartient à une tradition dépassée et à rendre le récepteur

⁷⁴ Algúns destes aspectos, entre outros, aparecen tratados na xa citada introdución de Mato Fondo, que constitúe o traballo máis amplo e completo sobre o texto de Manuel María.

⁷⁵ A este respecto véxase o capítulo 10 de *Sweet Violence*, onde Eagleton se ocupa do tema de Edipo como *pharmakos*.

sensible à une évolution. Il constitue donc une littérature de confrontation.

2. Je dirai que les formes réfléchies apparaissent à des périodes bien précises, c'est-à-dire au moment où la tradition littéraire coïncide avec l'horizon d'attente jusqu'à l'ennui et là où cette tradition, ressentie comme trop canonique, est dépassée par l'évolution extralittéraire, donc économique, sociale etc. Ce n'est pas sans raison que le *théâtre dans le théâtre* est souvent lié à la *parodie*, donc à une forme qui par définition cherche la confrontation, et qu'il devient porteur d'une sorte d'anti-théâtre par opposition au prétendu théâtre bourgeois (Schmeling, 1982: 8-9).

Parécenos interesante observar o manexo que fai Manuel María de certos recursos metaliterarios no *Edipo*⁷⁶, na medida en que pode reflectir unha tensión entre, por unha banda, o establecemento do texto nunha tradición entendida como nacional e a posibilidade do recurso á parodia⁷⁷, e, por outra, entre a necesidade de importar novos repertorios e as estratexias de nacionalización necesarias para volvelos aceptábeis. Se ben o feito de que o *Edipo* permanecese inédito e sen representar fai que debamos cinxirnos ao

⁷⁶ Richard Hornby (1986) considera metadramáticos (aínda que non en todos os casos) recursos como as referencias literarias (cita, alegoría, parodia e adaptación) e as referencias á vida real (alusións a persoas, lugares, obxectos e sucesos). Alén disto, considera que “We should distinguish between true self-reference and mere acknowledgment of the audience, as occurs with choruses and narrators, or with characters themselves in monologues or asides. Such devices are merely conventions of a presentational style; they do not destroy the world of the play, but instead enlarge it to include the audience. It is as if we are momentarily the characters’ confidants. Choruses and narrators, moreover, do not stop the dramatic action, but instead exist to help to move it along. Prologues and epilogues are closer to dramatic self-reference than choruses, narrators, monologues, or asides, because they do literally refer to the play as a play, but on the other hand they are not really part of the play to which they refer. Prologues and epilogues refer to the play, but not usually to themselves. Nor do they stop the action, which has either not yet begun or already concluded. They provide a gentle transition between the surrounding, real world and the inner world of dramatic illusion, rather than disrupting the dramatic world with a sudden reminder of its fictitiousness (Hornby 1986: 104-105). Na súa morfoloxía, Schmeling (1982: 10 e ss.) clasifica o *prólogo* (entendido como obra preliminar), o *discurso aos espectadores* (que no caso de *Edipo* funciona precisamente como prólogo) e o *coro* como *formas periféricas*, diferentes do *teatro dentro do teatro* propiamente dito.

⁷⁷ A ironía con respecto ás macrometáforas nacionais é interpretada por González-Millán como un síntoma de autonomía do discurso literario.

texto dramático, esta lectura pode revelar certas características da poética de Manuel María que nos permitirán, polo menos, a comparación con outras concorrentes.

As personaxes principais, a trama e os lugares da acción están adaptadas de fontes prestixiosas clásicas, as traxedias de Sófocles *Edipo rei*, cuxo argumento se correspondería coa primeira xornada da obra de Manuel María, e *Edipo en Colono*, coincidente coas xornadas segunda e terceira, que terían máis variacións con respecto ao seu modelo. Algunhas destas diferenzas argumentais serven precisamente para introducir elementos metaliterarios, como por exemplo un diálogo sobre poesía na terceira escena da segunda xornada. O prólogo parece, en cambio, inspirado pola versión de Anouilh (unha fonte prestixiosa moderna). Por outra parte, e con respecto ás modificacións argumentais, é interesante o destinatario que Manuel María afirma que tiña en mente para a obra:

O mito de Edipo é moi rico e complexo e xa fora tratado, como se sabe, maxistralmente polos tráxicos gregos. Nós simplificámo-lo —conscientes de que o empobreciamos— e quixemos escribir unha obra sen pretensións, sinxela, elemental, case esquemática por se algún día tivéssemos a fortuna de que a representase un grupo de non-profesionais das táboas. Non acadamos esa sorte e a peza ficou ata hoxe entre os nosos papeis (Manuel María, 2003: 12).

Isto explicaría certa tensión, que se pode percibir sobre todo no prólogo, onde o xogo metadramático que se leva a cabo mediante o discurso do narrador, que fai explícita a condición de personaxe teatral de Edipo, vai de par dunha actitude que poderíamos denominar divulgativa, xa que se ofrece un resumo introdutorio do mito de Edipo (algúns datos repetíranse ao longo da primeira xornada) e unha explicación da etimoloxía do seu nome.

Narrador – Amábeis espectadores: Edipo, o vello, o milenario Rei de Tebas está, unha vez máis, connosco no teatro. [...] E tamén, porque ademais das mágoas que lle impuxeron os Deuses [...] engádese as que lle fixeron sofrer [...] cantos autores tráxicos –e entre eles o autor desta peza– cada vez que o traen e levan polos escenarios do mundo ao seu antollo. De todos é coñecido o mito de Edipo que resumiremos brevemente nunhas poucas palabras (Manuel María 2003: 69).

Vexamos agora como o autor leva a cabo unha serie de alusións que cabe interpretar como referencias a estratexias de nacionalización do repertorio. Por unha parte, no mesmo prólogo é mencionado de forma directa ao emprego da lingua galega: “Neste momento comeza este drama en que Edipo, canso de andar por todos os teatros do mundo sae, unha vez máis, á escena falando en lingua galega por vez primeira” (Manuel María, 2003: 70), e, noutro momento, o coro, no seu lamento, lembra o himno: “Edipo, noso rei bo e xeneroso!” (*Ibidem*, 83).

Por outra parte, encontramos unha serie de situacións en que os personaxes que representan o pobo, o Coro e o Corifeo⁷⁸, escenifican a súa identificación con Edipo: “Corifeo – A túa desgraza puido ser a miña. En ti teño un espello⁷⁹” (Manuel María, 2003: 103); “Edipo – Corifeo, ti seguiches as miñas desventuras. Corifeo – Como se fosen propias” (*Ibidem*, 112-113); “Coro – Morreu o espello de todas as desgrazas!” (*Ibidem*, 114) e:

Corifeo – Xa sabes que o meu sentir é o do pobo. Eu non falo polos meus beizos. As verbas que os meus beizos din vanse formando pouco a pouco do mesmo xeito que nacen as ondas do mar, unhas doces como cancións de amor, e outras feras e guerreiras. Quéroche dicir que das miñas palabras recollas as que son como cancións de amor” (Manuel María, 2003: 104-105).

Alén disto, cómpre lembrar que a partir da segunda xornada, Edipo aparece como un vello rapsoda cego, o que lle permite realizar unha defensa da concepción da poesía como expresión da verdade fronte a varios Cidadáns:

Edipo – Eu sempre digo verdade

Cidadán 2º – A non ser cando cantas.

⁷⁸ Personaxe que, nun xogo metadramático, se autodenomina “Corifeo”, forma que tamén empregan para o nomear os seus interlocutores.

⁷⁹ A imaxe do espello tamén é utilizada polo propio Edipo: “Edipo – Non digas tal cousa, eu non son ninguén. Só unha vaga sombra atormentada. Xa ves: non son nin un home completo. Un home calquera válese por si mesmo. E eu sen ti nada son. E contigo son moi pouca cousa. O que fun, o home que antes fun e que anda polos teatros como un espello de desgrazas, xa morreu. Antígona – Ti non morrerás xamais. Es inmortal. Mentres haxa homes na terra ti vivirás. Edipo – Ese a que ti te refires é un xeito ben tristeiro de vivir. Non me interesa esa vida” (Manuel María, 2003: 87).

Edipo – Os meus cantos son máis verdadeiros que as miñas propias verbas.

Cidadán 1º – Rapsodas e poetas tendes sona de mentireiros. A imaxinación lévavos lonxe.

Edipo – Esa sona é inxusta. Nas miñas cancións poño o meu propio corazón, fonte da miña vida. Hai algo máis verdadeiro que o corazón? Unha cantiga custa moita vida. Algunhas custan máis dor que un fillo. Cando a canción nos deixa de pertencer leva todo o noso a quen a recibe.

Antígona – Cando un dá a súa canción é coma se puxese en claro a alma (Manuel María, 2003: 95-96)

A través do emprego destes recursos metadramáticos, consideramos que o autor nos posibilita unha lectura alegórica en clave nacional que funciona tamén como unha imaxe da comunicación literaria nun contexto marcado polo nacionalismo literario. Neste sentido, consideramos que a poética que Manuel María deixa translucir neste texto é unha aínda apegada á épica de construción do campo nacional e ás necesidades de cohesión identitaria. Con todo, non debe entenderse que propormos unha lectura determinista. Nesta altura, Cunqueiro xa levaba algúns anos publicando en galego novelas marcadas polo uso da intertextualidade e a parodia⁸⁰. Desde o punto de vista da diferenza entre poéticas, resulta interesante constatar que o mesmo ano que Manuel María era premiado polo *Edipo*, Cunqueiro editaba, ben é certo que en español, *Las mocedades de Ulises*, onde tamén aparece Edipo como un cantor cego. A través da personaxe, o mindoniense leva a cabo un xogo de ironías metaliterarias a propósito da ficción e das poéticas realistas:

—¿Acaso es tan viejo el mundo? Llevamos este pandero a un cantor ciego. Antaño fue rey en Tebas. Por lo menos, allá reinó su nombre. En la mañana del día fatal todavía tenía los verdes de las colinas nativas posados en los claros ojos, pero al atardecer ya se habían aposentado en las vacías cuencas poderosas nubes rojas.

Dijo Ulises, y señaló con el pandero antiguo hacia poniente, y en aquel mismo instante surgieron del mar amplias nubes encendidas,

⁸⁰ Véxanse a este respecto os traballos de González-Millán sobre *As crónicas do sochantre e Merlin e familia* recollidos no volume *Silencio, parodia e subversión*.

y quietas permanecieron sobre el abismo por donde el sol, con sus soberbios rayos, había rodado.

–Se llamaba Edipo –dijo Ulises, y golpeó por tres veces el pandero.

Poliades palmeaba en el basto granito de la columna.

–¡Ulises, te obedecen los meteoros! ¡Como en el teatro! (Cunqueiro, 1991: 87-88).

–Al ciego cantor que se llama Edipo, le pregunté si era el famoso rey de Tebas. ¡Qué nombres ruedan entre nosotros, padre!

–Yo lo conocí antes de que cegase. Vendía espejos en los mercados isleños. Alegre parlanchín, probaba a las mujeres que serían más hermosas si todas las mañanas se contemplaban en los bruñidos espejos áticos. A los mancebos les susurraba al oído: “Al que se mira seis veces en este espejo le sale la barba rizada”. [...]

–¿Sabes como cegó?

–Dicen que por mirar el sol en sus espejos. Otros aseguran que porque osó usar el nombre Edipo, antiguo y desdichado. Hay nombres que son señales. Los dioses antiguos no quieren que se recuerden sus trampas en el juego (Cunqueiro, 1991: 93).

O xogo paródico que establece Cunqueiro está ben afastado do uso dos recursos metaliterarios que realiza Manuel María, pero se pensamos en determinadas lecturas identitarias da produción en galego do mindoniense, percibiremos como opera a nivelación no nivel de recepción nas situacións de nacionalismo literario.

Para rematar, indicaremos que non resulta aventurado sospeitar que, precisamente a causa da debilidade institucional do campo cultural galego, a peza de Manuel María permaneceu inédita e sen representar. É precisamente a comezos da década de 1960 cando comezan a fundarse asociacións culturais próximas ao galeguismo que han formar unha rede axeitada para “traer” este tipo de obras.

F. P. G.

Universidade de Santiago de Compostela

Referencias bibliográficas

- Anouilh, Jean (1967 [1946]). “Antígona”. Tradución de X. L. Franco Grande e Xosé Manuel Beiras. *Grial*: 17, 320-353.
- Bourdieu, Pierre (2004 [1991]). *O campo literario*. Bertamiráns: Laiovento.
- Cunqueiro, Álvaro (1991). *Las mocedades de Ulises*. 2ª ed. Barcelona: Destino.
- Eagleton, Terry (2003). *Sweet Violence. The Idea of the Tragic*. Malden, MA: Blackwell.
- Even-Zohar, Itamar (1999). “Factores y dependencias en la cultura. Una revisión de la teoría de los polisistemas”. En Montserrat Iglesias Santos (comp.), *Teoría de los polisistemas*. Madrid: Arco, 23-52.
- Fernán-Vello, Miguel Anxo e Francisco Pillado Mayor (1989). *A nación incesante. Conversas con Xosé Manuel Beiras*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Figueroa, Antón (2001). *Nación, literatura, identidade*. Vigo: Xerais.
- F[ranco] G[rande], X[osé] L[uís] (1967). “‘Antígona’, de Anouilh”. *Grial*: 17, 319.
- Franco Grande, Xosé Luís (2004). *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*. Vigo: Galaxia.
- González-Millán, Xoán (1991). *Silencio, parodia e subversión. Cinco ensaios sobre narrativa galega contemporánea*. Vigo: Xerais.
- González-Millán, Xoán (1995). “Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1994*. Vigo: Galaxia, 67-81.
- Hornby, Richard (1986). *Drama, metadrama and perception*. Lewisburg: Bucknell University Press.
- Manuel María (2001). *Obra poética completa (Tomo II)*. A Coruña: Espiral Maior.
- Manuel María (2003). *Edipo*. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor”, Universidade da Coruña, Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.
- Mato Fondo, Miguel Anxo (2003). “Introdución”. En Manuel María (2003).
- Ragué-Arias, María José (1991). *Los personajes y temas de la tragedia griega en el teatro gallego contemporáneo*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- Rodríguez Domínguez, José Pablo (1996). “El teatro griego y latino en Galicia a partir de la posguerra”. En Ángel-Luis Pujante e Keith Gregor (eds.), *Teatro clásico en traducción: Texto, representación, recepción Actas del*

- Congreso internacional, Murcia, 9-11 Noviembre 1995*. Murcia: Servicio de publicaciones, Universidad.
- Salgueiro, Roberto (1999). “La práctica escénica en la Universidad de Santiago de Compostela entre los años 1936 y 1975”. En Luciano García Lorenzo (ed.), *Aproximación al teatro español universitario (TEU)*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de la Lengua Española, 173-221.
- Schmeling, Manfred (1982). *Métathéâtre et intertexte. Aspects du théâtre dans le théâtre*. Paris: Lettres Modernes.
- Seoane, Luís (1973). *Comunicacións mesturadas*. Vigo: Galaxia.
- Seoane, Luís (1994). *Escolma de textos da audición radial de Luís Seoane “Galicia Emigrante” (1954-1971)*. 2ª ed. Versión galega e edición de Lino Braxe e Xavier Seoane. Sada: Edicións do Castro.
- Torres Feijó, Elías José (2004). “Contributos sobre o objecto de estudo e metodoloxía sistémica: sistemas literarios e literaturas nacionais”. En Anxo Abuín González e Anxo Tarrío Varela (eds.), *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas na Península Ibérica*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 423-444.

“FERRADOS DE CORAZÓN, FANEGAS DE ALMA”. A SIMBIOSE DO ELEMENTO ESPACIAL E DO HUMANO NO DISCURSO POÉTICO DE MANUEL MARÍA

Cristian Pernas Rubal

Manuel María é decote considerado o poeta máis relevante da nosa literatura da segunda metade do século XX. Foi a súa unha voz que se proxectou en todos os eidos da escrita (poesía, teatro, narrativa, ensaio, xornalismo etc.) e en todos os camiños e recunchos de Galiza, terra que percorreu de maneira incansábel e cuxos espazos naturais anegaron a totalidade da súa obra literaria. Embora se estudasen todas as faces da súa obra, a poesía é se cadra a parte máis orixinal e senlleira, que cultivou durante toda a súa traxectoria e que é posíbel identificarmos, nas súas diferentes etapas, cos “máis notábeis e significativos acontecementos da vida galega, no seu ámbitos social, cultural e político” (Gómez Torres 1218). Así pois, a obra poética do autor chairego, escrita ao longo de case cincuenta anos, abrangue poesía social, intimista ou patriótica; emporiso, nunca deixou de ter nela un papel central a terra galega e a súa simbiose coas persoas que a habitan.

A relación de Manuel María coa terra é dabondo representativa da relación idiosincrática que os galegos mantivemos historicamente con ela. Os poetas galegos (tirando se callar unhas poucas excepcións) acostuman deostar a visión turística do espazo, ao inseriren o humano como máis un elemento formante del. Disto dan boa conta as vangardas galegas focadas na natureza e a paisaxe, de cuxa influencia Manuel María non estivo isolado. Por tanto, coa súa abondosa produción poética, moita da cal ten a súa comarca da Terra Chá como elemento central, fai sentido encadramos o noso poeta dentro desta visión nidiamente galega da espacialidade natural. É preciso tamén sinalarmos que a Terra Chá e a súa contorna funciona na obra do autor como unha metonimia de toda a Galiza, obxecto literario sobranceiro da obra do autor.

A medición do espazo galego na poesía de Manuel María está en íntima comunión coa subxectividade do eu lírico ou daqueloutro suxeito que estea a ollala, de xeito que “pra medila [A Terra Chá] só valen dúas mensuras: / ferrados de corazón, fanegas de alma!” (“Dimensión”, *Poemas*

Escollidos 46). A ligazón da terra –metonimizada en “ferrados” e “fanegas”– co elemento humano –metonimizado en “corazón” e “alma”– é total, e ambos son complementares e fan parte da propia identidade galega. A este sentido, cómpre incluírmos unha cita dun prólogo ao *Romanceiro da Terra Chá* de Darío Xohan Cabana escrito polo propio Manuel María, en que o autor expresa as súas ideas arredor da relación entre a terra e aquela persoa que quixer acadar sintonía con ela:

A Terra Chá non se entrega a calqueira. Non abonda con vela. Hai que comprendela. Hai que chegar a ela sin presas, cos ollos limpos e o corazón na ma. Sóio así a terra se humaniza de verdade e se entrega sin reserva. E é entón cando ese mundo de labregos probes, sufridos, mansos e resinados, tan en consonancia coa paisaxe que os cingue, acada a súa xusta dimensión (“Prólogo” 11)

A apreensión do espazo como dependente da ollada certaíra do humano é unha constante na poesía de Manuel María. Veláí que mesmo chegue a funcionar como elemento contrastador entre os “verdadeiros galegos”, decote identificados cos traballadores rurais, e aqueloutros “alleados” (palabra do gosto do autor), identificados coas clases medias e os espazos urbanos. É discutíbel, por tanto, que as cidades merezan na obra do autor a acepción de “terra”, que el propio lles nega en poemas como “Oda á beleza” (151). A problemática relación do poeta con algúns elementos urbanos débese a estes seren espazos de castelanización e, xa que logo, de perigo para a supervivencia da Galiza amada polo autor. En troques, non acontece isto con outros elementos espaciais de orixe humana inseridos na natureza, como as igrexas (“Cadro do románico de Pantón” 262) ou os viñedos (“O viño” 193). O espazo rural na poesía de Manuel María caracterízase pola harmonía que amosan os seus elementos humanos e naturais, decote interdependentes e sempre a se respectaren.

Así pois, para alén de contribuíren para a galeguidade dos seus habitantes, os espazos naturais tamén aparecen como elementos garantidores da humanidade: “Amade sempre á terra nai / e cada vez seredes máis humanos” (“Deixade que o voso corazón se abra” 257). Aliás, noutros poemas, a terra aparece como elemento fornecedor de beleza visual, algo procurado polas persoas e que lles proporciona felicidade mediante a comprensión delas propias:

A terra ábrese amorosa e refléxase
na doce claridade dos nosos ollos
e métese, amorosa,
na escura imprecisión do noso ser
dándolle sentido
á beleza mortal do noso espírito. (“Sabemos que a terra é
sempre pura” 79).

Un outro concepto espacial que tamén serve para salientarmos a intimidade con que se relaciona o humano e o espacial na obra de Manuel María é a viaxe, cuxa importancia para o autor é acotío sinalada. Así, Felipe-Senén López indica que para Manuel María “a mesma vida enténdese como unha viaxe, un laberíntico camiño ou odisea de preguntas e respostas poéticas na procura do coñecemento do que un significa na inmensidade do cosmos, da beleza ou da pureza” (López 91). Con efecto, o concepto do camiño é unha constante na obra poética do autor, algo que partilla cunha grande parte dos escritores galegos do século XX (nomeadamente Otero Pedrayo) e que Senén considera unha característica senlleira da nosa idiosincrasia como pobo (92).

Na realidade, o concepto do camiño presenta moitas diversas faces na obra do autor, mais sempre acostuma ir identificado coa propia vida, ben cando se trata dun camiño literal, ben cando se usa como metáfora do humano e do seu percurso vital. Na poesía de Manuel María o camiño deixa a súa pegada inmorredoiira nas persoas, conformando o seu carácter e a súa personalidade. O propio autor dedica poemas a lugares moi lonxincuos (A Bretaña, Italia, Portugal...) salientando adoito o seu papel na forxa do propio poeta. Do mesmo xeito, as persoas contribúen para a modelaxe dos camiños, deixando “o corazón prendido nas silveiras” (“Irmão: deixaches o pó destes camiños” 36). O camiño percorrido e a maneira de o percorrer dilúese na experiencia vital das persoas, converténdose en máis outro trazo fornecedor do seu carácter: “Estas cousas pequenas / que nunca tiveron / melodías / son os versos / que vivimos todos os que / camiñamos como serpes / pola vida” (“Elexía nº 1” 17-18).

No tocante á linguaxe poética, cómpre comentarmos o feito de a defensa da identidade galega ser inseparábel do resto de elementos configuradores da obra do autor, e de a lingua supor para el a cerna desa identidade (vide. poemas como “A fala” ou “Canción para cantar todos os

días”). Así pois, a procura dunha lingua literaria será un dos obxectivos de Manuel María. Esta lingua, tal e como sinala Freixeiro Mato, está baseada no galego popular, mais axiña se expande para se adaptar ás necesidades dun discurso poético culto (Freixeiro 163). A lingua tamén se axeita ao contido, polo que a abundante toponimia (Terra Chá, Monforte de Lemos, Outeiro, Regato do Cepelo, etc.) se complementa cun léxico dunha grande riqueza para referir e trazar as liñas espaciais do rural galego.

A todo este léxico utilizado para nomear o espazo temos de lle engadir unha grande cantidade de recursos estilísticos, nomeadamente metáforas, imaxes e personificacións, que teñen como elemento artellador conceptos espaciais. Mediante estes recursos o autor adoita ligar o elemento humano e o espacial, quer atribuíndolle correspondentes metafóricos ou comparativos baseados no espazo ao primeiro, quer atribuíndolle capacidades humanas ao segundo.

Deste xeito, abundan na poesía do autor as metáforas e as imaxes espaciais cando se tenta definir o elemento humano. En poemas como “Ollos de nenos” (93) o retrato dos nenos labregos, como representantes da nación, é trazado por medio de imaxes de carácter espacial: “Ollos pardos en todo semellantes / aos montes ermos, tristeiros, penedíos / nos que agroman apenas as carpazas (...) Os nenos labregos son tristeiros: / a súa infancia seméllase unha cárcere”. No tocante ao propio eu lírico, este adoita identificarse cos espazos naturais nos poemas de corte máis intimista: “Eu son o druída de dezanove anos / que se enguedella no teu amor, / vermello de lameiras e de ermos” (“Prego dos dezanove anos” 14). Con todo, nos poemas intimistas máis serodios do autor o seu propio ser fúndese cos espazos outonais, de xeito que devén practicamente indistinguíbel deles:

Sinto como vou outonecendo día a día,
abríndome a un vento un pouco frío
para que percorra de vagar
esta nación minúscula que eu son:
pequeno territorio en soidade
iluminado só, amiga miña,
polo doce calor da túa tenrura,
agora e sempre chama poderosa.
O vento anda os meus camiños,

habita os meus xardíns,
galopa as miñas fragas interiores,
vai despindo os meus carballos,
deixando sen follas –ouro e cobre–
as vides íntimas para perderse
no esguío caudal dos meus regueiros.
O meu sol é case ouridourado.
Vou cara ao inverno. Con certeza sei
que os meus ollos, un día, serán neve. (“Outonecendo” 227)

Alén diso, noutros poemas identifícase a cerna do propio autor e da súa herdanza familiar coa propia comarca en que moran, decote dirixíndose á propia terra: “A miña caste ten os seus ancestros / no teu chao e torneada foi / coa terra túa, mouro e xenerosa” (“Ti sabes, Outeiro, que eu son Hortas” 231). No entanto, cando o autor describe os espazos galegos, que mesmo chega a denominar “terra humana” (“Canción de amor ao Val de Lemos”, 85), tamén emprega con frecuencia personalizacións para lles atribuír, deste xeito, calidades humanas: “Pena Corneira, vixiante e calada!” (...) Impresionante testa do Testeiro! / Humano tremor do San Trocado...!” (“Serras e Montes” 189).

Desta maneira, a simbiose do humano e do espacial na poesía de Manuel María reflíctese tanto na forma do poema como no seu contido, converténdose nunha característica senlleira do autor chairego, ben como da idiosincrasia galega que o poeta representa. Os espazos particulares do noso país definenos e asemade convértenos naquilo que somos, daí que o autor amose unha grande empatía cara aos emigrados, aos que lles foi negada a posibilidade de ficaren nos espazos que os conformaron ou de retornaren a eles; verdadeira Ítaca cuxa ausencia ou deturpación (moi temida polo autor) tiraría unha boa parte do que en nós temos de galegos. A lingua, como elemento central de galegitude –“o idioma é a chave / coa que abrimos o mundo” (“A fala” 154)–, non pode ficar isolada destes espazos, mais antes participa deles e serve para os nomearmos.

C. P. R.

Bibliografía

- Gómez Torres, Camilo (1996): “Manuel María e o seu tempo”, en *Historia da literatura galega* (Vigo: A Nosa Terra).
- María, Manuel (1973): “Prólogo”, en *Romanceiro da Terra Chá*, de Xohán Cabana, Darío (Vigo: Edicións Castrelo).
- María, Manuel (2015): *Poemas Escollidos* (Fundación Manuel María).
- López, Felipe-Senén (2009): “Viaxar con Manuel María: cando «o camiño é unha nostalxia»”, en García Negro, Pilar e Diego Pardo Amado (eds.): *Actas do Congreso: «Manuel María: literatura e nación» (A Coruña, 3-5 de novembro de 2005)*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Freixeiro Mato, X.R (2009): “Manuel María, adaíl e labrador do idioma”, en García Negro, Pilar e Diego Pardo Amado (eds.): *Actas do Congreso: «Manuel María: literatura e nación» (A Coruña, 3-5 de novembro de 2005)*. A Coruña: Universidade da Coruña.

ENTRE O ADVENTO E A APOCALIPSE: VOCES DE POETAS EN TORNO AO “POEMA DO HOME DISGREGADO”, DE MANUEL MARÍA

Laura Piñeiro Pais

A finais da década dos corenta, Manuel María emprende xunto a Manuel A. Sopena Somoza o proxecto de efémera vida *Xistral*⁸¹ (1949), unha revista de poesía que albergou, nos seus únicos dous números, as creacións de distintos escritores lugueses, dende os xa consagrados –Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Pimentel ou Álvaro Cunqueiro– ata os máis novos, como el propio, que comeza a súa angueira poética nesas páxinas. Nese mesmo ano escribe o que será, xunto ó *Fabulario Novo* (1952) de Manuel Cuña Novás, a obra inaugural da “Escola da Tebra”, o *Muiñeiro de Brétemas*, publicada na colección Benito Soto en 1950. O recoñecemento ó labor poético do autor chairego non tardaría en chegar e en 1951 recibe o premio Castelao de Poesía do Centro Galego de Bos Aires por *Advento*, publicado na capital arxentina en 1954. O poemario está dividido en tres partes claramente diferenciadas: en primeiro lugar, o advento, a revelación do mundo a través da poesía; en segundo, a apocalipse, a angustia existencial do ser humano ante un mundo carente de Deus e unha última e derradeira, onde a voz poética se materializa e reflexiona sobre a esencia do ser en si mesmo e na morte como “o derradeiro camiño”. A obra en conxunto, de marcado ton existencialista⁸², está dirixida de xeito unidireccional ó ser humano, ás súas miserias e ó seu desacougo. Para iso, o poeta elixe o camiño da morte e do desterro: “Tedes medo a morrer nun carreiro de sombras, / sen auga nin luz pura prós vós beizos secos / de ardimento”. Unha das composicións nas que observamos de xeito

⁸¹ Vid. ó respecto a recente edición facsimilar: *Xistral. Revista de Poesía (Lugo, 1949)*, Luís Alonso Girgado e Laura Piñeiro Pais (eds.), Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro Para a Investigación en Humanidades.

⁸² En palabras do autor: “Todo o despertar da adolescencia á vida sexual, á intelectual, o non atoparse conforme co mundo en que vivía (tanto no aspecto político como no relixioso), produciu en min unhas crises terribles. Isto levoume a assimilar moi ben a filosofía existencialista [...] Na biblioteca do meu tío crego, atopei algúns libros de Heidegger, unha obra de divulgación que era a *Existencia trágica de Delp* e algunhas obras de Unamuno. E por último, os contactos co grupo do [café] Méndez [Núñez], sobre todo con Celestino Fernández de la Vega, axudáronme a esa asimilación” (Caño, 1990:112-113).

máis evidente esa dimensión apocalíptica é o “Poema do home disgregado”, pertencente á segunda parte do poemario.

A voz lírica diríxese a un interlocutor ó que insta a volver ó mundo, a abandonar a disgregación na que se atopa inmerso: “Ti, home morto de volvoretas malditas, / ven a min despido dos teus vasos de viño. / Eu dareiche unha esperanza viva sen beiras limitadas, coma / nubes”. A medida que avanza a composición, a voz poética intenta absolver a ese home das súas miserias e diríxese a el como “irmau”: “Esquence, irmau, o teu sudor de follas mortas que sale, / coma unha maldición / por entre a túa camisa rachada, de cadros chillós coma / pequenas acuarelas de paisaxe”. O distanciamento entre o emisor e o receptor diminúe a medida que avanza o poema⁸³ e conclúe na reflexión da vida como naufraxio: “Ven a min cos teus sonos, sin cancións indecentes, / porque eu tamén me sinto naufragar no pulso das noites / que nos tragan”. O mundo retratado no texto está marcado pola nocturnidade, as tebras, o frío, a invernia e por espazos herméticos e pechados, como bares e tabernas. O poeta introduce tamén a materia do onírico para a creación de imaxes que aproximan o texto ó surreal: “Ventos amaros / i-agullas crudes de fume impreciso i-abanado”. A dimensión relixiosa do poema –e por extensión de toda a obra– aparece invertida: o advento xa non é unha preparación para a chegada de Deus, senón para a chegada da morte. A voz lírica fai referencia a un “deus tolo e descoñecido” no que o seu interlocutor afirma non crer. A ausencia dun Deus redentor aparece suplida pola supremacía do home nunha atmosfera, canto menos, próxima ó pensamento nietzscheano.

Tras a lectura do poema consideramos que Manuel María conta cun referente claro: o poemario de Dámaso Alonso *Hijos de la ira* (1944). A consonancia entre o texto de Manuel María e os versos do poeta madrileño observámola de xeito máis nítido no poema “Hombre”. As dúas primeiras estrofas da composición son unha definición do ser humano:

Hombre,
gárrula tolvanera
entre la torre y el azul redondo,
vencejo de una tarde, algarabía
desierta de un verano.

⁸³ “Dime a min que tamén son un home que me arrastro pol-a / lama”.

Hombre, borrado en la expresión, disuelto
en ademán: sólo flautín bardaje,
sólo terca trompeta,
hispida en el solar contra las tapias

As tres últimas estrofas, a diferenza das dúas primeiras, son un grito de soidade, onde a voz lírica reflexiona sobre a súa existencia nun mundo sen Deus: “Hombre [...] / ¡oh solitario y triste / garlador!: ¿dices algo, tienes algo / que decir a los hombres o a los cielos? [...] Hombre, / cáрабо de tu angustia, / agüero de tus días / estériles, ¿qué aúllas, can, qué gimes? / ¿Se te ha perdido el amo? // No: se ha muerto”. O final do poema confirma ese canto inútil e desesperanzado que presentaban os versos anteriores: “Deja, deja ese grito, / ese inútil plañir, sin eco, en vano. / Porque nadie te oirá. Solo. Estás solo”.

Se comparamos estes versos co “Poema do home disgregado” de Manuel María observamos que ambos autores centran o universo lírico na existencia senlleira do ser humano e mitifican a angustia: “Ábreme o cáncer podre do teu peito e dime como deixas / nos bares / a túa vida pequena, sin paixós trascendentes”; “Hombre, / melancólico grito [...] ¿Y no es esa amargura / de tu grito, la densa pesadilla / del monólogo eterno y sin respuesta?”. Ademais, as dúas composicións evidencian unha profunda para-relixiosidade⁸⁴, unha inversión da dimensión relixiosa inicial que conecta os textos co pensamento nietzscheano, como xa advertimos con anterioridade. Ambos poetas optan pola rehumanización da poesía e a ruptura cos tabús tradicionais. No caso de Manuel María, a esperanza polo advento, pola chegada de Deus, aparece frustrada pola existencia –ou inexistencia⁸⁵– dun “deus tolo e descoñecido”, mentres que os versos de Dámaso Alonso confirman a morte do amo e relegan ó home á categoría de can sen dono, que ouvea incesantemente sen máis resposta có silencio: “¿Se te ha perdido el amo? // No: se ha muerto. / ¿Se te ha podrido el amo en noches hondas, / y apenas sólo es ya polvo de estrellas!”. En canto á estrutura, tanto Manuel María como Dámaso Alonso apostan polo verso libre e pola ausencia de

⁸⁴ A inquedanza e a incerteza do poeta en canto ó dogma católico cambia o seu cariz no poema “A la Virgen María”, que evidencia a necesidade dunha figura maternal e espiritual simbolizada na Virxe. A bondade, a dozura e a matriz eterna da nai son o camiño de salvación do mundo irado do poeta.

⁸⁵ “Esquence, irmau, por ese Deus no que dices non creer”.

rima para a creación dunha protesta que, aínda que é universal, non carece de elementos da traxedia persoal do autor.

Unha das liñas fundamentais da poesía galega de posguerra, ademais das xa marcadas polos autores que publicaron no período anterior –imaxinismo, neotrobadorismo, surrealismo...–, foi a da estética da angustia, que se bifurcou en dúas pólas: por unha banda, a da “Escola da Tebra”, influenciada polas correntes existencialistas europeas e, por outra, a da poesía social, inaugurada en 1962 con *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro. Neste contexto de eclosión do eu existencial crea Manuel María o seu *Advento*, tendo como referente inmediato⁸⁶ o *Fabulario Novo* de Manuel Cuña Novás, obra que se xesta nese mesmo período.

En 1951, Manuel Cuña Novás viaxa a París, onde toma contacto coas grandes figuras do existencialismo e experimenta o tránsito entre a vida e a morte⁸⁷. O *Fabulario Novo* está dividido en sete partes introducidas por un breve texto en prosa do propio autor. Nestas páxinas advertimos a confluencia entre as correntes poéticas do neotrobadorismo, surrealismo, imaxinismo e a modernidade do pensamento europeo. Centrarémonos, a este respecto, na parte máis extensa do poemario, “A frauta dende a tebra”, onde observamos con maior clarividencia a pegada existencialista e a estética do desacougo que se retratará posteriormente no “Poema do home disgregado” de Manuel María. A voz poética define ó home en canto a ser no mundo e reflexiona sobre a súa natureza, sobre o seu “dasein⁸⁸”, en terminoloxía

⁸⁶ “O libro de Mourullo [*Memorias de Tains*, 1956] supuxo, para toda a xuventude, un revulsivo e unha apertura de novos camiños na nosa literatura. Como tamén o supuxo o *Fabulario Novo*, de Cuña Novás. Entón, parte da xuventude estabamos coa poesía de Novás e a prosa de Mourullo” (Caño, 1990:44).

⁸⁷ “En 1951 le ocurre algo definitivo: la Diputación pontevedresa le concede una beca para ir a París. Llega y ve que el dinero no le alcanza para nada. Entonces se mete a trabajar por las noches en un hospital. Su oficio, transportar cadáver tras cadáver por un corredor hasta una especie de torno, donde, a golpe de manivela, el cuerpo va entrando en un depósito. Toda su vida, después, Manuel Cuña Novás recuerda aquella maniobra de la manivela mandando a lo oscuro, al «más allá», los cuerpos fríos” (Graña, 1992:22).

⁸⁸ O significado aproximado do termo é: *ser aí*. “O traballo de Heidegger [a obra *Ser e Tempo* (1927)] mostra que o ser-no-mundo é a condición primeira para o entendemento do ser do homem. As vicissitudes do ser-no-mundo são anteriores às elaborações teóricas quanto a um ponto de partida ou uma característica definidora que norteie um percurso

heideggeriana: “Sobor da nada, ser, e fronte á nada / e contra a nada, xurdir;
/ xurdir ergueito da xerfa dos degaros / para unha estela de odio, amor e ira
/ distendida até o ceo”.

No “Poema do home disgregado” de Manuel María documentamos os vestixios da lírica de Cuña Novás. A atmosfera tétrica de contraste entre luz e tebras na que se desenvolve o fabulario está tamén representada no texto de Manuel María: “Ven a min con esas tebras que che enloitaron o corazón, / cóntame esas tardes interminabels sen historia”. Ambos autores constrúen un discurso poético no que aluden constantemente á podremia, á degradación existencial: “Ábreme o cáncer podre do teu peito e dime como deixas / nos bares / a túa vida pequena, sin paixós transcendentés”; “Tí ibas podrecendo a tua i-alma das verbas, / amosando as túas chagas. / Cando ao túnel bulrache a túa vouga calidade de burato / cuspinde na faciana”. No texto de Manuel María, a voz lírica é portadora da esperanza e ofrécella ó seu interlocutor: “Eu dareiche unha espranza viva sin beiras limitadas, coma / nubes, / e dareiche a miña doce tenrura de manteiga / que terá pra ti unha lene espuma de fogo / que queimará os teus pensamentos de luz turbia”. Ese ofrecemento está tamén representado no *Fabulario Novo*, concretamente no poema “Amistade”. Nas tres primeiras estrofas do texto a voz lírica expón de xeito anafórico a súa proposición, introducida polo verbo querer:

Quero darche unha verba alcendida de doces agarimos
para o teu corazón que chora sangue núa
e douche os meus beizos que deitan sangue de orfos
mencerés.
Quero darche raiolas de ansia redimida
e douche os meus ollos cheos de imaxes treizoadas.

O libro de Cuña Novás adquire natureza de fabulario porque os animais acompañan ó ser humano nesa existencia agónica. Entre moitos outros, destacamos a figura do sapo polo papel fundamental que desempeña na obra, sobre todo en “Frauta na noite”, onde interpreta a melodía que inicia o texto: “Polos camiños cheos de noite, entre o ramaxe das bouzas, pólos campos silandeiros, repetíase a frauta do sapo: unha frauta de doces feridas

compreensivo. Há já uma determinação insuperável que, todavia, tende a ser manter velada no cotidiano, a existência como ser-no-mundo” (Vial Rohe e Dutra, 2014:107).

silenzosas que deitan, como fontes, aluarados choros”. A natureza lóbrega e silandeira do fabulario está tamén presente no poema de Manuel María, quen introduce imaxes que lembran ás propostas por Cuña Novás: “Ti, home morto de volvoretas malditas / ven a min despido dos teus vasos de viño”. O compoñente paisaxístico estará máis presente na terceira parte de *Advento*, onde o poeta tenta descifrar o enigma dos seres⁸⁹. A abundante simboloxía, a presenza do elemento onírico e a fuxida dos patróns rítmicos son outros dos elementos que conectan a poesía destes dous autores, fundamentais na evolución da poesía galega de posguerra.

Deste xeito, Manuel María retrata nese advento a súa disgregación involuntaria e a inqueda e o desacougo ante unha existencia invivible, resultado dunha profunda crise política e ideolóxica. O poeta amplía os seus horizontes e asume as distintas realidades literarias e filosóficas nun continuo diálogo entre tradición e modernidade. En *Advento*, Manuel María non restrinxo exclusivamente a súa denuncia á realidade de Galicia durante a posguerra, senón que crea unha protesta universal que conecta co desarraigo da poesía española da época e co desacougo existencial dos pensadores europeos. A este respecto foron determinantes os xuntoiros no Café Español de Compostela, ó que acudía pola fonda amizade que mantiña con Maside e outros. Alí, sobre todo a través de Ramón Piñeiro e de García Sabell, infórmase das publicacións que ían xurdindo tanto en Francia como en Alemaña, así como do pensamento que resultou do horror da Segunda Guerra Mundial. Porén, aínda que advertimos que a obra está construída a partir da inversión do compoñente relixioso, observamos tamén que o autor chairego é un gran coñecedor da teoloxía e da literatura relixiosa, probablemente por influencia do seu tío crego, fundamental no seu desenvolvemento cultural e persoal. Por tanto, a existencia retratada no “Poema do home disgregado” é o reflexo das miserias de toda unha xeración, un canto de apocalipse que se xesta na tradición e no máis profundo desarraigo e morre nun naufraxio, no pulso dunha noite sen fin.

L. P. P.
Centro Ramón Piñeiro

⁸⁹ Pallarés, 2009:203.

Bibliografía

- Alonso, Dámaso (2013): *Hijos de la ira*, Fanny Rubio (ed.), Barcelona: Espasa.
- Caño, Xosé Manuel del (1990): *Conversas con Manuel María*, Vigo: Xerais.
- Cuña Novás, Manuel (1952): *Fabulario novo*, Pontevedra: Benito Soto.
- Fernández Teixeira, Manuel María (1954): *Advento*, Bos Aires: Ediciones Galicia.
- Graña, Bernardino (1992): “El *Fabulario Novo* de Cuña Novás” en *Ínsula*: revista de letras y ciencias humanas, 532, p.22.
- Pallarés, Pilar (2009): “Manuel María, versos de xuventude”, en Pilar García Negro e Diego Pardo Amado (eds.), *Actas do Congreso Manuel María: literatura e nación*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 193-205.
- Vial Roehe, Marcelo e Elza Dutra (2014): “Dasein, o entendimento de Heidegger sobre o modo de ser humano” en *Avances en psicología latinoamericana*, 1, vol. 32, pp. 105-113.

MANUEL MARÍA: PALABRA DERRADEIRA DE *ADVENTO*

Verónica Pousada Pardo

“Período de tempo de catro semanas que celebra a Igrexa antes do Nadal, como preparación para este” é a definición que ofrece o dicionario da Real Academia Galega para a palabra *advento*, que dá nome a este poemario publicado por primeira vez no ano 1954, cando Manuel María aínda era un mozo duns vinte e cinco anos de idade, e que recibira, con anterioridade, o Premio Castelao de Poesía do Centro Galego de Bos Aires en 1951. O título da obra, dende a perspectiva relixiosa, fai referencia ao período anterior ao nacemento de Cristo; mentres que, nun sentido moito máis amplo, evoca unha “chegada”⁹⁰. Pallarés (2009: 202) sinala, en relación co uso da palabra *advento*, que “nos fai esperar, pois, un libro esperanzado e luminoso. O que atopamos é agonía no sentido unamuniano, un combate constante entre luz e sombra”.

Advento é unha obra chave⁹¹ para a literatura galega, unha das precursoras da poesía existencialista da Escola da Tebra. Nas creacións que compoñen o poemario predominan o hermetismo e a temática da morte. Supón unha ruptura total coa poesía anterior, suave e sentimentalista, demasiado preocupada pola forma como para pensar no contido.

Manuel María, do mesmo xeito que Cuña Novás⁹² en *Fabulario novo* (1952, Benito Soto), sintoniza co ambiente pesimista e de angustia existencial dominante na Europa do momento, un tempo determinado polas guerras e

⁹⁰ Rafael Chacón destaca a existencia de dous períodos de celebración de festas con máscaras e disfraces, unha no tempo de advento e de Nadal e outras pouco antes da coresma. Polo tanto, tamén sería posible conectar esta palabra coa festividade do Entroido. Véxase: Rafael Chacón (2016): “Introido, Entroido, Antroido, Entruido, Entrudio, Entrudo, Antruejo, Antroxu... Carnaval”, *La Cueva de Zaratrusta*, (5 de febreiro), versión na rede [Consulta 21/03/2016]: http://tallerediciones.com/cuza_new/?p=2615

⁹¹ Darío Xohán Cabana, no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, afirma que: “*Advento* é irmán de *De catro a catro*, de *Nimbos* ou da *Profecía do mar*: Quero dicir, é un deses libros que se impoñen na súa totalidade como obxectos poéticos perfectos”.

⁹² “Como non podería ser doutro xeito, considero unha obriga dedicar unha emocionada lembranza –e esta humilde homenaxe– aos grandes poetas e amigos da miña propia xeración, Manuel Cuña Novás e Uxío Novoneyra, que xa non están con nós”, sinala o propio Manuel no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega.

a súa atmosfera de terror, a atrocidade nazi e o agoiro sempre constante. A mesquindade e a miseria da ditadura española e a situación social da época son as que establecen o camiño que seguirá a poesía existencialista de noso. O sentimento de ansiedade percorre todas as composicións da Escola da Tebra, baseada nos escritos de Martin Heidegger, Jean-Paul Sartre, Albert Camus e Gabriel Marcel. Predomina o hermetismo, unha actitude desesperada, que se manifesta en elementos recorrentes: o fanatismo, o medo, a escuridade, o desacougo... A presenza do terror vai crescendo e dobrega unha poesía que foxe do romanticismo para afogar no silencio da opresión. É a era do *soupçon*, a sospeita, o receo.

De seguido reproducéase a composición final de *Advento* na que se centrará o comentario. A modo de cenotafio, o escritor de Outeiro de Rei, coloca con delicadeza estes versos para fechar unha obra de corte existencialista que afonda no sentido da vida e no transcorrer do tempo. “Poema” é a palabra empregada para denominar esta creación que xa, dende o título, mostra a escrita epigráfica e contida do autor.

POEMA

Deixademe: heme igoal
ser día, ser camiño, ou gaita fina.

Non sei de onde ven a luz
e iñoro se teñen azas os garimos.

Non me preguntedes tampouco
si o corazón sinte a súa vida.

Eu somentes sei que quero ser
violín, quero ser río.

Os sonos fuxenme. Poden os sonos
eistir, ser paxariño...?

I-a morte, o derradeiro camiño.
A morte é un ser vivo...?

I-eu, probe i-esquencido poeta:
porqué eisto...?

O meu continuo morrer non será vida?

A estrela é inmutabel en si mesma.
A estrela ten sentido.

O demais é vaguedá, sombra, ou
nome frío.

M. M.
Advento

A retracción, tan característica de Manuel María, tamén aparece representada na métrica, nas distintas estrofas exentas e nos brancos tipográficos. Desligada da visión tradicional poética, a rima móstrase dun xeito aberto⁹³, rachando coa harmonía externa: a rima asonante (i-o) preséntase en sete ocasións, nos pares; a (i-a) tan só dúas veces nos pares (*fina, vida*) e nos impares (*vida, misma*). Os versos van de dous en dous, agás o quince, único verso e estrofa. A composición é polimétrica: 4 sílabas: *nome frío* (19), 7 sílabas: *violín, quero ser río* (8), *A estrela ten sentido* (17), *A morte é un ser vivo* (12). Ademais, cada un destes segundos versos semellan curtos ou crebados. En certo modo, a métrica regular ou irregular, tenta achegarse ao *versum* petrarquista.

A composición aborda o conflito do individuo ante a vida. O “eu” angustiado, desacougado, procura respostas perante cuestións esenciais para o entendemento da humanidade: *porqué eisisto...?* (14), *O meu continuo morrer non será vida?* (15). Con vinte e poucos anos, Manuel María afonda na tristura existencialista, esa que Cunqueiro identificaba coa mocidade. Os escritos de Sartre e Camus foron obxecto de máis dun ataque por parte do escritor mindoniense que consideraba a tristeza un luxo de xuventude e o comportamento dos “tristes” a anticipación e resignación da derrota.

A presenza de pronomes e verbos na primeira persoa do singular son marca do discurso subxectivo da obra do poeta: *Deixademe: heme igoal* (1), *Eu somentes sei que quero ser* (7). O mesmo acontece co pronome posesivo de primeira persoa: *O meu continuo morrer non será vida?* (15). Manuel María bota man de diversos recursos estilísticos e retóricos –as flores–. En

⁹³ “Fico fascinado pola absoluta perfección do verso libre, no que as palabras van caendo coma se o idioma as destinase desde o abrente dos tempos a estar xuntas, e non obstante nunca se xuntasen”, destaca Darío Xohán Cabana, no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, en relación coa poesía existencialista de Manuel María.

primeiro lugar, o poeta tende a empregar encabalgamentos *ser/violín* (7-8), *oul/nome frío* (18-19), que transmiten a súa escrita espida. En segundo lugar, presenta un caso de *captatio benevolentiae*: *I-eu, probe i-esquencido poeta* (13), favorecendo a vontade existencialista da composición. Ademais, tamén utiliza a reiteración para darlle énfase *Eu somentes sei que quero ser/violín, quero ser río* (7-8) e emprega unha recursividade expresiva con elementos barrocos: *O demais é vaguedá, sombra, ou/nome frío* (18-19).

Aínda que os símbolos da escuridade que se relacionan coa falta de liberdade forman parte da representacións que se insiren no marco da Escola da Tebra (*l'ennui*, o noxo), nos versos só aparece unha palabra conectada especificamente co campo semántico da escuridade: *sombra* (18). Pola contra, ás referencias á morte son abundantes (“Ser para a morte”, de Heidegger): *I-a morte, o derradeiro camiño* (11), *A morte é un ser vivo...?* (12) e *O meu continuo morrer non será vida?* (15). Outros elementos recorrentes nas creacións de Manuel María son os paxaros e os ríos, interpretados como un símbolo espiritual e unha mostra da liberdade, respectivamente. Tamén cómpre salientar as referencias á música como elementos positivos conectados coa luz: *gaita fina* (2), *violín* (8).

Na mesma maneira que acontece cos poetas desarraigados, as oracións interrogativas expresan a dúbida do eu lírico sobre a humanidade. Deste xeito, relaciónase a procura do sentido da vida coa presenza de Deus, aínda que na composición non se cita: *Non sei de onde ven a luz* (3). A estrofa *O meu continuo morrer non será vida?* (15), carente de todo misticismo, retoma a imaxe do Deus ausente (*Deus absconditus*). Nun mundo confuso e absurdo, o home é un ser insignificante sen ningún sentido. Co verso *A estrela ten sentido* (17), o poeta quere agora non saber, deixarse ser, esquecer a propia existencia. Pero, contra todo, *Advento* posúe unha compoñente netamente relixiosa que percorre o libro todo.

O autor, nesta composición, demostra unha seguridade sólida, un convencemento do sentir da súa obra que contrasta coa visión real. En 2003, no discurso de ingreso na Real Academia Galega, porfía:

Nos anos da adolescencia e a mocidade coidei que era poeta. Conforme foi pasando o tempo, entráronme as dúbidas. O número de versificadores é infindo. Os auténticos poetas, moi

escasos. Sospaixo que ao longo da miña vida houbo algún intre no que quizais rocei o milagre poético. Quizais. Non podo afirmalo.

Despois de tantos milleiros de versos, aínda no tramo último da vida, Manuel María non se atreve a chamarse a si propio poeta. Non coñezo creador outro que teña tan alto concepto da poesía, mesmo idealista, para non saber que é, en abstracto. Diante do poema, do texto, un escritor de tanto oficio demostrado, non pode non saber. Esa falta de seguridade en si mesmo atravesa cincuenta anos de vida. Quizais soamente se sinta poeta cando fai poesía. Un verso tras outro. Algúns para quedar.

V. P. P.

Centro Ramón Piñeiro

Bibliografía:

Cabana Yanes, Darío Xohán (2006), *De Manuel María a Ferrín: a grande xeración. Discurso de ingreso na Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega.

Fernández Teixeiro, Manuel María (2003), *A Terra Chá: poesía e paisaxe. Discurso de ingreso na Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2007), “Enunciación e estilo na obra de Manuel María”, *Madrygal*, nº 10, pp. 67-76.

Manuel María (1954), *Advento*. Bos Aires, Ed. Galicia.

Pallarés, Pilar (2009), “Manuel María, versos de xuventude”, en Pilar García Negro e Diego Pardo Amado (eds.), *Actas do Congreso Manuel María: literatura e nación*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 193-205.

A ARCADIA FELIZ E VERDADEIRA

Mercedes Queixas Zas

Complexa tarefa resulta escolmar un único poema entre unha copiosa obra lírica que se aproxima aos cincuenta volumes éditos, unha fraga poética sementada incansabelmente ao longo de cincuenta e catro anos de escrita vocacional como resposta a unha necesidade de comunicación literaria e humana.

Estou no medio da vida, escribía o poeta desde unhas coordenadas chantadas na outeirense Casa de Hortas, primeiramente, na tribo da Terra Chá, en segundo lugar, e na nación definida pola tríade lingua-cultura-pobo.

A poesía magmática de Manuel María, sempre no camiño entre a tradición e a innovación, remata por sedimentar nun pulso creativo poliédrico inherente ao Home-Poeta ao que nada do seu tempo lle resultaba alleo.

A autenticidade da obra coral do poeta reside na aproximación á rede temática de interese universal como o amor, a morte, a nostalgia, a infancia, a paisaxe, a metafísica, a relixiosidade, o ecoloxismo, a emigración, o humor, a viaxe, mais tamén no recoñecemento da súa xenerosidade e entrega na defensa dos valores individuais e colectivos da súa xente, de man sempre tendida ao pobo como voz dos silentes e das expropiadas, na dignificación da lingua galega e da cultura que constrúe con personalidade propia.

Velaí a principal razón para non choer o seu legado á etiqueta simplificadora de Poeta da Terra Chá coa excepción de a interpretarmos locativamente como raíz e epicentro creador. A Terra crea única a voz poética en moitos precedentes e contemporáneos desde a nosa primeira grafía literaria na Idade Media. Desde os trobadores da ría de Vigo até o bergantiñán Eduardo Pondal ou o caurelán Uxío Novoneyra, a vaguesa M^a do Carme Kruckenberg ou o lugués Ánxel Fole, sabemos que o humus é hedra común que arraiga en nós para non nos desorientar na abstracción dos paraísos ensoñados e que os versos son os vasos comunicantes que nos retroalimentan na certeza do próximo.

“Andando a terra” foi a cabeceira da sección que presentaba semanalmente no xornal *A Nosa Terra* entre 1978 e 1988. O camiño, a viaxe,

a necesidade de coñecer os círculos concéntricos que nos precederon —desde a xeografía, a arqueoloxía, a etnografía, a historia, a literatura, a lingua, etc.— converteuse para Manuel María nun exercicio vital.

O viaxeiro retrata para o testemuño futuro os espazos e tempos vivenciais, mais ao tempo decadentes, próximos e afectivos, comezando polos *Sonetos á Casa de Hortas* ou o *Ritual para unha tribo capital de Concello*, Outeiro de Rei, ensanchados na xeorreferencialidade da *Terra Chá*, e prorrogados naqueloutros espazos toponímicos concéntricos como o *Cantigueiro do Orcellón*, nos *Sonetos ao Val de Quiroga*, no *Cancioneiro de Monforte de Lemos*, nos *Poemas a Compostela*, nas *Cantigas e cantos de Pantón* ou no *Cancioneiriño de Valdeorras*.

Con todo, o continuado reclamo ao intelectual comprometido favorece o encontro co país irmán admirado, Portugal, e mais coa cronoloxía vital contemporánea de tantas galegas e galegos residentes na emigración en Euskadi, Cataluña, Arxentina, Venezuela ou Suíza, sempre denunciada no verso e na prosa do chairego.

Mais aínda había chegar, unha vez xubilado como procurador dos tribunais, a posibilidade de viaxar aos espazos do seu imaxinario persoal e formativo como Grecia, Italia, Bretaña, entre outros, aos que acabará por lle dar forma lírica no poemario *O camiño é unha nostalxia*.

No entanto, non será este apenas un libro de viaxes externas, senón tamén internas, pois o eu poético acompañará sempre os locus desde esa permeábel e omnipresente perspectiva humanista.

O viaxeiro establece os seus piares máis firmes, no comezo e no remate do poemario, nun *país que existe e non existe*, denominado Saleta, e mais nunha tribo que o define e explica perante as voces do mundo, até concluír a xénese viaxeira co recoñecemento de certa ósmose entre camiñante e camiño:

O home, creador de países e cidades,
fabricante de casas e paisaxes,
¿non será el tamén país, cidade,
pedra ergueita que camiña?

Estratexicamente disposto no poemario *Oráculos para cavaliños do demo* (1986) entre os poemas intitulados “Ítaca” e “Epidaurus”, podemos deslocarnos nunha viaxe de ida e volta até a “Arcadia” que se ha converter nunha nova autodefinición biográfica do escritor chairego que tan lucidamente hoxe recrea para as visitas, como fermosa metáfora visual, un dos cuartos da natal Casa de Hortas, musealizada como a casa do poeta:

Durante toda a miña vida andei
a soñar, longa e fondamente,
coa Arcadia marabillosa, lonxana
e lexendaria.
Viaxei á Grecia
e, con ollos atentos e avarentos,
contemplei a Arcadia: é unha
paisaxe de oliveiras e penedos,
gris e brava, onde hai un pobo,
pequeno e miserento, chamado
Paradisus: nada menos.
Todo
era árido, pobre e desolado.
Entón fechei os ollos cara afora
e abrinos cara adentro.
E puíden
ollar a Arcadia feliz e verdadeira.

Resulta inevitábel, após esta lectura, non encamiñarmos a memoria dos versos libres a estoutro poema de profundo enraizamento popular asinado polo poeta en *Terra Chá* (1954):

A Terra Chá somentes é:
un pobo aquí, outro acolá,
mil arbres, monte raso,
un ceo chumbo e tráxico
no que andan as aves a voar.
O resto é soedá.

A viaxe ao admirábel descoñecido serve para afortalar no camiñante a necesidade de posta en valor do próximo, do local inmediato convertido no centro gravitacional que estrutura a realidade individual, familiar e colectiva da que facemos parte para a contrapor ás outras existentes.

Fronte á idealización do descoñecido e a procura dos paraísos prometidos, ollemos o realismo concreto de noso serigrafiado no contorno, natural e urbanizado, conforme parámetros de identidade propia. Alicercemos, así, a necesidade de alancarmos sobre os espellismos que infrutuosamente encamiñan a utopía da felicidade cara aos territorios imaxinarios da inverosimilitude. Ao tempo, eses obxectivos distantes, non sempre alcanzábeis, impedirannos abrir os ollos cara á materia de que estamos construídas por sedimentación dunha historia propia.

A proposta alternativa será observar atentamente o lugar que ocupamos no mundo para o coñecer e nel tamén nos recoñecer. A viaxe será entón un fío condutor do saber circulante en dobre dirección e a través de permeábeis liñas discontinuas: desde nós para o mundo e desde o mundo para nós propios.

Viaxemos cara fóra para sempre voltarmos un pouco máis sabias cara dentro.

M. Q. Z.

O POETA NA TERRA DE SEU

Xesús Rábade Paredes

Territorio poético

Das varias e diferenciadas voces que interpretaron a Terra Chá luguesa, ben desde o centro ou desde as súas beiras (Noriega Varela, Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño, Díaz Castro, Darío Xohán Cabana...), é a de Manuel María a que mellor a distera territorialmente e sitúa os seus marcos, consagrándoa como lugar específico dun canto. Os chairegos contemporáneos intuiron ben o feito e asumiron como propia a voz deste poeta.

Terra Chá (1954), en efecto, o mesmo que *Os eidos* (1955), son miradas poéticas fundantes, respectivamente, da chaira e da montaña, das terras rasas e das altas serras de Galicia, paisaxes que conforman ámbitos xeolóxicos de trazos definidos. Non é casualidade que os dous libros se conciban case ao unísono en tempos que presaxian no país unha mudanza incerta na relación campesiña coa terra.

En *Galicia enteira*, 9 (Ed. Xerais, 1986) caracterízase a Terra Chá como unha das comarcas galegas máis peculiares pola súa configuración xeográfica, as características do chan, o clima, a produtividade gandeira e, sobre todo, a índole da xente. A dureza climática fixo os chairegos sufridos e teimosos traballadores dunha terra de fácil laboreo, transformando e modernizando as técnicas de aproveitamento agrario.

Na contorna da cabeceira do Miño, ao noroeste da meseta luguesa, formouse esta vasta chaira levemente ondulada, amplo fragmento –precisan os xeólogos– da principal superficie de erosión do país. Delimítana os seguintes conxuntos montañosos, que a apartan do mar: Serra da Corda e Cordal de Neda, polo norte; Serra de Meira, no nacente; Cordal de Ousá, no sur, e as estribacións de Serra da Loba e Cordal de Montouto, no poente. Nunha extensión de 1.730 km², viven uns 60.000 habitantes, repartidos en 187 parroquias e 2.280 lugares, sen reparar na abundantísima microtoponimia. Abrangue a Terra Chá os concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Xermade, Guitiriz, Outeiro de Rei, A Pastoriza, Rábade e Vilalba, téminos percorridos desde hai séculos por chairegos feirantes e poetas.

Ademais do Miño (que rega A Pastoriza, Castro de Rei, Cospeito, Rábade e Outeiro, en dirección a Lugo), hai abondosos cursos de auga permanentes, tributarios daquel río, cursos pouco encaixados e que non drenan doadamente as terras debido a careceren de pendentes. Na formación vexetal predomina o tipo atlántico: fragas, soutos, abidueiras, pinos, ameneiros, uces, brañas, xesteiras, toxeias, silveiras, carqueixas, codeseiras... Neste conxunto harmonizan casais, agras, agros e agrelos, vilares, prados e lameiros. E boas pataqueiras, maiceiras e nabeiras.

Pero a Terra Chá mudou e a emigración constante fixo estragos. O labradío case deixou de practicarse. Xa non cantan os carros nin hai tempo de sega nin medeiros nin medas. Nas airas non se sente petar a malladora. Aumenta a fraga, a bouza, o eucalipto e o pino, teas sempre incendiarias. E as vacas, xa non teixas, estabúlanse para munxirlles leite nas numerosas granxas, leite que as fábricas rebaixan e malpagan. Debe advertirse que, desde a primeira edición de *Terra Chá* e a definitiva do libro, transcorre medio século, lapso temporal no que a transformación da paisaxe rural evidencia distintos quefaceres. Este feito, recoñecido polo autor, vén engadirlle novo valor a unha obra que testemuña as diferentes rupturas do mundo campesiño desde os anos sesenta do século pasado.

Os primeiros intérpretes

Virxilianismo, clasicismo e vontade de pureza idiomática son as claves constantes en Noriega, Crecente, Aquilino e Díaz Castro. Elementos precisos dunha escola poética que moi ben intuía Manuel María. Alleo á agricultura, Noriega procede da montaña limítrofe, pero fai incursións de observador feirante polas vilas da Chaira. Vive bucolicamente, contemplando e indagando na paisaxe, atendendo as súas voces e as da xente, entregándose nun canto perfilado de lirismo, capacidade de observación, gracia, ironía e facilidade rítmica. Cabo da Corda, o montañés establece diálogo cos elementos naturais, coas cousas máis humildes do sucederse vexetal e cósmico: a raiola, a brétema, o orballo, as pucharcas, as chorimas..., van levando o poeta a unha lírica pura decantada nun dicir culto e clásico. *Do ermo* (1920) é un libro que Manuel María ten en moita estima, pois “fixo agromar en min o fondo sentimento pola paisaxe e a identificación total co meu contorno”. Parecida admiración expresa fronte a Crecente Vega, o autor de *Codeseira*

(1933), ao que se aproxima polo amor á natureza, á xente, aos animais e ao cotián, pero sobre todo polo novo tratamento da materia poética segundo os postulados do animismo.

Aquilino Iglesia Alvariño, desde Vilarente, é o poeta íntimo e cordial, de gusto clásico, un verdadeiro dono das palabras, sempre extraídas da canteira da fala. Tema nel reiterado, como en Manuel María, é o da terra nativa, atravesada de tristeza, sinxeleza e tenrura. A comunión coa natureza é expresada con emotiva plenitude en *Cómaros verdes* (1947). Xosé María Díaz Castro, finalmente, a medida poética das sazóns desta terra, cantou en *Nimbo*s (1961) esa nostalxia do paraíso perdido que significara a infancia no seu mundo rural. Os ritmos dos seus versos son trasunto da Chaira levemente ondulada, do seu tempo circular, pausado e soñador.

Manuel María: posesión do canto

O monte é raso. Carqueixas. Máis alá
unha terra moura, a mourear.
¡Povos sen serras! ¡Fanegas de soidá!

¡Povos humildes, ciscados pola Chá:
Taboi, Cela, Mosteiro, Bonxe, Aguiar,
Folgueira, Matela, Sobrada, Arcillá!

Despois: ¡Xustás, Ludrio, Ansemar,
San Fiz, Arcos, Bendia, Couto de A,
Loentia, Castro, Azúmara e Bazar...!

¡Abadín, Rábade, Cospeito, Guitiriz,
Castro de Rei, Xermade e A do Monte,
Outeiro de Rei, Moncelos e Mondriz...!

Támboga, Trobo, Lanzós e mais Begonte;
O Santo, Quintela, Rozas e Goiriz...!
¡En tanta inmensidade e tanto monte,
Vilalba, a branca, sorríndose feliz!

O poeta sitúase e nomea, aprópiase do espazo que o reclama, delimitándoo nunha amorosa citación antroponímica que configura o mellor do seu canto. En ondas circulares e concéntricas, coma as dun vello castro, vai penetrando nun chan preexistente: terras a monte, pero tamén sucadas

e regadas, a través de fanegas e fanegas, entrañándose nelas, distinguindo e amillando, facéndolas existentes por vontade e por obra da palabra. Como Otero Pedrayo, autor da xeografía primordial de Galicia, Manuel María conquistará primeiro dunha maneira física, medíndoa cos seus pés, a pel do territorio que acariña. Logo desvelaranos outras poéticas e fondas dimensións. Porque o poeta é tal desde que toma posesión do seu mundo polo verbo, fundamentando e acoutando o territorio, centro activo ao que sempre se regresa para recuperar os limos obstinados do fondo: o lugar, en efecto, onde o home se sente posuidor da “suprema sinxeleza da inmortalidade e da inocencia”, como precisa Brines.

O antropolóxico e o cosmolóxico conxúganse na visión emotiva da paisaxe que o autor protagoniza. Cando o poeta pon entre paréntese os rumores da vida, xorde o vento, o silencio, a soedade, a chuvia, o sol, a brétema, eses elementos mensaxeiros do cósmico sobre os que concorre, dun modo case trágico, o latricar dos cans: “O ouveo dos cás pon medo / nas noites da Terra Chá”. A figura humana, mesurada no falar, rexa e calmosa, radicada no seu marco vital e natural, visualízase como unha cousa máis, esvaída no traballo e nos camiños e connotada sempre de soidade.

O ciclo das sazóns, de ritmos ben marcados no calendario agrícola, aparece rexistrado no libro a modo de fragmentos musicais coas cores acopladas: verde, marelo, castaño e branco. A vivencia do tempo da paisaxe ten a súa razón na cambiante natureza dos días e das horas, das sombras e das luces, no vestirse e desvestirse da terra. Así, no inverno, tinxido de maior cosmicidade, cos campos nevados, a xente nas lareiras, o gando encortellado e os capós nas capoeiras, fanse “pequenos os días / e grandes os temporales”; na primavera, preludio da ordenación cósmica, insinúanse na terra ensaios de cores e triunfa un equilibrio de luz e verdes novos, mentres o canto das aves mide o espazo: “¡No corazón das rapazas / nacen cantigas de amor!”; o verán ten a súa expresión no traballo e nos froitos: “O traballo é moito e vai pesando. ¡O sol non ten dó do labrador / e queima sen piedade xente e gando!”. O outono, en fin, “o tempo do sono / e a sazón de sementar”, representa sobre todo a color da lembranza.

Nesta especie de enciclopedia poética da Chaira (tal é o propósito), aparece a humanidade en relación co medio como en moi poucos textos dos

seus contemporáneos. Pouco importa que os usos demudasen, feito que o autor censura, se o esencial do que un canta permanece.

E *Terra Chá* concorren, á parte das ceifas e sazóns comentadas, o monte e o labradío, os animais da casa e os do monte, os souts e os lameiros, as fragas e os paxaros, as devocións, tribulacións e diversións, a indolencia da chuvia (“Cae a auga na Chaira / soio polo gusto / de pegarlle na cara”), a cor da terra, o vento e a seca, o río, o frío e a brétema. Nunha fotografía de enfoque e luz espléndidos, o poeta itinera entre o vivir das vilas, aldeas e parroquias, lugares, lugarells, nun físico contacto co mundo natural, sinxelamente humanizando as cousas, evocando dimensións históricas e míticas (torres, fitos e lendas), caracterizando con sobriedade o tipo humano e o tempo no que habita.

É de salientar no libro a devoción polos poetas, seres nimbados co don da profecía, especie de custodios da historia dos “baluros”, concreción que o poeta non pronuncia, pero que acaso intúe, pois ser cantor dun lugar é ser capaz de plasmar sobre todo o universal, ese alento secreto que interpela ao adiviño que saiba darlle voz. É como se o poeta restaurase, en efecto, nunha apelación aos seus maiores, ese espírito baluro de ráigame pagá que a tradición popular vén ubicando no convento lucense, xa desde tempos precristiáns e prerromanos. A esta elite de sacerdotes, guías comunitarios, meigas e curandeiras, o demorado proceso de imposición da Igrexa chega a marcalos coa connotación negativa do prohibido, cando non demoníaco.

Eis a intuición poética dun Manuel María que interioriza o vivir comunal dun pobo xa asentado en bases milenarias e que canta, “quedamente, / a historia de Lucerna e de Valverde”.

Verdadeiro protagonista da obra, o vento comunica os segredos do cosmos, lei á que se somete mesmo o real histórico. Dinos o poeta que na tardíña dun día de agosto, en Outeiro de Rei e cabo dunha fonte, tivo a revelación da Terra Chá, 54 poemas da primeira edición que foron abrollando con naturalidade como texto unitario, núcleo inicial dun canto que en impulsos concéntricos irá amuradando o castro desta obra, conformada na edición definitiva, a máis de medio século, por 114 secuencias, estivadas ou esteos por onde “o vento que ven do mar pasa ouveando”.

Como don Ramón Otero Pedrayo, o noso Virxilio alentador da terra, Manuel María mide tamén cos pés un territorio, rexistrando camiños, brañas, cursos de auga; andando feiras, feiróns e romarías; oíndo as “falas pausadas dos labregos / de Xustás a Gaibor”; aprendendo a cantiga dos carros e das aves; celebrando a palabra de lume dos poetas, e sobre todo internando o silencio. Tanto se entraña e camufla nos elementos naturais, como unha cousa máis, que asinará o seu canto coa pura sinxeleza do seu nome:

De Outeiro vén cantando na larganza
vida que ha ser sen marcos nin circundos
como o reino baluro querería.
De Outeiro vén en versos de esperanza,
escuritando os eidos ben fundados,
que rubrica, sen máis: Manuel María.

X. R. P.

MANUEL MARÍA E DÍAZ CASTRO

Armando Requeixo

Manuel María e Díaz Castro regaláronse unha amizade fraterna, alicerzada na mutua admiración literaria e no breve pero intenso trato persoal. A súa complicidade poética, as visións converxentes no estético e a relación con amigos comúns xunto á participación conxunta en significados eventos fixeron que o afecto entre ambos medrase e acabase por se reflectir na súa obra.

Nas páxinas que seguen repasarei as circunstancias que os vincularon e que explican que se dedicasen poemas cruzadamente, textos que reproducirei como remate. Veláí o meu gran de area á merecida homenaxe a quen foi amigo en vida, Manuel María, e a quen o é en letra, Díaz Castro.

Manuel María estudoso diazcastriano

O poeta de Outeiro de Rei foi de sempre un lector voraz, dotado dun fino espírito crítico. Este feito explica por que, dende moi novo, os seus xuízos sobre obras e autores foron espallándose aquí e acolá en diversas publicacións.

Deste xeito, moito antes de coñecelo persoalmente, Manuel María xa lía a Díaz Castro e comentaba o valor da súa escrita. Así o fixo en outubro de 1964 na revista *Aulas*, con apenas vinte e cinco anos. Alí ocupouse da poesía galega de Posguerra, un tema sobre o que recunhou en *Signo* dous anos despois, no xornal *O Comercio* en febreiro de 1970 e en *Fablas* a finais de 1971⁹⁴. Todos estes escritos son, en realidade, un mesmo texto que foi implementando e reperfilando ao longo do tempo no que a poesía de Díaz Castro aparecía salientada, xunto a outras, por Manuel María.

Máis aínda, cando en marzo de 1963 saíu do prelo *Mar maior*⁹⁵ a cuarta das seis seccións nas que figura dividido estaba dedicada, toda ela, a Díaz Castro.

⁹⁴ “La poesía gallega de la Postguerra”, *Aulas*, 20, outubro de 1964, pp. 20-21; *Signo*, 1391, 10 de decembro de 1966, pp. 9 e 16; *O Comercio*, 24-2-1970; e *Fablas*, 25, decembro de 1971, pp. 8-12.

⁹⁵ M. María, *Mar maior*, Vigo, Galaxia, 1963.

Xa con posterioridade, e unha vez que ambos os dous poetas se coñeceron (vid. infra), os ensaios de Manuel María sobre Díaz Castro multiplicáronse, abranguendo moi diversas facetas da súa biografía: os sinais de identidade da súa poesía⁹⁶, a produción non compilada⁹⁷, as relacións do de Guitiriz e Otero Pedrayo⁹⁸, a lembranza do amigo ido⁹⁹, os seus espazos líricos¹⁰⁰, a súa participación en empresas literarias¹⁰¹, os estudos verbo del¹⁰², a súa andaina docente¹⁰³ e discente¹⁰⁴, a valoración histórico-literaria¹⁰⁵ e mesmo a pegada da paisaxe natal nos seus versos¹⁰⁶.

Por tanto, pódese afirmar sen medo a equivocarse que Manuel María coñecía a fondo a poética diazcastriana e que cando decidiu escribir un poema na súa honra poucos coma el podían expresar nos versos toda a fondura propia dos seus eidos creativos.

Historia dunha amizade

Os dous poetas chairegos coñecéronse o 9 de agosto de 1984. Sábese con exactitude o día porque foi nesa xornada cando Díaz Castro, convidado

⁹⁶ “O poeta Díaz Castro e o Outono”, *A Nosa Terra*, 6 de decembro de 1984. Este artigo recolleuno logo no libro *Andando a Terra (1977-1987)*, Vigo, A Nosa Terra, 1990, pp. 137-138.

⁹⁷ “Poemas de Xosé María Díaz Castro non recollidos en libro”, en AA. VV., *Homenaxe a X. M. Díaz Castro*, Guitiriz-Lugo, Asociación Cultural Xermolos, 1987, pp. 70-71.

⁹⁸ “Lembranza de Don Ramón Otero Pedrayo e Xosé María Díaz Castro”, *Xermolos*, 27, xaneiro de 1989, pp. 3-6.

⁹⁹ “Lembranza de Díaz Castro”, *A Nosa Terra*, 11-10-1990.

¹⁰⁰ Defensa de Os Sete Muíños de Guitiriz”, *El Correo Gallego*, 17-9-1992.

¹⁰¹ “Lembranza de *Alba*”, en Luís Alonso Girgado (coord.), *Alba. Edición Facsímile*, Santiago, Centro Ramón Piñeiro, 1995, pp. 17-32.

¹⁰² “*A ascensión dun poeta*”, *El Correo Gallego*, 9-2-1996.

¹⁰³ “Poetas chairegos en Vilagarcía de Arousa”, *El Correo Gallego*, 18-2-1997.

¹⁰⁴ “Os poetas do Seminario de Mondoñedo”, *El Correo Gallego*, 15-7-1997.

¹⁰⁵ “Do Rexurdimento á renovación dos anos 80”, en Luís Alonso Girgado (coord.), *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*, Santiago, Centro Ramón Piñeiro, 1998, pp. 195-212.

¹⁰⁶ “De Lugo ó Cantábrico cruzando a Terra Chá”, en AA. VV., *A memoria de Lugo. Álbum de postais*, Vigo, Xerais, 2000, pp. 89-120 e mais *A Terra Chá: poesía e paisaxe*, A Coruña, RAG, 2003, pp. 15, 19, 21, 25-28.

por Alfonso Blanco Torrado, aceptou participar nun recital nunha aula do Instituto de Formación Profesional de Guitiriz. Non é menor o dato, pois ten de se saber que o autor de *Nimbos* era remiso aos actos públicos e que este foi un dos moi escasos nos que puido escoitarse.

Pois ben, naquel recital Manuel María fixo de improvisado presentador de Díaz Castro (achegárase ata alí porque soubera pola prensa do recital e desexaba coñecer o escritor)¹⁰⁷, quen deleitou a concorrencia coa lectura dos seus versos. Tras o recital, presentador, recitador e amigos foron cear ata o bar Gaibor, nunha velada na que departiron largamente. Daquela xuntanza deixou constancia o autor de *Documentos personaes* nunha súa crónica publicada en *A Nosa Terra* na que amosou a fonda impresión que lle causara o encontro:

Foi unha ledicia. Unha verdadeira lección de autenticidade. O pudor do poeta, a inseguridade e mesmo o nerviosismo déronlle unha dimensión humana á lectura dos seus versos, que nos emocionou. Despois do recital falamos co poeta e con outros amigos de Guitiriz no Bar Gaibor. Daba xenio ollalo fumando os seus celtas sen filtro e bebendo as súas cuncas de Ribeiro. Como debe ser. A súa actitude vital lembrounos a Cabanillas. Estábamos a falar cun home e non con un literato¹⁰⁸.

Principiou daquela unha amizade que levou en repetidas ocasións a Díaz Castro ata Monforte e Outeiro de Rei para ver a Manuel María e mais Saleta e a estes a Guitiriz para atoparse co primeiro, viaxes das que se conservan diversas instantáneas.

Do benéfico influxo que Manuel María operou en Díaz Castro e da súa estreita amizade escribiu Blanco Torrado unhas palabras reveladoras:

O poeta de *Nimbos* recoñeceu en Manuel María unha referencia da súa identidade coa cultura e co pobo nos derradeiros anos do seu traxecto vital, así como un dos seus mellores amigos. Foi un encontro emocional coas súas raíces (...)

¹⁰⁷ Foi o propio Manuel María quen me confirmou este extremo nunha conversa que mantivemos na súa casa coruñesa o 13 de xullo do 2004.

¹⁰⁸ *Vid.* nota 3.

Existía unha comunión de vida e creación. Aquela sintonía non fixo máis que reforzarse, Díaz Castro sentiuse (...) coma revestido dun novo compromiso con aquela hora cultural e social de Galicia¹⁰⁹.

Este afecto que Díaz Castro profesou por Manuel María era mutuo e fica tamén testemuñado no seu epistolario¹¹⁰.

A partir de entón, calquera circunstancia seríalle propicia a Manuel María para distinguir o amigo. Deuse a primeira ocasión cando foi convidado o 4 de agosto de 1985 como pregoeiro na VI Feira e Festa da Música e da Arte no marco do Festival de Pardiñas en Guitiriz. Durante o discurso, o autor de *Laio e clamor pola Breaña* non deixou de ter presente a mestría diazcastriana, amecendo entre as súas palabras diversos textos de *Nimbo*: “Penélope” e “Terra sucada”, íntegros, e, fragmentariamente, “Coma brasas”, “Vísperas” e “Canto de outono”¹¹¹.

Con tan cordial trato enténdese tamén o importante papel que Manuel María xogou nalgúns actos que se promoveron para honra do poeta de Guitiriz. É o caso da xestación, preparación e, finalmente, publicación e presentación do volume colectivo *Homenaxe a X. M. Díaz Castro*¹¹².

O libro comezou a prepararse a fins de 1985. A idea era publicalo coincidindo co cuarto de século da aparición de *Nimbo*, isto é, en 1986,

¹⁰⁹ Alfonso Blanco Torrado, *A ascensión dun poeta. Xosé María Díaz Castro*, Lugo, Fundación Caixa Galicia / El Progreso, 1995, p. 55.

¹¹⁰ Nas cartas de Manuel María a Díaz Castro felicítalo polas súas colaboracións en *Dorna* (27-5-1985), bótao de menos pola Santa Isabel en Outeiro de Rei (10-7-1985), envíalle cumprimentos pola fin de ano (Nadal 1987) ou parabenízalo pola onomástica (14-3-1989). Nas que envía Díaz Castro a Manuel María correspóndelle felicitándoo tamén pola onomástica de paso que lle agradece as condolencias polo pasamento da muller (28-12-1988) ou envíalle un exemplar dedicado da terceira edición de *Nimbo* (30-6-1989). Tanto nunhas coma noutras espella o afecto e a complicidade que presidiron a relación entre eles. Todas estas misivas poden consultarse na edición que preparei de Xosé María Díaz Castro, *Epistolario*, Vigo, Galaxia, pp. 85-89.

¹¹¹ A intervención publicouse como “Pregón de Manuel María” en *Xermolos*, 18, agosto de 1986, pp. 3-10 e logo en AA. VV., *12 anos na búsqueda da nosa identidade*, Guitiriz-Lugo, Asociación Cultural Xermolos, 1995, pp. 245-249.

¹¹² AA. VV., *Homenaxe a X. M. Díaz Castro*, Guitiriz-Lugo, Asociación Cultural Xermolos, 1987.

mais cuestións organizativas varias fixeron que a obra non chegase á imprenta ata finais de 1987, pois o colofón dá como saída do prelo o 7 de decembro daquele ano.

Co libro ultimado para a saída, pensouse en celebrar a súa aparición nun acto en Guitiriz que debería terse realizado o 12 de nadal de 1987¹¹³. Pero o empeoramento no delicado estado de saúde do poeta, que volveu sufrir un infarto a primeiros daquele decembro –houbo un anterior en novembro de 1984–, impediu que se levase a cabo entón, pois tivo que ser internado nun sanatorio en Madrid¹¹⁴.

Paralelamente á preparación desta *Homenaxe...* Xulio Xiz Ramil, director da produtora Ophiusa S. L. e admirador da figura do guitiricense, botou a andar un proxecto videográfico ao que titulou *Xosé María Díaz Castro. Nimbos de poesía*. A primeira proxección do documental estaba pensada para o mesmo día da homenaxe que no nadal de 1987 tiña decidido ofrecérselle ao poeta, pero tamén houbo de esperar.

Tanto o vídeo coma o volume *Homenaxe...* foron por fin presentados en Lugo, no Salón Rexio do Círculo das Artes, o 29 de xaneiro de 1988. Desafortunadamente, a convalecencia á que o autor tivo que someterse por mor do ataque cardíaco impediulle estar presente. Mais non por iso o acto ficou desasistido, pois interveu nel na súa representación seu irmán Serafín, ao que acompañaron Manuel María e Blanco Torrado como oradores, Xiz Ramil como mestre de cerimonia, Benxamín Casal na presidencia e algúns outros representantes da administración cultural e local¹¹⁵.

Sobrepoñéndose á fraqueza da súa saúde, Díaz Castro quixo estar o máis axiña posible coa súa xente e aquel verán, no marco das actividades previstas para a celebración do IX Festival de Pardíñas, o 7 de agosto de

¹¹³ Cfr. [Alfonso Blanco Torrado], “A historia de Xermolos a grandes trazos”, *12 anos...*, p. 87.

¹¹⁴ Infórmase da nova en “El poeta Díaz Castro sufrió un infarto y fue internado en un centro sanitario de Madrid”, *La Voz de Galicia*, 3-12-1987. Tamén se fixo eco Nicanor Rielo Carballo, “Homenaxe a Díaz Castro”, *El Progreso*, 23-3-1988.

¹¹⁵ Vid. A. Blanco Torrado, *A ascensión...*, p. 60 e Xavier Varela Quintas e Alfonso Blanco Torrado, *Xosé María Díaz Castro. Versos guitiricenses. As nosas raíces. Cadernos Xermolos*, 10, abril do 2005, p. 49.

1988, o poeta asistiu á que foi a primeira proxección e comunicación pública da saída tanto do libro homenaxe coma do vídeo en Guitiriz, nun acto na Casa das Artes que presidiu o entón Delegado de Cultura Xosé López Orozco e ao que tamén asistiron moitos amigos: Miguel Anxo Fernán Vello (pregoeiro aquel ano do festival), Antom Santamarinha, Darío Xohán Cabana, Lois Diéguez, Paco Martín, Felipe Senén, o organizador Blanco Torrado e, xaora, Saleta e Manuel María, cos que Díaz Castro e a súa muller María Teresa Zubizarreta Bengoetxea comeron naquela ocasión, a derradeira na que o fixeron os catro, pois pouco despois faleceu a esposa do guitiricense¹¹⁶.

Agora ben, o meirande festexo e recoñecemento celebrado en Guitiriz ao abeiro da saída da *Homenaxe...* e mais o vídeo –aínda que non só– tivo lugar varios meses máis tarde, concretamente o 21 de abril de 1990¹¹⁷. Naquela xornada, desprazáronse ata a vila natal do poeta gran cantidade de amigos e escritores, moitos deles colaboradores da *Homenaxe...* Todos quixeron presentar os seus respectos e parabenizar o autor nun día que o foi de festa grande para el.

O acto central da xornada consistiu nunha mesa redonda a propósito de “A poesía de Díaz Castro” na que participaron Manuel María, Xosé Luís Franco Grande, Carmen Blanco e Xulio Xiz, aos que se sumou, en calidade de recitador, Uxío Novoneyra. Estiveron alí para os oír Ramón Piñeiro, Bernardino Graña, Xesús Rábade Paredes, Nicanor Rielo Carballo, Helena Villar Janeiro, Paco Martín, Antón Grande, Anxo Quintela ou Xabier Rodríguez Barrio, entre outros, amais do Delegado de Cultura Antonio Calvo.

Á celebración déuselle remate cun xantar que presidiu Díaz Castro, broche feliz para unha xornada da que Méndez Ferrín deixou escrito que fora:

unha homenaxe ao máis grande dos nosos poetas vivos e unha das grandes figuras literarias da Galicia do século XX (...) A iniciativa de Xermolos ao noso Mestre lírico non foi un acto localista, senón

¹¹⁶ Cfr. A. Blanco Torrado, *A ascensión...*, p. 61 e X. Varela Quintas e A. Blanco Torrado, *Xosé María...*, p. 50.

¹¹⁷ As razóns para o adiamento foron a agarda polo total restablecemento da saúde do poeta primeiro e a dolorosa morte da súa muller despois.

nacional (...) unha homenaxe acorde coa estatura da alma de X.
M. Díaz Castro¹¹⁸.

Que Manuel María formou parte do que algúns¹¹⁹ teñen denominado o “círculo de amigos máis próximos” de Díaz Castro é innegable. Tanto é así que, mesmo en ocasións nas que o guitiricense non puido asistir a homenaxes que se lle tributaron, foi o de Outeiro de Rei quen o fixo por el.

É este o caso da simbólica dedicatoria que a Asociación Rosalía de Castro de Barakaldo lle fixo do Día das Letras Galegas de 1989 a Díaz Castro, a primeira que este colectivo dedicou a un escritor de noso aínda vivo. O acto solemne realizouse o 27 de maio no Kultur Etxea de Barakaldo, onde o seu paisano Raúl Río Díaz –que daquela andaba a rematar unha escultura súa nos Vilares que hoxe pode alí contemplarse– glosou as infindas calidades da súa obra e traxectoria. Para entón, Díaz Castro, que botara uns meses en Urretxu (terra da súa familia política) logo do soterramento alí da súa muller, voltara a Galicia, así que foi o seu amigo Manuel María quen recibiu no seu nome unha placa conmemorativa, ao tempo que pronunciaba unhas emotivas palabras de recoñecemento¹²⁰.

Porque Manuel María e Díaz Castro foron amigos ata o derradeiro intre. E non hai hipérbole nesta afirmación. Cando a enfermidade rendeu o autor de “Penélope” e tivo que ser internado a mediados de setembro de 1990 no Hospital Xeral de Lugo foron moitas as persoas que foron visitalo. Eran xentes por el queridas, para os que sempre tiña unha palabra amable,

¹¹⁸ “Homenaxe a Díaz Castro”, *Faro de Vigo*, 30-4-1990, artigo logo reproducido en *Xermolos*, 31, 1991, p. 10.

¹¹⁹ A. Blanco Torrado, *A ascensión...*, p. 61.

¹²⁰ Cfr. X. Varela Quintas e A. Blanco Torrado, *Xosé María...*, p. 51. A Asociación Cultural Rosalía de Castro publicou un voceiro, *Esmorga*, no que apareceron tamén en diversas ocasións poemas de Díaz Castro (así, no terceiro número, de maio de 1989, “Coma ventos fuxidos” e “Penélope” e no sétimo, de nadal de 1990, “No resplendor do día” e “Nimbos”, sendo este último número un especial no que tamén se recolleron artigos diazcastrianos de Xosé Estévez, Raúl Río Díaz e Xosé Andrés López González). Doutra parte, a asociación creou unha colección titulada ‘Nimbos de Poesía’ en honor ao poeta na que apareceron, entre maio de 1989 e o outono de 1999, cinco títulos: *Saturno* (1989), de Manuel María; *Onde o vento leva un soño de carpazas* (1990), de Xosé Andrés López González; *O fume das cinsas* (1995), de Antonio Vázquez Tierra; as *Quattro stagione* (1995) de Vivaldi e mais *inventario esquencido da existencia* (1999), novamente da autoría de Vázquez Tierra.

un xesto afectuoso. Entre os máis asiduos, Saleta e Manuel María. Tamén Carmen Blanco, Claudio Rodríguez Fer e mais Xulio Xiz. Por suposto, Alfonso Blanco Torrado, amais, xaora, dos seus familiares.

Tras longas xornadas coa saúde revendo, finalmente o seu corazón non resistiu e deu o derradeiro alento ás tres da madrugada do 2 de outubro de 1990.

O enterro de Díaz Castro tivo lugar ao día seguinte. Ás cinco da tarde, os seus restos viaxaron dende a casa mortuoria (a súa vivenda na rúa Sesulfe) ata a igrexa de Santa María (para todos a Igrexa Nova) de Guitiriz. Alí, oficiou a misa Blanco Torrado, acompañado do crego daquela parroquia e do entón tamén cura e mais amigo e estudoso diazcastriano Victorino Pérez Prieto. Tras da misa e antes de proceder a darlle terra, tomou a palabra Xiz Ramil, quen dedicou unhas sentidas verbas de lembranza ao finado e á súa admirable traxectoria humana e literaria; logo Diéguez, que leu un poema en homenaxe escrito para a ocasión; González Tosar, quen tamén literaturizou o momento, e, por último, Manuel María, quen recitou, emocionado, algúns versos do amigo de corpo presente.

A seguir conducíuse o cadáver ata o cemiterio de San Xoán de Lagostelle. Achegárono ao seu leito definitivo portándoo a ombros, baixo a chuvia impenitente, Manuel María, Uxío Novoneyra, Darío Xohán Cabana, Luís González Tosar, Paco Martín e Xulio Xiz. Aínda diante o cadaleito pronunciou Manuel María unha “Nenia” derradeira. Escoitábano outros escritores e amigos como Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer, Miguel Anxo Fernán Vello, Cesáreo Sánchez Iglesias ou Bernardino Graña, mais tamén centos de veciños. Foi a despedida definitiva dos amigos, mais non dos poetas, pois Manuel María seguiu honrado a memoria diazcastriana sempre que tivo ocasión.

Fíxoo, por exemplo, unhas semanas despois, cando a revista *Amencer*¹²¹ lle dedicou un monográfico ao poeta de Guitiriz por mor do seu recente pasamento. Nesa entrega, logo dunha breve semblanza biográfica asinada polo alumno Ignacio Lorenzo Toimil (pp. 4-5) pero supervisada –como toda a revista– por Félix Villares Mouteira, inseriuse unha escolma

¹²¹ AA. VV., *Amencer*, 82, outubro do 1990.

de poemas diazcastrianos. O especial completouse cunha conversa con Xiz Ramil entorno a Díaz Castro (pp. 12-17), un artigo de Xosé Díaz Jácome titulado “Lembranza do poeta Díaz Castro” (pp. 24-25), a recuperación da “Nenia pra Xosé María Díaz Castro” (p. 26) que Manuel María lera o día do enterro do poeta (vid. infra) e un ensaio de Villares Moureira a propósito de “Díaz Castro e a Escola Poética do Seminario” (pp. 27-28).

Este especial de *Amencer* presentouse o 22 de novembro de 1990 no Seminario de Santa Catarina de Mondoñedo, nun acto no que ademais do organizador, Villares Moureira, participou tamén Xiz Ramil, quen deu lectura a un texto e presentou a proxección do seu documental, e mais Manuel María, quen pronunciou unha conferencia sobre Díaz Castro no contexto da Escola do Seminario¹²².

Findarei con outro exemplo: uns meses despois, o 6 de marzo de 1993, os responsables da Asociación Cultural Eira Vella de Betanzos decidiron dedicar un dos seus primeiros actos públicos a homenaxear a Díaz Castro. Con tal fin, convocaron unha xornada arredor da súa vida e obra baixo o título “Lembrando a: Xosé María Díaz Castro”, o mesmo co que se publicou un tríptico que reproducía *Nascida d’un sono*, o poema co que o de Guitiriz gañara os Xogos Florais de Betanzos en 1946. O programa daquela xuntanza, que tivo lugar na Aula de Cultura de Betanzos, incluíu a proxección do vídeo de Xiz Ramil, recitacións de versos diazcastrianos por Daniel Martínez e unha conferencia sobre o autor que impartiu, evidentemente, Manuel María.

Poemas cruzados

A comunión persoal que anoou as vidas dos amigos Manuel e Pepe concretoouse literariamente na dedicatoria cruzada de poemas. Díaz Castro foi o primeiro en agasallar, escribindo para Manuel María dúas composicións no agosto e outono de 1984: “Canto de outono” e “Terra Cha”. Da súa parte, Manuel María correspondeu co soneto “A Xosé María Díaz Castro” –escrito polo natal de 1986– e a “Nenia pra Xosé María Díaz Castro”, que leu por vez primeira no pasamento do amigo.

¹²² O guión desta intervención foi o que, con mínimas variacións, serviu de base para a súa alocución na homenaxe da Asociación Cultural Eira Vella de Betanzos o 6 de marzo de 1993 (vid. infra).

“Canto de outono” foi publicado no número vinte e cinco da revista *Amencer* en febreiro de 1985 (p. 7). Existe outra versión manuscrita del e aínda outra mecanoscrita que o poeta regalou a Manuel María, a quen lla dedicou coa seguinte indicación “Pra MANUEL MARÍA, lembrando os seus *POEMAS DA LABARADA ESTREMECIDA*”. Ambas as dúas versións están datadas en “Agosto, 1984”. Apenas unhas semanas despois de aparecer en *Amencer*, volveu ser publicado en *Dorna* (8, marzo-maio de 1985, pp. 8-9) e logo en *El Progreso* (17-4-1985), inseríndose tamén fragmentariamente no pregón aludido de Manuel María (vid. supra). Reproducións posteriores poden atoparse outra volta en *Amencer* (82, 1990, p. 7), na escolma de Xosé María Álvarez Cáccamo, *Cincuenta anos de poesía galega. Antoloxía. A Xeración do 36* (vol. I, A Coruña, Penta, 1994, pp. 142-143), no compilatorio de Félix Villares, *Poetas do Seminario de Mondoñedo* (Lugo, Deputación Provincial, 1997, p. 300) e na versión actualizada deste *Un alpendre de sombra e luar. A Escola Literaria da Diocese Mondoñedo-Ferrol* (A Coruña, Biblos Clube de Lectores, 2007, pp. 439-440).

“Terra Cha” tamén se publicou no mesmo número de *Amencer* que “Canto de outono”. Deste poema existe outra versión manuscrita e asinada por Díaz Castro, quen lla regalou a Manuel María. Esta versión leva a indicación “Outono, 1984” xunto á sinatura e conservábaa Manuel María encadrada e pendurada dunha das paredes da súa casa da Coruña. Tras ver a luz na revista mindoniense, volveu aparecer na ourensá *Follas Secas* (10, setembro-outubro de 1986, p. 31) e, como xa ocorría con “Canto de outono”, novamente en *Amencer* (82, 1990, p. 6), *Poetas do Seminario...* (p. 301) e *Un alpendre...* (pp. 440-441).

Ambos os dous textos figuran recollidos na miña edición da súa *Poesía galega completa* (Vigo, Galaxia, 2014, pp. 138-140), de onde se reproducen aquí.

“Canto de outono” é un poema estacional no que comparece amalgamada moita da imaxinería e a simbolística características do Díaz Castro de *Nimbos*: o “sol ardente” que xa pasou, a “cinza” sobre dos ombros e por toda parte, os “remuíños” de falopas, a “herbiña nena” ben pequerrechíña e inesperada, os “anxos de lume que onte foron nosos” ou os “soños” coma un “río”. Xa que logo, Díaz Castro dá como galano a Manuel María un texto no que compendia a súa autopoética, unha sorte de epítome lírico.

“Terra Cha”, pola contra, é un poema moito máis alusivo e metaliterario. Alusivo porque interpela directamente o dedicatario no seu derradeiro verso. Metaliterario porque na forma e no fondo non deixa de ser unha refactura en homenaxe do universo de *Terra Cha*, do que se recollen imaxes que entremestura coas propias para crear un feraz diálogo creativo.

Pola súa banda, o poema “A Xosé María Díaz Castro” veu lume na xa aludida *Homenaxe a X. M. Díaz Castro* (Guitiriz-Lugo, Asociación Cultural Xermolos, 1987, p. 175). Acompañouno o autor da seguinte referencia: “Outeiro de Rei, nadal, 1986. Aos 25 anos da publicación de *Nimbos*. Centenario de Castelao”. É esta a versión que aquí transcribimos. Con posterioridade, integrouno na quinta edición de *Terra Cha* (Vigo, Galaxia, 1989), preparada polo profesor Xosé María Dobarro, e o poeta Luís González Tosar reproducíuna no cartafol *Xosé M^a Díaz Castro. Nimbos de luz na Insua dos Poetas*, presentado no marco dunha homenaxe ao autor de Guitiriz que se celebrou o 9 de xullo do 2011 na Esgueva, en Madarnás, Concello do Carballiño, con motivo da III Festa da Palabra.

Respecto da “Nenia pra Xosé María Díaz Castro”, e como xa se avanzou, foi declamada por Manuel María no enterro do amigo, o 3 de outubro de 1990, aínda que non foi imprentada ata que pasou a *Amencer* (82, novembro de 1990, p. 26), onde apareceu coa indicación ao pé “Outono do 1990”.

“A Xosé María Díaz Castro” é un soneto encomiástico onde Díaz Castro é presentado como a personificación da Galicia eterna, teluricamente transido, tal un “carballo da Terra Chá”, como unha “rocha de Parga”. A etopea que o describe incardínalo na súa paisaxe chairrega e salienta a transcendencia da súa escrita, a “palabra total” que esta ofrece, na liña que xa no seu día sinalara Ricardo Carballo Calero¹²³.

“Nenia pra Xosé María Díaz Castro” é unha elexía na que Manuel María vai canxando versos do propio Díaz Castro para ir compoñendo o pranto pola súa perda. Rememora algúns dos seus socalcos vitais e afirmase

¹²³ Cfr. Ricardo Carballo Calero “Poesía total e poesía parcial”, *Chan*, 34, febreiro de 1971, p. 49, logo reproducido en *Libros e autores galegos. Século XX*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1982, pp. 331-334.

na importancia do seu legado poético, do seu exemplo enraizado na terra
nutricia, a súa transparente comprensión do Tempo e o Ser.

A. R.

Xosé María Díaz Castro

CANTO DE OUTONO

Chega o outono, meu ben, o non chamado
chega o outono.

Oubea o vento, están caendo as follas,
están caendo os días...
Está caendo todo.

Foron os días de vran, de sol ardente,
onte no noso amor, lumes groriosos.
Inda temos na pel soles marcados,
roxas lúas cravadas nos recordos;
un rebrilo, meu ben, de fontes frescas
e mencies nos ollos.

Ora caen as horas feitas cinza
sobor dos nosos hombros;
ora en falopas frías van descendendo
lembranzas de outras horas feitas de aire,
de música e de mel, que nosas foron;
neva sobor de nós un remuíño
de falopas de risas que ora soan
como ecos de saloucos.

Todo, meu ben: todo o pasado vivo
quer agora morrer nun raro encontro
con ista herbiña nena, inesperada,
como de cimiterio, que ergue un louco
berro de vida no mortal silencio
do piñeiral queimado, orfo de corzos
e de música de aves, xa esvaídas.
Están berrando as herbas; pro nós, xordos,
tan sóio ouvimos voces sulagadas
de anxos de lume que onte foron nosos.

Chega o outono, meu ben, o non rogado,
pro de súa que chega como un soño
de neno aínda non nado, como un río
de froles e de froitos
de álbores que aínda non prantamos nunca...
Deus ¿que outono é iste outono?

Cando iste verdecer que non entendo,
que desfai as falopas dos recordos,
namentras a man dun anxo
ven sementando rosas sobre a tumba
dos nosos soños mortos.

Agosto de 1984

TERRA CHA

Vaise arrastrando a aurora
sobór da Terra Chá;
dous tordos invisibles
están chía que chía;
unha manta de néboa
quer afogar o día;
van caendo despidas,
unha que outra mazá;
nun mar de terra verde
anégase a mañá,
e céibanse a voar,
tras dunha noite fría,
cheos de orballo, os versos
do gran Manuel María...

Manuel María

A XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Xosé María Díaz Castro dos Vilares:
co corazón aberto cara á vida
escoito a túa voz estremecida
por altos, misteriosos ensoñares.

A túa mensaxe, senlleira e alcendida,
feita de abidueiras, nimbos e luares,
renunciacións, lembranzas e pesares:
¡é colleita de amor, fonda ferida!

¡Ouh palabra total; raigaña escura;
terra humana, carnal e namorada;
maravillosa luz; verdade amarga...!

Ti eres a nosa voz, sagrada e pura;
a fala de Galicia eternizada:
¡carballo da Terra Chá, rocha de Parga!

Outeiro de Rei, nadal, 1986
Aos 25 anos da publicación de *Nimbo*s
Centenario de Castelao

NENIA PRA XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Eres castiñeiro vencido, descansando
na gándara sen fin de Guitiriz,
formando parte da escura señardade
que envolve como un manto á Terra Cha,
escoitando aos ventos vagamundos,
oíndo labercas, merlos, pazpallares
pra que sexa menor o teu silencio
e o verso teu acade a música
precisa e esencial da eternidade,
a transcendencia plena da palabra.
Perto queda aínda o son da “Paula”,
o rumor das ondas arousanas,
a tolemia endiañada de Madrid...
Pro o que agora de verdade importa
é o torrón nativo de Os Vilarés,
a maxia do amor, a frol de Urrechu,
a sede de luz que xa matache:
a que nos deixache a nós, os teus fideles,
pra que ela nos posea e purifique
e a beleza nos fira xa pra sempre.
O teu verso ara en nós e sementou
—suco vai, suco vén— fe, humildade,

firmeza de rocha e de carballo
coa que poder viver de testa erguida
nestes tempos de tebras e miserias.
Nimbo de poesía, pinga de orballo,
terra da Terra Cha, nai amorosa,
nas néboas de Galiza insua perdida.
Sabemos, por ti, que non hai volta:
o Tempo vai de Parga a Pastoriza
e a Morte, a que te mata, non é a túa.

Outono do 1990

EPÍSTOLAS MANUELMARIANAS

Claudio Rodríguez Fer

A miña relación persoal co poeta Manuel María, e case inmediatamente tamén coa súa esposa Saleta Goy, remóntase a mediados dos anos setenta, época dende a que se sucederon entre nós encontros de moi variado tipo, sobre todo viaxes conxuntas e actos públicos en común por toda Galicia e tamén por Portugal. De toda esta relación permaneceu en min a inesquecible memoria dos prolongados parladoiros de Manuel María, mais, por suposto, tamén conservei as numerosas dedicatorias dos seus libros e algunhas cartas significativas enviadas por el durante os anos oitenta dende Monforte de Lemos, das que a continuación se reproduce as que me escribiu de poeta a poeta polo moito que testemuña da vida e, sobre todo, da personalidade literaria do autor.

A primeira carta, dirixida a Carmen Blanco e a min a Santiago de Compostela, ten como motivo a recepción do meu primeiro libro, *Poemas de amor sen morte*, e nela anuncia un artigo sobre o mesmo que efectivamente se publicou, co pseudónimo de M. Hortas Vilanova, na súa sección “Andando a terra” co título de “Un novo poeta. Claudio Rodríguez Fer”, no número 112 do semanario *A Nosa Terra*, correspondente ao 27 de xuño de 1980.

A segunda carta, tamén dirixida a Carmen Blanco e a min, nesta ocasión ao “Instituto de Bachillerato” de Chantada, ten como motivo a recepción do meu segundo libro, *Tigres de ternura*, ilustrado pola primeira, aínda que na misiva se refire tamén ao anterior *Poemas de amor sen morte*.

A terceira carta, dirixida ás mesmas persoas e enderezo, ten como motivo a recepción do xa moi posterior libro *Lugo Blues*, publicado con fotografías de Eduardo Rodríguez Ochoa, e alude con humor á filla dos destinatarios, daquela moi pequena.

Doutros poemarios meus dos anos oitenta faloume moito en persoa e non acusou recibo dos seus envíos porque, en realidade, non fixo falta que eu chegase a realízalos. En efecto, o poeta recibía axiña na Librería Xistral, que rexentaba Saleta Goy en Monforte de Lemos, os meus libros publicados en editoriais de distribución habitual en Galicia (como Xerais, Galaxia ou

Sotelo Blanco), e adoitaba lelos e comentarmos de inmediato persoal ou telefonicamente.

A cuarta carta recibina en Lugo co orixinal do seu poemario *A primavera de Venus*, mecanografado e encadernado polo propio Manuel María, para o que me pedira que lle fixese unha introdución, que efectivamente fixen. O poeta alude a Víctor F. Freixanes, por aquel entón director de Edicións Xerais de Galicia, con quen o autor acordara o envío de tal orixinal para que se considerase a súa edición. Non obstante, o poemario foi publicado finalmente por Espiral Maior en 1993, incluíndo o meu preámbulo, o cal, co título de “A poesía venérea de Manuel María”, sería recollido despois na miña compilación de artigos *Acometida atlántica (Por un comparatismo integral)*, editada por Edicións do Castro en 1996.

Aparte dos libros de poemas, lembro a particular importancia que o poeta lle deu ao meu estudo *Poesía galega (Crítica e metodoloxía)*, publicado por Edicións Xerais de Galicia en 1989, do que me falou moito e no que eu incluí o traballo “Manuel María e a cultura popular”. Tanto é así que quixo celebrar a súa aparición compartindo con Saleta Goy, con Carmen Blanco e comigo, unha comida xenerosamente provista de perdices de caza e de viño quirogués no Restaurante Remansiño de Paz de Quiroga. Tras ela, fixemos unha excursión no noso coche, guiada e comentada polo poeta, a través das Terras de Lemos que tan ben coñecía. Mágoa non ter recollido magnetofonicamente aqueles parladoiros de Manuel María, malia que as súas cartas e, sobre todo, os seus artigos da serie “Andando a terra”, recollan en boa medida moito do que opinaba e do que adoitaba contar.

I

Monforte de Lemos, 25 de maio de 1980

Para Carmen e Claudio Rodríguez Fer
Santiago de Compostela

Moi queridos e lembrados amigos: Facía xa moito tempo que non sabíamos de vós. Tiñamos preguntado algunhas veces e ninguén sabía darnos razón. Por eso nos aledamos moito ó ter novas vosas. E máis cando son tan gratas como neste caso.

En primeiro lugar queremos agradecervos o envío dos *Poemas de amor sen morte*—ogallá sexa sempre así— e tamén a garimosa adicatoria. Moitas grazas por todo.

A presentación do libro é preciosa. E o contido tamén o é. A min persoalmente gustoume moito. Lino xa dúas veces. Saleta só leu aínda un poema. Co que non estou conforme —non é que me parecera mal— é co prólogo no que hai, ó meu xuício, algunhas cousas moi discutibles, aínda que se trata soio de matices que penso non teñen demasiada importancia.

No que eu entendo o libro é un acerto pleno. A forma paréceme moi rigurosa e moi traballada. É un libro totalmente acabado e maduro. Tanto é así que non semella un primeiro libro de versos. Ese entronque coa poesía céltica e mesmo coa dos nosos Cancioeiros, que hai no fondo —e aínda na forma— de algunhos poemas é un acerto indudable. Pareceume novo e orixinal. Pese a todo.

(...)

Entre unhas cousas e outras estou que non respiro. Sobor de todo o ser concellal é arrepianche. Estou en tres comisiós que me ocupan practicamente —coas permanentes e os plenos— a metade das tardes. Si teño algo de vagar e sosego a ver si che fago unha nota pra *A Nosa Terra*, si é que non cha fai alguén antes.

Agradeceríache que me indicaras quen distribúe o libro pra facerlle un pedido pra Xistral.

Enhoraboa por todo, polo libro, pola estabilidade que lograche ó aprobar a oposición, incluso por poder vivir en Santiago.

Gracias novamente.

Unha aperta moi garimosa pra Carmen e pra ti de Saleta e miña.

Manuel María

II

9 de xunio de 1981

Sr. D. Claudio Rodríguez Fer
Catedrático
Chantada

Queridos e lembrados Carmen e Claudio: Moitísimas gracias, no nome de Saleta e no meu, polo voso *Tigres de ternura* e, sobor de todo, pola súa garimosa adicatoria, tan cordial e xenerosa que moito agradecemos.

A presentación do libro é unha preciosidade. Gustoume moito o seu contido. Aínda que, ó meu xuício, o libro é unha continuación dos *Poemas de amor sen morte*. Ó ler os *Tigres* levoume a reler os *Poemas de amor sen morte* que, cada vez, me gustan máis. Entendo que tanto como poesía amorosa é poesía erótica que cecáis, pois non o sei, sexa a culminación da poesía amorosa. Neste senso a túa poesía é orixinal, totalmente orixinal, na poesía galega dende o Rexurdemento. Habería que voltar a ler a medieval na que cecáis haxa grroriosos e logrados antecedentes.

Entre unhas cousas e outras ando sin respiro.

A ver cando vides por Monforte con vagar e falaremos longo e beberemos viños.

Unha forte e garimosa aperta de Saleta e miña prá vós os dous.

Manuel María



III

30 - maio - 87

Pra Carmen e Claudio R. Fer
Chantada

Mui queridos e lembrados amigos:

Muitas gracias, no nome de Saleta e meu, polo libro *Lugo Blues*, que leemos ambos a dous, e do que quedamos mui gustosos. O libro é precioso. Mágoa que sexa tan curto. Pese a vivir neste desterro do Sur, nós tamén somos lugueses. Non esquezo que os de Outeiro de Rei vos debemos, aos lugueses, serventía de paso cando ides ao mar.

A ver cando nos observamos competentemente e falamos. Mariña xa vos deixará en paz pois xa debe andar aos mozos.

Muitas gracias.

Bicos de nós os dous pra vós os tres.

Manuel María

Saleta

IV

13 nov. 89

Pra Claudio R. Fer
Lugo

Querido Claudio: Ahí che van eses versos, dos que che falei, que andiven compoñendo nestas semanas pasadas pra que lles fagas o prólogo. Falei con Freixanes e díxome que llos enviara. Quero facelo co teu limiar.

Disimula pola molestia.

Bicos da señora Saleta e de servidor pra Carmen e Mariña e pra ti.

Unha aperta do vello e agradecido amigo

Manuel María

Pd / A ver cando facedes a caridade de vir a vernos a Monforte
pra falar, cear e librarnos, anque brevemente, da compañía destes
teixugos.

Vale.

C. R. F.

ALGUNHAS NOTAS SOBRE *MUIÑEIRO DE BRÉTEMAS* (1950): O LÉXICO DA FLORA

Xosé Manuel Sánchez Rei

1. Introducción

Dunha perspectiva nacional, 2016 é celebrado presentemente e será lembrado no futuro por homenaxear unha figura como Manuel María (1929-2004) no panorama da literatura galega contemporánea e ao se faceren 100 anos da fundación das Irmandades da Fala. Dun punto de vista máis restrito, nomeadamente no ámbito da comarca da Coruña, o antecitado ano tamén será subliñado por corresponder ao 40º aniversario do nacemento da Asociación Cultural Alexandre Bóveda nun día, 17 de agosto de 1976, coincidente co asasinato do excelso nacionalista que dá nome a este colectivo. Manuel María, socio de honra da entidade xunto a Jenaro Marinhos del Valle, Luísa Villalta e Ibán Toxero, tivo unha relación moito estreita coa agrupación, quer como protagonista directo de diversas actividades (a proferir conferencias ou palestras, presentando mesas redondas, a asistir como público, recitando poesía etc.), quer como desinteresado e xeneroso colaborador a favor da promoción da lingua e cultura galegas.

Vinculándonos ambas as efemérides, imos reparar na obriña *Muiñeiro de Brétemas* (MBa), dado a lume pola primeira vez na colección “Benito Soto” de Pontevedra en 1950. A obra parece ter tido un notábel simbolismo na vida da AC Alexandre Bóveda: a pesar de o libro contar con diversas edicións e de algúns poemas contidos nel seren antologados en seleccións modernas, a segunda edición (MBb) correu a cargo de varias agrupacións culturais galegas, entre as cales se achaba a referida asociación; ao mesmo tempo, a última edición de que temos noticia (MBd), unha reprodución facsimilada da de 1950, foi organizada pola mesma entidade cultural e dada a lume en 2013, grazas á xenerosidade da Fundación Manuel María e ao apoio económico da Exma. Deputación Provincial de Lugo.

É a nosa intención no presente contributo, por tanto, reflectirmos brevemente na lingua de Manuel María, para cuxo cometido nos centraremos no léxico da flora documentado nesa súa primeira obra publicada. Para isto, partimos no elementar dos seguintes alicerces: (i) do punto de vista literario

e estético, convén salientarmos en *Muiñeiro de brétemas* a existencia dunha “identificación idealizada co mundo rural, camponés” e tamén dunha “enorme admiración pola paisaxe humanizada” (Mato Fondo 2011: 17), en que sobrancea, en ambos os casos, a flora como elemento simbólico que coaduxa eficazmente na caracterización deses espazos¹²⁴; (ii) do punto de vista lingüístico, vira interesante ponderarmos a detección dun tipo de léxico que, ao mesmo tempo que facilita a enformación dese universo paisaxístico do mundo tradicional labrego, serve para subliñarmos a documentación dun rico vocabulario nos poemas de que se compón o libro; (iii) do punto de vista ecdótico, por último, poderá verificarse como as sucesivas edicións da obra foron alterando certos trazos lingüísticos, dos cales os lexicais non ficaron á marxe nese labor de modernización ortográfica, gramatical e vocabular.

2. O significado literario de *Muiñeiro de brétemas*

Embora xa levase escrito algúns textos desde uns anos antes, Manuel María publica en 1950 o seu primeiro poemario, grazas, segundo o propio autor declarou, a Aquilino Iglesia Alvariño. O opúsculo sae na época en que o poeta comeza a se escribir con outro dos grandes vultos da literatura e cultura galegas contemporáneas, Ramón Otero Pedrayo (1888-1976), aínda que nas cartas conservadas entre eles ningunha referencia se fai á publicación (vid. Sánchez Rei & Mosquera Castro 2014). No tocante ás tres ou catro etapas en que adoita clasificarse a produción poética do escritor lucense, estamos na primeira, caracterizada polo sentimento de inqueda, de procuras e de contradicións, que abranxe dos anos finais da década de 40 até 1953; é o tempo, segundo López Foxo (2010: 16), en que cobran protagonismo os sentimentos de “desasosego, de inqueda, de angustia, de horror, todo isto dentro dun ambiente de reflexión existencial”. Nunha carta de Francisco Fernández del Riego a Luís Seoane deixábase constancia tanto do valor de Manuel María como brillante promesa da poesía galega canto desas sensacións de desacougo que se achan na obra aquí comentada:

¹²⁴ Repárese, porén, en que a obra tamén contén algunhas poesías de temática e/ou ambientación mariñeira, non reducíbeis, pois, ás paisaxes do interior. Tal é o caso de “Hacia ti” (MBa; “Cara a ti”, MBb e MBc) ou de “Triadas dun mariñeiro”.

Manuel María es un poeta lucense de 19 años. Acaba de terminar el bachillerato. Creo que, a pesar de su juventud, lleva dentro de sí un interesante mensaje poético. Desde luego, tiene algún libro inédito, bastante superior a *Muiñeiro de Brétemas*, que es algo indeciso y revuelto (vid. http://consellodacultura.gal/epistolarios/epistolario_tem.php?tematica=3118).

En harmonía co sinalado por Pallarés (2009: 193), trátase dun período pouco coñecido pola maior parte do público lector e, como ela propia afirma, mesmo costuma a ser secundarizado pola crítica. Deses anos iniciais, o libro máis analizado é xustamente *Muiñeiro de brétemas*¹²⁵, o cal presenta varios fundamentos temático-estéticos para cuxa síntese nos basearemos no exposto por Pallarés (2009: 197-198): en primeiro lugar, hai que salientar unha notoria presenza de dúbidas e de interrogantes existenciais que abrazan os conceptos de natureza e de muller e que dan voltas, cal metáfora, na roda do muíño xunto ao desacougo que producen as brétemas. A seguir, merece salientarse a relixiosidade estrutural de varias desas composicións, sobre todo cando perpassa a identificación entre os verbos *orar* e *pregar* e entre os nomes substantivos *oración* e *poema*. E en terceiro lugar, como continúa a nos sinalar Pallarés, un outro alicerce presente é o constituído polas hesitacións literarias, formuladas quer nas dúbidas entre “modelos poéticos diversos e aínda contrapostos: vangarda racional e vangarda surreal, ecos simbolistas, existencialismos”, quer en interrogantes, inseguranzas e impresións en torno ás cales se localiza o poeta-muiñeiro e o milenar movemento da roda do muíño como equiparación a “facer poesía”.

Por iso, *Muiñeiro de brétemas* está dotado dunha notábel unidade na forma, nos temas poetizados e na estética, que o singularizan nun contexto literario cultural, o dos anos 50 do século XX, como unha obra capaz non só de sintetizar trazos de correntes literarias anteriores, cal o hilozoísmo e a súa sublimación da paisaxe e do mundo rural, mais tamén de iniciar as novas liñas da coñecida como “Escola da Tebra”, en que, como é asaz reiterado pola crítica, se achan, a carón do poeta chairego, Avilés de Taramancos (1935-1992), Bernardino Graña (1932), Uxío Novoneira

¹²⁵ Os libros desta primeira fase costuman ser identificados nos títulos *Advento*, *Libro de pregos*, *Poemas a Compostela*, *Elexías á miña vida pequeniña* ou *Morrendo a cada intre*. Vid., sobre este particular, López Foxo (2010: 16) e Pallarés (2009: 193).

(1930-1999) ou Xohana Torres (1931), todas elas persoas nadas na década de 30 do pasado século.

3. O léxico da flora en *Muiñeiro de brétemas*

3.1. *O léxico tradicional galego en meados do século XX e a linguaxe literaria de Manuel María*

En termos históricos, por causa das coñecidas arritmias que marcaron a súa sobrevivencia desde os primordios da Idade Moderna, a lingua galega chega ao Rexurdimento e inclusive aos inicios do pasado século dando mostras de evidente descompensación no referente á súa compoñente lexical: así as cousas, ao paso que o vocabulario dos ámbitos en que se deu conservado o idioma (mundo rural e mariñeiro, oficios tradicionais etc.) coñece unha extraordinaria e enriquecedora cantidade de variantes locais e populares, o léxico dos contextos en que o galego estivo ausente (administración, igrexa, tecnoloxía, xustiza etc.) vai caracterizarse, no entanto, por presentar unha notábel escaseza e unhas subsecuentes lacunas vocabulares. Esta situación, combatida xa desde o século XIX acudindo á lingua antiga e ao portugués contemporáneo, ben como ao alargamento semántico de voces provenientes do mundo rural¹²⁶, tamén se detecta no ecuador da pasada centuria, cando aparece *Muiñeiro de brétemas*. De aí que, ao ser a atmosfera da obra adscribíbel esteticamente a ambientacións rurais tradicionais, o léxico que se nela documenta harmoniza con ese vocabulario pertencente ao tal mundo camponés e á súa paisaxe¹²⁷.

Por seu turno, no reducido mundo académico e da investigación, o estado da arte non era moito mellor, xa que a lingua, vetada nos máis dos ámbitos da esfera pública, se achaba lonxe de ser estudada con rigor. Deixando de parte a exigua calidade da maioría dos traballos que

¹²⁶ Repárese en vocábulos hoxe habituais no galego (e non no exclusivamente literario), tales como *abrollar* ou *abrochar*, *agasallar*, *eido*, *encetar*, *escolmar*, *esculcar*, *espallar*, *ceibela* e *ceibar*, *vencello* e *vencellar*, *xermolo* e *xermolar* etc., provenientes, a través dun proceso de ampliación semántica en ocasións forzado de máis, de contextos moito concretos do mundo tradicional ou rural.

¹²⁷ Como é obvio, os diferentes tipos de xéneros textuais que cultivou Manuel María e a motivación pretendida en cada un deles xustifica a utilización dun tipo particular de trazos lingüísticos e de léxico que non corresponde a estas páxinas referíreno.

abordaron a gramática da lingua e o seu léxico e as características que os definen (cfr. Sánchez Rei 2005, 2006), o certo é que as obras especializadas do século XIX e do primeiro cuartel da centuria seguinte non conseguiran a necesaria socialización, o que provocou que tamén non fosen o suficientemente contrastadas e debatidas entre as escritoras e os escritores. En meados do século XX, pois, a principal vía de coñecemento da lingua para aquelas persoas que escribían era primordialmente empírica: para alén da praxe diaria, estaba, por unha parte, o ricaz fondo da oralidade popular e, por outra parte, situábase a lectura. Oralidade tradicional e literatura eran unhas das principais ferramentas para o proceso de construción da linguaxe literaria; repárese, neste sentido, nas atenciosas lecturas que fixo o propio Manuel María dos vultos galegos oitocentistas e das antoloxías preparadas por Álvaro María de las Casas e Uxío Carré Aldao (cfr. Pallarés 2009: 195).

Tendo isto presente, nos textos da altura, e loxicamente tamén nos do autor chairego, imos rexistrar non só formas típicas do galego oral, mais tamén da linguaxe literaria da época, como son certa caste de pseugaleguismos, algúns arcaísmos ou até diversos españolismos, debidamente corrixidos polo poeta da Terra Chá en edicións posteriores. Ao longo da vida, dado que chegou a ver varias reproducións das súas obras, o autor foi modificando determinados aspectos da expresión; tal é o que se pode verificar a través da publicación en dous volumes da súa *Obra poética completa* (2001), en que se aprecian modernizacións ortográficas e lingüísticas a respecto de publicacións anteriores: así, na primeira edición de *Muiñeiro de brétemas* (MBa) achamos elementos como *áas*, *o meu arbre*, *hourizontes*, *múseca*, *silenzos*, *venas* etc., os cales, en futuras actualizacións desa obra, serían substituídos por, respectivamente, *azas* (MBb, MBc), *a miña albre* (MBb) ~ *a miña árbore* (MBc), *horizontes* (MBb, MBc), *música* (MBb, MBc), *silencios* (MBb, MBc), *veas* (MBb, MBc) etc. O inquebrantábel compromiso coa lingua e coa súa constante estilización e aprimoración foi o que levou o autor a practicar este tipo de mudanzas sobre as versións orixinarias dos textos (cfr. Freixeiro Mato 2007: 39-46), sen por iso perder como base o galego dialectal e popular das xentes da Terra Chá: fala chairega, por un lado, e rexistros populares, por outro, estean expresivamente a linguaxe literaria manuelmariana (cfr. Freixeiro Mato 2009; Regueira 2014).

3.2. Achegamento ao léxico da flora en Muiñeiro de brétemas

Conforme acaba de ser sinalado, o galego coñece no ecuador do século XX unha grande riqueza vocabular de carácter local e popular nos ámbitos en que se deu conservado, só apenumbra por esa descompensación naquelas esferas nas cales estivo ausente. En termos xerais, a lingua de *Muiñeiro de brétemas* participa lexicalmente da tal vizosidade dialectal e popular ao se situar, do punto de vista artístico, nunha expresión que gusta da humanización e interiorización da paisaxe. Así as cousas, non vira estraño podermos corroborar que un dos campos lexicais máis rendíbeis que se detecta no poemario sexa aquel correspondente á flora: natureza e paisaxes rurais, fauna e flora galegas singularízanse no vocabulario de Manuel María por se manifestaren con “palabras dotadas dunha tonalidade afectiva” moito destacada (Freixeiro Mato 2009: 177).

Entre estas, adquiren relevancia, en primeiro lugar aquelas que se achan no campo lexical dos nomes das árbores, a nos proxectaren con eficacia visións de elementos da paisaxe camponesa, sobre todo nalgunha composición, como é o caso de “Pregaria dos dezanove anos” (MBa). Ao longo do libro, pois, documéntanse exemplos de substantivos cal *amieiro*, *avellaneiras* (*abelaneiras* MBb, MBc), *abidueira*, *carballo*, *carqueixa*, *castiro* (*castiñeiro* MBb, MBc)¹²⁸, *cerdeiras* e *cereiveiras* (*cereixeiras* MBb, MBc)¹²⁹, *figueira*, *nogueira*, *salgueiro* e *salgueiros*, *toxo* e *toxos* ou *pinos* (*piñeiros* MBb, MBc). A maior parte de todas estas formas, pertencente ao repertorio lexical tradicional da lingua, áchase dunha maneira ou doutra xa atestada nos traballos lexicográficos galegos (vid. DdD, accesíbel en <http://sli.uvigo.es/DdD/>.), de forma que non precisa de ulteriores comentarios neste sentido. Con todo, interesa pormos en relevo que nese conxunto de formas lexicais imos detectar algunhas menos estendidas social ou

¹²⁸ A forma *castiro* está tamén documentada en cantares tradicionais, como o seguinte, compilado na segunda metade do século XIX por Pérez Ballesteros: *A castaña n'o ourizo / quixo ver e reventou / caeu d'o castiro abaixo / ¡mira que golpe levou!* (CPG, III 22). O mesmo colector sinalaría no rodapé desa páxina que “en outras parte se dice *castiñeiro*”.

¹²⁹ En MBa aparece o vocábulo *cereiveira*, que, posibelmente debido a unha gralla, foi emendado en futuras edicións como *cereixeira* (MBb, MBc), substantivo tamén utilizado para dar nome ao máis común de *cerdeira*, a árbore que produce as cereixas. Indicio de estarmos perante un erro deste tipo é o que se atesta tamén en *lateva* (por *latexa*), *meixelas* (en vez de *meixelas*), *vesteira* (por *xesteira*) e algunha outra confusión desta índole.

xeograficamente que outras: é o caso de *abidueira* face ao máis común *bidueiro* ou de *castiro* relativamente a *castiñeiro*, o cal, dito sexa de paso, foi modificado en favor da variante máis común xa en MBb; pode citarse ao respecto igualmente a variante *amieiro*, característica de certos falares orientais da actual provincia de Lugo, e que equivale á máis estendida *ameneiro*, corrente nas falas chairegas e en máis rexións do país (cfr. Regueira 2014: 99)¹³⁰. Do punto de vista semántico, a forma do hiperónimo (e do arquilexema nunha perspectiva estrutural do léxico) correspondente a todos estes substantivos é *arbre* (MBa) ou *albre* (MBb; *árbore* en MBc), variante de grande rendibilidade no galego literario da época xa largamente atestada no século XIX.

No referente ás denominacións para outro tipo de flora, como é o constituído polos arbustos e plantas que nacen e crecen normalmente sen intervención humana, documéntanse mostras como *espadaíña*, *codeseira* (lugar abudante en *codesos*), *hedras*, *malvas*, *romeo*, *silveiras*, *toxos* e *toxos*, *xesta* e *xesteira* (lugar en que abundan as *xestas*) ou *xuncos*. Como antes acontecía cos nomes das árbores, a maioría destes substantivos áchase nas obras que constitúen o percurso lexicográfico galego (vid. DdD, dispoñíbel en <http://sli.uvigo.es/DdD/>). Fica á marxe do uso tradicional da lingua, no entanto, algunha influencia do español, como é o caso da forma *espadaíña*, posíbel conversión desde *espadaña* (gal. *espadana*) ou de *romeo*, mantido no poemario até en edicións recentes (MBb, MBc).

Outros nomes detectados na obra, a designaren plantas máis asociadas ao cultivo do ser humano, veñen dados polo *milllo* (mediante a forma *carabullos de milleiros*), *centeo*, *liños*, *roseiras*, *pétalo*, *trigo* etc. Tamén se rexistra léxico, nesta ocasión máis xenérico e dunha esfera semántica maior: estamos a nos referir á atestación de formas como *froitos*, *frol* ou *froles*, *follas*, *follaxe*, *herbas* ou *raíces*, elementos todos eles definitorios, como partes ou como produto, das diversas tipoloxías de flora. Segundo tamén acontecía con algúns dos exemplos citados con anterioridade, detéctanse ocasionalmente determinadas variantes menos estendidas social ou territorialmente, cal é o

¹³⁰ Cfr. o exposto polo mesmo autor no tocante a esta forma, en que pondera que Manuel María no “seu discurso de ingreso na Real Academia Galega preferirá a variante *abeneiro*” (Regueira 2014: 99).

caso de *ponla*, rexistrada tanto na primeira edición (MBa) como nas recentes modernizadas ortográfica e lingüisticamente (MBb, MBc). Por súa vez, os produtos de varias desas plantas son denominados *fror* e *frores*, habituais, xunto a *frol* ou *froles*, na expresión literaria contemporánea cando menos desde o século XIX, as cales serían modificadas para *flor* e *flores* en MBb e MBc.

A documentación destes recursos, finalmente, vira congruente coa atmosfera que se consegue no opúsculo, mercé tamén á detección doutras unidades vocabulares: achamos esoutros exemplos en formas pertencentes a diversos campos lexicais, menos representados que os das árbores e das plantas, como *agras*, *breixa* e *breixas*, *camiños*, *caneiro*, *corga*, *eidos*, *eiras*, *ermo* e *ermos*, *fonte*, *lameira* e *lameiras*, *landra*, *laxes*, *leiras*, *montaña*, *penas*, *penedos*, *regatos*, *regos*, *regueiros*, *ría*, *ribeira*, *rodeiras*, *valados* etc. Todas elas, usadas para referiren realidades do medio natural, coadxuvan nesa ponderación da paisaxe e no diálogo con esta, tan elegantemente levados a cabo por Manuel María. Ao paso, serven para poren en relevo o aproveitamento estilístico dun vocabulario pertencente ao mundo tradicional das comunidades camponesas na Galiza, un vocabulario, aliás, que, debido ás profundas transformacións da sociedade galega a partir precisamente da segunda metade do século XX (desruralización, emigración interior cara ás cidades, desaparición progresiva do mundo rural etc.), corre o risco de se estigmatizar ou, no peor dos casos, de consumir unha viaxe capaz de o levar inexorabelmente á obsolescencia na lingua oral do século XXI.

4. Cabo

En síntese, podemos concluír estas páxinas a salientarmos como o léxico pertencente á flora galega tradicional contribúe en *Muiñeiro de brétemas* non só para impregnar o público lector dunha estética poética en que o paisaxismo adquire un protagonismo central, mais tamén para exemplificar lingüisticamente a diversidade na nomenclatura e até para dar conta dalgunhas variacións de índole diatópica e diafásica presentes no idioma contemporáneo. Ao mesmo tempo, da comparación das diferentes edicións do poemario, como de resto acontece coa totalidade da obra do poeta, somos capaces de repararmos no empeño que puxo Manuel María en estilizar e en dignificar tanto a lingua galega como a propia linguaxe literaria

en particular. E esta, sen perder a súa esencia estruturalmente popular e camponesa, foi avanzando, mercé a sucesivas actualizacións, cara a unha modernización relativamente confluyente coa variedade estandarizada.

X. M. S. R.
Universidade da Coruña
Grupo ILLA

A COSTA DA MORTE: POESÍA E PAISAXE NOS TEXTOS DE MANUEL MARÍA

Miro Villar

Todo nos remite ao viaxeiro. Manuel María sempre contemplou o mundo como un viaxeiro, mesmo un apaixonado viaxeiro da propia patria, da propia tribo, do terrón de seu. Sería imposible comprender a súa obra literaria sen ter en conta este carácter. Pensemos en Edipo, en diferentes libros de poemas, A luz resucitada, O camiño é unha nostalxia. Na súa obra narrativa; A tribu ten catro ríos. O río é unha das claves simbólicas da súa obra. Hai un desexo, unha vocación de viaxar, de traspasar espazos e tempos, sendo consciente do propio. Hai nostalxia de tempos e lugares idos, mais tamén, si, nostalxia de vivir o presente, en tempo que se fai evidente en moitas ocasións, por exemplo na recreación sentimental das cidades, aínda que noutras ocasións se presente como ferida íntima, ao contemplar a desaparición dun lugar. Poemas e artigos nos que se expresa a necesidade de percorrer o mundo, nunha peregrinaxe que comeza en Outeiro de Rei, o centro do universo, da tribo, o colo materno, e remata en Fisterra. É dicir, o punto de partida vital e o do regreso.

«O traballo xornalístico de Manuel María: xornalismo e poesía»,
Miguel A. Mato Fondo¹³¹

A Terra Chá: poesía e paisaxe foi o título do discurso de Manuel María no seu ingreso como membro numerario na Real Academia Galega, para cubrir a vacante na cadeira de Marino Dónega Rozas a proposta de Xosé Luís Franco Grande, Ramón Lorenzo Vázquez e Xosé Luís Méndez Ferrín (quen lle daría resposta), nunha cerimonia celebrada no auditorio municipal de Vilalba o 15 de febreiro de 2003.

A cerna daquel excelente texto de Manuel María estivo na lembranza da tribo poética que o antecedeu no territorio da Terra Chá, unha estirpe literaria da que quixo «dar breve noticia, dun xeito radicalmente subxectivo, e a todas luces incompleto, de como algúns poetas chairegos sentiron e

¹³¹ Actas do Congreso «Manuel María: literatura e nación» (A Coruña, 3-5 de novembro de 2005) / María Pilar García Negro (ed. Lit.), Diego Pardo Amado (ed. lit.), 2009, ISBN 978-84-9749-359-8, 133-143.

expresaron a paisaxe da Terra Chá, da que nós somos parte inseparábel», para engadir, antes de disertar sobre a súa biografía e a súa obra:

«Na Terra Chá naceron moitos e bos poetas. E seguen necendo. Debido á limitación deste traballo, que só nos permite enunciar o tema que tratamos, unicamente nos referiremos a poetas que xa non están entre nós e son argumento de eternidade. Dóenos excluír a Darío Xohán Cabana e, maiormente, a Miguel Anxo Fernán-Vello, que, a xulgar por algúns poemas seus publicados ultimamente, estannos a descubrir unha Terra Chá insólita e transcendente. Ninguén dubida que a Terra Chá é unha patria poética. Moitos dos seus poetas –entre eles, dos máis importantes e significativos, Xosé Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro– estudaron no Seminario Diocesano de Santa Catalina de Mondoñedo, onde adquiriron unha gran formación clásica e as esencias máis puras e fondas da latinidade. Eles trouxeron á poesía galega o engado das églogas virxilianas, o equilibrio horaciano, as escuridades das noites de Ovidio no afastado Ponto Euxino e a saudade melancólica dos elexíacos. Para nós, os ritmos da paisaxe chairega son os mesmos que os dos hendecasilabos de Aquilino Iglesia Alvariño, música aprendida nos hexámetros de Virxilio.

Levamos anos sostendo que hai unha “Escola poética da Terra Chá”, con personalidade propia; e, dentro dela, perfírase nidamente a que chamamos “Subescola poética vilalbesa”, á que pertencen, ademais doutros poetas menores, Xosé María Chao Ledo (1844-1894), Manuel Mato Vizoso (1846-1909), Antonio García Hermida (1885-1939), Carmen Prieto Rouco (1901-1977) e Xosé Luís García Mato (1924-1980).

Calquera que coñeza a caudalosa obra de Manuel María terá constatado que o poeta chairego sentiu devoción pola Terra Chá e por moitos outros territorios da nación galega, como evidencian mesmo algúns dos títulos dos seus libros de poemas, alén do seu mítico *Terra Chá* (Lugo: Celta, 1954), poñamos por caso os abondo significativos *Versos frolecidos en louvanza de Foz* (Foz: Bahía, 1967); *Cantigueiro do Orcellón* (O Carballiño: A. C. Avantar, 1984); *Cancioneiro de Monforte de Lemos* (Monforte de Lemos: Concello de Monforte, 1990); *Homenaxe ao regato do Cepelo* (Ed. do autor, 1990); *Poemas a Compostela* (Santiago de Compostela: El Correo Gallego, 1993); *Cantigas e cantos de Pantón* (Pantón: Concello de Pantón, 1994);

Poemas para dicirlle a dúas lagoas (A Coruña: Espiral Maior, 1994); *O Miño, canle de luz e néboa* (A Coruña: Espiral Maior, 1996) ou os *Sonetos á casa de Hortas* (A Coruña: Espiral Maior, 1997).

Porén, se callar polo seu tardío achegamento á súa paisaxe, a Costa da Morte e o seu territorio e os seus poetas, agás Eduardo Pondal, que a cantaron e que a habitaron, non ocupan moito espazo na extensa produción literaria de Manuel María.

De quitado da obra pondaliá, que non imos referir por ser unha referencia obrigada en calquera autor contemporáneo, o primeiro achegamento de importancia prodúcese coa publicación do artigo «Recuerdo al patriarca de la poesía gallega. Noticia de Gonzalo López Abente», *El Progreso*. Lugo, 10 de agosto de 1963. O poeta de Muxía finara dúas semanas antes, o 23 de xullo, e Manuel María escribe unha longa necrolóxica, na que nos primeiros parágrafos sitúa a localidade costeira aos lectores do xornal lugués e reivindica a súa pertenza á «costa brava gallega», feito que revela un coñecemento profundo da obra abentiana, pois Gonzalo López Abente sempre rexeitou facer uso do topónimo Costa da Morte, popularizado desde os xornais da época. De feito, a día de hoxe as primeiras aparicións deste último están documentadas no coruñés *El Noroeste*, onde se utilizou no número do 14 de xaneiro de 1904, ao coincidiren tres naufraxios nas mesmas datas, un fronte á praia de Traba (Laxe), outro na enseada de Santa Mariña (Camariñas) e un terceiro á entrada do porto de Corcubión¹³². Manuel María incardina a Costa da Morte nun amplo territorio e fala tamén de dous topónimos que se integran nese territorio: Bergantiños e Nemancos.

Nemancos, nome dun arciprestado que na altura abranguí a parroquias dos concellos de Fisterra, Cee, Corcubión, Camariñas, Muxía e parte de Vimianzo, xa que pouco tempo despois a Igrexa faría unha división eclesiástica deste amplo territorio en dous, Nemancos e Duio, foi tamén o título que escolleu Gonzalo López Abente para o seu último libro de poemas de pre-guerra, publicado na colección Nós, vol. XXVII, na Coruña (1929), e os motivos e a atmosfera da terra do autor xa se evidencian desde o propio

¹³² Cfr. Jesús Ángel Sánchez García (2013): «La leyenda de la Costa de la Muerte. Naufragios y faros como desencadenantes para la activación de un patrimonio marítimo». *Semata*, Ciencias Sociais e Humanidades, ISSN 1137-9669, vol. 25: 59-92.

encabezamento, alén de que o primeiro dos poemas é un soneto intitulado «Muxía» e o derradeiro é «A Arnela», que pecha o círculo da paisaxe costeira.

Deseguida Manuel María evoca no seu artigo unha brevísima biografía de Gonzalo López Abente, sinala o seu afastamento en Muxía lonxe dos círculos literarios, unha soidade a penas interrompida pola súa asistencia aos plenarios da Academia da que fora eleito membro numerario (xa era correspondente desde decembro de 1918) o 8 de decembro de 1940 e tomara posesión da súa cadeira o 27 de xullo de 1941.

En 1963, cando Manuel María escribe a necrolóxica, López Abente era unha referencia para os poetas da posguerra, xa que era o decano dos escritores galegos, despois de finar Ramón Cabanillas en 1959, e había un lustro que viña de publicar *Centileos nas ondas* (Galaxia, 1958), aínda que a súa feitura é evidentemente anterior, dentro da colección Trasalba, que en testemuño oral de Méndez Ferrín pagou Xaime Illa Couto.

Anotada a biobibliografía esencial de López Abente, Manuel María debrúzase sobre a súa obra poética, que analiza brevemente para rematar sinalando que co seu pasamento remata unha época da que o poeta muxián podería ser considerado o Patriarca.

É de estrañar que, malia esta manifesta fascinación abentiana, Manuel María non viaxou até a Costa da Morte até o verán de 1980, dezasete anos despois, como confesa no artigo «Viaxe a Fisterra», asinado co pseudónimo Manuel Hortas Vilanova e publicado no semanario *A Nosa Terra*, nº 126. 3/X/1980, na sección «Andando a Terra», na que colaborou toda unha década, desde o seu nacemento nos derradeiros días do setenta e sete e até o ano oitenta e sete.

Foi unha longa viaxe pola costa, pois Saleta e Manuel viñan de visitar en Noia ao poeta Avilés de Taramancos na súa taberna e pasaron pola Serra de Outes, terra do poeta Francisco Añón, por Muros, Carnota, a ferverza do Ézaro (Dumbría), Cee e Corcubión, antes de chegaren ao solpor fisterrán. A descrición que fai destas terras é breve, mais sorprendente. Velaquí os tres derradeiros parágrafos do artigo:

«Non imos falar do viaxe de Noia a Fisterra. Unicamente decir que en Outes pódese ollar un busto que a Real Academia Gallega lle adicou ó

poeta Añón, coa adicatoria en español. Que contemplamos ó noso xeito o hórreo de Carnota que, como todo o mundo sabe, é o meirande de Galicia. Que intentamos ollar a desembocadura do Xallas, o río cantado por Pondal. Sabíamos que desembocaba facendo unha breixa ou fervenza, que en castelán lle chaman «catarata». Non poidemos ver nada. O único que se pode ollar é a canle do río, cun fío de auga, que non move nin a un muíño de talas, dos que facíamos cando eramos nenos pra poñer nos regos. En Cee as chimeneas da fábrica de carburos meten medo».

«Fisterra estaba chea de catalás. Lembrámonos da vella ermida de San Guillermo e dos ritos que alí se facían pra fecundar as mulleres que non tiñan familia. E tamén da Ara Solis, das lexiós romanas e de Borrow, que tan curiosas páxinas deixou sobre o lugar. Cousas estas que se poden lér en calqueira guía que se precie. Chamounos moito a atención ver a tódalas mulleres maduras e as vellas vestir de mouro. E as rapazas vestir de branco».

«Voltamos a Santiago de Compostela pola estrada de Brens a Santa Comba. Todas estas terras, que non nos cansamos de contemplar, son como a poesía de Pondal. Ou a poesía de Pondal é como estas terras. Non o saberíamos con xusteza e si nos preguntan meteríamos nun apuro grande. Pra un chairego de nación, como este servidor que o é, estas paisaxes, grandiosas, sobrias e pedregosas, teñen un engado especial que ún non sabe explicar ben».

Porén, a viaxe debeu deixar un pouso ben profundo e dous anos despois Manuel María publica o volume *Versos do lume e do vaga-lume* (Ourense: Galiza Editora, 1982), con dous poemas inspirados en lugares da Costa da Morte, «Dólmen de Dombate» (páxina 17) e «Fisterra» (páxina 20), alén das referencias ao Cristo de Fisterra e á muxiá Virxe da Barca que aparecen nos versos do poema «O Xistral» (páxina 14).

«Fisterra» recolle sen dúbida o solpor que puido ollar na viaxe referida nun fermoso poema que poetiza a fragilidade da existencia, un sentimento ben comprensible na contemplación silenciosa da inmensidade oceánica. Cómpre lembrar que até entón Manuel María só visitara o mar como temática nas súas obras *Mar maior* (1963) e *Versos florecidos en louvanza de Foz* (1967), localidade á que acudía con asiduidade malia que, como sinala nos seus artigos e como lembran moitas das súas amizades, adoitaba estar afastado, na beira, e mesmo hai quen o lembra con traxe de verán nos areais focegos.

E de resto, a presenza do mar é anecdótica na súa obra, aínda que teña un excelente poema sobre a dorna e algún outro sobre o oficio dos mariñeiros.

Así e todo, a Costa da Morte e os seus principais poetas tampouco podían estar ausentes no texto da súa conferencia *A presenza do mar na poesía galega*, separata da *Revista Internacional de los Estudios Vascos*, ano 39, tomo XXXVI, nº 2 (1991). Donostia: Editorial Eusko Ikaskuntza, S.A., xullo-decembro, 1991, pp. 313-338.

Rosalía de Castro e os seus coñecidos versos sobre a romaría da Barca de Muxía, unha ampla escolla de versos pondalianos e, novamente, as referencias a *Centileos nas ondas* de Gonzalo López Abente integran o *corpus* que Manuel María utiliza na súa asisada e documentada disertación.

O 16 maio de 1993 prodúcese un dos acontecementos que máis achegou a Manuel María ao territorio da Costa da Morte ao ser escollido como o primeiro poeta en ser homenaxeado pola activa asociación cultura e veciñal O Couto, desta parroquia da Ponteceso. Nesa data descobre a primeira das pracas, realizada polo escultor Anxo Cousillas, co nome do escritor que desde aquela e de xeito anual foron colocadas na Casa dos Veciños. Alén do seu discurso e da súa recitación, estivo acompañado por Xosé Agrelo Hermo que dirixiu unha peza teatral da súa autoría e polo cantautor Suso Vaamonde que interpretou varios poemas do disco que en 1978 realizou sobre os *Soños na gaiola* (1968), aínda que no acto os exemplares do libro pertencían á 8ª edición (Xerais, 1992), pois antes houbo outras noutros selos editoriais.

En maio de 1995 quen isto asina partillou por primeira vez un acto público con Manuel María, malia termos coincidido xa algunhas veces con anterioridade e moitas máis con posterioridade, mesmo fóra do noso País nas Xornadas das Letras Galegas en Lisboa (que organizara en 1998 o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades). Foi en Muxía para presentarmos a miña edición literaria dunha *Antoloxía Poética* (Espiral Maior, 1995) de Gonzalo López Abente, que nacera por iniciativa do antropólogo muxián Manuel Vilar Álvarez e que se publicou nun convenio entre a editorial Espiral Maior, que dirixe aínda hoxe o poeta Miguel-Anxo Fernán Vello, e a alcaldía do concello de Muxía, daquela en mans do nacionalista Bautista Pose Paz. Os organizadores do acto coincidimos en que era a persoa idónea

para nos acompañar, pois o poeta chairego sempre tivo moito aprezo pola poesía de Gonzalo López Abente.

A edición comarcal de Carballo do xornal coruñés *La Voz de Galicia*, do mércores, 10 de maio de 1995, publicou unha información a toda páxina que incluía unha crónica do escritor Xan Xosé Fernández Carrera, co título «Recordo para un poeta esquecido», á que pertencen os seguintes parágrafos nos que se salienta a intervención de Manuel María.

Nunha tarde apacible na que o pobo transmitía tranquilidade, o pasado día 6 de maio, foi unha xornada importante no acontecer cultural de Muxía. O seu fillo máis ilustre, o poeta Gonzalo López Abente, recibiu un sinxelo, cariñoso e merecido homenaxe con motivo da presentación da súa *Antoloxía Poética*. Pero tanto esta sinxeleza, como a falla dunha divulgación informativa, non fixeron diminuír a relevancia do acto. Enxalzado, tanto pola presenza de poetas ilustres da nosa literatura actual como Manuel María, Miguel Anxo Fernán Vello ou Miro Villar, como pola importancia da publicación que se presentaba, que nos ofrece a posibilidade de achegarnos á obra do que foi un dos principais representantes da poesía da época das Irmandades, xunto con Ramón Cabanillas, Noriega Varela ou Victoriano Taibo.

O libro, como indica o seu título, representa unha selección da obra poética do poeta muxián, feita con rigor e minuciosidade por un poeta xove, pero gran coñecedor da obra de López Abente e da súa terra, como é o ceense Miro Villar.

Manuel María, que a pesares de ser de terra adentro coñece ben a obra do poeta muxián, despois de facer un percorrido histórico da súa época, dixo que López Abente tiña as características propias dos escritores da súa xeneración: escribir en galego, simpatizar coas ideas nacionalistas, viaxar por Europa e ter presente o entorno da súa obra. Segundo el, a igual que Manuel Antonio, podíasele aplicar o calificativo de poeta do mar; pola grande presenza que este elemento ten na súa obra. Ademais, a súa vida estivo sempre marcada pola desaparición da súa dona ó ano de casar, como consecuencia dun parto.

(...)

Finalmente, cómpre salientar outros tres acontecementos de relevo que levaron a Manuel María a visitar a Costa da Morte. Os dous primeiros como celebración e o último como compromiso.

En xuño de 2002 acode ao IES Urbano Lugrís de Malpica de Bergantiños, pois a comunidade educativa tomara a decisión de propoñer o seu nome para a biblioteca escolar. Non faltaron as referencias á poesía e á pintura do autor e o propio Manuel María estaría acompañado nesa xornada polo fillo, Urbano Lugrís Vadillo, tamén pintor.

Poucas semanas despois, en xullo, acode a Fisterra para participar na clausura do curso da Universidade da Coruña «Aulas no Camiño», dirixido polos profesores e poetas Xosé Leira López e Rosa Méndez Fonte, que poñía remate a unha viaxe de 20 alumnos e alumnas cun recital poético celebrado no Faro de Fisterra e no que interviron os citados dous profesores e poetas, os fisterráns Xosé Alberte Moure e Alexandre Nerium e o propio Manuel María.

E, por último, a raíz do desastre ambiental provocado pola marea negra do *Prestige*, Manuel María tamén fai parte dos numerosos intelectuais que se posicionaron abertamente contra a xestión do accidente e publica o artigo «Visións sobre a Costa da Morte» na súa sección semanal «Homes, feitos e palabras» no diario *El Correo Gallego* (15/12/2002), no que ofrece a súa persoal interpretación deste territorio e deixa entrever a súa pouca consideración cara a este topónimo, por moi pondaliano que sexa, que contrapón ao de «Costa da Vida».

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) en contra da marea negra promove en 2003 o volume colectivo *Alma de Beiramar*, cuxos beneficios foron dar na Plataforma cidadá Nunca Máis, e no que Manuel María participa co poema «Verbas ao mar» (Anexo VI) que leva a seguinte nota a rodapé: *Antes da trágica monstruosidade do “Prestige” e das precedentes*. En efecto, aínda que estivo nalgunhas das mobilizacións nacionais, ferido pola enfermidade non escribe un poema inédito, senón que permite a reprodución dun texto poético que xa se publicara no libro *Mar maior* (Vigo: Galaxia, 1963).

Os poetas do extinto Batallón Literario da Costa da Morte (entidade activa entre maio de 1996 e maio de 1999) recoñeceron o seu maxisterio nos

seus propios versos. O que fora presidente da entidade, o fisterrán Alexandre Nerium, no seu libro *Vogar de couse* (A Coruña: Espiral Maior, 2003) publica dous poemas con pegadas do chairego (Anexo VII). No primeiro deles o seu quinteto vai introducido polos versos: *Ceguei até Fisterra / fin do mundo / aquí / o tempo inmovilízase / e a vida comeza a súa / inexorábel conta cara atrás*. Forman parte do poema «Fisterra», aínda que non se citan pola primeira edición reintegracionista senón pola testamentaria que Manuel María deixou na *Obra poética completa II (1981-2000)* (A Coruña: Espiral Maior, 2001). E no derradeiro verso do segundo poema de Alexandre Nerium, intitulado «Verbas para un mar escoso», que di textualmente: *compendio de orballos de amarga deslembanza*, hai un xogo literario coa obra *Compendio de orballos e incertezas* (Santiago de Compostela: *El Correo Gallego*, 1991).

Ó cabo, outro membro fundador do Batallón Literario da Costa da Morte e autor do seu Manifesto, o ceense Rafa Vilar, lembra a súa memoria tamén noutros dous poemas (Anexo VII). No libro *Migracións* (A Coruña: Espiral Maior, 2008) co título «poeta Manuel» e na obra de poesía infantil *Acuarelas* (Vigo: Galaxia, 2009) no texto intitulado «soños na gaiola» que se abre: *soños na gaiola / que un día escacharon na tarde / na voz do poeta que do pobo era*.

M. V.

Segunda nota de edición

Ramón Piñeiro e Manuel María: un epistolario¹³³

Luis Alonso Girgado

Laura Piñeiro Pais

Entre os anos 1950-1966, un dos xestores de Galaxia (e *Grial*), Ramón Piñeiro, e un poeta que se anunciaba con forza creadora e imparable afán de ocupar un posto de seu no reducido panorama editorial galego, Manuel María, (lugueses os dous e aínda amigos –mestre ou guieiro o primeiro deles, discípulo en materia de galeguismo o segundo–) mantiveron unha correspondencia epistolar da que hoxe ofrecemos un total de 51 pezas. Dese conxunto, 11 son da autoría de Piñeiro e as 40 restantes da responsabilidade de Manuel María. O primeiro escribe dende Santiago; o segundo, dende Lugo ou Monforte de Lemos. Cronoloxicamente é a década dos sesenta a máis frutífera desta comunicación epistolar, cuantitativamente desequilibrada a prol de Manuel María, que, unha e outra vez, pide paso editorial para os seus versos (escritos, planificados, imaxinados, corrixidos e aumentados), mentres que Piñeiro procura saída para os mesmos en xornais, revistas, premios literarios ou editoriais. Porén, as necesidades do poeta (dramaturgo, narrador, crítico de prensa) van moi por diante das posibilidades de atopar saída a tan cuantiosa produción. Ben cedo aparecerán os desencontros, as fallas de sintonía, as queixas, as radicais diferenzas de criterio estético... e tamén político.

Lembremos, a este respecto, que en 1949 Manuel María vivía en Lugo e no Instituto de Ensino Medio da cidade¹³⁴ remataba os seus estudos co título de Bacharel Universitario. Naquel ano, fundaba a revista poética *Xistral*, da que saírían unicamente dous números.

En 1950 escribe a primeira carta a Ramón Piñeiro, que estaba en Santander, recuperándose dunha operación ocular no hospital de Valdecilla.

¹³³ As cartas de Manuel María que aquí editamos son cortesía da Fundación que leva o seu nome e que xenerosamente nos concedeu o permiso para reproducilas.

¹³⁴ Foi, durante moitos anos, “o Instituto”, pois era o único que había, mais dende hai varias décadas é o Instituto Lucus Augusti de Ensino Medio. No curso 1955-56 inaugúrase o Instituto Feminino, designado co nome de “Virxe dos Ollos Grandes”.

Recoñece nela o seu fracaso na Universidade ao suspender tamén a materia de Literatura¹³⁵. Publica o seu primeiro libro de poemas, *Muiñeiro de brétemas*, que aparece como nº10 da colección pontevedresa Benito Soto de poesía.

En 1952 vive en Santiago, onde está a rematar o servizo militar. Alí acode á tertulia do café Español e trata a Ramón Piñeiro, do que en 1990 confesa: “Piñeiro era un home moi amable, moi afectuoso, moi suave, coma unha especie de vaselina, sen recantos. Tiña un trato moi cortés... daquela parecíanos o non vai máis, unha especie de Galicia andando. Criamos que era o sucesor de Castelao...”¹³⁶. Palabras reveladoras de que, co paso do tempo, aquel mozo de Outeiro de Rei ía distanciarse, desenganado, desencantado, daquel guieiro do galeguismo cultural.

Tal distanciamento, que este epistolario recolle con certa claridade, desenvólvese no terreo persoal en Compostela, entre 1952 e 1964 aproximadamente, e as súas razóns hai que recoñecelas no terreo ideolóxico. O culturalismo de Piñeiro ía ser rexeitado por un sector radicalizado de xuventude nacionalista que podemos representar en X. L. Méndez Ferrín; sector ao que Manuel María se incorpora plenamente ao afiliarse, en 1964, á U. P. G. Influído, pois, polo ambiente do galeguismo en Compostela, e por figuras¹³⁷ como a de Celso Emilio Ferreiro ou o citado Méndez Ferrín, Manuel María amosa a súa vontade de se facer poeta e a súa actividade creadora é tan fecunda como de rápida execución, ao que cómpre engadir a súa necesidade de publicar, e aí está Piñeiro con *Galaxia* ou Ramón González-Alegre coa súa revista *Alba* (1948-1956) entre algunha que outra plataforma (a pontevedresa colección Benito Soto) e aínda o recurso de custear o poeta mesmo a edición dos seus versos; caso, por exemplo, do *Libro de cantigas* (1955).

Entrando xa nas páxinas destas cartas, advertimos ben cedo unha relación de cordial amizade entre os dous lugueses, e paralelamente, entramos nunha imparable secuencia petitoria na que se citan os primeiros títulos da

¹³⁵ Evocado por Manuel María no libro *Conversas con Manuel María*, de Xosé Manuel del Caño; Ed. Galaxia: Vigo, 1990 e citado por Darío X. Cabana en *Manuel María. Antoloxía poética*, Ed. Galaxia: Vigo, 2016, p.19.

¹³⁶ *Vid.* Xosé Manuel del Caño, *op. cit.*, p.36.

¹³⁷ Entre outros, Carlos Maside, Otero Pedrayo, Uxío Novoneyra ou F. Bouza Brey.

obra poética (*Terra Cha*, *Libro de Pregos*, *Advento*, *Mar Maior*) de Manuel María, que se perfila como lector, crítico e autor; isto último, nos terreos da lírica, o teatro e a narrativa: sempre ten material para publicar, sempre está a matinar novos libros, con frecuencia alude ós que garda no caixón... e sabe que Piñeiro ten poder en Galaxia e *Grial*, e que o seu amigo Uxío Novoneyra beneficiouse desa situación á hora de publicar *Os eidos* (1955) cunha encomiástica carta-prólogo do mesmo Piñeiro.

Nos anos sesenta sabe Manuel María tres cousas: que en Galaxia comeza a cobrar vida a colección poética Salnés (el mesmo verá publicado nela o seu poemario *Mar Maior* en 1963), que “os de Galaxia” atenden pouco ou nada as súas peticións editoriais e que a poesía da terra, pura, sen outras implicacións, é a que interesa a Piñeiro. E aquí comeza o desencontro, o distanciamento. Dunha banda Manuel María reacciona, despectivo e inmisericorde, contra Salnés e os seus responsables¹³⁸, realmente sen argumentos sostíbles.

Piñeiro, pola súa parte, na carta da súa autoría datada en 1966, farto seguramente de tanta incontrolable febre editorial, declara a súa opinión sobre unha breve peza narrativa de Manuel María, da que di: “na miña opinión é literariamente moi feble, aínda que sexa ideoloxicamente máis socialista [que “Os alugados”]. Pra incluír nun libro non resulta”.

Velaquí nestes anos 1963-1965 o clímax da crise das relacións persoais (ideolóxicas, literarias) de Ramón Piñeiro e Manuel María, que como dixemos, entraba na UPG en 1964. Este epistolario pertence, xa que logo, ao ámbito da intrahistoria da vida literario-cultural galega que un e outro protagonizaron moi directa e activamente, aínda que dende posicións abertamente distintas. Por certo que, malia as súas críticas á nefasta RAG, os dous acabaron ingresando naquela institución.

L. A. G.
L. P. P.

¹³⁸ Vid. cartas XXXVIII, XXXIX e XL.

Epistolario

I

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta cando aínda tiña os dous ollos tapados a causa da segunda operación, pois operáronme tamén do ollo dereito. Hoxe quitáronme os puntos e autorizáronme a erguerme, así que isto vai normalizándose rapidamente. Xa che poido anunciar, coa ledicia que te imaxinarás, que a segunda operación foi aínda máis afortunada que a primeira. Realmente n-ista ocasión non me faltou sorte e supoño que tampouco me faltou a axuda do “Noso Señor Sant-Iago”. Xa me restan moi poucos días de permanencia eiquí.

Moito lamento o tropezo que me contas na Facultade de Santiago. De todol-os xeitos non é ningunha cousa grave e a ti sóbranche forzas para te desquitar brillantemente no setembro. Compre que fagas un pequeno esforzo de discipriña e que te animes, pois o resto virá soio. Eu xa sei que resulta moi ingrato o estudo material de certas materias farragosas, mais con unha miguíña de vontade non che será difícil vencer o oustáculo. E aínda, despois de vencido, te sentirás moi satisfeito do esforzo feito.

Agora que xa estou en condicións de poder ler o “Muiñeiro de Brétemas” cos “meus propios ollos”, así que me folgarei moito de atopalo xa publicado cando eu volte. Isto tamén che dará azos pra estudar.

Moi agradecido do cordial intrés que mostraches pol-os meus probes ollos, envíache unha aperta o teu amigo.

Ramón

(Valdecilla, 8-VII-1950)

II

A Ramón Piñeiro

Santander

Meu querido amigo: Enterado do bon resultado da tua operación non poido menos que comunicarche a miña satisfacción e de remesarche a miña enhoraboa mais cordial.

Eu eiqui, en Outeiro, pasando as vacacións do vran. En Santiago tratáronme bastante mal. Dérome un suspenso en literatura e retireime.

Estou escribíndoche de presa. Hoxe é a bíspera (sic) da festa de este pobo e sempre ten un preocupación abondo.

Acabo. Fago votos pol-a curación compreta.

Espero abrazarte axiña.

Unha garimosa aperta e moito ánimo,

Manoel María

(Outeiro de Rey, 1º sega, 1950)

III

Meu querido amigo:

Hoxe pol-a mañán, falando por teléfono con Isabel, entereime de que fai uns días ocorríu unha grave desgracia na túa familia. Díxome que un irmán teu, un rapaciño novo, morreu fai catro días a consecuencia de un atropello automovilístico. A noticia, tan inesperada, causoume unha gran impresión. Nin xiquera sabía que tiñas un irmán cativo. Decátome da vosa gran door, que n-istes casos imprevistos aínda resulta mais esterrecente. Pódesme creer que me lembro moito de ti, e por simpatía de toda a túa familia, n-istes intres amargurados que estades pasando. Que Deus vos dea resñación, xa que diante da morte nada se pode facer nin se pode agardar nada millor.

Unha aperta moi forte do teu bo amigo que sinceiramente te acompaña no teu acoramento.

Ramón Piñeiro

(Santiago, 30-III-1951)

Santiago, 30-3-1951

Meu querido amigo :

Hoje por a manhã,
falando por telefone com Isabel, entereime de
que fai uns dias occurriu unha grave desgra-
cia na tua familia. Dixome que un irmão
teu, un rapazinho novo, morreu fai catro dias
a consecuencia de un atropello automobilístico.
A noticia, tan inesperada, causoume unha gran
impressão. Nín xiquera sabia que tiñas un
irmão cativo. De cáto me dá roza gran dor,
que n-tes casos imprevistos aínda resulta
mais esterreciente. Póse-me creer que me lembro
muito de ti, e por simpatía de toda a tua fa-
milia, n-tes intres amargurados que estás
pasando. Que Deus vos ~~de~~ dea resignación, xa
que diante da morte nada se pode facer nin se
pode agorzar nada millor.

Unha aperta moi forte do teu bi amigos
que sinceramente te acompaña no teu acoramento

Ramón Pinedo

IV

Meu querido amigo:

Recibín fai tempo a tua carta. Dende entón xa fun e voltei de Vigo e trouxen o teu “Advento”, que che levarei en canto vaia aí. Estiven un día con Cuña, que me dixo que che iba a escribir un d-istes días. Tamén Paco¹³⁹ recibíu carta túa e pensa escribirche, soio que ista tempada está amolado con unha doenza alérxica que sempre o ataca nas primaveiras.

Xa saberás que traen a Olano¹⁴⁰ pra “La Noche”. Coido que virá en Maio.

O primeiro número de “Cuadernos” xa está impreso i-están agardando a que chegue o libro de Cabanillas pra lanzar os dous á rúa. A min inda non mo mandaron, mais conto recibilo n-ista semán. O segundo número irá dedicado á pintura galega, que iste ano está de aitalidade por mor da exposición de Bos Aires. Por certo que istes días están os pintores a rematar os preparativos.

Agradézoche moito que lle me entregues ista carta adxunta a Ánxel Xohan, pois eu non sei as súas señas pra mandarlla directamente a il. Canto máis axiña lla entregues, millor é.

Os de ‘Benito Soto’ xa publicaron a Musa Alemá.

Agora coido que van publicar un libro de Leal Insua.

Unha aperta do teu amigo

Ramón

(Santiago, 18-IV-1951)

¹³⁹ Referencia a Francisco Fernández del Riego, que daquela empregaba con frecuencia o pseudónimo Salvador Lorenzana.

¹⁴⁰ Antonio D. Olano (Vilalba, 1938-Madrid, 2012). Xornalista de sona e literato (dramaturgo con máis de trinta obras no seu haber). O seu currículo na prensa comeza en *La Noche* e *El Correo Gallego*, pasando despois a cabeceiras de Madrid como *El Alcázar*, *Pueblo*, *La Codorniz*, *Sábado Gráfico*, *ABC*, *Gaceta Ilustrada* e outros. Foi letrista de comedias musicais, guionista de cine, correspondente de guerra, crítico taurino e biógrafo. En colaboración con Borobó escribiu a peza teatral *La bella Otero*.

V

Meu querido amigo:

Fai uns días estivo eiquí o Cuña. Andívome buscando, pro deuse a coincidencia de que o día que íl veu eu fun a Vigo, de maneira que inda non falei co-il dende que lle diron o premio de B. Aires e mail-o do Ferrol.

O sábado conto de velo. Cando estivo eiquí fixo unhas decaraicións nas que fala de ti. Mándochas por si non-as leiches.

Supoño que xa saberás bastante ben a Lei de Administración Local ¿ou inda non a deprendiches?

A Pura Vázquez pubricou un libriño castelán en Madrid. Está bastante ben.

Unha aperta moi forte do teu bo amigo

Ramón

(Santiago, 20-IX-1951)

VI

Meu querido amigo:

Acabo de recibir a tua carta n-iste mesmo intre. Dentro de poucos días recibirás os orixinás dos teus contos, que chos enviaréi dende Vigo. Deixeiños alí para que fixesen as copias necesarias pra enviar á censura cos outros traballos do número 3 de “Grial”.

Celebro moito que esteñan dispostos a editar axiña o teu libro. Gústame o título que lle buscaches, “Contos en cuarto crecente”.

Non che falta razón no que dis da “Historia da Literatura” de Varela Jácome.

Inda temos moito que facer no campo da crítica da nosa literatura. Mentres non se avance n-ise terreo; as “Historias da Literatura” que se fagan serán todas pol-o estilo, informativas somentes. Bo é tan xiquera que os eruditos axunten os datos. Agora compre que os críticos estuden e analicen

e valoren as creacións da nosa evolución literaria ¿Non cho parece? Pouco a pouco iremos avanzando por ise camiño e xa verás como a próxima Historia da Literatura Galega será moito máis crítica.

Por eiquí está a facer moita friaxe.

¿Sabes que o Cuña vai a ir unha tempada a París? Hoxe conto que virá a Santiago a xunto de nós. Sempre falamos de tí.

Boeno, meu amigo. Estate tranquilo que os contos recibiralos axiña.

Unha aperta moi forte do teu amigo.

Ramón

(Santiago, 10-XI-1951)

VII

Meu querido amigo:

Recibín onte a tua carta e xa vexo que tes mágoa co-isa vida de campamento que por primeira vez estás a facer. Certo que é que non é moi grata nin moi cómoda, mais ¡que carai! un mozo valuro¹⁴¹ e barudo como ti eres, non ten que se arrepiar por iso. Cando te descoides xa estás de novamentes en Santiago falando de poesía, de arte, de literatura e de total-as demáis cousas do espírito que che permitirán esquencer o prosaismo inevitabel da vida uniformada. A mín paréceme que lle das demasiada importancia ó lado incómodo da vida en campamento ¿Quén che priva, n-istas noites craras e tépedas de primavera que agora comenzan a vir, de soñar mundos e da meirande pureza e transparencia lírica? Non hai que se desanimar pol-as pequenas incomodidás materiáis. Na vida hai moitas, dentro e fora dos campamentos.

A pouco de te ires, o Borobó publicou un “Anaco” adicado a tí. Tamén o Rabanal, n-unha das suas “Nebulosas”, fixo alusión a un dos teus contos sin te nomear.

¹⁴¹ Termo que designa ós habitantes da Terra Cha; chairegos. *Vid.* ó respecto Eladio Rodríguez González (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Vigo: Galaxia.

Xa me dixeron que saíra o “Morrendo a cada Intre”. Alégrome moito de que ó cabo teñas satisfeito ise vello desexo.

Eu estiven bastante malo con unha gripe moi forte que me tivo bastantes días na cama e que inda non-a botei de enriba.

Non chegou o xiro, mais ten en conta que non me corre presa ningunha.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

Dalle moitos saudos a Novo Neira. Supoño que todol-os días polo mencer soñará en Lucenza.

R/
(Santiago, 15-V-1952)

VIII

De Manuel María a Ramón Piñeiro.

Meu querido amigo:

Unhas letras para che remesar, por ese nombramento de correspondente da Academia Galega, a miña felicitación mais cordial e garimosa, que faigo tamén extensiva a García Sabell. Faigo votos para que te nombren axiña numerario, pois a docta corporación¹⁴² precisa homes coma a ti para vivificala un pouco.

Dendes primeiros de mes temos en Lugo a Fole, que está engaiolado. O día 8 fomos con Dadín pol-a Terra Chá, xantamos en Castro de Ribeiras de Lea, despois estivemos en Sistallo no Pazo, e como remate, oímoslle unha conferencia a Cunqueiro en Villalba as dez e media da noite. O domingo seguinte levei a Fole a Outeiro, a miña casa comer un lacón. O home está moi ledo e moi ben.

¹⁴² A actitude de Manuel María fronte á RAG foi reiteradamente crítica e negativa. *Vid.* ao respecto o libro de X. M. del Caño, *op. cit.*, pp. 120-121.

Pareceume moi ben a “Escolma” do Xosé María Álvarez Blázquez. Sinto que non lle adique mais atención as cantigas de mal-dicer. Inda que non sexa poesía lírica debeu ser moi interesante pol-o seu outro valor humano. Con todo é un libro maravilloso que un lé unha vez i-outra cada vez con mais sorpresa e con meirande feitizo. Eu estou maravillado co il. Denantes non podía sospeitar o sorprendente da nosa poesía do medievo. Parece mentira que non houbera antes un libro así.

O que me parece unha desgracia é a antoloxía do Varela Jácome. Libros d’esa calaña desprestixian unha literatura por moi boa que esta sexa. A antoloxía esta é moito máis lamentable aínda que a “Historia da literatura”¹⁴³.

Creo que está en Santiago Novoneyra. Teño anceios de falar co il.

Lin en “La Noche” que os rapaces do Colexio “Minerva” imprintaron un número mais da súa revista. Interesame por un traballo¹⁴⁴ de Mourullo sobor de Prieto Marcos. Si é posíbel agradeceríache me remesaran un exemplar.

Escribinlle ó “Borobó” preguntandolle pol-o meu “POEMA A COMPOSTELA” pois él prometeume faguer as xestíós con “Porto” para a súa edición. Non me respostou e, pol-o tanto, non sei en que quedaron as súas xestíós, nin sei se as fixo tan siquiera.

E ren mais. Saúdos a Isabel, García Sabell, Don Ramón, Luguís e demais amigos, cunha aperta fraternal pra ti de

Manuel María

(Lugo, 24-IV-1953)

¹⁴³ Suprimimos un breve exabrupto que vén a continuación.

¹⁴⁴ Gonzalo Rodríguez Mourullo, “M. Prieto Marcos e os seus poemas en gama de gaita”, en *Vamos* (Santiago de Compostela, Colexio M. Peleteiro), nº4, marzo, 1953.

IX

Querido Manoel María:

Recibín a tua carta felicitándome pol-o da Academia. Agradézoche a felicitación pol-o que ten de refrexo da túa natural cordialidade, inda que o motivo, n-iste caso, non pode ser máis intrascendente. Xúroche que non hei de caer na tentación de poñer, debaixo do meu nome, “de la Real Academia Gallega”. Estou de acordo contigo en que ise “Real” organismo percisa dealento vivificador. O que xa non atopo tan atinado é que imaxines que a miña hipotética incorporación ó grupo nada reducido, por certo, dos numerarios, podería influir pouco nin moito na vida asmática da Academia.

Outros contemporáneos meus xa che están dentro, i-eu vexo que máis ben foxen de alí pra que non-os coma a cousa. Cando comencedes a chegar a ela vós os que agora sodes rapaces, que coincidirá co-a desaparición dos fósiles que hoxe abundan n-ela, será cando verdadeiramente se renovará o pulso da nosa Academia.

Mentres, o único bó que se pode facer é traballar, canto máis e máis seriamente, millor, e non preocuparnos moito d-ela.

Hoxe mesmo falei co Borobó. Facía moito tempo que non-o vía, porque estivo na cama co gripe. Pergunteille pol-a xestión que che prometera facer e díxome que inda non tivera boa ocasión por mor da sua doenza, mais semella disposto a cumprir a promesa.

Xa soupera de voso viaxe conxunto a Vilalba porque veu a noticia nos xornás. Alégrome moito de que o paseades tan animadamente como vexo que o ides pasando.

Novoneyra está eiquí, mais está hospitalizado e moi poucas veces o vexo. Teño no meu poder o seu libro “Os Eidos”¹⁴⁵, que é, pra o meu ver, un libro verdadeiramente fermoso.

¹⁴⁵ Foi o propio Piñeiro o impulsor da primeira edición de *Os eidos* (Galaxia, 1955), que leva ademais unha gabanciosa carta-prólogo da súa autoría. O libro está dedicado a Piñeiro e Maside.

Inda non vin a antoloxía¹⁴⁶ de Varela Jácome. Vexo que ti xa a conoces e témome que teñas razón nos xuicios que fas, inda que o ton correspóndase co-a fogaxe propia dos mozos.

En xeneral, tanto en Galicia como en Portugal fixeron xuicios semellantes ós teus no tocante á “Escolma de poesía galega”. Quizáis teñas razón ó botar de menos unha meirande mostra de poesía de escarnio e maldicer.

Ten en conta que ise é un mal caraiterístico de total-as antoloxías que se fixeron.

Pol-a nosa banda, temos mentes de o reparar oportunamente e adicarlle ó tema toda a importancia que ten de seu.

O libro de Fole¹⁴⁷ sairá axiña e quedará moi ben.

Estou moi ledo co-a súa publicación.

Ocupareime de que recibas o exemplar de “Vamos” que acaba de saír.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

(Compostela, 27-IV-53)

X

Meu querido amigo:

Por unha carta de Fole que recibín hoxe, entérome de que o Novoneyra volve a estar na súa casa do Caurel bastante maliño. A noticia prodúxome unha gran impresión. Como Fole escribeme dende o Incio, a súa información pode ser algo atrasada. Como ti seguramente estás ó tanto

¹⁴⁶ Alusión á escolma bilingüe *Poetas gallegos* (Santiago, Porto ed., 1953), obra que tivo unha moi negativa recepción entre escritores e críticos galeguistas (Fole, Carballo Calero, os mesmos Piñeiro e Manuel María ou Fernández del Riego).

¹⁴⁷ O libro é *Á lus do candil* (Galaxia, 1953), que representa o comezo da xeira de posguerra na narrativa foleana.

da marcha da saúde do noso bó amigo Euxenio, agradézoche moito que me poñas dúas liñas decíndome como vai.

Xa salíu o libro de Fole e axiña sairá o de teatro de Castelao. Tamén vai a salir neste mes un fermoso tomo cos “Escritos inéditos de Rosalía”, con un estudo do Naya.

Unha aperta moi forte do teu amigo.

Ramón

(Santiago, 13-VII-1953)

XI

A Ramón Piñeiro.

Santiago de Compostela.

Meu querido amigo : A saúde do Novoneira é excelente. Leva no Hospital Militar de Lugo dende o vintetantos do mes pasado. Engordou inda ben i—a súa curación total pódese dicir que é realidade. Por certo que cando veu do Caurel pro Hospital estivo un día compreto na miña casa facendome compañía, pois estiven, no mes pasado, us días na cama. Algún día chegoume a febre a cerca de 40º. Agora ando c’ unha cousa de intestino que me da inda ben guerra.

O día vintecatro ahí nos terás ós dous. Pensamos –si nos salen ben as contas que coido que si– saír no coche da mañán. Así que as once e pico xa estaremos en Compostela. Eu irei us días co crego de San Froilán ás Rías Baixas e despois ó Caurel onde pasarei –si logro o permiso do Abade, meu señor tío– a primeira decena do mes de agosto.

Xa sei que saliu o libro de Fole hai un mes. Pero a Lugo aínda non chegou nin sei cando chegará si é que chega. Salvador Fole díxome onte que da Tabacalera pidiran 25 exemplares contrareembolso que aínda non recibiron. O único fallo que ten “Galaxia ” é que eterniza a distribución dos libros. I–esto parece ben pouco comercial por certo. Esa parte –secundaria si se quere– ten tamén un gran interés. E pol–o tanto non debe descoidarse.

O domingo pasado estivemos o Novoneira e mais eu con Carballo Calero e díxonos que “Galaxia” iba editar libros dos sete poetas galegos representativos do intre actual. Si esto é posíbel gustaríame coñecer os nomes dos sete inmortales– sin ironía– que entrarán n’esa serie. Sete poetas– contando a Cunqueiro, Bouza i–Aquilino parecenme un bon número. Un número completo i– esato.

E nada mais.

Saudos cariñosos para eses amigos en especial Maside e Borobó e ti recibe unha forte aperta de

Manuel María

(Lugo, 14-VII-53)

XII

De Manuel María a Ramón Piñeiro

Meu querido amigo:

Hai tempo xa que maxinaba escribirche e, si non o fixen denantes, foi debido a que os líos me teñen demasiado ocupado. Por outra banda o escribir ós amigos –ós bos amigos– é sempre pracenteiro porque así fala un pouco co íles.

Esta tempada ando moi probe espritoalmente e pol-o tanto non escribin unha soia liña. Isto para min é tristeiro. Si che hei de decir verdade teño medo a craudicar: é decir a que o xuzgado poida comigo. Comenza un a deixarse ir e remata como un automata. I-unha vida así sería terríbel.

Estou ledo porque vai vir para Lugo o Novoneira. Vaise facer Mestre e Por-curador; o ben visto (sic) fará as praticas –eu chámolle adeprender o “oficio”– con Abelardo Delgado. Xuzga por ti mesmo. Ti podes maxinar a miña ledicia. Iste convivir casi, faranos ben os dous i-o xuzgado.

Matino facer us versos mais pro meu POEMA A COMPOSTELA¹⁴⁸. Os versos do Pórteco da Groria. Agora moi de tarde en tarde leo “La Noche” e

¹⁴⁸ Non tivo sorte con este poema, que tampouco foi publicado en *Grial*.

agradeceríache moito que, si publicasen algo sobre o Concurso do Ano Santo, mo dixeses, pois necesito moito os cartos; agora máis que nunca.

Hoxe coñocin, no Café España, a teu pai. E un home extraordinariamente simpático. Estivome amosando as súas habilidades grafolóxicas. Dixome que “Os vellos non deben de namorarse” lle gustara moito. Falamos de ti como é natural e máis de Isabel.

A final do Outono estiven en Ourense a falar de poesía. Coido que a miña conferencia gustou. O grupo “Xente Nova” agasalloume de todo corazón. É un grupiño interesante, moi interesante, que non convén descoidar. Ourense gustoume moito. Alí atopei a Otero, tan cordial como sempre.

Unha aperta a todos-os amigos, saúdos a Isabel e ti xa sabes

Manuel María

(Lugo, 17 do San Martiño, 1953)

XIII

Querido poeta amigo:

Recibín fai días a tua carta. Xa tiña coñecemento do teu viaxe a Ourense e dos éisitos que alí tiveches. O primeiro en mo comunicar foi D. Ramón e dispois varios amigos meus de Ourense. Como é natural, alegreime moito de que tiveras tanto éisito, incluso ó tratares de un tema tan pouco familiar como os “esmaltes”. Estou seguro de que ise teu contaíto¹⁴⁹ cos rapaces de Ourense repetirase e alongarase a outros pobos de Galicia sempre co mesmo éisito. Xa sabes que os poetas sempre atopan amigos en todas partes.

Xa estarei ó tanto de todo o tocante ó concurso poético do Ano Santo. Cando se teñan noticias certas, escribireiche de contado con detalles concretos.

¹⁴⁹ Froito desa relación foi a publicación do seu poema “Muiñeira” na revista *Posío. Arte y Letras* (Ourense, 1953, nº3).

Non podo crer que os teus pulos poéticos afoguen en prosa xurídica. Inda que leves tempo sin ganas de escribiros versos, cando menos o penses poñeraste a escribir un libro novo. Pol-o de pronto xa é un bó sinal que teñas o proeiro de facer o “Poema do Pórtico da Gloria” pra engadir ó “Poema a Compostela”.

Coido que o traslado a Lugo do gran poeta do Caurel será pra ti un bó motivo de ledicia, xa que, sendo como sodes os dous poetas novos de máis folgo lírico que temos en Galicia, a convivencia que xa comenzádes no servizo do Rey será estimulante pra os dous. Sobre todo agora que afrontades o conqurimento da “independencia económica” por camiños alleos ós da poesía, como é inevitabel e máis aínda nistes tempos. Agora teredes que pasar por isa nova “Parga”. Igual que soupéstedes sobrepoñervos alí, tamén eiquí vos habedes de sobrepoñer sen dano pra o voso alento poético. Xa verás como o teu pesimismo ha de ser momentáneo.

¿Que tal vai o “Cancioneiro do Caurel-Xistral”?

Unha aperta moi forte do teu bo amigo

Ramón Piñeiro

(Compostela, 24-XI-1953)

XIV

Meu querido amigo:

Acabo de me enterar de unha boa noticia que che quero comunicar de contado. O Centro Galego de Bos Aires acordou editar algúns dos libros premiados alá, ientre os escollidos pra seren publicados figura o teu libro¹⁵⁰ de versos. Como podes supoñer, eu alégrome moito de que o editen.

¿Que tal vai o teu “Poema do Miño”? Sería unha pena que non tiveras folgos dabondo pra lle dar unha perfeición formal a tono coa grandeza do tema. Ben sei que o pulo emocional non che ha de faltar, mais niste caso non

¹⁵⁰ Refírese ó poemario *Advento* (1954), publicado por Edicións Galicia do Centro Galego de Buenos Aires. Luís Seoane ilustrou a cuberta do libro, inscrito na liña da chamada Escola da Tebra.

abonda con soio a emoción. Compre que o poema teña o ritmo solemne e tranquilo, quizáis monótono, do Miño mesmo no seu decorrer, e isto non-o acadarás sin o concurso da forma.

Inda non che envíe o libro de D. Ramón que me pediras cando estiven ahí. Ando bastante atafegado e vai pasando o tempo sin poder atender a certas pequenas cousas que teño pendentes, entre elas o teu encargo.

Calquera día mándocho.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

(Compostela, 21-I-54)

XV

De MANUEL MARIA A RAMON PIÑEIRO

Meu querido amigo:

Remésosche os versos que me pides, do “TERRA CHA”. E remesosche mais dos que me pides para que ti escollas os que che parezan, e che parezan mais apropiados. Os outros poemas que teño inéditos son todos inda ben longos.

Había moito que non sabía de ti e íache escribir un día d-estes. O Novoneira sigue no Caurel. A min tamén me debe carta dende hai tempo. Tiña matinado, pol-o visto, vir a Lugo e estou arelando vel-o. Por un amigo meu do Caurel –e d-él– remeseille non hai moito tempo algúns libros, entre eles a TERCERA RESIDENCIA de Pablo Neruda que, como ti sabes, é pura dinamita; supoño que lle gustaría inda que nada me dixo do particular. N-outra remesa, si él non ven por aquí denantes, matino en remesarlle o libro¹⁵¹ de Bálgora sobor da poesía gallega contemporánea; a chea de disparates que ten cecais o divirtan moito como me divertiron a min. Eu

¹⁵¹ Referencia ao libro *Poesía gallega contemporánea*, de Ramón González-Alegre Bálgora. Pontevedra: Gráficas Torres, col. Huguín, 1954. O xuízo de Manuel María é tan visceral e hiperbólico, tan carente de argumentacións e descualificador como o que dedica ao libro de Benito Varela Jácome citado na carta nº II, de 24/IV/53.

coidei que o Bálgoma non era tan tolo nin tan dispartado. Se sigue así haberá que metelo nun manicomio, pois calquer día será capaz de lle prantar lume ó porto de Vigo.

Do Centro Pontevedrés de Bós Aires, recibín, onte precisamente, un número de “Opinión Gallega”, adicado ó 4º cabodano de Castelao. Ali vin un traballo teu i-outro de Lugrís, entre outros mais. I-esta é a única noticia que teño de América: non sei nada do ADVENTO nin do TERRA CHA que un amigo do Centro Lugués me prometeu imprimir pronto. Supoño que non tardará en fallarse o Concurso do Centro Galego de este ano, pol-o que teño curiosidade, pois aledaríame moito que lle deran a Puriña o premio de poesía que ben merecido o ten.

Eu apenas traballo nada. Ando a correxir i-aumentar o MAR MAIOR que remesarei pro ano a Bós Aires. O “Poema o Miño” teño parado completamente, de momento tal e como ti o coñeces ou pouco mais. Non poido co verso crásico que é como quería facer este poema. Por outra banda como non é fácil publicar é igual que o teña ou non rematado.

O “Poema a Compostela”, está tamén durmindo. Pol-as trazas que hai non deben xa de convocar o concurso. De non ser así conviña publicalo, pois, ó meu entender, esta é a gran ocasión. Hai tempo que lle escribin n-iste senso ó Varela Jácome, que tivo a fineza de non me responder. Escribinlle porque él debe ser amigo de Porto que podería ser moi ben o editor.

Nada mais. Saúdos a Isabel i-os amigos d-esa en especial a Maside, Lugrís, D. Ramón e Borobó.

Unha forte aperta do teu bó amigo,

Manuel María

(Lugo, 10-IV-1954)

XVI

De Manuel María a Ramón Piñeiro.

Meu querido amigo: Heme grato remesarche “O libro dos amigos”, de Don Ramón que, a decirche verdade, decepcionoume algo. De todos xeitos quédoche moi agradecido.

Por Lugo chove moito, inda que non fai moito frío. A choiva obrigalle a un a estar mais horas na casa ou no café.

Agradeceríache –e perdona tantas molestias– me remesaras a dirección d-ese libreiro de Madrí que recibe os libros que impronta o Centro Galego de Bós Aires.

Hai xa varios meses que non sei nada do Poeta do Caurel. Debeme carta, i-estráname o seu alongado silencio. ¿Sabes algo d-él?

E nada mais. Saudos a Isabel i-os amigos, c’unha aperta para ti

Manuel María

(Lugo, 1º de Febreiro, 1955)

XVII

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo: Heme moi grato remesarche a fotografía de Crecente Vega, pra o arquivo de “Galaxia”. Non sei si estará moi crara para reproducir, mais un bó fotógrafo supoño que poderá facer unha reprodución como conveña.

En canto ó libro¹⁵² inédito de Crecente está en poder d’un irman que é Mestre de Escola en Asturias. Di que non ten ningún inconveniente en dar os orixinás que ten no seu poder con tal que lle dén garantías de publicalos con seriedade e dinnidade. Don Froilán tratao moito. Cando ti veñas por Lugo será cousa de falar con Don Froilán para ver as posibilidades que hai.

¹⁵² Pode tratarse da segunda edición de *Codeseira*, que viu a luz en 1965.

Toda esta tempada estivo en Lugo, Novoneyra. Onte saíu pra Cruña pero terémolo eiquí mañá ou pasado mañá, de novo.

Un destes días pasados recibín un número –o dez– da revista portuguesa “4 Ventos” que trai o meu “Auto do Taberneiro”, si dispuxera dun exemplar remesariacho.

Pró próximo mes de San Juan irei a Monforte dar un recital.

Hai poucos días que me escribiu o Costa Clavell comunicándome que estaba a saír unha monografía sua sobre a literatura galega aital na colección “Temas españoles”. Será cousa de vela.

Sáudos moi garimosos a Isabel i os amigos composteláns, cunha forte aperta pra ti de

Manuel María

(Lugo, 24-V-1957)

XVIII

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Meu querido amigo: Recibin onte ó meiodía o recordatorio de Peña Rey. Agradézocho de corazón. Nin siquer sabía que se había finado. Foi unha nova ben tristeira pra min. Eu había coincidido co él, e incluso xantado xuntos, en Ourense i en Compostela, en mais dunha ocasión. Tiña ganado a miña estima i o meu afecto.

Sentín de verdade que este vrau pasado non viñerades Isabel e ti a Outeiro. Contaba seguro de ir a Ribadeo. Gamallo¹⁵³ prometerame levarnos

¹⁵³ Dionisio Gamallo Fierros (Ribadeo, 1914-Madrid, 2000). Escritor e asiduo colaborador na prensa de Madrid. Desempeñou gran parte do seu labor docente en institucións da capital, como por exemplo, o Instituto Ramiro de Maeztu ou o Lope de Vega. Investigou en profundidade ós grandes clásicos da literatura galega do Rexurdimento, Rosalía de Castro e Curros Enríquez. Foi premiado en varias ocasións, tanto en Galicia como en Hispanoamérica. Algunhas das súas obras son: *Gustavo Adolfo Bécquer: páginas abandonadas* (1948), *Vida y obra de Ramiro de Maeztu* (1953) ou *¿Luz sobre la Negra Sombra?* (1975).

a Novoneyra i a min co gallo do homenaxe ó “Viejo Pancho¹⁵⁴”. E quedou de me escribir. Como non me escribiu non fun. Eu quixenche escribir a tí e non o fixen por non saber as tuas señas en Ribadeo. Mais tarde decateime que lle puiden escribir a Cortezón¹⁵⁵ e que te avisara. Pero no intre non caineso. Agardo que veñades pro ano.

Soupen que estiveras en Lugo polo San Froilán. Cando te quixen ver xa marcharas.

Estes días anda por aquí Cortezón.

Recibe unha forte aperta, con saudos moi garimosos pra Isabel

Manuel María

(Lugo, 21 de Outono de 1957)

XIX

De MANUEL MARÍA a RAMON PIÑEIRO

Querido Ramón: Non nos esquencemos que mañá é o día do teu santo e tanto Saleta como eu queremosche remesar a nosa felicitación mais cordial e verdadeira.

Istes días andivo por Monforte o Novoneyra. Está moi delgado, xa que botou os caseiros i está íl de “goberneiro maior” da súa casa. Xantou un

¹⁵⁴ Refírese aquí ao escritor de orixe lugués José Alonso y Trelles Jarén (1857-1924), máis coñecido como “El Viejo Pancho”. A edición máis recente que coñecemos é a do Centro Ramón Piñeiro, titulada *Paja Brava del Viejo Pancho e outras obras de José A. y Trelles* (1998), a cargo de Gustavo San Román.

¹⁵⁵ Daniel Cortezón (Ribadeo, 1927-Lugo, 2009). Escritor e dramaturgo que desenvolveu a súa angueira literaria de xeito autodidacta, combinada co seu traballo de boticario. Trasládase primeiramente a León e de seguido a Madrid, onde colabora na revista *Auxiliares de Farmacia*, da que chegou a ser redactor xefe. Recibiu, entre outros, o Premio Vilar Ponte do Centro Galego de Bos Aires pola obra *Prisciliano* (1961) e o Premio “Santiago Rusiñol” do X Festival de Teatro de Sitges por *Pedro Madruga* (1977), galardóns que amosan o seu meritorio labor no eido da dramaturxia. Entre as súas obras destacamos *O espírito de Galiza* (1955), *As covas do rei Cintolo* (1956), *Teatro e Nacionalismo* (1984) e a tetraloxía dedicada a Castelao.

día connosco e pasamolo moi ben. Díxome que tiña degaros de dar unha voltaíña por Compostela.

Ista tempada escribín inda ben versos que andan a dormir no fondo do caixón.

E namais. Un saúdo garimoso pra Isabel cunha forte aperta pra tí de
Manuel María

Saleta

(Monforte, 30-VIII-1959)

XX

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Meu querido amigo: Recibín onte a tua carta i heme moi grato cumprir o encargo que nela me fas. Dille a Silvio que o verei con moito gusto por Monforte e que xa me puxen a traballar no poema. E unha cantiga que non che remeso porque teño que darlle aínda algún retoque. Si ven a Monforte recoller o autógrafo meu e logo vai ó Caurel acompañareino con moito gusto.

Remesoche ises poemas de TERRA CHA. Ando refacendo no libro. Teño vinte poemas novos ou así, dos que che remeso isa mostra. Dirasme que che parecen.

Ando loitando por sacar novamente a colección “Xistral”. Pedín xa presupuesto nunha imprenta de eiquí e coido que se poide facer polo precio. O peor é que fan falla cen suscritores para que poida manterse. Escribin unha carta aberta pró Director de “Vida Gallega” haber (sic) si a publica na revista e se fai dese xeito algún suscriptor. O primeiro número que penso sacar é un vello libro de versos de Fole. E namais. Saudos de Saleta e meus pra Isabel e pra tí, cunha aperta do teu amigo

Manuel María

(Monforte, 31 de Outono de 1959)

XXI

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Meu querido e lembrado amigo: Non nos esquencemos que mañán é o San Ramón, e queremos facerche chegar os nosos desexos de que sexa un día moi feliz pra vós.

Por Monforte non hai novidade. Hai quince días atopamos eiquí a Puriña, que viña de Ferreira, pero non se quixo quedar connosco aínda que a convidamos de corazón.

Vai habendo preitos e prometeronnos unha casa nova. Saleta está moi leda.

E namais. Con saudos de Saleta pra Isabel, ós que uno os meus, e mais pra tí, recibe unha forte aperta do teu amigo

Manuel María

(Monforte, 30-VIII-1960)

XXII

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Meu querido e lembrado amigo: Recibín a tua carta que nos encheu de ledicia, por ter noticias vosas.

En canto a miña obríña de teatro forma parte dunha trioloxía que, de representarse, pensei en que se representara xunta. Entre as tres pezas que forman a trioloxía coido que dan unha representación normal. Esta trioloxía está composta polo AUTO DO TABERNEIRO, pubricado na revista “4 VENTOS¹⁵⁶”, no seu número 10, o AUTO DO LABREGO i o AUTO DO MARIÑEIRO. O AUTO DO LABREGO levouno, pra dar en “Céltica”, Oliveira Guerra cando estivo no Vran pasado na miña casa. Con todo, i eu aledaríame moitísimo de que así fora, poidese dar nise tomo de que tí me

¹⁵⁶ Referencia a *4 Ventos*, “Revista lusíada de literatura e arte”, editada na cidade de Braga entre os anos 1954 e 1960. Nestas páxinas tiveron cabida textos de Manuel María, Bouza-Brey, Pura Vázquez, Gonzalo López Abente, Aquilino Iglesia Alvariño, Victoriano Taibo, Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro e os irmáns Carré Alvarellos, entre outros.

falas. Non sei si sairá “Céltica” ou non. Ante as dificultades que lle xurdiron a Oliveira non sei si voltará a saír. Ademais Oliveira ten unha saúde moi fleve. No mes de Marzal estivo na miña casa de Monforte Novoneyra e levou esta trioloxía pra ver as posiblidades de representación e non soupen mais. Quen debe ter outra copia dista trioloxía é Emilio Alvarez Blázquez. Con todo eu farei a[s] copias que me pides das tres pezas e levareichas pró Santiago. Si non é posíbel publicar as tres obras xuntas, polo menos que se imprinte o AUTO DO LABREGO coas premiadas en Lugo.

Ademais dista trioloxía levareiche dúas cousas que teño tamén de teatro: un BARRIGA VERDE, farsa pra facer con máscara, e un EDIPO, traxedia en tres actos. O EDIPO está no Concurso do Centro Galego de Bos Aires, que supoño estará a fallarse. O EDIPO gustalle moito a Saleta. [Convén non falar dél deica que se seipa o fallo]¹⁵⁷.

Non hai moito estivemos en Ourense i alí dixeronnos da ida de Cunheiro pró FARO. Coido que é unha boa cousa.

Oxe fixen un comentario do libro de Aquilino publicado en SALNÉS, pra VIDA GALLEGA. E neste número coido que sairán os comentarios meus as tres derradeiras publicacións de “Galaxia”: “LERIA”, LONXE E PERTO DE NOS i o de Castelao. Por certo que en vez de remesarlle os libros a Iglesias podíadesmos remesar xa a min directamente i eu remesaría o comentario a revista. Istes libros en maus de Iglesias –dito entre nós– non coido que lle sirvan de nada. Tamén eu remesei un libro a SALNÉS. É o MAR MAIOR moi revisado i ampriado, que estivo tamén na colección “Rodríguez del Padrón”. Ista nova versión ten poemas do ano 54 ó 60.

Os do “Galo” remesáronme a invitación. Foi unha pena que non fixeran isa esposición polo Apóstol. Por certo que me escribiu Arcadio dicíndome que ise grupo ía comenazar pró curso que ven unhas actuacións teatrales. Pró mes que ven temos a Arcadio invitado a pasar os días connosco.

Saco deixounos novamente SEMPRE EN GALIZA. Eu relino nestes días. É un libro que é preciso ter. Agora anda Saleta a ler níl e está entusiasmada. ¿Cómo se podería facer ún co un exemplar?

¹⁵⁷ Frase escrita a man.

E namais. Saleta i eu remesamos saudos moi garimosos pra Isabel e pra tí. E desexamos moito ollarvos pola nosa casa. Pró Setembro prometeronnos unha casa nova do trinqué. Haber (sic) si é verdade, pois a ista só podemos traer a xente de moitísima confianza.

Unha fortísima aberta do teu sempre amigo.

Manuel María

¿Cando salen o CANCIONEIRO DE ESCARNIO? Estou impaciente por lelo. Outra aberta

(Monforte, día de San Xohan de 1961)

XXIII

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Meu querido e lembrado amigo: Recibín a tua derradeira carta que nos encheu de ledicia. Non che escribín denantes xa que fumos pasar o San Pedro a Ourense, ó pe de meu sogro e logo os primeiros días diste mes estivemos en Outeiro de Rei. En Ourense vimos a exposición que tiña o escultor Baltar no Museo, e pareceunos moi ben. Tamén estivemos con Risco e con Tovar, Prego, Xocas, etc. Por certo que o Prego prepara outra exposición que ten que estar a inaugurarse.

Teño copiadas as cousas de teatro, incluso o EDIPO, do que aínda non sei o fallo. Levareiche todo iste material pró Santiago.

Agora un favor: agradeceríamosche que nos tiveras arranzado aloxamento. Nós pensamos en Cás Enrique, que está na Rua do Franco. Si nisa casa non teñen sitio, haber (sic) si nos comprometes un sitio cómodo e barato. Case preferíamos só a cama. O importante é que sexa céntrico. Este encargo facíallelo sempre ós Parcero, pero sempre nos percuraban aloxamento polo fondo do Camiño Novo. Eu cando estaba solteiro non me importaba andar mais ou menos, pero agora sí, xa que teño que contar cos tacós de Saleta. Pensamos chegar a Compostela o Sábado 22 no tren que vai de Ourense que chega ahí sobor das nove e media ou dez da noite. E pensamos estar a noite do 22, do 23, do 24 e do 25.

Arcadio quedou de vir polo 15 ou así. Pero hai tempo que non me escribe. Saco díxome que iban poñer polo Apóstol o ORESTES. Eu teño moitas ganas de velo

Saleta sigue lendo SEMPRE EN GALICIA. Oxe díxome que nunca lera un libro que lle gustara tanto. Eu ando a ler os inéditos de Pondal. Estou admirado do que traballa –e do ben que o fai– Carballo Calero.

Con saudos moi garimosos de Saleta pra Isabel e pra tí, recibe unha forte aperta do teu amigo,

Manuel María

(Monforte, 8 de Sega de 1961)

XXIV

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Noso querido e lembrado amigo: Moitas gracias polo teu encargo, que compriche moi ben. Fixencho a ti porque eres a persona de mais confianza que trato en Santiago. Isto antes facianmo os Parceros pero sempre, inanque llo advertira, sempre tiraban por nós pró seu barrio.

Recibín carta de Arcadio e aínda non fixa a data da súa vida a Monforte. Nós estamos desexando que veña.

Tamén recibín unha conferencia sobor de Castelao de Carlos Abreira¹⁵⁸ que me gustou.

E namais. Deica pronto.

Con saudos garimosos de Saleta e meus pra Isabel e pra tí, recibe unha forte aperta do teu bó i agradecido amigo

Manuel María

(Monforte, 13 de Sega de 1961)

¹⁵⁸ Refírese aquí a “Vixencia de Castelao nas novas xeracións galegas”, conferencia pronunciada por Carlos Abreira Cela (Bos Aires, 1936) no Centro Coruñés de Montevideo o 7 de xaneiro de 1961.

XXV

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo: Tanto Saleta como eu agradecémosche moitísimo que nos remesaras a foto que Fole nos fixo en Rianxo. Saímos todos mui guapos e moi ben. Estamos moi ledos co ila. E sobre todo, Saleta.

Non che respotei denantes porque ando inda co ben traballo: as clases i ademais apareceron algús pleitos. Tamén andiven a voltas con dous libros pra lle remesar a “Celta”: o vello LIBRO DE PREGOS, que xa está na censura, e mais a segunda edición dos CONTOS EN CUARTO CRECENTE que me pidiu o da “Celta”. Agora chámase: “CONTOS EN CUARTO CRECENTE I OUTRAS PROSAS” e vai moi correxido e aumentado con dous contos completamente inéditos. Según carta que oxe recibín do editor tamén o remesou a censura. O Libro de Pregos será tipográficamente igual ó de Arcadio.

Parece que o grupo “O Galo” quer lér pubricamente o meu EDIPO. Arcadio díxome polo San Froilán que a letura sería ó comenzo do mes de Santos. Pero aínda non me dixeron nada. Supoño que seguirán coa intención de lelo. Si a letura se leva a remate, irei con Saleta a escoitala.

Oxe recibín o “SALTERIO DE FINGOY”, de Carballo. A “Salnés” está mui ben. A mín, en xeneral, gústame a poesía de Carballo, pero iste libro non me chistou tanto como os outros seus. O que pasa é que eu ó mellor agardaba outra cousa. Unha das grandes virtudes que ten Carballo, ó meu xeito de ver, é, precisamente o seu intelectualismo. Na hestoria da nosa lírica non hai un poeta que poidamos chamar intelectual ou cerebral da categoría de Carballo. Pero niste libro esaxera tanto o seu intelectualismo como o seu cerebralismo. Con todo, os versos non están nada mal.

Agora temos unha casa mais comprida. Praceríanos moito que viñerades pasar us días connosco, cando remates o traballo do Dicionario. Dariadesnos unha gran ledicia.

Eu nunca ollo A NOITE eiquí. Un procurador de eiquí díxome que ahí atrás saíu na NOITE unha cousa sobor de min. E non a vin. Non é que me importe moito, pero si algunha vez ves algunha cousa que se ocupe de min agradeceríacha.

Con saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel e mais pra tí, recibe unha forte aperta do teu amigo

Manuel María

(Monforte de Lemos, 27-X-1961)

XXVI

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Meu querido e lembrado amigo: Recibo a tua carta hai us intres e respondo a ela seguidamente. En primeiro lugar encheunos de ledicia o saber de vós i as boas noticias que nos das de todas isas publicaciós tan intresantes. O importante é facer cousas nosas.

En canto ó AUTO DO MARIÑEIRO, como che dixó Arcadio, está pra dar en CÉLTICA. Hai tempo que non teño noticias de Oliveira Guerra e non sei si comenzaría xa a compoñelo, pois hai que ter en conta que o derradeiro número da revista saíu polo Santiago e debe estar, coido eu, a saír o próximo. Si tedes moito intrés por íl, primeiro sodes vós, ó recibir a tua resposta escribiríalle sin perder tempo, pra que o suprima e dalo en GALAXIA onde me fai moita ilusión editar e onde, practicamente, non pubriquei nada. Penso que ise tomo colexivo de teatro será unha gran cousa. Os AUTOS son vellos escritos meus que considero superados oxe. Eu propoñíavos o BARRIGA VERDE do que debes ter tí unha copia, que considero moito mellor que os AUTOS. Si ti non tes copia, ten unha Arcadio que che pode facilitar. Como as cousas que van nise tomo son de calidade, dado os autores que níl colaboran, i algunha obra –o ORESTES– que eu coñezo parécese moi boa, non quixera que a miña colaboración desentoara, de non poder acadar o meu orixinal a categoría dos outros. Dime que che parecen istas razóns, que coido se deben ter en conta. Ti tamén coñeces o EDIPO, que é tamén unha obra premiada. Si non vos parece moito o seu texto coido que

podía ir nise volume. Todo isto deixo a tua escolla. Si te decides, por fin, en escoller o AUTO DO MARINHEIRO, comunicamo a maior brevedade pra llo decir a Oliveira Guerra.

Novoneyra estivo poucos días en Monforte. Pasou con nós un Domingo enteiro. Eu aledeime moito de velo.

Tamén lle escribin istes días a Arcadio. Anda o home impresioado polo seu libro. A cousa non ten importancia. Penso que incluso é un ben. Eu remeseille os versos que teño feitos con temas de Nadal.

A CELTA xa recibiu da censura aprobado condicioalmente o meu LIBRO DE PREGOS que pensa editar axiña coas mesmas características do libro de Arcadio.

Está en Barcelona Ramón Fernández Mato. Dime que non comunique a sua volta. Non se astreve a vir a Galicia deica a Primavera, pois tenlle medo ó noso Inverno.

Onte recibín carta de Paco del Riego dicíndome que darán o próximo ano, na SALNÉS, o meu MAR MAIOR, que estivo na colección de Ceta e que reformei e modifiquei. É un vello libro ó que lle quero.

Ista tempada traballo moitísimo e non teño tempo a nada. Entre as clases i a profesión non me poido mover. Con todo aínda tiven tempo pra escribir novos versos.

Estamos deseando que fagan a lectura do EDIPO e facer unha escapadiña a COMPOSTELA. Nos derradeiros días do ano iremos pasar o ano vello i o comenzo do que ven, como de costumbre, a Outeiro de Rei. Como vosoutros acostumbrades a ir por isas datas, aledaríanos moito coincidir con vós en Lugo.

Con saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel e pra tí, recibe unha moi forte aperta diste teu vello amigo

Manuel María

(Monforte, 2 de Nadal de 1961)

XXVII

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo: Recibín o recorte de LA NOCHE que che agradezo moito, xa que o que me deu o meu compañeiro Guillermo González estaba moi sobado.

Istes días estiveron eiquí, na miña casa, Massó¹⁵⁹ e Novoneyra. Onte andaban por Lugo.

Saleta está completamente reposta da sua gripe e polo tanto estou liberado dos traballos domésticos.

Agradeceríache moito me remesaras un exemplar da tradución de Horacio¹⁶⁰ feita por Aquilino e que editou o I. P. Sarmiento. Ahí supoño que haberá exemplares. Coido que o mellor xeito é que avises na Administración do P. Sarmiento e que ma remesen contrarreembolso.

Moitas gracias por todo.

Con saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel e pra tí, recibe uha forte aperta do teu amigo

Manuel María

(Monforte de Lemos, 2-II-62)

¹⁵⁹ Enrique Massó Bolívar (Bueu, 1929-Vigo, 2015). Fillo de Gaspar Massó, coñecido conserveiro que tivo fábricas en Bueu e Cangas. Interesado pola arqueoloxía, foi colaborador das revistas literarias *Céltica* (Oporto, anos 60), que tirou catro números e acolleu a numerosos escritores galegos, e *Papeles de Son Armadans* (Palma de Mallorca, 1956), fundada e dirixida por Camilo José Cela. Defensor da tese do “Colón galego” na súa monografía *Retrouso a Colón*, de 1960.

¹⁶⁰ Aquilino Iglesia Alvariño elaborou unha tradución das *Odas* de Horacio ó galego, que foi editada en 1951 polo Instituto Padre Sarmiento.

XXVIII

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Meu querido e lembrado amigo: Recibín o libro de Aquilino. Moitas gracias pola tua xentileza, aínda que sinto, de verdade, que te molestaras en regalarmo. Con todo é unha boa fineza que che agradezo moi de corazón. Ando a lelo. O galego é unha maravilla. Coido que a tradución é moi boa. Teño todos os libros de Aquilino a non ser o CORAZON AO VENTO.

Oxe fai anos que morreu Pimentel. Onte estiven a releer os seus poemas.

Non sei cando sairá o LIBRO DE PREGOS. Hai xa perto de un mes que están correxidas as probas. Agora coido que non tardará en ver a luz. Despois editarán os CONTOS.

Con saudos moi garimosos de Saleta, que corresponde ós vosos, e meus pra Isabel e pra tí, recibe unha forte aperta do teu bó amigo

Manuel María

(Monforte de Lemos, 13-II-1962)

XXIX

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Meu querido e lembrado amigo: Molestote unha vez máis pra che pedir un favor si é posíbel. Xa sabes que me intresa moito a vida i a poesía de Crecente Vega. Pois ben: teimo, co tempo e demoradamente, escribir un estudo sobor da súa vida e da súa obra. Pra iso ando recollendo datos. Intresame especialmente unhas artigos que sobor díl escribiu Iglesia Alvariño que son os mellores que sobor de Crecente se escribiron, según me dixo Paco del Riego. Eu non sei cando se publicaron nin onde. Como tí tratas a algún dos fillos de Aquilino, agradeceríache falaras co íl sobor do particular e, si fora posíbel, me fixeran unhas copias dises artigos ou ben mos remesaran coa solemne promesa de que, unha vez copiados, eu llos devolvería o máis axiña posíbel. Tamén sospeito que Aquilino e Crecente se cartearon. ¿Poderíanme facer copia disas cartas ou polo menos das máis intresantes? Agradeceríache

moito istas xestiós perto dos fillos de Aquilino ós que eu non trato e que nin siquer coñozo.

Ainda non saiu o LIBRO DE PREGOS¹⁶¹. Supoño que non tardará. Conta, como é de lei, co teu exemplar.

Con garimosos saudos de Saleta e meus pra Isabel e pra tí, recibe unha forte aperta do teu amigo

Manuel María

(Monforte de Lemos, 21-IV-1962)

XXX

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Meu querido e lembrado amigo: Recibimos o voso agasallo das “Obras completas” de D. Ramón Cabanillas, que vos agradecemos moi de corazón. Saleta principalmente é unha verdadeira devota da poesía de Don Ramón. I eu tamén.

Supoñemos, aínda que non nos decides nada, que recibistedes os meu “Contos”.

Istes días estivo eiquí Massó. Cenou unha noite connosco.

Pró día 26 do corrente virá Arcadio dar unha conferencia a Monforte. Eu serei o presentador.

E por oxe namais.

Con saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel e pra tí, recibe unha forte aperta do teu vello i agradecido amigo

Manuel María

(Monforte de Lemos, 17-I-63)

¹⁶¹ Aparece en Ed. Celta, Lugo, en 1962. O poemario, que consta de trinta poemas, recibira o Premio Pondal de poesía do Centro Galego de Bos Aires en 1954.

XXXI

Sr. D. Ramón Piñeiro
Compostela

Querido e lembrado Ramón: Tanto Saleta como eu desexamos que teñas, na compañía de Isabel, un día do teu santo moi feliz e que, durante moitos anos, poidades repetir ista festa con saude, paz e fortuna.

Oxe e mañá coidamos cambiar de piso. Imos pra casa na que viviu de neno o Moncho Patiño. Estamos moi ilusionados co cambio. É un terceiro piso cunhas vistas moi boas. Así que nos acomodemos níl, que será dentro dunha semana, podíades vir pasar unhos días con nós. O mes de setembro en Monforte ordinariamente é maravilloso. Polo menos a min é o que mais me gusta. Todo é cuestión de que vos animeades. Tanto Saleta como eu recibiríamos unha ledicia moi grande coa vosa visita.

A mediados de mes estivo eiqui Novoneyra de paso pra Madrid. Díxome que no próximo mes saía, editado pola “Celta” o libro de poemas¹⁶² de María Mariño. Eu estouno agardando con impacencia.

Con saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel e pra ti, recibe unha aperta moi cordial do teu vello e bó amigo

Manuel María

(Monforte de Lemos, 30-VIII-63)

XXXII

De MANUEL MARIA a RAMÓN PIÑEIRO

Meu querido e lembrado amigo: Agradezoche moito a xentileza que tiveche comigo ó me remesar a separata que preparou o ilustre Rodrigues Lapa coas cantigas de D. Lopo Lías, poeta que eu non coñecía e que me aledo moito de haber trabado coñecimento co il.

¹⁶² Trátase de *Palabra no tempo* (1963), de María Mariño Carou, poemario prologado por Otero Pedrayo.

Nós viñemos moi ledos de Compostela. A cea do Hostal coido que é algo que non esquenceremos na vida. E tampouco as verbas de Vidán¹⁶³ e mais de don Ramón. Foi todo verdadeiramente inolvidabel. Estamos desexando que pro próximo ano se volte a repetir.

Tanto Saleta como eu recibiríamos unha gran ledicia si viñerades pasar unhos días con nós a ista vosa casa. Agora no Vrao cecais vos sexa doado o facer unha escapadiña. Por outra banda é doado que a cociña de Saleta non che esfargalle o estomago. Fariamoslle ter en conta o teu rexime de comidas. ¿Qué che parece?

Desexo moito lér as obras que premiaron. Teño especial intrés pola de Xohana¹⁶⁴ e pola de Bernardino¹⁶⁵. A miña, como sabes, é moi cortiña e non tiña espranza ningunha. Saleta está moi ilusionada co galo xa que Martínez Risco lle dixo que a metade era dila pois son bés gananciales. Eu agora ando moi ilusionado matinando outra obra de teatro longa. O tema xa o teño e caseque tamén a división das xornadas e incruso das esceas. Só me falta escribila e que me salla ben.

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel e mais pra tí, cunha moi fonda aperta do teu vello i agradecido amigo,

Manuel María

(Monforte de Lemos, 29-V-64)

¹⁶³ Manuel Vidán Torreira (Santiago de Compostela, 1924). Catedrático de Latín de Ensino Medio. Historiador e filólogo. Tradutor de Platón e colaborador do proxecto de tradución da Biblia ao galego. Colaborador de *La Voz de Galicia*. Integrante da chamada Xeración de Festas Minervais a carón de X. L. Franco Grande, Rodríguez Mourullo ou Ramón Lugrís.

¹⁶⁴ Alusión á peza teatral *Un Hotel de Primeira xunto ó Río* (1964). Premio Castelao.

¹⁶⁵ Debe tratarse, de acordo coa data da carta, da primeira tirase da edición de *Profecía do mar* (2ª ed., 1966). Téñase en conta, porén, que en 1962 o escritor publicaba en Galaxia a peza teatral *Vinte mil pesos crime*. En calquera caso, ningún dos títulos citados recibiu ningún premio.

XXXIII

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Meu querido e sempre lembrado amigo:

Recibín a tua carta que, como tódalas tuas, nos encheu de ledicia, i agradézcoche a felicitación polo premio de París.

En canto ó meu traballo encol da poesía de Celso Emilio Ferreiro¹⁶⁶ parecenme moi ben as chatas que ti lle pós e tés, dende logo, a miña complacencia pra facer todas esas supresións que tí me dices na tua carta. O traballo foi escrito hai xa un ano, e pensaba publicalo na “Céltica”, pois o Oliveira tiña de mentes o voltar a publicalo e sacar en cada número un estudo encol da obra dun poeta galego vivo. Despois do de Celso Emilio tiña pensado pedir a un escritor galego un traballo encol da poesía de Pura Vázquez.

Nós iste ano non fomos ó san Froilán. E coido que xa non iremos. Estes días están nubrados e non nos apetez saír de Monforte con iste tempo. Pero aínda que non iremos ó San Froilán, andivemos dende o 21 ó 30 de Setembro por Portugal. Levounos no seu auto o dono da casa na que vivimos a Saleta e mais a min. Vimos Porto, Figueira da Foz, Leiría, Lisboa, Estoril, Cascaes, Cintra, Alcobaza, Minde, Fátima, Batalha, Coimbra, Braga e Viana do Castelo. Foi un viaxe maravilloso e moi cómodo. Merquei us cantos libros de poetas portugueses, sobre todo clásicos, e algunhas das edicións anotadas por Rodrigues Lapa. Dos modernos trouguen varios libros de Torga cos que estou verdadeiramente entusiasmado. Non só cos “Novos contos da Montanha”, senon tamén cos seus libros de versos: “Lamentação”, “Odes” e “Alguns poemas ibéricos”. A Saleta tamén veu verdadeiramente engaiolada i endendiase moi ben cos portugueses. Coido que lle quedaron anxeios de voltar novamente. A min tamén.

En canto ó meu vello POEMA A COMPOSTELA, penso que podería meter níl o “Salmo” que saíu no segundo número de “Vieiros¹⁶⁷”.

¹⁶⁶ “A poesía galega de Celso Emilio Ferreiro”, en *Grial*, nº6, 1964. Primeira das catro colaboracións de Manuel María na revista.

¹⁶⁷ *Vieiros*. “Revista do Padroado da Cultura Galega do México”, nº2. Desta revista hai unha interesante edición facsimilar (Ed. A Nosa Terra, 1989).

¿Qué che parece? Coido que pasará. Tamén hei de mirar o xeito de mellorar a cantiga que vai no meio do libro. Cando o logre remesocha. ¿E ise prólogo?

Agradézoche tamén as noticias que me das. Do Bernardino tivemos unha tarxeta dende Luarca. Pero da Xohana Torres e de Silvio Santiago había moito que non sabiamos nada. Dende o mes de Maio diste ano non voltamos a ter mais noticias de Xohana.

Istes días pasados, concretamente o día catro, estivo por aquí o Novoneyra de paso pra Madrid. Díxome que pra Xaneiro ou así a “Celta”, de Lugo, sacaría “Os novos eidos”. E tamén me dixo que andaba cos derradeiros toques das “Elexías” pra remesalas a “Galaxia”.

No derradeiro número de “Grial”, que por certo gustoume de verdade, especialmente os traballos de García Sabell e de Rof, lín unhas poemas de Franco Grande¹⁶⁸ que non me gustaron nada e iso que os lín e volteinos a releer con toda benevolencia; pero o que mais me chamou a atención foi o prólogo que lle puxo a ises poemas. ¿A quen se referiría níl? ¿E por qué? Eu penso que todo o mundo coidaba que o Franco era poeta pero que abondou a publicación dises poemas pra demostrar publicamente que non o é. Polo menos isa é a miña opinión.

É de supoñer que o día 24 apareza por aquí Sixto, pois xoga en Monforte o Compostela.

Temos, como sempre, moitos desexos de dar unha volta por Compostela.

Con saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel e pra tí, recibe unha forte aperta diste teu bó e vello amigo,

Manuel María

(Monforte de Lemos, 8 de Outono de 1964)

¹⁶⁸ Trátase de “13 poemas”. En *Grial*, nº5, (1964).

XXXIV

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Meu querido e lembrado amigo:

Por correo arredado, remésoche a versión definitiva do POEMA A COMPOSTELA. Como ves, leva dous poemas mais de tema santiaguista, mellor que santiagués. Un diles é o “Salmo” que saíu publicado no número dous de “Vieiros”, de México. Cando teñas o prólogo, agradeceríache que mo remesaras. Non esquezas de dicir que o libro foi escrito xa no ano 1952¹⁶⁹. ¡Xa choveu dende entón! Vai o orxinal e dúas copias mais pra remesar a censura.

Tamén che remeso unha copia, aínda que deficiente, pero que supoño que entenderás do “Terra Chá¹⁷⁰”. Eu quedei satisfeito diste libro. Dime que che parece. Mais adiante pensarei no xeito de sacar esta edición que coido definitiva.

E por oxe namais. Quedamos, tanto Saleta como eu, a agarda das vosas noticias.

Unha aperta moi garimosa de Saleta e miña pra vós os dous de

Manuel María

(Monforte de Lemos, 6, Santos, 64)

XXXV

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Meu querido e lembrado amigo:

Recibín a tua carta e quedo enterado de todo canto nela me dices. Agradaríame moito que tí me fixeras o prólogo do POEMA A

¹⁶⁹ Foi publicado no mesmo ano en Santiago de Compostela, edición non-venal.

¹⁷⁰ Poemario publicado por Editorial Celta, Lugo, 1954. Dez anos despois o poeta quere reeditalo, e así acontece en 1967, en edición moi aumentada do Círculo das Artes de Lugo. O libro chegaría ás oito edicións, precedido dun escrito de presentación da autoría de Ánxel Fole titulado “De par dun poeta”.

COMPOSTELA, sempre que che fora posibel. Tamén me gustaría que o libriño saíra en “Galaxia”¹⁷¹ o ano que ven, pois coido que, como é Ano Santo Compostelán, hai que aproveitar a oportunidade. O libro, como sabes, está inédito dende o 1952 e de publicarse non conviña deixar escapar ista data. Eu remeseille o orixinal, como sabes, a Isidro Conde e iste amosoullo a Sixto. Foron iles os que se puxeron en contaito con vós e fuche tí o que me dixeche, iste Santiago pasado, na tua casa de Compostela, que “Galaxia” o sacaría pró ano que ven. Eu nunca lle pedín nada ós de Galaxia. Confío de cheo nos homes que a dirixen. E si vos sirvo pra algunha cousa xa sabedes todos de sobra onde me tedes sempre a vosa disposición.

No derradeiro número da revista “Aulas”, que se edita en Madrid, e que aínda non vín, sai un traballo meu encol da moderna poesía galega. O Garcés¹⁷² xa me escribiu doéndose de que non o citara.

Xa lín as traducións dos seus poemas castelás que Castroviejo deu a “Salnés”.

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel, pra Sara e mais pra tí.

Recibe unha forte aperta do teu sempre bó e vello amigo,

Manuel María

(17-XI-1964)

¹⁷¹ Nin Piñeiro escribiu tal prólogo, nin o “libriño” apareceu en Galaxia, circunstancias que incomodaron moito ó poeta, xa daquela distanciado de Piñeiro e militante da UPG.

¹⁷² Miguel González Garcés (A Coruña, 1916-1989). Escritor bilingüe. Bibliotecario, poeta, antólogo, crítico e estudoso de temas literarios e artísticos. Deixou unha moi ampla obra xornalística, sobre todo nas páxinas de *La Voz de Galicia*, e colaborou en revistas como *Aturuxo*, *Alba*, *Atlántida* ou *Grial*. Polemizou con Méndez Ferrín ou Rodríguez Mourullo (entre outros) sobre o uso do castelán como elemento de exclusión (ou non) do ámbito da literatura galega.

XXXVI

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Meu querido e lembrado amigo:

Acuso recibo da tua carta que che agradezo moi de corazón. A tua primeira carta, en relación co asunto da edición do POEMA A COMPOSTELA é verdade que me produxo un certo desacougo, xa que si ese libríño non se publica no Ano Santo pérdese, ó meu xeito de ver, unha gran oportunidade de facelo. Eu contaba, despois do que me dixeche na tua casa de Compostela, que saliría fixo no ano que ven. Así o dixeran nunhas declaracións miñas que saíron en “La Noche” a comezos diste mes. Eu, cando lle remesei o orixinal a Isidro Conde, fixeno pensando en que fixera unhas xestións con Porto pra ver o xeito de sacalo. E foi íl e mais Sixto, me parece, os que faláron con “Galaxia”. Eu teño moita ilusión, isa é a verdade, en que “Galaxia” me sacara un libro. E aínda a teño. Eu nunca lle ofrecín ningún libro a “Galaxia” porque todos vós sabedes que teño obra dabondo inédita, entre a que están algunhas cousas de teatro, porque sei os compromisos que tedes. I ademais pensei que, si era e aínda o son, merecente de figurar entre o número de autores que “Galaxia” edita, vós me pediríades algunha cousa. O que pode ser moi ben é que a opinión que eu teña feito da miña poesía non responda a realidade. Aínda que hai “poetas” editados por “Galaxia” os que non lles envexo nada¹⁷³. Isto deixou en mín non direi un certo amargor pero sí unha certa decepción, xa que eu sempre, no pouco que son e vallo, sempre estiven e estou de cheo identificado ideoloxicamente con “Galaxia” e con todo o que representa. E fronte a varios escritores editados por vos ou que teñen colaborado en “Grial” sempre vos defendín en mais de unha ocasión e aínda vos seguirei defendendo. Incluso houbo quen supuxo que eu debía de estar resentido contra vós e intentaron utilizar ese meu posíbel resentimento que non cabe en mín. Pero todo isto é fariña que se debe moer noutro muíño. O que quero deixar craro é que pra mín ante todo están os amigos e tí eres un dos que mais quero e tamén dos que mais admiro. Por eso é o meu desexo que a nosa amizade quede sempre como está.

¹⁷³ Volve Manuel María, agora dóido e contrariado, polos atrancos para ser publicado en Galaxia. O poeta reitera e intensifica, á defensiva, as argumentacións *pro domo sua*.

Nun libro que levo traballando moitos anos é no TERRA CHA¹⁷⁴, que che remesei no que coído a súa edición definitiva. Ando mirando o xeito de o publicar en algún lado. Non volo ofrecín a vós, aínda que pra mín é o libro que mais quero dos meus, porque, en certo xeito é unha segunda edición.

En canto ó POEMA A COMPOSTELA queda nas tuas maos e fai dil o que che pareza. Como é un poema escrito hai dez anos a miña gran preocupación é si terá envellecido ou non. Eu son da opinión que os versos tamén envellecen e que hai que os publicar ó pouco tempo de escribilos. Así que non me preocupo mais diste asunto. Si o edita “Galaxia”, ben. E sinón, tamén.

Onte recibín o novo libro¹⁷⁵ de Méndez Ferrín que teño pra ler.

De Madrid por encargo meu remesaranche un exemplar da revista Aulas na que ven o meu artigo encol da poesía galega actual do que se me queixou o Garcés. Eu aínda non vin nin a revista nin o traballo publicado.

Cando comencen as clases de galego en Lugo si podemos iremos a inauguración, pois así nolo pediu o Arcadio.

E por oxe nada mais.

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel, pra Sara e pra tí.

Recibe unha forte aperta do teu vello é bo amigo

Manuel María

(21-XI-1964)

¹⁷⁴ Edición crítica de Xosé María Dobarro (Xerais: Vigo, 1987). É o poemario máis reeditado do escritor, corrixido e aumentado unha e outra vez.

¹⁷⁵ Ten que tratarse de *Arrabaldo do Norte* (1964), primeira novela do escritor, co que Manuel María mantivo unha relación de fonda amizade no contexto da militancia no nacionalismo.

XXXVII

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Meu querido e lembrado amigo:

Recibín a tua carta que che agradezo moi de corazón. Eu sentiría moito que quedase entre nós, pola tua parte xa que non pola miña, algún recelo. Eu sempre me sentín e me sinto galego. E sempre tamén identifiquei a “Galaxia” con Galicia. E sigoa identificando. E tamén os meus verdadeiros amigos, os amigos que eu mais quero, son os de “Galaxia”. E sempre procurei ser fidel as miñas ideas e mais ós meus amigos. Todo o que me dices na tua carta é verdade. O que pasa é que, por un esceso tal vez de suspicacia, sentíse ferida a miña vaídade. E isto é todo.

Non sei si che dixen que me escribiu a poetisa María Elvira Lacaci¹⁷⁶. Como sabes é unha ferrolana que vive en Madrid, e que ten o premio “Adonais” de poesía e mais o da Crítica, non sei si hai un ano ou dous. Quere escribir en galego. Eu animeina moito e díxenlle que se puxera en contacto cos de “Galaxia”.

Agradézoche moito que me remesaras os recortes do “Faro”. O domingo pasado estaba esgotado en Monforte e vino por casualidade.

Istes días ando un pouco agripado e por iso remato a carta.

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel, pra Sara e mais pra tí cunha forte aperta do teu vello i agradecido amigo,

Manuel María

(28-XI-1964)

¹⁷⁶ María Elvira Lacaci (Ferrol, 1928- Madrid, 1997). Poeta. Premio Adonais de poesía por *Humana voz* (Ed. Rialp: Madrid, 1956). Premio da crítica en 1964 por *Al este de la ciudad*. A inquedaanza relixiosa, a preocupación social e o intimismo son as tres canles do seu lirismo, sempre de depurada expresión.

XXXVIII

De Manuel María a Ramón Piñeiro
Meu querido e lembrado amigo:

Resposto a tua carta do día do 17. Agradézoche as verbas garimosas que lle adicas ós meus traballos encol da poesía de Celso Emilio Ferreiro e de Bouza-Brey. Polo primeiro recibín algunhas cartas de felicitación. Foi unha pena que non se fixera algunha separata díl. En canto ó traballo encol de Bouza-Brey é xa un pouco vello. Coido que o escribín hai unhos oito ou nove anos. Compría voltar a íl, pero non tiven azos pra facelo, xa que de voltar a íl refaríaio totalmente.

Recibín unha impresión penosa ó recibir o B. da R. A.G. A maior parte díl está escrito en castelán. Isto ven a ser, pouco mais ou menos, como si a metade do Boletín da Real Academia Francesa se escribise en chino. Coido que os académicos que entrastes nos derradeiros tempos debes tomar cartas neste asunto e lograr que o B. da R. A. G. se pubrique totalmente en galego. É o menos que se pode pedir.

Recibín o libro¹⁷⁷ de Emilio Pita. Si “Salnés” sigue a tónica de publicaciós diste ano que estamos rematando, haberá que ir pensando en darse de baixa como suscritor da colección. Supoño que liches o que publicou sobre o particular, Arcadio no “Progreso” do día 27.

Pasado mañán sairemos pra Outeiro de Rei, como tódolos anos, pasar o remate de ano i o comenzo do novo. Pró día catro pensamos estar novamente en Monforte.

Que teñades unha moi feliz saída i entrada de ano.

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel –pra que lle gardo as anillas dos poucos puros que fumo–, pra Sara e pra tí.

Recibe unha forte aperta do teu vello amigo

Manuel María

(Monforte, 29-XII-64)

¹⁷⁷ Refírese a *O ronsel verdegal*. Ed. Galaxia, col. Salnés, Vigo, 1964.

XXXIX

De MANUEL MARIA a RAMON PIÑEIRO

Querido Ramón:

Acuso recibo da tua carta. Non che resposteí denantes porque istes días pasados andiven a preparar a conferencia que, sobre o teatro galego, pronunciei o miércoles pasado en Lugo, no Círculo, dentro do ciclo “Ronsel”. Ademais andiven a escribir dous contos longos ou si se quere dúas noveliñas cortas¹⁷⁸. O asunto dunha delas é a inxusticia que supón a espropiaación das terras de labranza pra facer un embalse e mais tendo en conta que a enerxía levana pra lonxe de Galicia. A outra trata dos “alugados” e das “segas en Lugo”. Non sei si acertaría. Teño aínda que volver sobor delas.

Remesoche copia da carta que, con esta data, lle escribin ó Presidente da nosa Academia.

En canto a “Salnés” coido que hai un fallo, pero non dos poetas, senón dos que teñen a colección ó seu cargo. Niste intre temos bós poetas e libros de poesía inéditos intresantes que, dende logo, non están publicados en “Salnés”. Parece que esta colección está feita de propósito pra desprestixar a nosa poesía e non pra outra cousa. Coido que eso non debe suceder. Pra min, a Poesía, é unha cousa moi seria.

E nada mais.

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel, pra Sara e pra tí, cunha forte aperta do teu vello amigo,

Manuel María

(24-I-1965)

¹⁷⁸ A primeira é *As augas van caudales* e a segunda *Os alugados*. Publicáronse as dúas en *Grial*, números 3 (1965) e 4 (1966) respectivamente. Foi do pouco que o autor conseguiu publicar na revista que levaba Ramón Piñeiro. Unha parva colleita, certamente, para tanta e tanta petición desatendida.

XL

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido amigo:

Remesoche isas firmas que eu recollín eiquí. A todos os que llo pedín firmaron sin reparo ningún e parcelles moi ben esta petición. Con mais tempo podíache remesar mais. Coido que urxe o presentar esa solicitude, pois canto mais tempo se perda en presentala, seguramente que é peor.

En canto as clases de galego eiquí son moi necesarias. Quedou de vir o Arcadio pra falar desto, pero non apareceu. Eu estou disposto a dar as clases de Literatura, cando e como queiran. Na Gramática non estou forte. Pero tendo eiquí un especialista como é o Cesáreo Saco¹⁷⁹, ó que vexo moi de cando en vez, é lóxico que il se encargue das clase de Gramática.

Non recibín resposta de Martínez-Risco a miña carta. Recibín o derradeiro libro de “Salnés” que non pode ser mais desafortunado. De seguir así a colecc. haberá que arremeter contra ela en calquer xornal. Aínda que eu non me considero un bó poeta –nin siquera sei si son poeta– estou moi pesaroso de ter publicado o “Mar maior” entre tanta morralla. De seguir publicando esas cousas coido que é moito mellor o dar por liquidada esa colecc. que o único que fai é desprestixar a verdadeira poesía nosa.

Esta tempada rematei dúas noveliñas breves que están no caixón.

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel, pra Sara e pra tí, cunha forte aperta,

Manuel María

(9-III-65)

¹⁷⁹ Cesáreo Saco (1906-1994). Mestre, avogado e político galego. Militou no Partido Galeguista, onde ingresou en 1931, e presidiu as Mocidades Galeguistas e o Partido Galeguista de Monforte. Foi encarcerado, xunto a Ramón Piñeiro, en Madrid no ano 1941. Xunto a este último desempeñou un labor pedagóxico dentro do cárcere. Á saída de prisión instálase en Monforte, onde exerceu a avogacía. Foi unha figura destacada no eido da política galega durante os anos sesenta e setenta. En 1986 foi distinguido co Pedrón de Ouro. (Vid. Fernando Saco, *Os irmáns Saco: a loita galeguista baixo o franquismo*).

XLI

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo:

Recibín a tua carta. Onte, por correo separado, remesei as dúas noveliñas que escribín. Mais que novelas son noveliñas. Intento que sexan novelas de “noticia”.

En canto as clases de galego, no tocante a Literatura, estou disposto a dalas cando queiran. O que pasa é que non vexo nunca ó Cesáreo ou moi de tarde en tarde. Aínda que estando íl en Monforte, que é en Gramática unha autoridade, non vou a ter a ousadía de espricala eu.

Agradézoches que non me perdas as noveliñas, pois isa é a única copia que teño. Non tiven precaución de facer mais.

Coñocín o outro día a un rapaz moi intresante e moi intresado polas cousas galegas que está destinado como Perito Agrónomo na Axencia de Extensión Agraria de aquí. É de Verín. Chámase José Antonio Iglesias Prieto. Estudia, ademais, Filosofía e Letras. Coido que pode ser un elemento moi valioso. Estivo un día na casa e quedou en voltar. Supoño que virá calquer día.

O “Poema a Compostela” xa o tes totalmente esquecido, ¿non si? Si che causa a mais mínima contrariedade o falar dil en Galaxia i o facer o prólogo, esquecete dil pra sempre.

E nada mais.

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel, pra Sara e pra tí.

Recibe unha forte aperta do teu vello i agradecido amigo,

Manuel María

(23-III-65)

XLII

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo:

Recibín a tua carta que me encheu dunha gran ledicia. Pareceme ben que isas noveliñas saian en “Grial”. O que vos agradecería moito é que me fixerades unhas separatas, anque sexan poucas.

O domingo pasado estivemos en Pedrafita do Cebreiro, con motivo da entrega de premios literarios de o “Día da Provincia”. E alí atopamos ó Arcadio que foi a recoller o seu premio. E falamos moito. A reconstrucción do Santuario é unha verdadeira maravilla. Eu estivera, hai unhos once anos, tres días no Cebreiro, invitado por Alvilaes¹⁸⁰, que entón era crego dalí.

Lín o novo libro¹⁸¹ que Augusto Casas publicou en “Salnés”. Pareceme que é un libro que está ben. Polo menos ten unha outura poética i unha diñidade literaria que hai moito botábase de menos nesa colección que ten a pretensión de representar a aitoal poesía galega.

Mañá saímos pra Santa Sabel de Outeiro de Rei. É unha gran romería a que sempre imos moi ledos.

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel, pra Sara e pra tí.

Recibe unha forte aperta do teu amigo,

Manuel María

(2-Sega-1965)

¹⁸⁰ Xosé Alvilaes Moure (Chantada, 1928-2015). Sacerdote e escritor. Doutor en Teoloxía e profesor de Ensino Medio en Lugo. Defensor das teses do Concilio Vaticano Segundo. Dos seus libros salientamos *O clero i-o uso do idioma galego* (1965) e *Memorial de agravios* (1992).

¹⁸¹ Refírese ao poemario *Servidume da treva*, publicado en Ed. Galaxia, col. Salnés, Vigo, 1965.

XLIII

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela.

Meu querido e lembrado amigo: Tanto Saleta como eu, ante a aparición inminente do San Ramón, queremosche remesar a nosa mais garimosa felicitación i o desexo que poidas, na compañía de Isabel, celebrar moitos anos ista festa.

Andivo por eiquí Novoneyra. Onte marchou pra Madrid. Estivo na casa a chegada e mais onte. Falamos moito. Díxome que pra remate de ano saían as “Elexías”, en versión bilingüe, en “Adonais”.

¿Cándo facedes unha escapadiña por Monforte?

Saudos moi garimosos pra Isabel, pra Sara e mais pra tí de Saleta e meus.

Unha forte aperta do teu amigo,

Manuel María

(Monforte de Lemos, 30-VIII-1965)

XLIV

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo: Acuso recibo da tua carta e do programa realizado, niste Vrao, polos rapaces de Pontevedra que coido moi intresante. Agradezoche moito que mo haxas remesado.

Agora quería che pedir un favor. Quería que lle escribiras a Rodrigues Lapa, pedíndolle datos sobre a vida do troveiro galego NUÑO FERNANDEZ DE MIRAPEIXE, que coido viviu no século XIII e que debeu nacer en Outeiro de Rei, pois a veira do Miño, perto de Rábade, aínda existe a casa de Mirapeixe, propiedade oxe dos Pardo Gayoso. Xosé María Álvarez Blázquez na súa “Escolma de poesía medioeval”, na páxina 68, ó falar de Pedro de Ambroa, cita a Mirapeixe. Coido que iste troveiro

está representado nos Cancioeiros con tres cantigas tan soio. Tamén agradecería que o ilustre Lapa me remesara as cantigas escritas con grafía de oxe. Eu non lle escribo a Rodrigues Lapa por dúas razóns. A primeira porque non o trato i a segunda porque ó mellor non sabe nin quen son e pódome quedar sin resposta. Intresanme moito istes datos, pois ando recollendo material pra escribir un traballo encol dos poetas da Terra Chá, que penso facer con pacencia e de vagar. Nunha folla separada remésoche o plan que teño trazado pra escribir iste traballo pra mín tan querido como te podes supoñer.

Penso que niste mes ou a comenzos do que ven sairá en Coimbra, na revista da Facultade de Letras, o meu traballo encol de Crecente. Escribinlle a del Riego –que por certo non me respostou– pedíndolle que me fixeran algunhas separatas aínda que fora sin coser da miña narración que se publicará en “Grial”. Tamén me queixaba de que os de “Galaxia” non me mandan as letras a primeiros de mes como facían antes, nin recibín tampouco da editorial o libro de Casas –teño o exemplar que íl mesmo me remesou– nin o libro da muller de Ferrín¹⁸², que coido vai boa que está publicado.

O Arcadio tennos prometido unha visita. Estámolo agardando con moita ilusión. E tamén a tí e, naturalmente, a Isabel.

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel, pra Sara e pra tí, cunha forte aperta do teu vello i agradecido amigo,

Manuel María

(Monforte de Lemos, 7-IX-1965)

1.- A TERRA CHÁ

2.- OS POETAS DA TERRA CHÁ. Xeneralidades.

3.- NUÑO FERNANDEZ DE MIRAPEIXE

4.- OS POETAS VILLALBESES:

Xosé María Chao Ledo

Antón García Hermida

¹⁸² María Xosé Queizán. O libro é a novela *A orella no buraco*, publicada en 1965 na Colección Illa Nova da Editorial Galaxia.

Manuel Mato Vizoso
Carmen Prieto Rouco
Xosé Luís García Mato

5.- NORIEGA VARELA E IGLESIA ALVARÍÑO, POETAS DA TERRA CHÁ

6.- O GRAN POETA DA TERRA CHÁ: CRECENTE VEGA

7.- OUTROS POETAS DA TERRÁ CHÁ:

Francisco de Fientosa
Xosé Trapero Pardo

8.- OS CONCURSOS DE VILLALBA

9.- REMATE

XLV

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo: Acuso recibo da tua carta. E según me dices nela, escribinlle a Rodrigues Lapa, intresando os datos que eu che pedía pola tua mediación. Coido que é mellor así. Eu téñolle unha enorme simpatía ó grande sabio portugués i esta coido que é unha boa ocasión pra poñerme en contacto con íl, cousa que teño desexado hai xa moito tempo. Teño anotados por íl o “Cancioeiro de Resende” e o “Amadís”. A Portugal teño pedido a edición que Lapa fixo dos poemas de Sá de Miranda e mais dos “Poetas do Século XVIII”.

Estivo por eiquí o Alonso Montero cando veu examinar ós rapaces de ingreso. Chamoume por teléfono i estiven falando con íl longamente.

Remesoche isas cantigas pra que, si o xuzgas oportuno, llas remeses a ise americano que anda a traballar encol do neotrovadorismo. Como tí supós, e supós moi ben, teño feitas tamén outras cantigas como poeta católico. En total son catro. Non esquezas que un dos primeiros premios literarios que levei –entre grandes e pequenos debo de andar niste intre polos vintecinco, cifra a que aínda non chegou aínda o Arcadio pero que chegará de seguir así– foi nunhos Xogos Frorales que houbo en Ourense xa hai ben anos sobre a Virxe María.

Os outros que teño de tipo relixioso teño que revisalos, copialos de novo e todas esas cousas. Cando veñas por Monforte xa falaremos desto si che parece ben. Estes poemas cecais que lle intresen tamén a Rodrigues Lapa.

Estou desexando que me chegue “Grial”. Coido que o del Riego si están as separatas, aínda que non me remese a revista, pódemas mandar. Agardo que a noveliña non saia con erratas.

Tamén vin na prensa referencias ó número 3 de “Vieiros”. Lin incluso o nome de moitos dos seus colaboradores. Debe ser un gran número.

Tanto Saleta como eu estamos desexando que des unha volta por Monforte como nos tes prometido. Agardamos que non tardedes.

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel, Sara e mais pra tí, cunha forte aperta do teu vello amigo,

Manuel María

(Monforte de Lemos, 19-IX-1965)

XLVI

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo: Poñoche unhas letriñas pra che comunicar que Rodrigues Lapa me remesou os datos que lle pedín. Tamén me remitiu unha morea de textos literarios portugueses prologados e anotados por íl. Entre os libros que me remesou está a súa “Estilística da lingoa portuguesa”. Eu remeseille libros meus dos que tiña exemplares, entre iles unha separata de “As augas van caudales”. É curioso o que pasou con ista noveliña. Nunca recibín tantas cartas de felicitación por algo que teña publicado. Eu non agardaba tanto. Entre as cartas recibidas –i é ben curioso– atopase unha de Ferrín chea de entusiasmo. I outra do Foz. Coido que sería ben dar a outra noveliña que tes no teu poder noutro número de “Grial”. E mais adiante, si che parece, o “Barriga Verde”. Tanto da noveliña “Os alugados” como do “Barriga Verde” non teño copia.

Recibín os dous primeiros números dos cadernos de poesía “Ronsel” que están moi ben, pero que son demasiado breves. Agardemos que esta colec. leve a nosa poesía a bó porto que boa falla nos fai.

Comenzou a funcionar o I. de E. Media de eiquí. É unha sección Delegada do de Lugo. O Adxunto Propietario de Literatura é o Xorxe Ricoy¹⁸³. Está tamén de Profesora de Xeografía unha irmá do Cores Trasmonte a que aínda non coñozo. Penso que pra Xaneiro ou así hai que començar coas clases de galego. Pra inaugurar o curso –o Instituto sería o sitio ideal– podíase traer ó Alonso Montero. Aínda que non é de fiar ó ser Catedrático en Lugo i ó depender do Instituto de Lugo ista sección, coido que facilitaría as cousas. Falei diste proieto co Arcadio e pareceulle moi ben. O Arcadio agardamolo pró remate dista semana a pasar unhos días con nós.

Un rapaz de Monforte que foi alumno meu e que se chama Luis Diéguez¹⁸⁴ vai a Madrid estudar pra Aparellador. Coido que é un bo poeta. Levou hai dous anos o Segundo premio de poesía galega do Colexo Minerva e tamén o primeiro accésit nos Xogos Frorales de eiquí; e iste ano levou o terceiro. Non soupen a quen dirixilo en Madrid. ¿Poderiasmo indicar ti?

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel, pra Sara e pra ti.

Recibe unha forte aperta do teu vello amigo

Manuel María

(Monforte de Lemos, 26-X-1965)

¹⁸³ Jorge Ricoy Iriarte foi profesor agregado de Lingua e Literatura Españolas no Instituto de Ensino Medio de Monforte. Pertenceu ó círculo do poeta Miguel González Garcés. Colabora durante os anos 1959 e 1960 na revista *Escritos*, xunto a nomes entre os que destacan Marina Mayoral, Arcadio López Casanova e X. L. Franco Grande.

¹⁸⁴ Lois Diéguez Vázquez (Monforte de Lemos, 1944). Fundador da AN-PG e deputado polo BNG. Colaborador de *A Nosa Terra*, poeta e, sobre todo, novelista; autor, neste terreo, de *A canción do vagamundo* (1986) e, con anterioridade, *A torre de Babel* (1968). No ámbito do relato salientamos *O tempo sen saída* (1972) ou *Monólogos no espello* (1993).

XLVII

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido e sempre admirado amigo: Esta mañán recibín a tua carta a que me he grato respostar a volta de correo e sobre todo cando ún pode comprobar que hai quen se preocupe das cantigas que poida facer. Foi unha verdadeira pena que non teña nacido no século XII ou no XIII. Esto faime pensar que podería ganar a vida como xogar. Mentras que así...

Remesoche nisas follas tres cantigas mais pra que teñas a bondade de llas remesar a ese americano, si che parecen ben. A CANTIGA DA ROMAXE DA SANTA ISABEL e mais a CANTIGA A ROMAXE DE SANTA MARÍA DE RÁBADE, pertencen ó TERRA CHA INÉDITO aínda que, como ves, xa son poemas publicados. Coido que poden ser intresantes, debido a que son unha mostra dos nosos días das cantigas de romería. Tamén che remeso ese poema que me premiaron en Lugo co gallo do concurso do “Día da Provincia”, no que foron segundos premios Arcadio e mais Torneiro.

Supoño no teu poder unhas poemas –tres en total– que che levou o Bodaño. Son poemas anónimos e así deben seguir. Agradeceríache me dixeras si os recibiche ou non.

Estou agardando carta do Diéguez. Ten unhas poemas moi bós pra publicar en “Ronsel”. O caderno titulase ALBRE DE ESPRANZA. Dentro de un mes xa estará de vacaciós i entón falarei con él. E dareille as señas de Harguidey. E si che parece tamén as de Allué.

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel, Sara e mais pra tí. Dille a Isabel que lle teño gardadas unhas vitolas de puros. Hai unhas días que me regalaron unha caixa da habanos que ando fumar a toda presa, pois sempre teño en conta que hai mortes repentinas.

Recibe unha aperta do teu vello i agradecido amigo,

Manuel María

Pd/ Teño no maxín o tema pra outra noveliña. Coido que o tema é intresante. O que pasa é que non teño azos pra escribila. Teño tantas

cousas sin publicar que coido que o mellor e facer un “auto de fe” nos meus caixós.

Outra aperta,

(Monforte de Lemos, 21-XI-1965)

XLVIII

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido e admirado amigo: Recibimos, dende París, a tua felicitación de Nadal cos seus cervos i as lembranzas ó gran Pero Meogo que moi de corazón che agradecemos por vos lembrar de nós tan garimosamente.

Nistas vacaciós andiven a escribir esa noveliña corta, que che remeso. O tema hai moito tempo que me andaba dando voltas no maxín. A noveliña está feita coas miñas lembranzas de neno labrego. A casa de Hortas é a miña propia casa de Outeiro de Rei. Penso que, con “Os alugados”, “As augas van caudales” e mais ista noveliña que agora che remeso “O xornaleiro”, se pode facer un tomiño moi xeitoso. O volume pódese titular “As ribeiras son escuras”. O Miño aparece nos tres relatos i esto dalles unidade, unha certa unidade polo menos. Agora compre que “Galaxia” se decida a publicalas. Como poderás comprobar os meus relatos non teñen nada da nova “moda francesa”. Siguen fideles a nosa tradición galega e tamén a nosa realidade. A nosa tristeira e desventurada realidade. “Os alugados” é un tema novo literariamente de que eu seipa na nosa narrativa. “As augas van caudales” coido que tamén é un tema novo que ninguén, denantes que eu, trougo as nosas letras. E de “O xornaleiro”, aínda que pode haber us remotos antecedentes en “Memorias dun neno labrego”, de Neira Vilas, tal como vai desenrolada a miña noveliña, coido que ninguén, de que eu seipa, deu un testimonio igual da nosa realidade labrega. Por eso coido que istas tres noveliñas nun volume poiden ter certo intrín. Agora que eso seredes vós, en derradeiro termo, os que decidireis. Frente as vosas derradeiras publicaciós en prosa, tan “a derradeira moda”, os meus relatos non me cabe a menor dúbida de que tran un ar campesiño, esencialmente galego. De “O xornaleiro” vanche tres copias por si decidides publicar o volume. Pra remesar a censura, en caso de

publicación, xa quedan as copias feitas. “De as augas van caudales” coido que valerán –pra censura– tres separatas e de “Os alugados”, nin eu mesmo teño copia. Cando a escribín non fixen copias e remeseiche a tí o orixinal, que supoño no teu poder. En caso de decidir a publicación en volume podíasme voltar o orixinal de “Os alugados” pra facer as tres copias de rigor.

O día de Navidade estivo a verme o Foz¹⁸⁵. Íl i o seu grupo estaban intresados, según me dixo, polo meu teatro. Díxome que tí lles facilitaras a copia de “A revolta”, de Mariñas¹⁸⁶. Eu dinlle unha copia de “A luz non volve atrás” e mais do “Edipo”.

Niste mes os rapaces de “Ronsel” sacarán a luz, según me dixeron, un pequeno volumen meu. Trátase dun só poema titulado “Acusación privada”. O que sigue será “Albre na espranza” de Luís Diéguez, que foi alumno meu e que está en Madrid estudando pra Aparellador. Nistas vacaciós veu a verme. Vai as clases de galego na Unesco e fixo amizade con Harguindey Banet e con outros rapaces galegos. Ten mais versos. Eu animeino a escribir en prosa. Anda a voltas cunha novela longa. Trouxome pra lér os primeiros capítulos que, ó meu xuicio, non están nada mal.

Estas son tódalas novidades que hai polo de oxe.

Que teñades un felicísimo ano 1966. A nós comprenos que sexa mellor que o pasado.

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel, Sara e mais pra tí.

Recibe unha aperta do teu vello e bó amigo,

Manuel María

(Monforte de Lemos, Xaneiro, 1966)

¹⁸⁵ Luis González Blasco (Foz, 1941), familiarmente “Foz” para os seus amigos. Profesor e activo participante na vida política galega, no eido do nacionalismo. Conectou en Madrid co grupo Brais Pinto e foi militante da UPG. Estivo exiliado en París e alí licenciouse en Lingüística Xeral na universidade da capital francesa (París VIII). Publicou diversos traballos sobre literatura e nacionalismo galegos.

¹⁸⁶ Xenaro Mariñas del Valle (A Coruña, 1908-1999). Membro das Irmandades da Fala. Dramaturgo e tamén narrador e poeta. A obra *A revolta e outras farsas* (1965) está na liña das farsas para títeres de Eduardo Blanco Amor.

XLIX

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Querido Ramón: Acuso recibo a tua carta. I estou ledto xa que en principio che pareceu ben dar as tres noveliñas nun tomo. Agradezoche que, cando teñas noticias mais concretas, me poñas unhas letras. Teño moita ilusión nesas novelas. E penso que poden quedar ben nun tomo.

Nós seguimos como sempre por Monforte. Eiquí nunca hai novidades. E saímos pouco. Aínda que o próximo domingo iremos a Outeiro de Rei, que é a festa do San Blas.

Recibín os Evanxeos que me pareceron ben. E tamén recibín o Ordinario da misa feita polos rapaces de Pontevedra, que o atopéi tamén ben.

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel, Sara e mais pra tí, cunha aperta do teu amigo,

Manuel María

(Monforte de Lemos, 2-II-1966)

L

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido amigo: Aínda que sei que estiveche eiquí e non tiveche tempo siquer pra chamar por teléfono, cando nós estivemos en Compostela, pra asistir a cea do fallo do III Premio “Castelao” de teatro, chegamos deica a tua casa, aínda que, cando chegamos a Santiago, nos dixeron que non estabas. Con todo quixemos saúdar a Isabel a que tampouco atopamos, pois ninguén nos respostou. Na escaleira atopamos unhas cartas e mais unhas revistas que botamos por debaixo da porta da tua casa.

Estes días pasados remeseille a Paco del Riego, pra ver si hai posibilidades¹⁸⁷ de publicalo en “Grial” o texto do “Barriga Verde”. Cando, no mes de Abril, estiven en Vigo, Paco faloume de dar en “Grial” as outras duas noveliñas que teño escritas. Como che teño escrito a tí a min no me intresa que sallan en “Grial”, senón nun volume, xuntamente coa publicada en “Grial”. Penso que che falei desto nunha carta que che escribín no mes de Xaneiro e aínda non resolvestes sobor do particular. Ademais do “Barriga Verde” podo dar algunhas cousas de teatro pra “Grial”, entre elas unha obra en dúas xornadas, que rematei no mes de Abril, encol da emigración que se titula “As estrelas están lonxe”. Agora mesmo teño no maxín outras dúas obras de teatro, unha en tres xornadas que teño praneada totalmente, incluso escea a escea. Aínda que pra ir almacenando inéditos no caixón tamén os podo ir almacenando no maxín.

Saudos moi garimosos de Saleta e meus pra Isabel e pra tí.

Unha aperta do teu vello amigo,

Manuel María

Pd/ Supoño que recibirías o libro de Novoneyra, que saíu en “Adonais”.

LI

Benquerido Manuel María:

Acabo de recibir a tua carta. Certamente que estiven ahí unhas horas co matrimonio Prada¹⁸⁸. Ibamos de Ourense pra Lugo e fomos por Monforte pra xantar co Cesáreo. Fomos direitiños á súa casa e somentes saímos uns momentos pra ver o castelo –fomos no coche–.

¹⁸⁷ Non houbo ningunha. Tampouco para outros títulos aquí citados, xa rematados ou en proxecto.

¹⁸⁸ Rodolfo Prada Chamocín (Ourense, 1892-Buenos Aires, 1980). Figura do galeguismo en Buenos Aires onde foi cofundador da Asociación Protectora da RAG. Dirixiu a revista *Acción Gallega* e creou o Ateneo da Cultura Galega. Foi redactor do *Correo de Galicia*, presidente do Centro Galego e director dos xornais *El Orensano* e *Opinión Gallega*. Tivo unha fonda relación de amizade con Castelao.

Tanto o Cesáreo, como o Prada, como eu tiñamos interés en che telefonar. O que ocorreu foi que a Cristina preparounos un xantar bastante mellor que os que papaba o Conde de Lemos e demoramos nil todo o tempo que merecía, que era moito. Logo viñeron uns familiares do Prada e, como é moi natural, animáronse nunha conversa familiar. Resultado: cando nos decatamos era moi tarde e tiñamos que saír pra Lugo sin perda de tempo, pro o Prada considerou obrigado que entráramos na casa dos seus parentes, cousa que fixemos, e alí fixéronnos merendar. Cando chegamos a Lugo atopámonos con que non había hotel onde aloxar ao matrimonio Prada. Menos mal que habilitaron unha habitación no desván do Paramés e puideron quedar alí. Como ise día íbamos unicamente a xantar co Cesáreo, o Prada tiña mentes de que volveríamos outro día a Monforte, pois tiña interés en te ver e, ademáis, quería xantar cos seus parentes. As cousas complicáronse e non se puido realizar ise programa. Comprendo ben o incómodo que che resultará ter obra inédita nun caixón e na cabeza. A min pásame o contrario: non teño tempo nin acougo pra escribir.

Tamén eso é incómodo, pódemo crér. Por unha cousa ou por outra, todos tropezamos con dificultás. Pero falemos da tua obra que é, en realidade, o que a ti che interesa. Eu tiña enviado a Vigo, hai tempo, Os alugados, con destino ao Grial. Logo recibín a derradeira narración que me enviaches, que tardei moito tempo en poder ler porque tuven demasiadas ocupacións, entre elas numerosos viaxes. Agora mesmo estou preparando un viaxe de 3 meses aos EE.UU. Pero, como che decía, tardei en ler a tua terceira narración¹⁸⁹. Atopo que é máis froxa que as anteriores, sin apenas interés. Cando publicamos a primeira, pasouche o que a Celso Emilio cos seus versos, recibiches felicitacións por motivos extra-literarios. Sin duda que eso te animou –cousa, por outra banda, moi humana– e acentuaches os motivos de tal tipo de aprobacións ao escribires a nova noveliña. Na miña opinión é literariamente moi feble, inda que seña ideoloxicamente máis socialista. Pra incluír nun libro non resulta.

¹⁸⁹ O rexeitamento crítico de Piñeiro é rotundo e tal xuízo aplicouno tamén ao terreo da poesía. A alusión a Celso Emilio Ferreiro está na mesma liña. Contrasta todo iso co entusiasmo que Piñeiro manifestou fronte a *Os eidos*, lírica de intenso telurismo de raíz galega.

Como eu estarei fora deica mediados do setembro, a peza teatral de que falas pódessla enviar a Paco por si resulta oportuna pra algún dos números próximos do *Grial*.

¡Feliz ti, querido Manuel María, que tes tempo pra maxinar i escribir obras e máis obras!

Saúdos garimosos pra os dous de toda esta familia.

Pra ti unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

P.D.: Aínda non vin o libro do Novoneira.

(Santiago de Compostela, 30-V-66)

Este Caderno Ramón Piñeiro
(XXXV)
MANUEL MARÍA
Cecais hai unha luz
MEMORABILIA
dedicado ó autor de MAR MAIOR
neste ano de graza 2016
saíu do prelo en Compostela
o 17 de maio
Día das Letras Galegas

ENTRE A ARXILA E A LUZ

ISBN 978-84-453-5216-8

